



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 35

Sesión Plenaria
11 de xullo de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única do Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 (tramitado polo procedemento de urxencia) e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto (doc. núm. 11320, 10/PL-000004)

Publicación do proxecto de lei, BOPG nº 139, do 03.07.2017

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, integral de identidade de xénero de Galicia (doc. núm. 8698, corrección erros 8779, 10/PPL-000004)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, integral de identidade de xénero na Comunidade de Galicia (doc. núm. 8700, corrección erros 8746, 10/PPL-000005)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

1.4 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, integral de identidade de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 8701, 10/PPL-000006)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

Punto 2. Comparecencias

2.1 11428 (10/CPP-000030)

Da señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para informar da situación e perspectivas do Plan de Transporte Público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

Acumúlase na anterior, a seguinte:

2.2 10919 (10/CPP-000028)

Da señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a iniciativa do G. P. de En Marea, do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do BNG, para explicar o novo escenario en relación co transporte público de viaxeiros e viaxeiras por estrada en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 136, do 28.06.2017

2.3 11430 (10/CPP-000031)

Do señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar sobre a reorganización de centros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

Acumúlase na anterior a seguinte:

2.4 10938 (10/CPP-000029)

Do señor Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a iniciativa do G. P. de En Marea, do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar o peche de centros educativos, a supresión de postos docentes e a oferta educativa para o vindeiro curso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 136, do 28.06.2017

Punto 3. Mocións

3.1 10932 (10/MOC-000038)

Lago Peñas, José Manuel, e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 9766, publicada no BOPG nº 124, do 07.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 20.06.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 136, do 28.06.2017

3.2 10939 (10/MOC-000039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 9360, publicada no BOPG nº 120, do 31.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 20.06.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 136, do 28.06.2017

Punto 4. Propositions non de lei

4.1 8042 (10/PNP-000741)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa materia de Historia da Filosofía, de 2º de bacharelato, e as probas de avaliación final de bacharelato, así como os aspectos que debe incluír ao respecto nas negociacións co Ministerio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 26.04.2017

4.2 8631 (10/PNP-000810)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co control e seguimento dos incendios forestais provocados en Galicia, así como a axilización dos xuízos por esa causa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

4.3 9648 (10/PNP-000901)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Murillo Solís, María Guadalupe, e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno de España para a promoción e establecemento de medidas que contribúan a garantir a seguridade viaria dos ciclistas

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 124, do 07.06.2017

4.4 9980 (10/PNP-000932)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos complementos de nocturnidade e festividade que están a cobrar os profesionais dos puntos de atención continuada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

4.5 10414 (10/PNP-000970)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José, e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana, así como as destinadas a demandar dos concellos galegos a habilitación dos mecanismos destinados a axilizar os trámites necesarios para proceder á devolución das cantidades cobradas aos contribuíntes afectados

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 132, do 21.06.2017

4.6 10444 (10/PNP-000975)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a ampliación de competencias da Comisión das Caixas para investigar a caída do Banco Pastor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 132, do 21.06.2017

4.7 10795 (10/PNP-001014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da venda do Banco Popular Pastor na marca Banco Pastor, nos postos de traballo existentes e nas persoas e colectivos afectados, así como nas actividades da Fundación Barrié de la Maza en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 136, do 28.06.2017

4.8 10801 (10/PNP-001016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas propostas de legalización e normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 136, do 28.06.2017

Punto 5. Interpelacións

5.1 1468 (10/INT-000054)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a política do Goberno galego en materia de ensino no medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

5.2 6953 (10/INT-000285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co desmantelamento de servizos ferroviarios Renfe-Feve no territorio galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

5.3 7198 (10/INT-000298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María, e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 05.04.2017

5.4 10071 (10/INT-000428)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a política do Goberno galego en relación co intrusismo profesional no ámbito sanitario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 11322 (10/POPX-000043)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o balance que fai o Goberno galego respecto da súa defensa dos intereses de Galicia no que vai da X lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

6.2 11394 (10/POPX-000044)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o balance da xestión levada a cabo polo Goberno galego no primeiro semestre de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

6.3 11395 (10/POPX-000045)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego respecto da xestión levada a cabo en relación cos últimos conflitos xurdidos en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 7011 (10/POP-000931)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e tres deputados/as máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para facilitar o acceso das pemes aos contratos públicos autonómicos, en concreto, no sector dos servizos de limpeza de edificios e locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

7.2 11388 (10/PUP-000100)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín, e dez deputados/as máis

Sobre o posicionamento do Goberno galego en relación coa creación da Área Metropolitana da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

7.3 11392 (10/PUP-000101)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis

Sobre a posición que vai adoptar o Goberno galego en relación coas propostas de actuación urbanística en Liñeiriños, no concello de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

7.4 10373 (10/PUP-000091)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a reconstrución do estaleiro de ribeira de Casqueiro, situado na parroquia de San Martiño, no concello de Moaña, para dedicalo a museo como estaba previsto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

7.5 2648 (10/POP-000244)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e cinco deputados/as máis

Sobre a valoración pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de Saúde da implantación do Plan Ictus

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

7.6 3857 (10/POP-000470)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do restablecemento do Servizo de Cirurxía Pediátrica as vinte e catro horas do día, durante todo o ano, no Complexo Hospitalario

Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

7.7 10347 (10/POP-001397)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención da cirurxía pediátrica en Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 132, do 21.06.2017

7.8 10481 (10/POP-001412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, e cinco deputados/as máis

Sobre as provisións de fondos para cooperar cos concellos a través do Plan de camiños rurais 2017-2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 132, do 21.06.2017

7.9 10738 (10/POP-001450)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o número de brigadas de prevención e extinción de incendios dos concellos que subscribiron o convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais nos anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 137, do 29.06.2017

7.10 11333 (10/PUP-000096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da realización das actuacións necesarias para tentar acadar a implantación en Galicia do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 05.07.2017

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente comunica que xustificaron a súa inasistencia don Miguel Tellado Filgueira e dona Isabel Novo Fariña e éntrase na orde do día. (Páx. 13.)

O señor Fernández Leiceaga (S) pide a palabra por unha cuestión de orde con base no artigo 77.2 e intervén para saber cal é o contido do proxecto de lei que se vai tramitar. (Páx. 13.)

O señor presidente acláralle esta cuestión tendo en conta a información facilitada polos servizos xurídicos da Cámara. (Páx. 13.)

Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única do Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 (tramitado polo procedemento de urxencia) e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto. (Punto primeiro da orde do día.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 15.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 16.), Sr. Lago Peñas (EM) (Páx. 18.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 19.)

Votación da Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única do Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 (tramitado polo procedemento de urxencia) e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto: aprobada por 39 votos a favor, 34 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 21.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 21.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución e das emendas á totalidade con texto alternativo: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 25.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 30.) e Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 34.)

Rolda do grupo parlamentario non emendante: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 38.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 43.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 44.) e Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 46.)

O señor presidente comunica o debate acumulado da toma en consideración de tres proposicións de lei. (Páx. 47.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, integral de identidade de xénero de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, integral de identidade de xénero na Comunidade de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, integral de identidade de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación das proposicións de lei: Sr. Cal Ogando (EM) (Páx. 48.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 52.) e Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 55.)

Intervención do grupo parlamentario para fixar posición: Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 59.)

Rolda de réplica: Sr. Cal Ogando (EM) (Páx. 63.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 65.) e Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 67.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación da emenda á totalidade con texto alternativo do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017: *rexeitada por 19 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 68.)

Votación da emenda á totalidade con texto alternativo do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación do Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017: *aprobado por 38 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, integral de identidade de xénero de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, integral de identidade de xénero na Comunidade de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación da toma en consideración da proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, integral de identidade de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)

O señor presidente comunica que á solicitude de comparecencia con número de Rexistro 10919 se acumula a solicitude de comparecencia con número de Rexistro 11428 por iniciativa dos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 70.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para informar da situación e perspectivas do Plan de transporte público de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por iniciativa dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para explicar o novo escenario en relación co transporte público de viaxeiros e viaxeiras por estrada en Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle). (Páx. 70.)
Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 77.), Sr. Fernández Fernández (S) (Páx. 80.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 83.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 87.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle). (Páx. 89.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 93.) *Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 93.), o señor Fernández Fernández (S) (Páx. 95.), o señor Sánchez García (EM) (Páx. 96.), o señor Fernández Prado (P) (Páx. 98.) e a señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 100.)

O señor presidente comunica que á solicitude de comparecencia con número de Rexistro 11430 se acumula a solicitude de comparecencia con número de Rexistro 10938, por iniciativa dos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 101.)

Comparecencia do Sr. do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar sobre a reorganización de centros. (Punto segundo da orde do día.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por iniciativa dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para explicar o peche de centros educativos, a supresión de postos docentes e a oferta educativa para o vindeiro curso. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 102.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 110.), Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 113.), Sra. Chao Pérez (EM) (Páx. 117.) e Sr. Fernández Gil (P). (Páx. 120.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 123.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 129.) Nesta rolda interveñen a señora Rodil Fernández (BNG) (Páx. 129.), o señor Álvarez Martínez (S) (Páx. 130.), a señora Chao Pérez (EM) (Páx. 132.), o señor Fernández Gil (P) (Páx. 134.) e o señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 136.)

O señor López Crespo (P) solicita a palabra por alusións. (Páx. 139.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 142.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 145.), Sra. Blanco Rodríguez (S) (Páx. 147.) e Sr. Gómez Salgado (P). (Páx. 148.)

Nova intervención do señor Lago Peñas (EM). (Páx. 151.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 152.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 153.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 156.) e Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 158.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 159.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 161.)

Votación das mocións

O señor Lago Peñas (EM) intervén para solicitar a votación por puntos da moción presentada polo seu grupo. (Páx. 163.)

Votación do punto 4 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego: rexeitado por 20 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións. (Páx. 164.)

Votación dos puntos 1, 2 e 3 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o

Goberno galego en materia de emprego: *rexeitados por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 164.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán: *rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 165.)

O señor presidente comunica a retirada da proposición non de lei do G. P. de En Marea con número de Rexistro 8042. (Páx. 165.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, sobre as actuacións que debe de levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co control e seguimento dos incendios forestais provocados en Galicia, así como a axilización dos xuízos por esa causa. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 165.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Quiroga Díaz (S).* (Páx. 166.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 169.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 170.)
e *Sr. Balseiros Guinarte (P).* (Páx. 172.)

O señor Quiroga Díaz (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 174.)

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e dous minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Xustificaron a súa inasistencia don Miguel Tellado Filgueira e dona Isabel Novo Fariña.

Entramos na orde do día, punto 1, textos legislativos.

Si, perdón, señor Leiceaga, ¿para que quere a palabra?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: É en relación co primeiro texto legislativo xustamente. Unha cuestión de orde en función do artigo 77.2.

O señor PRESIDENTE: Si, dígame.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: É para saber cal é o contido exacto do proxecto de lei que imos discutir, porque foi enviado a este Parlamento pero o día 6 de xullo a directora xeral remite unha relación de oito erros materiais do proxecto de lei e a directora xeral de Relacións Institucionais solicita que sexan emendados. Con posterioridade, o presidente do Parlamento toma nota deses escritos. Pero claro, tomar nota non sabemos moi ben en que consiste, por tanto, queremos saber se se vai tramitar o proxecto de lei orixinal ou o emendado.

O señor PRESIDENTE: Infórmanme de que toda esa documentación lles foi remitida coa orde do día do pleno, que é o que se vai debater.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: A documentación que se nos remitiu foi o proxecto de lei orixinal. ¿Vamos discutir o orixinal ou o emendado?

O señor PRESIDENTE: Remitiríasele toda a documentación que recollía todo o emendado. Iso é o que me din agora os servizos xurídicos.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Claro, se imos debater o emendado, a min gustaríame saber con base en que artigo do Regulamento se poden facer emendas, incluso técnicas, a un texto que se tramita por lectura única, porque lin o Regulamento e vin que hai un artigo que permite a incorporación de corrección de erros materiais, emendas técnicas, terminolóxicas, etc., no trámite de comisión; pero xustamente a lectura única non incorpora o trámite de comisión. Entón, a miña pregunta é: ¿en función de que artigo unha directora xeral pode —saltándose o Consello da Xunta— modificar un proxecto de lei e o presidente do Parlamento pode autorizar que se incorporen esas emendas a un texto legislativo?

O señor PRESIDENTE: O presidente do Parlamento neste caso fai o que lle recomentan os servizos xurídicos.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ¿Con base en que artigo do Regulamento?

O señor PRESIDENTE: Eu, o que recomentan os servizos xurídicos, que disto saben máis ca min. Polo tanto, teño...

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Se fora posible que me indicaran o artigo do Regulamento, sería máis fácil entender a posición.

O señor PRESIDENTE: Ao mellor o letrado dinos cal é o artigo do Regulamento. Pero eu, en todo caso, segúin as recomendacións dos servizos xurídicos. *(Pausa.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Dinme que non hai un artigo, é unha corrección de erros. Moitas veces iso pode suceder, e o que se fixo foi unha corrección de erros, segundo me informan os servizos xurídicos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Isto é o que me din e, polo tanto, creo que é...

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor presidente, é que o artigo 116 di que, durante o trámite de comisión, a Mesa da Comisión poderá admitir a trámite novas emendas, e di que tamén se admitirán as emendas que teñan por finalidade reparar erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais no trámite de comisión. Pero a lectura única xustamente evita o trámite de comisión, por iso se fai por lectura única. Polo tanto, non sei como se poden incorporar emendas técnicas se non hai trámite de comisión.

O señor PRESIDENTE: Eu incorporei o que me din os servizos xurídicos. ¡Líbreme eu de facer outra cousa!

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor presidente, ¿por que unha directora xeral, saltándose o Consello da Xunta, pode incorporar emendas e os grupos parlamentarios non? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Pois iso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Os servizos xurídicos infórmanme de que a directora xeral é competente para relacionarse neste tema cos trámites do Parlamento e ten todas as competencias. Polo tanto, iso foi o que asumiron os letrados do Parlamento: que ten todas as competencias. Señor Leiceaga, respecto dos servizos xurídicos da Cámara, creo que teñen un prestixio suficientemente avalado e, polo tanto, imos... Eu, evidentemente, teño que facer o que recomentan os servizos xurídicos.

Entón, procedemos xa.

Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única do Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 (tramitado polo procedemento de urxencia) e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto

O señor PRESIDENTE: Sobre esta proposta informamos de que a Mesa, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do día 4 de xullo de 2017 acordou propor ao Pleno da Cámara a trami-

tación polo procedemento especial de lectura única deste proxecto de lei, ao abeiro do disposto no artigo 134.1 do Regulamento.

Antes de someter a votación a proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única, ábrese unha rolda, por un tempo de cinco minutos, para fixar a súa posición os grupos parlamentarios.

Comezamos polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e a todas.

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego opoñémonos á tramitación deste (trapalleiro) proxecto de lei en lectura única.

En primeiro lugar, se ben é certo que o propio Regulamento desta e doutras cámaras recollen este mecanismo, tampouco é menos certo o seu carácter excepcional implícito, reservado para aquelas materias e cuestións nas que ben a súa simplicidade ou a súa natureza o aconsellen. Podiamos estar diante dunha cuestión concreta e reducida de trámite dunha lei con pouca marxe para a decisión política, ou sobre a que houbera un consenso, razóns polas que sería posíbel precisar ou aconsellar este trámite máis curto e acelerado. Porén, a xuízo da miña forza política, non é así neste caso.

Pola contra, non sorprende, o Partido Popular xa empregou en ocasións recentes na anterior lexislatura a súa maioría absoluta para aprobar desta forma modificacións legislativas e textos legais que transcenden con moito as cuestións que deberan ser obxecto de tratamento por lectura única.

Desde o Bloque Nacionalista Galego pensamos que, se ben as balizas do Regulamento son es-cuetas, a vontade democrática e dialogante dun goberno debера ser moito maior ou debера existir, simplemente, e ser exemplarizante. Porén, vese que, canto máis votos e deputados acumulan, menos vontade lles queda. Non en balde estou absolutamente segura de que non remataremos esta quenda da orde do día sen que nos recorden os moitos deputados e maioría que teñen: maioría de votos, maioría de escanos, pero tamén maioría no peor defecto que pode ter un goberno, maioría en prepotencia. (*Aplausos.*) A mesma prepotencia coa que non queren escoitar, non queren escoitar a ninguén. Non quixeron escoitar nestes últimos quince días nin ao metal en folga, nin aos bombeiros, nin aos pais, nais, alumnado e profesorado de múltiples centros do país que virán despois, nin aos traballadores e traballadoras de Ferro-atlántica, nin á comarca da Costa da Morte, nin a moitísimos outros colectivos que durante os últimos días de xullo saíron á rúa para protestar contra un goberno prepotente que se nega a dialogar e a falar. Unha prepotencia que non escoita fóra nin escoita dentro. Polo tanto, é moito máis cómodo para as súas señorías este procedemento de lectura única.

En suma, aínda que este procedemento co Regulamento na man sexa regulamentario, o seu uso neste caso, dende logo, non é de fondo democrático. Recordámoslles, señorías, que o orzamento é a base das decisións que se toman neste Parlamento, é un pilar elemental para trasladar as palabras á realidade e marcar as prioridades. Polo tanto, son decisións políticas,

e aplicar este procedemento é dun espírito fundamente antidemocrático, tendo en conta a materia que hoxe sometemos a consideración, que impide na práctica que haxa un debate que vaia máis alá de valoracións e propostas que serán compartimentos estancos dos sucesivos grupos parlamentarios, sen que de aí se poida deducir ningún tipo de acordo, ningún tipo de conclusión, ningún tipo de mellora do texto.

Recórdolles tamén que o propio Regulamento establece que a única posibilidade para emendar un proxecto de lei tramitado en lectura única é precisamente a través da presentación dunha emenda á totalidade con texto alternativo como fixo esta organización. Polo tanto, o propio trámite non dará demasiado de si, tendo en conta o pouco dados que son vostedes a escoitar. Supoño que entón o que imos facer nesta primeira hora e pico da mañá é iso que o señor Feijóo denominou hai pouco «incordiar».

Con todo, desde o Bloque Nacionalista Galego, con absoluta sinceridade, non deixamos de ter o empeño de traer aquí outra visión do parlamentarismo, outra visión da acción política, e aproveitaremos a seguinte quenda para avaliar que agocha realmente este proxecto de lei que vostedes nos disfrazan de impulso económico e de gasto social e que non se parece en nada a iso, e para presentar tamén alternativas a unha liña orzamentaria que entendemos que simplemente nos leva á parálise, á submisión ao Goberno central e á resignación de quen non ten intención real de mudar as condicións de vida dos galegos e galegas e de todos eses colectivos aos que vostedes se negan a escoitar.

O Grupo Parlamentario do Partido Popular e o Consello da Xunta xa sabemos que funcionan como unha sucursal do Goberno central, pero desde logo non pensarán que poden converter este Parlamento nunha sucursal de San Caetano e que votemos favorablemente a esta forma de tramitación. Desde logo, non contarán coa nosa complicidade.

Negámonos a domesticar o labor parlamentario, a domesticar o labor da oposición e a baleirar este Parlamento das súas funcións. Entendemos que non hai urxencia excepcional xustificada e, polo tanto, non votaremos a favor deste procedemento, que só agocha máis prepotencia. Nós somos incansábeis, votaremos non e continuaremos presentando alternativas nesta Cámara, aínda que ás veces nos dea a impresión de que dialogamos cunha parede.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: O procedemento de lectura única restrinxe o dereito de participación das minorías ao eliminar o trámite do debate e votación das emendas en comisión. Non o estou dicindo eu, dino os profesores Perea, Florencio seguindo a Gómez Rumbo, nun *Manual do parlamentario* que temos todos, coordinado polo noso letrado maior, e que, por certo, está moi ben. *(Aplausos.)*

Furta o debate parlamentario demorado; impide as achegas dos grupos parlamentarios; convértese nun xogo de todo ou nada; non se axusta ao xenio do Regulamento do Parlamento, que no seu artigo 134 regula o procedemento de lectura única. ¿Cando está previsto?: «Cando a natureza dun proxecto o aconsellar ou cando a simplicidade da formulación o permitir».

A natureza do proxecto. Os estudos antes aludidos indican que isto remite a textos consensuados, acordados polos grupos parlamentarios previamente ao seu rexistro na Cámara, e sobre os que, por tanto, non existe o ánimo no Parlamento de corrixir mediante emendas o seu texto. Non é o caso, non houbo consenso porque non se intentou o pacto cos grupos de forma previa ao seu rexistro. Lexitimamente o Goberno non ten por que intentar ese pacto. Poderíamos facelo aquí, pero a forma de tramitar este proxecto impídeo.

Simplicidade. Indícase tamén neses estudos que ten que tratarse de texto breves e moi claros. Pero non hai simplicidade, hai múltiples partidas, programas, seccións e capítulos que se modifican. Altérase a porcentaxe referida ao Fondo de Cooperación Local, as transferencias ás universidades. Regúlanse de novo as cantidades a transferir a entidades privadas mediante os concertos educativos. Créanse partidas que antes non existían. É tan complexo que a directora xeral de Orzamentos —ou director xeral de Orzamentos por ausencia— indica no seu escrito que remite a esta Cámara que hai oito erros —aínda que en realidade hai algúns máis— nese proxecto lexislativo.

Por tanto, nin consenso nin simplicidade. É un trágala con rendemento publicitario, iso é do que se trata este proxecto lexislativo. O Parlamento queda convertido nun mero órgano de ratificación ou de rexeitamento; non caben posicións matizadas. Dificulta que os grupos parlamentarios poidamos expor ante a opinión pública unha posición discrepante.

Polo tanto, nós o que pedimos a esta Cámara é que negue o uso deste procedemento especial ao Goberno de Galicia, á Xunta de Galicia; que recobre, digamos, a súa característica como órgano autónomo, como Parlamento; e que restitúa a este Parlamento as súas funcións íntegras, respectando a especialidade do trámite orzamentario, que ten un capítulo específico no Regulamento da Cámara, porque xustamente a importancia da discusión do Proxecto de lei de orzamentos —e este éo porque o modifica substancialmente— exige esa tramitación especial.

Pedímoslle ao Grupo Popular —os outros grupos creo que imos coincidir neste punto— que recupere a autonomía parlamentaria e incorpore o procedemento ordinario, dicíndolle desde o noso grupo que estamos a favor de que se tramite de maneira urxente, se así se desexa, pero por un procedemento ordinario que permita unha discusión demorada e coa participación dos grupos, respectando as funcións do Parlamento dun proxecto de lei que ten importancia, porque afecta unha das funcións esenciais deste Parlamento, que é aprobar os orzamentos que regulan a vida da Xunta de Galicia durante un ano.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

O acto que hoxe estamos perpetrando nesta Cámara vén a ser unha especie de acta de defunción dun principio básico das mellores prácticas parlamentarias, porque, de tanto dicilo, xa se ten convertido nun lugar común: o debate sobre os orzamentos é o máis importante que fai un parlamento cada ano.

O debate orzamentario esténdese durante meses pola súa complexidade e relevancia e consume moitas horas de traballo parlamentario porque, ao final, o que estamos facendo é definir a estratexia de política económica e social que vai desenvolver o Goberno durante todo o exercicio.

A relevancia do que se debate queda reflectido no aforismo de que o que non está no orzamento non existe. Pois ben, no trámite contrarreloxo no que hoxe imos debater unha lei que modifica unha parte significativa dos ingresos e dos gastos públicos concúlcanse gravemente estes principios básicos. O Goberno acóllese a unha tramitación de lectura única e rápida para aprobar nunha hora a modificación da Lei 1/2017, aducindo para iso unha suposta situación de urxencia, pero non é verdade, porque dende que en febreiro esta Cámara aprobou, cos únicos votos do Partido Popular, as contas para o 2017 xa sabiamos todos que irremediabilmente estas contas tiñan que ser modificadas.

A maioría absoluta do Partido Popular aprobou os orzamentos do 2017 sen aceptar practicamente ningunha das emendas presentadas polos tres grupos da oposición, e agora impón un «trágala» procedemental que volve impedir un debate real no Parlamento. Nós non estamos de acordo con este procedemento abreviado e tramitación especial de lectura única e vía de urxencia porque supón unha deturpación do necesario proceso de debate que unha modificación orzamentaria como a que se propón precisa.

Denunciamos este «trágala» procedemental porque supón unha desvalorización das funcións do Parlamento; é un desprezo aos grupos parlamentarios da oposición. A fórmula elixida para tramitar esta lei impide a posibilidade de realizarmos un debate polo miúdo, impondo unha adhesión ou un procedemento en bloque a favor ou en contra, sen a posibilidade de emendas parciais, e ocultando, pola súa brevidade, o debate á sociedade.

Agora ben, non estamos diante dun debate de técnica xurídica parlamentaria, nós non imos caer nese erro. O que denunciemos é a utilización de artificios legais para evitar un debate real sobre as contas públicas de Galicia. ¿Por que elude un partido con maioría absoluta este debate? Supoño que existen diferentes respostas a esta pregunta, pero a min non se me ocorre ningunha que sexa positiva. A máis probable é que o Goberno queira reducir o tempo de exposición pública a este debate para agochar as súas eivas e carencias, por exemplo, que aprobou hai cinco meses un orzamento en solitario, sen admitir ningunha emenda da oposición e mesmo cuestionando a pertinencia das aportacións dos grupos da oposición, sabendo, ademais, que o que estaba aprobando tiña que ser modificado máis temprano que tarde, por exemplo, ocultar a burla do Goberno central do Partido Popular ao Consello de Política Fiscal e Financeira, que fai que as comunidades autónomas —e nós, entre elas— non participemos realmente na conformación das decisións que marcan as grandes cifras orzamentarias; por exemplo, ocultar

que a rutinaria e mediocre distribución dos novos recursos demostra que o problema non é só de falta de recursos, é tamén de falta de ideas, porque non hai no que se nos presenta un proxecto claro con prioridades de gasto. Vou poñer dous exemplos —un simpático—: para cadrar as contas, cando xa se foron asignando as partidas, pois asignan exactamente 15 millóns de euros a facer estradas en xeral. Iso é como o mal contable que, cando non lle cadran as contas, inventa un concerto contable. Pero o máis doloroso é que na modificación orzamentaria non existe nin unha soa partida para políticas de emprego, e iso na nosa opinión demostra que non só é un problema de recursos senón un problema de falta de ideas.

O acto de hoxe supón darlle continuidade, polo tanto, a un método inaceptable para o debate sobre o orzamento que se puxo en marcha en febreiro, cando se aprobou unha lei que xa se sabía que non se correspondía coa realidade, utilizando para iso o rodillo da maioría absoluta; unha desvalorización do debate que se agrava hoxe coa tramitación exprés da modificación imposta da lei e que vai continuar nos próximos días cando a maioría absoluta do Partido Popular acepte sen rechistar a imposición do teito de gasto imposta por Montoro.

Parlamento e maioría absoluta é un oxímoro, son termos antitéticos, especialmente cando o partido que detenta esa maioría absoluta non ten en moita estima a participación e a negociación e utiliza esa maioría como ariete contra os grupos parlamentarios. O resultado é unha inaceptable deterioración da calidade da democracia, unha desvalorización do Parlamento, que, ao final, se traslada inevitablemente a unha deterioración ante a cidadanía do propio sistema de representación.

Remato con catro preguntas: ¿que necesidade ten o Grupo Parlamentario Popular de utilizar ese ordeno e mando? ¿Por que non acepta un debate serio e con tempo sobre o orzamento? ¿Por que impón un «trágala» procedemental de vía abreviada de lectura única en trámite de urxencia? E a última: ¿por que non retira esta chapuza e trae a esta Cámara unha verdadeira modificación orzamentaria e ademais a acompaña dun procedemento que permita que esta Cámara recupere a súa dignidade? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, tras a aportación ao debate do portavoz socialista, é a cuarta vez que se debate entre os portavoces, na Xunta de Portavoces, a cuestión de se se debe tramitar esta lei polo procedemento de lectura única ou non. É un procedemento que solicita o Goberno, e fundámentao en dous argumentos que á maioría lle parecen altamente razoables. O primeiro é que a incorporación destes cartos, destes 230 millóns de euros, ao presuposto evita calquera problema de cumprimento coa regra do teito do gasto; polo tanto, a alternativa sería que estes fondos que se lle van dar á Comunidade Autónoma non podería ser gastados nos fins que despois debateremos que decidiu o Goberno. Polo tanto, vostedes, que sempre piden que

se incrementa o gasto social, deberían de ser conscientes de que, non incorporalo ao orzamento, implicaría non poder gastalo.

Pero hai un segundo motivo que ten que ver coa altura do ano na que estamos e coa execución destes fondos. Evidentemente, se retrasamos mediante un procedemento ordinario, que pode levar dous meses, mesmo que sexa por urxencia e leve mes e medio, evidentemente estaríamos dificultando enormemente a execución dun gasto que, como veremos despois, é basicamente social.

Polo tanto, a nós parécenos plausible esta petición do Goberno, e dáse a circunstancia de que non só é plausible senón que está claramente avaliada polos Servizos Xurídicos da Cámara, que neste caso, por xentileza da Marea, elaboraron un informe por escrito no que recordan os antecedentes utilizados por todos os gobernos para o trámite de lectura única. E no fondo o trámite de lectura única é un trámite parlamentario perfectamente equiparable a outros, porque, primeiro, ten publicidade. A lei publicouse, houbo tempo para coñecela. Segundo, hai dereito de emenda, dous grupos fixeron emendas construtivas, outro simplemente fixo emenda destrutiva, de devolución. E, en terceiro lugar, hai debate, que é o que esperamos ter a continuación, porque a maioría vai apoiar a tramitación polo procedemento de lectura única.

O que si é certo é que aínda que sexa un debate dun só día, despois de que a norma teña publicidade, de que haxa dereito de emenda e de que debatamos entre nós, isto non era frecuente nesta Cámara. E quero recordar que esta modificación dos orzamentos que incrementa o gasto público nun 2,5 sobre o gasto total aprobado pola Cámara en febreiro ten precedentes, ten antecedentes. Eu teño aquí, por exemplo, un recordatorio: no ano 2007 a Xunta de Galicia, hai exactamente unha década —governaba a esquerda, gobernaba o Partido Socialista, gobernaba o Bloque e os seus portavoces eran membros desta Cámara—, recibiu do Estado, como consecuencia de liquidacións positivas, 404 millóns de euros. ¿Que fixo entón o Bipartito? Enténdese, de acordo co que acabamos de escoitar, que, por respecto á Cámara, por respecto ao partido da oposición, abriría un procedemento de reforma da Lei de orzamentos ordinario, con prazos de emenda, etc. ¿Que foi o que fixo? Pois non o fixo. O que fixo foi unha comparecencia, xunto co conselleiro de Facenda, para informar sobre a situación actual da economía galega, e a revisión da previsión de crecemento para o 2007 foi en abril do ano 2007, onde dixo que, como tiña máis cartos, pois que ían gastar máis, sen que houbera nin dereito de emenda nin dereito de nada.

Polo tanto, eu pediría que se medisen, porque cando se fala de prepotencia, de que o Parlamento é unha sucursal do Goberno ou de que se conculcan os principios básicos do parlamentarismo, cando xustamente imos debater un documento legal, publicado e que se puido emendar, pois a min paréceme un pouco excesivo.

En terceiro lugar, tampouco é malo que se tramite polo procedemento de lectura única e de urxencia pola propia dinámica do traballo parlamentario. Saben vostedes que imos iniciar en breve o debate do teito de gasto; un debate que, señor Lago, a única Cámara autonómica do Estado que o ten no Parlamento é Galicia; as demais comunidades autónomas remítieno desde o Goberno ao Estado. Dígollo anticipándome a que xa vostede está dicindo que nós

somos novamente unha sucursal e tal. A única cámara autonómica na que Unidos Podemos, As Mareas ou un grupo como o seu van poder obxectar algo ao teito de gasto é xustamente esta, as demais non se reúnen para este tema. *(Aplausos.)*

Encabalgando mediante un trámite ordinario este debate co debate do ano que vén e dificultar a execución destes fondos a nós parécenos absolutamente inapropiado. E aí queda a reflexión de qué pretenden vostedes ao obstaculizar, ao facer case filibusterismo parlamentario do trámite que hoxe imos celebrar. Vostedes o que queren é que vetemos o debate, vostedes, se votamos como vostedes fan o non, impiden que o conselleiro presente o proxecto e que poñamos debater as súas emendas. Nós estamos desexando facelo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Finalizado este debate, procedemos, polo tanto, á votación da proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do proxecto de lei.

Pechamos as portas e sometemos esta proposta a votación.

Votamos.

Votación da Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única do Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 (tramitado polo procedemento de urxencia) e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única deste proxecto de lei.

O señor PRESIDENTE: Aprobado este trámite, comezamos co debate en si, que é o debate e votación polo procedemento de lectura única do proxecto de lei.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Presento hoxe á Cámara o Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de

Galicia para 2017. Esta iniciativa permitirá cumprir tres obxectivos fundamentais: consolidar o crecemento da nosa economía, para que Galicia siga medrando con forza, e que iso se traduza en máis e mellor emprego; reforzar o gasto social, porque a prioridade deste goberno segue sendo que os galegos teñan maximizado o seu benestar; e, en terceiro lugar, que os empregados públicos poidan ver incrementado o seu salario un 1 %, con carácter retroactivo desde xaneiro deste ano.

Señorías, Galicia está a rexistrar neste 2017 o terceiro ano consecutivo de crecemento económico forte e sostido. No ano 2014 conseguimos deixar atrás a recesión e no 2015 e 2016 a economía galega xa acadou crecementos importantes, por riba do 3 %. Isto tivo un efecto positivo no que é a nosa prioridade: a creación de emprego. Nos dous últimos anos creáronse en Galicia máis de 40.000 novos postos de traballo. E neste 2017 os datos que estamos coñecendo están reforzando esta tendencia e mellorando as predicións prudentes que apuntamos nos orzamentos.

O PIB galego segue a medrar con forza, ao redor do 3 %. O paro rexistrado baixou no último mes case 10.000 persoas, a terceira maior caída entre as comunidades autónomas. O consumo dos fogares segue a medrar con forza e Galicia é unha das comunidades onde máis crecen as vendas do comercio minorista; de feito, os fogares que chegan con dificultades a fin de mes están en mínimos da serie histórica. As exportacións galegas continúan en cifras históricas, grazas ao bo comportamento de sectores como o naval, o téxtil ou a automoción. E mantemos o control do noso déficit, da nosa débeda e dos nosos pagamentos, para consolidar un modelo de crecemento san.

Esta lei permite dispoñer de case 230 millóns de euros máis este ano para reforzar as prioridades xa definidas no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

Quixera aclarar que estes 228 millóns que inclúe esta lei son recursos que Galicia vai recibir este ano a maiores do sistema de financiamento autonómico, e que non foron incorporados en decembro, cando presentamos o orzamento da Xunta para este 2017, porque non tiñamos a certeza de que se ían recibir. O motivo foi que as contas da Xunta foron aprobadas por este Parlamento en febreiro, mentres que, pola contra, os orzamentos do Estado non o foron ata hai dúas semanas. Actuamos con responsabilidade antes, aprobamos os nosos orzamentos sen agardar aos do Estado, pero non incluímos estes recursos por non ter a certeza de recibilos, e actuamos con responsabilidade agora. Unha vez confirmado que imos recibir estes recursos a maiores, aprobamos unha lei coa máxima axilidade posible.

Tamén quixera salientar que recibimos estes 230 millóns de euros pola mellora da economía galega e española, que se está a traducir nun incremento de recadación tributaria, vencellada sobre todo ao mercado laboral e ao consumo.

Señorías, referireime agora a como repartimos estes novos recursos nesta lei.

En primeiro lugar, destinamos 73 millóns de euros máis para gastos de persoal. Neste bloque recollemos a suba salarial do 1 % para todos os traballadores que prestan servizos públicos na Xunta, incluído o persoal sanitario, educativo, das universidades e do ensino concertado,

máis de 100.000 persoas. Esta suba salarial, a máxima que nos permite o Estado, por ser normativa básica de obrigado cumprimento, xa estaba prevista no orzamento da Xunta, pero non se podía aplicar mentres non houberse habilitación legal do Estado. Aplicámola pois tan pronto como puidemos. E tamén podo confirmar que na nómina deste mes de xullo os empregados públicos xa percibirán este incremento, que será retroactivo desde xaneiro. Con esta suba e coa recuperación do complemento específico, neste 2017 os empregados públicos recibirán de media este ano uns 1.430 euros de máis.

En segundo lugar, destinamos 102 millóns de euros máis para reforzar o gasto social, con medidas concretas no eido sanitario, da política social e da dependencia.

Actuaremos principalmente en dous eidos. O primeiro, a sanidade, con 60 millóns para prioridades como universalizar os fármacos da hepatite C, co que se poderán ampliar a unhas 2.000 persoas no que queda de ano. Ademais, no Sergas disporase dos recursos suficientes para a compra de vacinas que se incorporaron ao calendario infantil e para incrementar en 20.000 as vacinas contra a gripe, coas que se vai ampliar a cobertura na próxima tempada. Tamén investiremos en humanización, neste caso de espazos asistenciais nos nosos hospitais e dos centros sanitarios, e reforzaremos a actividade cirúrxica e asistencial nos centros sanitarios galegos.

E, en segundo lugar, dentro desta política social, no máis concreto da política social, cunha dotación adicional de 14 millóns de euros. Contaremos con 10 millóns de euros para atender máis de 3.000 novos dependentes, o que permitirá manter unha cobertura de servizos superior á media estatal.

En inclusión social activamos 4 millóns para dar un novo impulso á Risga, o que permitirá beneficiar máis de 1.000 persoas en risco de exclusión. Ademais, a Xunta disporá doutros 11 millóns de euros cos que se realizarán programas de interese xeral para atender fins de interese social con cargo á asignación tributaria do IRPF.

No eido laboral destinaremos 5 millóns de euros ao desenvolvemento de plans de emprego e de formación, que incrementarán as oportunidades, en dous ámbitos prioritarios: emprego para o rural, pois completaremos os programas de emprendemento e formación no dito ámbito, e emprego para persoas en risco de exclusión; e os programas pois irán dirixidos a colectivos máis desfavorecidos, o que beneficiará persoas nestes momentos perceptoras da Risga.

E no terceiro gran bloque de aplicación destes créditos pretendemos dedicar 53 millóns de euros máis a impulsar políticas de crecemento económico que desenvolven e se encadran nas liñas mestras deseñadas no noso Plan estratéxico ata 2020.

No eido educativo reservamos 11 millóns de euros dedicados a proxectos de I+D nas universidades públicas, a obras de melloras en centros de educación, en reforma tamén, equipamento en centros de formación profesional, avanzamos no plan de plurilingüismo posto en marcha pola Administración galega e impulsaremos o desenvolvemento do libro dixital.

Outros 3 millóns de euros son para innovación, nunha aposta polo talento, as novas tecnoloxías e a Industria 4.0, con especial atención ás pequenas e medianas empresas.

Ademais, destinamos outros 2 millóns de euros ao programa Reforma 17, para dinamizar o tecido empresarial galego, que nos últimos anos está axudando a revitalizar o sector da construción e da reforma.

Para o turismo achegamos 3 millóns para accións para a potenciación e promoción dun sector que está a consolidarse como un motor da recuperación económica e no que Galicia está a acadar cifras récord de visitantes. Polo tanto, potenciaremos a presenza de Galicia en feiras turísticas internacionais e traballaremos en actuacións promocionais do destino de novos produtos turísticos.

No ámbito das infraestruturas destinamos 19 millóns de euros tanto para a mellora da rede viaria como para a súa conservación e tamén en actuacións de solo industrial.

Ademais, incluímos unha partida específica para o auditorio de Lugo. E esta lei contribuirá con 4 millóns de euros adicionais para poñer en marcha a nova Axencia Galega da Industria Forestal, que ten como retos mellorar a calidade de vida no contorno rural, dinamizar un sector clave para a economía galega incrementando o número de empresas e, en definitiva, creando novos e mellores postos de traballo. Ademais, no rural activamos outros 5 millóns para acelerar proxectos pioneiros no ámbito da mobilidade de terras e para reforzar as políticas de prevención contra os incendios, sobre todo na área fronteiriza con Portugal. E no ámbito marítimo incluímos partidas para as obras de construción de pantaláns para embarcacións mexilloeiras de diversos portos.

Finalmente, tamén recollemos nesta lei unhas partidas moi concretas: 600.000 euros para paliar a situación da comunidade galega residente en Venezuela.

Polo tanto, case 230 millóns de euros, que permitirán aumentar o gasto de persoal, reforzar o gasto social e fortalecer un crecemento san. En definitiva, actuacións que contribúen a consolidar a recuperación económica de Galicia.

Señorías, a finais deste mes temos previsto traer á Cámara o teito de gasto non financeiro para o ano 2018, momento no que aproveitaremos para actualizar o cadro macroeconómico, tal e como acaba de facer o Goberno central coa presentación do seu teito de gasto.

Como dicía ao principio, neste 2017 os datos que estamos coñecendo están mellorando amplamente as previsións prudentes que apuntamos no noso orzamento. Sen dúbida, as medidas incluídas neste proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e de reforzo do gasto social axudarán a consolidar esta mellora económica.

Por iso, xa podo avanzar que coa presentación do teito de gasto para 2018 realizaremos unha forte revisión á alza da previsión do 2,4 % de crecemento para este ano e nos achegaremos ao 3 % de crecemento e, consecuentemente, á mellora dos parámetros do emprego. Deste xeito, enlazamos tres anos consecutivos cun forte crecemento económico, que mesmo supera a evolución prevista no Plan estratéxico 2015-2020.

Remato xa, señorías, pedindo o apoio dos grupos parlamentarios da Cámara para unha lei que permitirá subir os salarios de todos os empregados públicos da Xunta de Galicia, que impulsará

o crecemento económico e que reforzará o gasto no benestar dos galegos. Para iso aumentamos o noso orzamento en 228 millóns de euros e incluimos actuacións concretas nos ámbitos prioritarios dos eidos social e económico, na liña do recollido no noso Plan estratéxico.

Tan pronto como estea aprobada esta lei, desde a Xunta poñeremos á disposición dos galegos estes 230 millóns de euros de recursos adicionais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día de novo a todos e a todas.

Desde o Bloque Nacionalista Galego presentamos hoxe unha emenda á totalidade a este proxecto, que será con toda certeza aprobado hoxe. Con esa proposta alternativa pretendemos emendar non só as formas, senón tamén o fondo do que hoxe se nos impón e demostrar que é posíbel outra política económica e unha política verdadeiramente social que axude a superar as desigualdades existentes no noso país.

Como cuestión previa, matizar que xa de inicio a propia denominación do proxecto de lei que debatemos hoxe é unha auténtica perversión. O seu encabezado fálanos de «impulso ao crecemento e de reforzo do gasto social» e de «modificación da Lei de orzamentos de 2017». En tres afirmacións, dúas falsidades. Só podemos concordar coa última parte, porque, en efecto, se modifica a Lei de orzamentos; agora ben, discrepamos da auténtica autocompracencia que exerce este executivo ao denominar este proxecto como «impulso ao crecemento e reforzo do gasto social», como irei explicando.

Presentamos —xa digo— esta alternativa por varias razóns. En primeiro lugar, este proxecto, a súa presentación, desvela tres grandes problemas que nos preocupan fondamente. En primeiro lugar, que a estratexia do Goberno galego continúa a ser a de máis publicidade para tapar os recortazos do Goberno central e a súa submisión aos mandatos de Madrid. En segundo lugar, desvela tamén que o modelo de financiamento do noso país non é suficiente para soste os nosos servizos básicos. E, en terceiro lugar, pois demostra tamén outra cuestión preocupante, que é que non fixeron unha boa planificación orzamentaria para 2017 e quedaron curtos en campos fundamentais; nin con este remendo poden valer estes orzamentos para situar o noso país nunha posición de fortaleza nos retos de futuro nin para igualar todos os galegos e galegas.

Indo por partes, en primeiro lugar, ¿por que dicimos que a súa é a estratexia do márketing, señor Martínez? Eu recórdolle que compareceu aquí vostede hai tres meses para presentarnos as liñas da súa consellería, e aquel feito coincidiu no tempo con dous acontecementos vergonzantes: primeiro, coa presentación do borrador dos orzamentos no Estado, onde Ga-

liza por primeira vez en catorce anos recibía un investimento menor a mil millóns de euros, e segundo, coa visita —que recordarán vostedes— da señora Sáenz de Santamaría ao noso país para vendernos as bondades dun teórico ingreso extra de 247 millóns para disimular un pouquiño o agravio do Estado español e salvarlles algo os mobles a vostedes.

Nós daquela fomos críticos con esta visita e denunciámos que era unha estratexia de distracción máis para botar fume por riba do «recortazo» e que mentres Rajoy anunciaba máis investimentos en Cataluña pois viña a señora Sáenz de Santamaría darnos unha esmola ao noso país. E tiñamos razón. A proba de que a señora Santamaría só viña facer unha estratexia de improvisación e publicidade é que nin sequera —andaban tan apurados— cadraron as contas ben. Anunciaron que por conceptos de rendementos de determinados impostos de 2017 e a liquidación definitiva do sistema de financiamento de 2015 recibiríamos 247 millóns, e ao final non cadran as contas.

E xa o que me deixa absolutamente estupefacta, señor Martínez, é que veña vostede dicir que isto é un ingreso extra e que non ten nada que ver co modelo de financiamento. Claro que ten que ver co modelo de financiamento, coa liquidación do 2015, máis a actualización de rendementos dos impostos cedidos para este ano. Se que sexan 218 ou 228 millóns non ten que ver co modelo de financiamento, pois, en fin.

Como digo, ademais, estamos a falar dun incremento, e xa intentaron daquela enganar os galegos e galegas dicindo que era adicional, coma se fose algo que non nos corresponde, e ademais tampouco un incremento demasiado favorable, tendo en conta que non chega a ese incremento medio do 5,7 % que supón para outras comunidades como Cataluña, Valencia, Andalucía, etc. Como sempre, Galiza á baixa e o Goberno do Partido Popular aplaudindo coas orellas.

En resumo, Galiza, comunidade que, ademais, como ben vostedes presumen sempre, cumpre con todas as imposicións de déficit, recibe unha parte do que lle pertence, e temos que asumir e aplaudir que nos tocou a lotería.

Pero, en fin, continuando, ¿por que pensamos que este modelo e este marco político son insuficientes? Pois demostrado queda que nin o modelo de financiamento nin os termos da nosa relación financeira co Estado español serven para que Galiza poida desenvolver as súas potencialidades e cubrir as súas necesidades. Por exemplo, este proceder, derivado da ausencia do orzamento xeral do Estado no momento de tramitar os orzamentos da Xunta de Galiza, non deixa de amosar esa dependencia á hora de podermos elaborar desde Galiza unha política orzamentaria propia con respecto á Administración central e á situación política a nivel estatal. Esta dependencia impediu, en primeiro lugar, contar con eses fondos na realización dos orzamentos galegos, de xeito que agora é preciso un remendo que, obviamente, resta eficacia, baixo o noso punto de vista, ao gasto público.

Ademais, esta cuestión volve ser un claro exemplo de como a relación e o actual sistema de descentralización política contempla o ámbito económico máis como unha descentralización administrativa que como un suxeito político propio con capacidade para decidir e para executar as súas decisións.

Con esta formulación dásenos esa teoría de que temos o dereito a desenvolver piares tan fundamentais para a nosa sociedade como son o ensino e a sanidade, que xa saíron a este debate, pero impídese pola práctica que poidan desenvolver de forma satisfactoria estas competencias. E nós entendemos que isto non é aceptable neste contexto de emerxencia social, onde os recursos son totalmente insuficientes para dotar uns servizos que, ademais, nun contexto de crise económica, viron incrementado o seu caso, como é, por exemplo, todo o referido a servizos sociais.

Porén, diante deste contexto adverso, ¿cal é a relación e a cortesía do Estado español para connosco? Pois que desde 2008 Galiza deixou de recibir máis de 9.000 millóns de euros, unha cifra similar ao orzamento anual da Xunta, e ademais non deixa de estar condicionada por un marco político e financeiro no que mentres o gasto das comunidades autónomas está fortemente pactado —hoxe aprobarase no Estado español o teito de déficit para 2018—, mentres temos esas pautas absolutamente férreas, pois a Administración pode absorber os recursos que lle peta e gastar os recursos que lle peta. Aínda pretenderán que despois disto deamos as grazas a papá Madrid pola leve ampliación da marxe para as comunidades autónomas. Desde logo, para o Bloque Nacionalista Galego estas cuestións non encaixan en ningún concepto de solidariedade que nós compartamos.

En terceiro lugar —nesta cuestión intentarei determe un pouco máis—, dende o Bloque Nacionalista Galego pensamos que este proxecto de lei revela que o seu proxecto orzamentario, o proxecto orzamentario do Partido Popular, adolece novamente —unha mostra máis— dunha falta absoluta de planificación e de non saber situar as prioridades que ten o noso país neste momento.

Farei algunha consideración, ademais de ir presentando algunhas das alternativas que desglosamos nesta emenda á totalidade como única vía de poder emendar este texto, como xa foi dito no debate anterior. Primeiro, o feito de que se reforce o orzamento en áreas elementais é o recoñecemento implícito de que estaban escasamente dotadas, tal e como denunciábamos as forzas da oposición no debate de orzamentos de 2017. Vostedes orzaron á baixa partidas de gasto social e agora non lles queda outra que incrementalas. Ademais, neste contexto de mobilizacións sociais e de mobilizacións contestatarias, vénlles moi ben facer un pouco de publicidade de que aumentan recursos precisamente nestas áreas. Pero, por outra banda, ¡vaia irresponsabilidade!, ¡vaia irresponsabilidade infradotar esas áreas nos nosos orzamentos diante da incerteza do marco estatal do que dependemos!, porque ¿que tería pasado se esta inxección de diñeiro non puidera chegar nesta altura? E, doutra banda, tal e como temos dito, con este elemento non deixan tampouco de aplicar esa táctica de maquillaxe que tan ben se lles dá pero que nós non lles compramos.

Por exemplo, falaba vostede moito, señor Martínez, na súa intervención, da cuestión dos traballadores e traballadoras públicos da nosa comunidade, que a nós nos preocupa moito, pero a pesar do incremento do 1 % que contempla esta lei, pois é obvio que aínda non acadaron o nivel retributivo após os recortes dos salarios aos que foron sometidos. Está moi ben que se incrementese ese 1 %, está moi ben que vostedes aproveiten para facer, unha vez máis, publicidade, pero, desde logo, estes traballadores e traballadoras saben do seu peto, que o seu esforzo aínda non se viu compensado e que aínda lles quedan moitos dereitos salariais por reconquistar.

Outra cuestión que vemos desde un punto de vista absolutamente crítico desde o Bloque Nacionalista Galego e que ten que ver con que nos intenten vender con esa maquillaxe de orzamentos hipersociais esta proposta que hoxe debatemos é o que ten que ver co ensino. Por un lado, vostedes dedícanse a traballar, pola porta de atrás, e nas últimas semanas de curso nesa estratexia que desde o Bloque Nacionalista Galego xa temos caracterizada como unha nova ofensiva — máis disimulada — contra o ensino público. Teñen o atrevemento, coa que está caendo e tendo en conta que non lles quedou outra que que o señor conselleiro veña comparecer tamén este mediodía para tratar esta cuestión, e neste contexto deciden que a súa forte aposta no marco desta proposta de modificación para os orzamentos é unha inxección de máis de dous millóns de euros para o ensino privado, porque total só estamos nun mes no que vostedes o último día de aulas decidiron pechar unidades de ESO, decidiron pechar centros e demais. Xa nin disimulan. Hoxe van ter aí arriba, aí fóra, pais, nais e profesorado de diversos centros de ensino, e eu agardo que lles poida explicar como xustifica isto. Teñen a pouca vergoña de miralos á cara e de dicir que prefiren votar un millón e medio para a concertada en lugar de aprobar a proposta que trae hoxe o Bloque Nacionalista Galego aquí, (*Aplausos.*) que ten dúas cuestións fundamentais: dunha banda, propoñemos un plan de reversión de peche de centros públicos, dotado con máis de 2 millóns de euros, e, doutra banda, un plan específico para o ensino do rural e da montaña, que é o que vostedes están desmantelando dunha forma máis agresiva. Esas son as nosas prioridades, ensino público e galego para todas as crianzas, independentemente do lugar de Galiza no que vivan, porque é un dereito básico que temos que garantir desde o poder público.

Tamén incrementamos as contías para a normalización lingüística, que para vostedes son un mero lavado de cara de 200.000 euros, e incrementamos tamén as actividades de promoción e difusión cultural, porque cremos nun país con potencia creadora e nun país con potencia creadora desde a lingua galega.

Doutra banda, en canto á sanidade, vostedes aplican unha estratexia semellante á que aplican co ensino. Vostedes finxen apostar pola sanidade pública pero tamén destinan millón e medio a concertos para reducir as listas de espera. ¿Sabe que lle propoñemos nós para reducilas? Pois destine diñeiro, en lugar de para concertos coa privada, para contratación de persoal sanitario. Propoñémoslle que destine máis de tres millóns de euros. Falou vostede de humanización do sistema sanitario. ¿Pois que mellor humanización que dotalo de humanos, que dotalo de seres humanos, de médicos, de enfermeiras e de persoas que traballen para soste esa sanidade pública?

Finxen, insisto, que son orzamentos sociais. Eu só podo dicir que é márketing. Un exemplo clarificador é que vostedes, o mesmo goberno, que nin un mes despois de aprobar os orzamentos xa tiveron que modificalos para dar cobertura á Risga, porque a infradotaran, nos venden unha ampliación de catro millóns de euros. Estaría moi ben, se non soubésemos todos e todas que a Risga é algo que vostedes teñen que cumprir por lei, e que, polo tanto, independentemente da contía que sexa precisa, terán que asumir ese incremento. En todo caso, nós entendemos que, tendo en conta que xa se tiveron que incrementar no que levamos de ano máis de cinco millóns, esta contía non chega e propoñemos como mínimo duplicala.

En fin, precisamente tamén para visibilizar a nosa aposta por un cambio de rumbo para o tecido produtivo, apostamos tamén por incrementar ese plan Principia e por apostar pola investigación e o desenvolvemento. É unha mágoa que mesmo a semana pasada o seu grupo parlamentario, señor Martínez, rexeitara unha proposta do Bloque Nacionalista Galego de cara a duplicar os orzamentos para o ano que vén para esta materia. Pregámoslle que, xa que non nos fai caso, lle faga caso ao señor Carracedo, que veu onte comparecer a unha comisión neste Parlamento, e nós facemos nosas as súas palabras. El dixo onte nesta Cámara —e leo textualmente—: «Se eu estivese na Administración, a metade dos cartos irían para a retención e captación de talento, porque un investigador ben seleccionado é unha riqueza para calquera lugar; é a base do desenvolvemento dos países».

Continuando e para rematar non quería esgotar o meu tempo sen sinalar dous elementos que incluímos na nosa emenda á totalidade e que nós entendemos que son absolutamente fundamentais porque son elementos sobre os que, desafortunadamente, teremos que continuar a falar estes meses e sobre os que, desafortunadamente, o Goberno galego non aposta de forma rigorosa.

En primeiro lugar, aumentamos seis veces a dotación para os incendios. Mire, señor Martínez, vostede falaba agora de atender especialmente a zona transfronteiriza. ¿Sabe cal é o risco de incendio diario hoxe nesa zona transfronteiriza de concellos como A Mezquita no día de hoxe? Máis dun 80 %. Mentres aquí, fóra deste Parlamento, fai falta poñer unha chaqueta, naqueles sitios estamos nun 80 % de risco; na mesma provincia na que aínda se está facendo prevención no horario de mañá coa conivencia da Xunta de Galiza, que non cumpriu os seus deberes e que non fixo a prevención con anterioridade, na mesma provincia na que pedimos un plan específico e non se nos dá e apróbasenos unha trapallada de Pladiga en pleno período xa de risco de incendios. Tomen en serio esa política, dótena en serio de orzamentos.

E, por último lugar, destinamos tamén unha contía específica de cinco millóns para outra preocupación que a nosa organización política non vai abandonar. E desde aquí lanzamos unha mensaxe a todo Ourense, ao sur de Lugo e a todas as persoas e pequenas e medianas empresas que estiveron afectadas polas xeadas. Nós non pararemos ata que este goberno ceda e estableza axudas directas para os seus danos. A Administración ten capacidade de política, ten recursos, tamén nese Fondo de Continxencia, que despois no Estado español o usan para outras cousas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e, polo tanto, ten que poñelos á disposición.

Señores do partido Popular, aínda esta fin de semana A Limia sufriu tremendamente as consecuencias do pedrisco. Non poden seguir coa súa prepotencia lexislativa aprobando modificacións coma estas sen ceder e sen falar coa xente e ver cales son as súas necesidades, facendo mera propaganda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días de novo.

Agora falaremos do contido do proxecto de lei, ao que nós presentamos tamén unha emenda á totalidade con texto alternativo.

Para entender a nosa posición eu creo que hai que retrotraerse ao debate da Lei de orzamentos de 2017. No debate inicial desa lei dicíamos daquela que os orzamentos eran escasamente ambiciosos, que non utilizaban toda a capacidade de endebedamento autorizada e que ademais non prevían os incrementos derivados do sistema de financiamento, pese ao comportamento que estaba tendo a economía. Ademais, provocaban un axuste maior que o que permitían as circunstancias económicas, unha contención do gasto moi superior ás necesidades sociais ou impulso ao crecemento.

No debate final dese documento, dicíamos que o orzamento estaba cheo de imperfeccións, que ía ser obxecto de modificacións ao longo do ano, xa previstas daquela, e que estaba feito para incumprirse. Advertiamos que era difícil avaliar seriamente algúns capítulos como o de persoal, por canto as cifras non parecían responder ás necesidades de gasto que xa tiña a Administración e tiñan que cubrir. Polo tanto, falla de ambición, continuidade e, digamos, un recurso excesivo ao márketing eran os cualificativos dese orzamento. Entón, o que temos que preguntarnos é se esas circunstancias están corrixidas mediante este proxecto de lei.

A Xunta de Galicia eu creo que reconece agora, polo menos parcialmente, que algunha razón tiñamos cando advertiamos da súa falla de ambición orzamentaria —que é o mesmo que dicir falla de ambición política— ou cando avisabamos da insuficiencia dalgunhas partidas de gasto, singularmente no capítulo 1 e no gasto social.

Corrixen parcialmente, o cal está ben, pero quedan moi lonxe do cambio necesario. Nós cremos que, sen facer grandes experimentos, podían incorporar perfectamente máis de catrocentos millóns de euros en recursos a estas alturas, en vez dos 228 do seu proxecto, sen pór en risco a estabilidade financeira. Podían usar os 60 millóns —dos que xa falamos nesta Cámara— de pasivos financeiros netos autorizados para 2017 polo Consello de Política Fiscal e Financeira sen comprometer a sustentabilidade financeira de Galicia, porque eses recursos non a comprometen. Máxime cando o seu custo en termos de tipos de xuro é extremadamente baixo ao recorrer ao Fondo de facilidade financeira, e máxime cando se está discutindo un novo sistema de financiamento ou hai un debate no Consello de Política Fiscal e Financeira sobre a distribución do déficit e a débeda entre niveis da Administración. Renunciar a usar o tope de endebedamento autorizado cando se presume de saúde financeira razoablemente, non ten demasiado sentido ao mesmo tempo que se está discutindo nestes foros que queremos máis recursos; a verdade é que é unha estratexia un pouco estraña.

Incorporamos tamén outras partidas de ingresos que están tendo un rendemento superior ao agardado como vostede ben sabe —seguramente bastante mellor ca min— pola posición

que ocupa. A diferenza entre os dereitos recoñecidos e as previsións definitivas, por exemplo en sucesións e doazóns, a 31 de marzo deste ano era de máis de 60 millóns de euros. ¡A 31 de marzo deste ano, non a 31 de decembro! Xa veremos despois. Polo tanto, aí hai algunha marxe, e nós cremos que esas marxes nos permiten chegar ata os 400-410 millóns de euros e, por tanto, ser máis ambiciosos en ingresos sen modificar a presión fiscal, o que nos permite alimentar gastos necesarios. E vou falar dos gastos.

O proxecto da Xunta de Galicia destina 73 millóns de euros —setenta e catro millóns de euros, aproximadamente 1/3 do total— a incrementar o capítulo de persoal. O conselleiro di que é para cumprir o que se deriva da Lei de orzamentos xerais do Estado de 2017, que permite, autoriza e obriga a un incremento do 1 % nos salarios dos empregados públicos. Por tanto, é de obrigado cumprimento e a nós parécenos ben, hai que facelo.

Sen embargo, o 1 % do crédito consolidado son 36 millóns, de acordo coas cifras do orzamento. Podemos sumarlle aínda dous millóns máis para o Sistema universitario galego, aproximadamente. Polo tanto, quedannos por xustificar, dos 71, máis de 30 millóns adicionais.

A nós gustaríanos saber de onde procede esa necesidade de 33 millóns de euros adicionais e para que van ser usados. ¿Responde a unha insuficiencia dos créditos iniciais que agora se corrixe? ¿Quere crear o conselleiro de Facenda unha marxe de manobra liberando recursos do Fondo de Continxencia do Sergas, por exemplo, que antes estaban destinados a cubrir necesidades en materia salarial? ¿Que é o que pasa aí?

Non emendamos isto. Nós non imos reducir os créditos para isto, pedimos explicación. E tamén dicimos xa desde aquí que, de non habela, consideramos que poden e deben utilizarse para reforzar os cadros de persoal dos servizos básicos con contratos estábeis, combatendo a precarización e impulsando a necesaria mellora dos servizos públicos. Xustamente na nosa emenda á totalidade reforzamos con máis recursos esa posibilidade.

Non nos gusta que, ao mesmo tempo que estamos discutindo nesta Cámara a modificación dun proxecto de lei de orzamentos, coñezamos —xa foi publicado onte, xa onte o coñecemos— unha orde da Consellería, de confección de nóminas, para incorporar o incremento do 1 % de forma previa a que este Parlamento aprobe este proxecto de lei. Porque ou ben o proxecto non era necesario, e entón podíamos evitar a maior parte deste trámite, ou, se o é, non se pode ao mesmo tempo estar facendo actos administrativos que anticipan un resultado que, desde logo, a nós non nos compromete, pero que si que parece comprometer ao Grupo Popular, que seguramente está obrigado máis que nunca a votar a favor, aínda que algunhas cousas non lle gusten.

Non nos gustan tampouco os cambios no Fondo de Cooperación Local. Estaba aprobada unha porcentaxe para o ano 2017, agora redúcese esa porcentaxe para evitar que os incrementos na recadación que se incorporan aos capítulos 1, 2 e 3 dean lugar a máis recursos a transferir aos concellos. Pero era mellor prevelo antes e non comprometerse a unha porcentaxe e despois reducila porque resulta que as contas non nos saen demasiado ben.

E non nos gusta tampouco que se modifique a proporción entre o fondo básico e o fondo complementario do Fondo de Cooperación Local. Por iso na nosa emenda nós o que facemos

é incrementar a utilización do fondo básico para equilibrar as proporcións entre ambos e evitar que os recursos adicionais —menos dos previstos— que destina a Xunta aos concellos vaian a un fondo que ten unha utilización máis discrecional, digamos, menos regrada, menos sometida a criterios; unha utilización que permite un nesgo e dirixilo a concellos determinados e non ao conxunto dos concellos.

No reforzo do gasto social, que é outro dos lemas da Xunta, hai algunha rectificación en conceptos que o merecen, pero unha rectificación insuficiente. Vou pór algún exemplo. Falou o conselleiro de axudas á emigración de Venezuela. É certo, nós trouxemos aquí este problema, e outros grupos. Trouxemos este problema porque cremos que hai que darlle unha solución. Pero resólvese con 150.000 euros. É ridículo. Nós na nosa emenda incorporamos 4 millóns de euros adicionais para isto; multiplicamos por 25 —un pouco máis de 25— os créditos que compromete a Xunta de Galicia.

Na Risga —xa foi tratado—, 4 millóns de euros e 2 millóns de euros máis para o emprego da Risga, o cal nos parece unha boa iniciativa. Pero na nosa emenda incorporamos 20 millóns de euros adicionais, que significaría dar un salto adiante moi importante nos recursos destinados ás familias con menos ingresos e en situación de máis necesidade.

Igualmente en dependencia. A Xunta propón 10 millóns de euros. Nós propoñemos 30. Isto permitiríanos solucionar de verdade as listas de espera e poñernos ao día cos dependentes, que boa falla fai. Padeceron durante a época de axuste. Deámoslles unha satisfacción na época da recuperación.

Reforzamos considerablemente en investimentos o programa de construción de residencias, como lle suscitamos o outro día ao presidente da Xunta na nosa pregunta, en escolas infantís e noutros equipamentos sociais; reforzamos as partidas para comedores escolares de cara ao próximo curso, ou nas infraestruturas nos centros educativos. E, sobre todo, aplicamos unha partida importante para as persoas con fillos menores de 6 anos e recursos insuficientes que permitiría, por cada fillo, recibir entre 100 ou 200 euros ao mes en función das circunstancias, e significaría dar un salto adiante nesa idea de darlles unha axuda a todas as familias con fillos menores con cargo aos presupostos da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Podía ser unha bonificación no IRPF autonómico, na parte autonómica do IRPF, pero hai demasiadas familias sen recursos que nin sequera teñen para facer a declaración, polo tanto, pareceunos mellor instrumentalalo desta forma, avanzando na construción dunha renda social básica.

En materia sanitaria, está ben que a Xunta de Galicia rectifique e universalice —dicía o conselleiro— os tratamentos da hepatite C; parécenos ben. Se hai responsabilidades penais, este esforzo non as evita, pero dá tranquilidade aos enfermos e ás súas familias, dá tranquilidade á poboación potencialmente enferma, que somos practicamente todos. Parécenos ben. Aínda que se faga tardiamente, parécenos ben. Pero o resto das partidas refórzanse insuficientemente, e precisamos algo máis para recuperar os niveis de servizo da sanidade pública.

Na nosa emenda destinamos 5 millóns de euros adicionais ao reforzamento do persoal en atención primaria e especializada. A Xunta de Galicia só propón 1,5 millóns de euros pero para concertos sanitarios, ou sexa, para reforzar a privatización da atención sanitaria cando sería

posible facelo desde o ámbito público e facelo seguramente en mellores condicións para todos. E destinamos varios millóns de euros —creo recordar que 5— a centros de saúde e outros equipamentos sanitarios, que ben necesitan nalgúns casos construción, noutros casos reformas e noutros casos incorporar novas posibilidades de atención en lugares determinados.

No crecemento económico, señor conselleiro, vostede terá que recoñecer comigo que falamos de pura propaganda, ¡de pura propaganda! É un puro caixón de xastre, onde se recolle sen a estratexia nin a planificación necesarias, con crédito insuficiente —tapar furados—, un conxunto desaparellado e ás veces extemporáneo de actuacións dispersas que se agrupan baixo unha rúbrica que queda ben pero que non hai nada detrás. Desaparellado.

Inclúe máis fondos, por exemplo, en crecemento económico para campañas de normalización lingüística. A nós parécenos ben que se fagan estas campañas, pero ¿que relación ten co crecemento económico? Un novo programa de reforma de interiores. Ben, explíquenos que é isto. Iso está tamén nas partidas de crecemento económico. É novo programa, por tanto non hai unha memoria que o explique, temos dereito a coñecer que é o que está detrás disto.

¿E por que extemporáneo? A prevención de incendios recibe 2 millóns de euros adicionais. Saben vostedes que criticamos moi recentemente a insuficiencia desta política. Rectificar está ben. Logo de escoitar o director xeral de Montes, sabemos que non é só un problema de recursos, é, sobre todo, un problema de vontade política. Non se pode dicir —e seguir sendo director xeral— que se a lei se cumprise habería moitos menos incendios cando o cumprimento da lei depende fundamentalmente dun. Pero ese é outro tema. *(Aplausos.)*

En todo caso, con recursos os asuntos resólvense mellor, por iso nós, onde vostedes poñen 2 millóns de euros, dicimos que hai que poñer 8 máis, en total 10, para conveniar cos concellos que teñen políticas innovadoras, para axudar a todos eles a facer políticas de prevención que defendan a nosa riqueza forestal. Pero facelo a partir de setembro, a partir de outubro, en todo caso é unha partida que terá sentido para a campaña de incendios do ano que vén.

E en crecemento económico a nosa partida prevé actuacións de infraestrutura que lle poñemos nomes e apelidos; non 15 millóns ao chou, senón 30 millóns de euros —partidas con nomes e apelidos que non poden determe a relacionar pero que están— en infraestruturas varias descoñecidas nestes últimos anos. E destinamos en actuacións e programas de apoio a sectores produtivos, reforzo do I+D+i e fomento do emprego, 75 millóns de euros aproximadamente. Aquí si que hai partidas nunha estratexia de apoio ao crecemento e de apoio ao emprego.

Por último —quédame un minuto—, destinamos 6 millóns de euros adicionais para a mellora dos servizos do transporte público. Estamos hoxe nunha folga que, a pesar dos esforzos de todos, ameaza con enquistarse. E nós sabemos que non é un problema fundamentalmente de recursos, é un problema tamén de vontade política, neste caso de vontade negociadora, de saber ceder en cuestións que non afectan ao fundamental para facer avanzar a modernización do sistema de transporte de viaxeiros en Galicia. Pero con algúns euros adicionais estas negociacións poden lubricarse, poden ir mellor. Por iso nos chama poderosamente a atención que, cando se teñen 228 millóns de euros, non se faga ningunha atención a este grave problema, non se destine nin un euro adicional a esta cuestión. É como se a conselleira

quixera demostrarlle ao mundo que ten capacidade para ordenar o sistema de transporte e ademais aforrar recursos. Non se trata dun problema de orgullo lexítimo dunha persoa ou doutra, trátase de resolver un problema, e para facelo mellor nós poñemos 6 millóns de euros adicionais.

Por todas estas razóns imos opornos a este proxecto, por motivos de forma moi importantes. Con outra forma, con outra tramitación, habería oportunidade de discutir algunhas cousas, de incorporar algunhas emendas, pero así non, é un trágala, como se dicía antes. E por problemas de fondo tamén, porque, ademais de ser posible outra política, é conveniente; é posible e é conveniente. A política que nós propoñemos na nosa emenda, que incorpora a rectificación proposta pola Xunta de Galicia basicamente, pero leva alí ata onde sexa posible, sen atentar contra a estabilidade financeira, unha política diferente que alivia a carga para as familias con menores recursos, eleva substancialmente o gasto social e sanitario e articula unha estratexia para o crecemento económico e para o progreso.

Por certo, se apoian a nosa emenda a totalidade, pódese resolver a incorporación das emendas que propuña a directora xeral. Doutra maneira vai haber problemas.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Señor conselleiro, o mundo débese ver de forma diferente cando un viaxa no coche oficial ou cando vai en autobús cando non hai folga. Porque, ¿como pode o responsable da economía dun goberno democrático presumir dun país que ten 217.100 persoas en desemprego? ¿Como pode presumir de xestión económica un goberno no que o 30 % da súa poboación está en risco de exclusión social? ¿Como pode presumir un goberno de ter 75.000 fogares, nos que viven preto de 200.000 persoas neste país, onde todas as persoas que viven alí están en desemprego? ¿Como pode presumir un goberno de ter 35.000 fogares sen ingresos, sen salario, sen pensión, sen prestación de desemprego? Iso non é a imaxe dun país xusto e diso non se pode presumir, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

Ten que ver a historia do país, pero ten que ver a súa política, porque hoxe en Galicia hai 136.700 empregos menos que cando vostede empezou a gobernar, e hai 57.000 desempregados máis. Mesmo tres anos de recuperación o nivel de emprego segue por debaixo do que había no momento da gran recesión. Responsabilidade do Goberno, da súa política orzamentaria, porque a destrución de emprego en Galicia neste tempo foi do 12 %, mentres que na media do Estado foi do 4 %. En Galiza destruíuse na crise tres veces máis emprego que na media do Estado, e ten responsables.

Galicia é a comunidade autónoma, señor conselleiro, que máis emprego perdeu entre as 17 comunidades que conforman o Estado español dende o ano 2009 ao ano 2017. O desemprego medrou en Galicia seis veces máis que na media do Estado, de tal forma que somos a comunidade autónoma na que máis medrou o desemprego entre as 17 que conforman o Estado español.

En Galicia hai 90.000 persoas que levan en desemprego máis de dous anos, mentres que no ano 2009, cando chegou vostede ao Goberno, eran 22.000. Isto é, os parados de moi longa duración, os excluídos do sistema, a día de hoxe multiplican por catro veces, ¡catro veces!, os que había cando vostede chegou a gobernar.

Remato este breve balance, señor conselleiro. ¿Como pode explicar que Galicia sexa a comunidade autónoma do Estado coa peor evolución laboral entre as 17 comunidades do Estado? Non é que esteamos entre as peores, senón que sexamos a peor, a que máis emprego destrúe, na que máis medra o desemprego, a que perde máis emprego na industria e no sector primario. ¿Cal é a explicación desta anomalía galega, señor conselleiro?

Fronte a esta crúa realidade social, o Partido Popular contrapón a variación do PIB. Fronte a todo isto, 3 % do PIB. Pero iso tamén é unha falacia, porque é certo que o PIB medra, pero faino a pesar da política económica do Partido Popular. É radicalmente falso o discurso de que a recuperación económica é grazas a súa política.

Non é certo que a volta ás taxas positivas da variación do PIB se deba á política económica aplicada polo PP, é todo o contrario. Do que si é responsable a política de recortes do gasto público e devaluación salarial é que a crise fose tan longa e tivera efectos tan duros. Que a economía medre é o normal, é o habitual, é o que sucedeu en 45 dos 48 anos que van dende o ano 1961 —na Ditadura aínda— ata o ano 2008. Nese tempo, a taxa de variación do PIB media en 48 anos da economía galega é do 3%, exactamente a mesma taxa que temos hoxe.

Polo tanto, o que hai que explicar non é que crezamos o 3 %, que é a media histórica da economía galega, o que hai que explicar é por que a recesión durou tanto. Por que tivemos o ciclo recesivo moi longo dende que existen estatísticas. Especialmente, por que hai outros territorios que abandonaron a gran recesión no ano 2010.

A economía galega sae da recesión, pero a sociedade galega segue en crise, señor conselleiro. Que medre o PIB é necesario e positivo, pero en absoluto significa iso que a crise quedara atrás. Iso só se poderá dicir cando recuperemos o nivel de emprego, as condicións de vida e o traballo que tiñamos antes de caer no pozo da gran recesión. E para iso falta moito, porque Galicia é hoxe un país máis inxusto, máis desigual, máis pobre, con menos prestación social, con menos dereitos laborais, con peores servizos públicos, con menos emprego, máis paro, con salarios devaluados e maior precariedade laboral que a que había no ano 2008. Porque a saída da recesión estase realizando pola senda da desigualdade e da precariedade; a laboral, pero a social tamén.

Señor conselleiro, o Goberno Feijóo é o que ten o peor balance económico en 35 anos de autonomía. Baixo o seu mandato, a economía galega estivo catro anos en recesión e dous en estancamento, de tal forma que dende o ano 2008 ao 2014 sufrimos o ciclo recesivo máis longo e máis duro dende que existen estatísticas. A recesión foi máis intensa aquí, e a recuperación, pola contra, está sendo máis feble. Caemos máis e agora medramos menos, de forma que, dende o ano 2009, a economía galega perdeu dous puntos en comparación coa media española.

Para rematar esta parte da análise de contexto económico, quería falarlle da conclusión dun dos informes máis prestixiados que hai na economía española, que é o informe anual do

Banco de España. Nasa páxinas — non creo que o vira— 55, 56 e 57 do informe anual, o servizo de estudos do Banco de España cuantifica os efectos dos denominados factores transitorios na evolución recente da economía española. Estes factores, aínda que coloquialmente se coñecen como ventos de cola, son a baixada do prezo do petróleo, a política monetaria expansiva do BCE e a relaxación da política fiscal.

Segundo o informe do Banco de España, estes factores tiveron no ano 2016 un efecto positivo no PIB de 2,2 puntos. Isto é, os factores externos: petróleo, BCE, política fiscal, son os responsables do 70 % dese 3 % do incremento do PIB do que vostede e o Partido Popular presumen. Polo tanto, non foi a política do recorte e da devaluación salarial o que impulsa o crecemento, son os factores externos da economía española, da economía galega, o que explican o 70 % dese incremento, e o Banco de España díxo: factores transitorios.

Non vou aceptar que a nosa proposta sexa unha proposta destrutiva. O que nós non facemos é asumir o discurso do Partido Popular nin a lóxica orzamentaria do Partido Popular. O que presentamos é unha emenda de devolución para empezar un debate dende cero, porque este orzamento non precisa dunha emenda parcial, non se pode resolver a economía deste país mudando pequenas cifras da política de gastos. Nós non aceptamos esa lóxica, nós estamos contra este modelo de política económica. Queremos unha política económica alternativa, e estamos en contra deste orzamento non só polo procedemento, senón tamén polo seu contido de fondo.

Diciamos que estamos en contra do método empregado porque deturpa o que debía ser un exercicio serio e rigoroso de entender a elaboración dun orzamento como un documento completo no que se definen as estratexias para o desenvolvemento do país. A Xunta renunciou a este exercicio, e mesmo a exercitar a súa capacidade de autogoberno, para limitarse a actuar como unha xestoría contable que se limita a encaixar as cifras decididas polo Goberno central.

A burla que o Goberno do Partido Popular fai do Consello de Política Fiscal e Financeira leva a que as grandes cifras veñan xa decididas. Vén imposto o teito de gasto, a cifra de déficit e tamén os ingresos definidos polos anticipos a conta que os decide o Goberno central. ¿Que lle queda á Xunta de Galicia?, ¿que lle queda ao seu equipo que constrúe os orzamentos? Pois armar o puzzle e decidir onde recortar cando non lle chegan estes ingresos. E a modificación que incorpora o proxecto de lei que agora se debate para emendar parcialmente o orzamento, é máis do mesmo. O Goberno central decide por si mesmo modificar as cifras do sistema financeiro autonómico, o que leva a este incremento de 228 millóns de euros que vai recibir a Xunta de Galicia.

Esta revisión de ingresos vén demostrar a inconsistencia da Xunta de Galicia, a súa falta de rigor na elaboración dos orzamentos, porque cando a maioría do Partido Popular a aprobou en febreiro de 2017 xa se sabía que estaban mal fundamentados. Aí están as actas da sesión para demostrar que xa lles advertimos que a estimación de ingresos estaba mal feita e que, máis cedo que tarde, terían que vir a esta Cámara a modificalos. Pois aquí están, recoñecendo que efectivamente os ingresos estaban subestimados, porque a previsión realizada pola Xunta de Galicia e que votou a favor o Grupo Parlamentario Popular non se correspondía coa realidade.

Xa o sabían, ou polo menos sabían o conselleiro de Facendo, pero, aínda así, esta Cámara aprobou uns orzamentos que inevitablemente ían ser modificados. ¿Por que? Por dúas ra-

zóns. A primeira —algo falou o conselleiro dela— ten que ver coa técnica parlamentaria, porque os corses, as camisas de forza, limitan a capacidade de autogoberno e marcan límites e procedementos na valoración dos orzamentos que mesmo obrigan, señor conselleiro, a utilizar hipóteses aínda que se saiban falsas. Pero aínda peor é a segunda razón. Nestes últimos anos tense desenvolvido unha técnica orzamentaria dolosa, que ten como finalidade reforzar a austeridade e dar argumentos ao recorte do gasto público. No proceso de redución do público, de xibarización do Estado, utilízanse artimañas como a fixación apriorística dun teito de gasto premeditadamente estimado á baixa, que en parte deriva dunha estimación minusvalorada dos ingresos. Se os ingresos non medran e se limita a cifra de déficit, a única opción é recortar o gasto. En especial en protección social e en servizos públicos básicos. Así de sinxelo, así de tramposo.

E agora outra vez, porque a estimación de ingresos revisada co actual proxecto de lei que estamos debatendo hoxe vai quedar por debaixo da recadación real de impostos, e, polo tanto, cando no ano 2019 se faga a liquidación final, outra vez será positiva, como xa ocorreu no 2010, no 2011, no 2012, no 2013, no 2014 e ocorrerá no 2015 e en 2016.

Recordará, señor conselleiro, que no debate orzamentario nós defendemos un incremento do teito de gasto de 750 millóns de euros, o que supoñía 500 millóns de euros máis da cifra proposta pola Xunta de Galicia. Hoxe estamos falando de 228, a metade desa cifra. Ben sabe, conselleiro, que teremos que esperar ata o ano 2019, pero cando se faga a liquidación do exercicio 2017, eses 250 millóns, eses 500 millóns de euros que En Marea dicía que estaban sobreestimados os ingresos, serán demostrados con cifras oficiais.

En resumo, rexeitamos este proxecto de lei, que a pesar do excesivo do seu nome non é máis que unha modificación parcial dos orzamentos da Xunta para o presente exercicio. E os motivos que sustentan o noso rexeitamento son:

Non estamos de acordo co procedemento abreviado e a tramitación especial de lectura única e vía de urxencia, dado que supón unha alteración do necesario proceso de debate que unha modificación orzamentaria como esta precisa. E iso supón unha devaluación das funcións do Parlamento e un desprezo aos grupos parlamentarios da oposición.

O contido da lei supón darlles continuidade ás liñas básicas dun orzamento que rexeitamos votando en contra e presentando emenda á totalidade e vinte e cinco emendas parciais.

O método empregado pon en evidencia a falta de capacidade real de autogoberno da Xunta de Galicia, que se limita a realizar un exercicio contable de encaixar as cifras que lle veñen dadas por decisións nas que non participa.

A cifra de ingresos imposta como modificación dos orzamentos xerais da Xunta para o 2017 é claramente insuficiente para as necesidades do país e non se corresponde coa realidade. A aplicación destes ingresos para financiar gastos demostra a falta de estratexia económica de goberno, sen prioridades claras e, a pesar do seu nome, sen actuar realmente nin sobre o crecemento económico nin, sobre todo, sobre o emprego. Tecnicamente é unha chapuza mal fundamentada na que o Goberno se limita a recibir unha cantidade extra de recursos e

repartilos en programas e partidas xa existentes, o que, ademais de ser un recoñecemento de que non estaban suficientemente dotadas, demostra que a Xunta non ten nin ideas nin proxectos novos que financiar cando recibe novos recursos.

E remato coa última: non estamos de acordo co castigo ás persoas que traballan no sector público, porque o exiguo 1 % de incremento salarial nominal que incorpora o proxecto de lei en realidade supón unha perda do seu poder adquisitivo. A inflación hoxe en Galicia en termos de media interanual do semestre está no 2,5 %.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Polo tanto, subir o 1 % nominal os salarios é reducir nunha contía que non se fixo en anos anteriores a retribución dos e das empregadas públicas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Remato: retiren esta chapuza e traian de verdade unha lei orzamentaria que permita enfrontar os gravísimos problemas que ten este país, que se ven mellor dende os autobuses os días que non hai folga que dende o coche oficial. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, presidente.

Señorías, a primeira pregunta que fago —obviamente é unha pregunta retórica— é que facemos hoxe aquí, por que estamos hoxe aquí, nada menos que o día de San Benitiño e o día no que os romeiros acoden a Lérez celebrar tan sinalada data. E a resposta que se me ocorre é que hai tres causas: unha política, unha xurídica e unha económica.

A primeira é a política. Estamos aquí porque, por fin, en España se desbloqueou unha situación política que levou a que non houbera orzamentos ata o día 29 de xuño, día de san Pedro, tamén unha importante data —obviamente non estou pensando noutro Pedro que en Pedro Sánchez—, pero, en definitiva, porque hai orzamentos grazas ao desbloqueio da situación política despois dun procedemento de dúas eleccións como consecuencia —insisto— da incapacidade de diálogo de verdade das forzas políticas, neste caso da oposición ao Goberno de España. Ese atraso levou a que os orzamentos non se coñeceran na súa contía definitiva —insisto— ata o 29 de xuño, hai apenas dúas semanas. E, polo tanto, parece razoable traer aquí o que os orzamentos lle outorgan a Galicia para incluílo nos seus orzamentos. Primeira causa polo tanto: hai estabilidade política grazas a que, por fin, se desbloqueou a cuestión en Madrid.

A causa xurídica é a Lei de estabilidade orzamentaria. Xa dixen no anterior debate que hai unha modificación substancial da capacidade de gasto que ten a Comunidade Autónoma e, polo tanto, non se pode suplementar a Lei de orzamentos nunha contía que excede o teito de gasto aprobado polo Parlamento. Esta foi a explicación que deu o presidente da Xunta e

que nós, obviamente, compartimos. Insisto: unha capacidade de gasto que se incrementa un 2,5 e vén ao Parlamento. Cando se incrementou máis do 4 %, hai dez anos, a esquerda fixo unha comparecencia o conselleiro na que explicou que tiña máis cartos e que ían gastalos como lles petase, sen traelo como reforma da Lei de orzamentos.

O terceiro motivo é o económico, que é o motivo fundamental, porque no fondo isto o que significa é que a economía vai ben, que a economía medra, que a recadación sobe e que, polo tanto, hai máis recursos para poder facer cousas; facer cousas no campo social, facer cousas no campo do crecemento e facer cousas na restitución dos dereitos aos funcionarios, que viron mermados os dereitos salariais durante a crise. E, polo tanto, hai máis recursos para impulsar a estratexia de crecemento que o Goberno ten presentado nesta Cámara, primeiro, como Plan estratéxico, segundo como un Plan económico-financeiro que acompañe os orzamentos e, finalmente, cos propios orzamentos, do que este debate, en definitiva, non deixa de ser máis que unha extensión, exactamente unha extensión do 2,5 % de incremento do gasto.

Estamos aquí —como dicía— porque en febreiro, cando se aproban os orzamentos, as cifras que tiña a consellería daban unhas entregas a conta que xa en xuño se viu que eran máis altas como consecuencia de que a economía medra. En definitiva, estamos aquí por unha magnífica noticia, que é que a economía vai mellor do que se prevía a finais do ano pasado. Que a economía vai mellor é certo, é algo que está en todos os informes, por exemplo, o informe do gobernador do Banco de España, o que di con respecto a 2016: *«La economía española mantuvo un elevado ritmo de crecimiento superando las expectativas vigentes antes de que se iniciara el año. El PRI creció por segundo año consecutivo un 3,2, superando como en el 2015 el área euro en 1,5 puntos, en un contexto de mantenimiento del superávit exterior a pesar del diferencial positivo de crecimiento frente al conjunto de socios comerciales. Y el balance en términos de generación de puestos de trabajo es también favorable»*. Informe do Banco de España. Evidentemente, iso implica para Galicia que crecemos dúas décimas máis que a media española, pois unha situación mellor.

E, ademais, nos primeiros informes que imos coñecendo, 2016 —informe coñecido por todos, o informe da economía galega que agora patrocina Abanca, que ten unha longa tradición en Galicia—, segundo a contabilidade nacional, o aumento en Galicia do PIB foi do 3,4, dúas décimas por riba da media española; foi a quinta comunidade autónoma cun maior crecemento. En fin, iso quere dicir que as cousas están indo razoablemente. E mesmo os datos máis recentes, o II Informe de conxuntura socioeconómica que realiza o Foro Económico de Galicia expresa que a economía galega continúa coa súa senda expansiva, rexistra por cuarto trimestre consecutivo taxas de crecemento interanuais iguais ou superiores ao 3 % e o PIB real medra un 3,1, mantendo por terceiro trimestre unha medra superior á media española. Este crecemento caracterízase novamente por ser un crecemento equilibrado, xa que a achega de demanda interna e externa segue a ser positiva: 1,8-1,3 puntos.

No que atinxe o mercado de traballo, presenta un comportamento positivo en termos cuantitativos, ao esperar tanto unha medra nos tres indicadores de ocupación considerados como atendendo a redución do número de persoas paradas.

En definitiva, estamos nunha situación económica boa. Iso é unha noticia que se traduce en que a Xunta dispón de máis recursos para elaborar as súas políticas.

O paro situouse en xuño por debaixo de 190.000 persoas por primeira vez. ¿Isto quere dicir que esteamos satisfeitos? Evidentemente non, estamos satisfeitos de que baixou de 200.000, porque cando estabamos no peor da crise estaba ben por riba de 200.000.

As afiliacións seguen aumentando en Galicia, 21.000 persoas, case vinte e dúas mil no último ano, en evolución anual. A contratación en xeral sobe un 11 %, e ademais a indefinida aumenta un 17, é dicir, sete máis do que reflicte a contratación temporal, e a contratación a tempo completo crece nun 13,75, é dicir, cinco puntos máis que a contratación a tempo parcial.

Todo iso ademais sen mermar o gasto social. O outro día fíxose pública a estatística de gasto sanitario público que publica o Ministerio de Sanidade, e é un dato moi interesante que convén recordar: variación do gasto total sanitario por comunidades autónomas, Galicia medrou desde o ano 2008 a 2015 na crise, na xestión do Partido Popular, exactamente o 0,1 %, pero a media de España baixou un 0,6 %. Isto traducido en termos de gasto per cápita: en España a variación foi de -1,6 % e en Galicia medrou un 2 % o gasto sanitario. Estamos por riba, polo tanto, con 1.393,8 euros no ano 2015 en gasto sanitario, ben por riba dunha media, que está en 1.299.

Iso implica, entre outras cousas, o gasto social, que, como se acaba de facer público polo IGE, nestes momentos a cifra de fogares galegos que chegan con facilidade ou moita facilidade a fin de mes aumentou ata o 54 %, mentres que os que están con dificultade ou moita dificultade descendeu ao 45 %; descendeu, polo tanto, máis que nunca na serie histórica, é o mellor dato na serie histórica. Satisfacción, pola tendencia, evidentemente; polo resultado, hai que traballar moito máis.

En definitiva, estamos aquí por razóns económicas, por razóns políticas, por razóns xurídicas, e estamos aquí para constatar que estamos ante un Goberno que é prudente e que orza con datos certos.

Isto salientase tamén notablemente co que ocorría no pasado. A maior operación de endebedamento opaco e oculto, nas súas condicións e en todos os aspectos, foi a que se produciu na comunidade autónoma nos anos 2008 e 2009: 2.000 millóns de euros de liquidacións negativas por mala orzamentación. Iso si que é unha chapuza, e non evidentemente esperar a que o Estado constate o incremento da recadación para decidir cales son as entregas a conta, comunicalo en xuño e traelo á Cámara para o seu debate como fixo o Goberno popular.

En fin, como eu xa levo algún tempo, resulta que isto é o resultado dun incremento da recadación que se produce despois de que o Partido Popular fixera en España e en Galicia sendas reformas fiscais. Sendas reformas fiscais que, de acordo co que din os portavoces das forzas que agora están dicindo que isto non vale para nada e que é propaganda, prognosticaban o seguinte:

Izquierda Unida no Congreso dos Deputados: «*La reforma fiscal del Grupo Popular está mermando de forma clara el Estado social, está mermando de forma clara los servicios públicos, está disminuyendo las posibilidades que tiene el Estado para atender fenómenos sociales de absoluta gravedad*».

Compromís, por se acaso non é de Izquierda Unida, non se senten aludidos: «*Esta reforma no nos acerca ni a la mayor progresividad demandada por la gente ni al incremento de la recaudación*». Isto era o que prognosticaban da reforma fiscal a nivel estatal.

«*Si esta reforma fiscal sale adelante es la antesala de los copagos y limita los márgenes autonómicos para las políticas sociales*». Cando estaba o Bloque no Congreso dos Deputados. Xa se ve que hai moito copago e que non sobe a recadación; exacto o diagnóstico. E en Galicia o seu líder de entón tamén dicía que «a reforma fiscal que prepara o PP mingua os ingresos de Galicia».

E, por suposto, nesta mesma Cámara a reforma fiscal foi debatida e o portavoz daquela do Partido Socialista dixo: «Esta reforma que vostede non sabe canto lle vai supoñer a Galicia, eu estimo que serán sobre cincocentos millóns menos». Ben, resulta que os resultados que hoxe nos traen aquí, que son os resultados dunha boa evolución da recadación, evidentemente, evidencian que estamos moito mellor do que vostedes ás veces conseguen. (*Aplausos.*)

Non vou reiterar os obxectivos do gasto —que xa explicitou o conselleiro— dos 230 millóns de euros. Nós compartimos certamente que haxa continuísmo co Plan económico e financeiro, co Plan estratéxico, cos orzamentos, que se reforce o gasto social, o impulso ao crecemento e a recuperación da capacidade de gasto dos empregados públicos.

E, por suposto, entendemos que todas as decisións que se están adoptando en materia sanitaria, como, por exemplo, universalizar os fármacos da hepatitis C, son dificilmente rexeitables pola oposición, como tamén é difícil presupostar cartos para atender tres mil novos dependentes, ou como pode ser complicado tamén xustificar que se invistan 11 millóns, aproveitando o parón vacacional no verán —tamén de aí a urxencia da aprobación desta lei—, nos colexios para reformar, ampliar e mellorar centros educativos e equipamento en Galicia.

E, por suposto, tamén 5 millóns de euros —díxose aquí que non había nada de emprego— para o desenvolvemento de plans de emprego; en concreto para completar programas de emprendemento e formación no rural e programas dirixidos aos máis desfavorecidos. Por suposto que estamos de acordo co gasto, e por suposto que estamos de acordo con aplicar a suba máxima que autorice o Estado aos empregados públicos, unha vez que xa recuperaron tamén os complementos que por mor da crise se suprimiron. Tal e como se anunciou, recupeará unha vez que a crise permitiu mellorar a recadación.

Eu creo que isto, ademais, é coherente, demostra a coherencia do Goberno —insisto— co plan estratéxico, co plan económico financeiro e cos orzamentos, pero a oposición hoxe deunos unha mostra da súa falta de coherencia. Desde fóra, poderán vostedes comprender que chama a atención que falen de acción conxunta para substituír o Goberno do PP quen presenta unha emenda de rexeitamento que implica que non se poderían gastar os 230 millóns de euros, quen presenta outra emenda que admite que a cantidade a gastar son 230 millóns de euros —é dicir, o Bloque—, e quen lle parecen poucos 230 millóns de euros e nos presenta unha emenda onde engade outros 180 millóns de euros. Vese que a coherencia interna dos grupos da oposición non é moita.

Feita esta valoración, gustaríame facer algunha consideración. A emenda de En Marea o que pide é a devolución. Habería que explicarlles aos funcionarios públicos, aos empregados pú-

blicos, ata cando teñen que esperar para que se lles aplique a suba do 1 % que estaba considerada na lei de orzamentos e que agora estamos dotando con fondos, porque, se non a dotamos con fondos, aínda que estea na lei de orzamentos non se podería ter cumprido. Pero xa estaba a lei número 1, que foi a primeira que aprobamos.

Din que aquí o que se quere é minguar o debate. A min o que me dá a impresión é que son vostedes os que queren minguar o gasto, nomeadamente o gasto social, que é o gasto fundamental nesta lei de orzamentos.

¿Quen vai compensar a Galicia por non poder executar os 230 millóns de euros que o Goberno trae á Cámara? Galicia tería un lucro cesante. Eu recoméndolles, xa que están facendo un seminario sobre o lucro cesante, que busquen quen lle abonaría a Galicia o lucro cesante deses 230 millóns de euros que, de aprobar a súa emenda de devolución, deixaríamos de ter todos os galegos. *(Aplausos.)*

Máis atención merecen as emendas do PSOE, entre outras cousas porque son propositivas e non de rexeitamento. Como dicía hai un momento, propoñen gastar 189 millóns de euros adicionais, 60 serían polo endebedamento adicional. Nós sobre isto xa nos pronunciamos, endebedamento para gasto corrente, cando ademais o Partido Socialista, reiteradas veces, está criticando o nivel de endebedamento da Comunidade Autónoma pese a que é o máis baixo das comunidades autónomas.

En relación cos 60 millóns de euros derivados da liquidación do sistema de financiamento, imos esperar a que se produza. De entrada hai un anuncio, un avance, por parte do ministro, pero, de momento, formalmente non existen. Sería un pouco arriscado metelo nunha lei.

Sobre todo, quémome centrar no tema do imposto de sucesións. O dato de dereitos recoñecidos netos, que está na execución orzamentaria do primeiro trimestre, non é representativo. Eu quero poñerlle un exemplo. No ano 2015, no primeiro trimestre, os dereitos recoñecidos eran 228 millóns, e a recadación final foi de 180 millóns. ¿Isto que ten que ver? Pois ten que ver co que se está falando de dereitos recoñecidos, e despois a Administración pode conceder aprazamentos, ese ingreso pode estar suspendido ou estar pendente en período voluntario de pago e aínda non se materializou. Polo tanto, o xogo de extrapolar o recadado no primeiro trimestre ao conxunto do ano non é correcto, salvo que un queira inflar o orzamento artificialmente con 60 millóns de euros que despois un non ten para incorrer nun déficit e ter un problema ao peche do exercicio.

Tamén quero recordar que o que se dixo do fondo base, do fondo adicional, das administracións locais foi pactado coa Fegamp, e onte mesmo publicouse no DOG unha orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que establece claramente que, no caso de que o fondo adicional non se esgote, como consecuencia de que non hai solicitudes dos concellos que se fusionan, pasará a repartirse entre os de menos de 15.000 habitantes, do mesmo xeito que no fondo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Polo tanto, eu creo que é unha obxección pequena.

En relación co Bloque, eu creo que o Bloque o único que fai son dúas emendas ideolóxicas. Quere quitarlles o incremento sobre o que xa lles quitou aos funcionarios da concertada. E prefire que, en vez de reforzar o sistema produtivo, se reforcen as políticas de reforzo da lingua galega. Eu coincido en que a lingua galega é tamén un motor económico, pero creo que nestes momentos a repartición que fai a Xunta é correcta.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: En resumo, señorías, esta lei o que nos trae son boas novas: recuperación da recadación, recursos que se destinan ao benestar e, en definitiva, que seguimos traballando por unha Galicia mellor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Rolda de réplica dos grupos emendantes. Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si, señor Puy, son emendas ideolóxicas, son intervencións ideolóxicas. Efectivamente, todo o que facemos coa nosa praxe política é ideoloxía. Desde logo, pode ser que vostede non tivera tempo de profundar na nosa emenda á totalidade, pero hai bastante máis de dúas propostas, aínda tendo en conta o limitado corsé que presupón o marco no que nos movemos e as limitacións que ten unha emenda deste tipo, por non poder facer modificacións máis profundas.

En todo caso, vou engadir algunha cuestión a respecto de cousas que quería comentar o conselleiro e que quedaron por dicir. O señor conselleiro falou de novos e mellores postos de traballo, falou moito de traballo. Vangloriose moito das cifras macro, que, efectivamente, reducen o desemprego, pero faltoulle falar, por exemplo, de algo que nós temos traído a esta Cámara e dun fenómeno importante.

Non negará vostede que, se comparamos o dato de empregados co dato de contratos que se asinaron no noso país os últimos anos, esas cifras son bastante impactantes. Esas cifras desvelan un panorama laboral absolutamente fragmentado, absolutamente precarizado, e a consolidación da figura do traballador e traballadora pobre. Diante desta situación, cero propostas, nin unha soa proposta para dicirnos que vai facer a Xunta de Galiza para que esta cuestión non vaia a máis e para que non se vexa reflectido na capacidade adquisitiva dos traballadores e traballadoras.

Eu non sei, señor Martínez, se vostede é usuario das redes sociais, pero hoxe circula con bastante éxito por elas unha imaxe, unha captura de pantalla dun programa televisivo no que seica se está debatendo se é explotación ou é traballo que un traballador cobre —creo recordar— 240 euros ao mes por máis de 17 horas de traballo, algo así como na Ponte de Rande —non sei se nos sona de algo—. Pois, desde logo, nós non compartimos ese modelo de consolidación laboral e non compartimos que sexan un éxito os datos de emprego que van asociados a iso.

En todo caso, eu mesma, na miña intervención, outras veces teño dito aquí publicamente que os datos macroeconómicos contribúen ao seu discurso. O PIB, por exemplo, ao que fixo referencia tamén o señor Puy. Ninguén nega o medre do PIB, pero entón obren en consecuencia. Falou vos-
tede do Plan 2015-2020, pois entón faga iso que tamén di ese plan e que tamén solicitamos as representantes da oposición, e eleven, por exemplo, o gasto en I+D+i a ese 2 % do obxectivo do PIB, que aínda está moi lonxe, por comentar algunha das cuestións que vostede introduciu.

Tamén queremos insistir desde o Bloque Nacionalista Galego que hai que cuestionar o marco de fondo, pois a relación que temos co Estado español non nos beneficia para ter capacidade desde o noso propio marco político en intervir na economía e intervir nos factores que aliecerzan outro desenvolvemento económico.

Sáíron aquí varias cuestións, como o tema do modelo de financiamento, pero nós pensamos que hai que cuestionar tamén outros elementos. Por exemplo, o obxectivo de débeda pública nós entendemos que trae unha repartición absolutamente desigual coas comunidades autónomas. É unha repartición inxusta entre Galiza e o Goberno central que favorece, loxicamente, ao Goberno central, que por exemplo pode acaparar máis do 70 % do conxunto da débeda para cuestións como o rescate de bancos madrileños, mentres ás comunidades autónomas se nos permite moito menos, e, polo tanto, temos unha menor capacidade para actuar.

Tamén, en canto a cuestións referidas ao gasto social, sorprende que se vanglorien, por exemplo, dunha parte destinada á dependencia, cando todos e todas sabemos que hai unha contía específica da parte dos ingresos que se corresponde a unha subvención finalista. Loxicamente, non a van destinar vostedes a outra cuestión.

Desde logo, reiteramos desde o Bloque Nacionalista Galego que entendemos que esta modificación de orzamentos non está a dar no [...] das necesidades que hai no noso país, e, o que non imos comprarlles do seu discurso é que sexa un absoluto regalo para o noso país, porque é simplemente a resolución dunhas contías que nos pertencían por dereito e que nós entendemos que aínda está moi lonxe do que deba recibir este país para poder exercer, efectivamente, ese dereito a executar as súas competencias en materias tan importantes como a educación, o ensino ou os servizos sociais, e non ese engano desa falsa autonomía, que realmente non deixa de ser unha absoluta dependencia e a incapacidade de poder decidir como é o noso país e como sacamos a nosa xente adiante.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días de novo.

Eu creo que a incapacidade de diálogo da que falaba o portavoz do Partido Popular a verdade é que se resolveu dunha forma que indica que existían máis recursos dispoñibles para as co-

munidades autónomas procedentes do Goberno central do que se dicía inicialmente. Xa discutimos aquí a cuestión da revisión das cifras do cupo vasco, para atrás 1.400 millóns, e a redución de catrocentos e pico millóns para o cupo de aquí en diante. Isto é sistema de financiamento autonómico, o que pasa é que non son comunidades de réxime común, son comunidades de réxime foral. Iso é o resultado da negociación en Madrid. Polo tanto, hai máis recursos dos que parece cando se quere.

Para entrar no debate de hoxe, a propia interventora xeral, cando acompaña este proxecto, indica que seguramente en termos estritamente xurídicos non era necesario acudir mediante un proxecto de lei a esta Cámara. Entón o conselleiro, utilizando o que xa estaba previsto no orzamento que aprobamos no mes de febreiro —creo lembrarme—, podería incorporar 229 millóns ou 218 a imprevistos e funcións sen clasificar, e a partir de aí, usando os poderes que ten para ordenar as transferencias dentro do orzamento, facer as consignacións oportunas e tirar para adiante. Seguramente isto motivaría algunha preocupación por parte do noso grupo, e en xeral dos grupos da oposición, pero sería unha posibilidade. A nós non nos gustaría, efectivamente.

Hai outra posibilidade, e a propia interventora di, en fin, que por que non facelo, que é tramitar un proxecto de lei. Se tramitamos un proxecto de lei, tramitamos un proxecto de lei, sobre todo cando se trata dun proxecto de lei que afecta ao orzamento, que ten a súa propia especificidade de tramitación.

Ao final, o Goberno optou por unha vía intermedia, que é: fagamos unha comparecencia adornada, pero unha comparecencia adornada polos grupos da oposición, e iso é o que a nós nos parece menos sensato.

Había algunha das cuestións que plantexaba o portavoz do Grupo Popular que nós estaríamos dispostos a discutir. Se na nosa proposta, que son 180 millóns adicionais, en vez de ser 180 teñen que ser 160, unha vez que coñecésemos a información que nos pode dar o conselleiro no debate orzamentario sobre que vai pasar con eses dereitos recoñecidos que están aquí —douscentos e pico millóns de euros de sucesións cando estaban orzamentados 135—, se sobre iso hai dúbidas porque moitas das liquidacións poden ter problemas, nós poderíamos graduar a nosa proposta. Neste trámite é absolutamente imposible. Diso se trata na tramitación normal dun proxecto de lei, pero non podemos facelo.

Creemos que a economía vai ben. A economía en Galicia non vai tan ben, se tomamos o conxunto da crise, como podería ir, sobre todo en termos de emprego, como explicou antes o portavoz de En Marea. Polo tanto, isto xera máis rendementos, efectivamente. Non é a reforma fiscal, é a pesar da reforma fiscal. É o efecto rebote do crecemento económico sobre moitas cousas: sobre o consumo que estaba represado, sobre os beneficios empresariais, sobre o IRPF, o que está provocando este incremento de recadación. Está ben, pero a cuestión de fondo é: ¿está utilizando eficientemente o Goberno da Xunta de Galicia as posibilidades abertas pola nova conxuntura económica, en termos de obtención de recursos e en termos de aplicación deses gastos? E é aí onde a nosa resposta é que non. Por iso nós pensamos que 180 millóns adicionais —e todo con certa prudencia, non esgotamos a capacidade que nós cremos que ten a Xunta— deberían dar lugar a maior capacidade de gasto en moitos aspec-

tos, aplicando os recursos con decisión alí onde fan falta, en termos sociais, en termos de crecemento económico.

Para rematar —quédanme trinta e cinco segundos—, unha cuestión importante. Fálase deses 60 millóns que nós poñemos na liquidación do sistema de financiamento; é que está na páxina web do Ministerio, está na páxina web do Ministerio; eu non sei se foi comunicada á Comunidade Autónoma, porque non estou na Comunidade Autónoma; está na páxina web. E hai unha liquidación de 60 millóns e pico; incluso en relación co que figura no orzamento, a diferenza é un pouquiño maior; pero, en todo caso, son 60 millóns de euros adicionais; xa está publicado, está aquí; nós isto sacámolo do Ministerio de Economía. Por iso o aplicamos, por iso o damos por feito.

Entón, pódese facer máis e pódese facer mellor. Por iso nós imos opornos a isto. Se fora unha tramitación normal, teríamos oportunidade ao mellor de atoparnos nalgún punto do camiño. Así, é imposible, porque é ou todo ou nada, e a nós pacécenos que neste caso nós temos que optar por unha política alternativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Leiceaga.

Ten o turno por parte do Grupo Parlamentario de En Marea o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Ante a vacuidade da lei que se nos presenta hoxe, agradezo ao portavoz do Partido Popular que leve o debate; polo menos, abstraémonos falando de temas que teñen certo interese. Agora ben, o seu discurso susténtase sobre tres falacias, que eu vou revelar.

Primeiro, a que ten que ver cos ingresos. Se o dixo Montoro: esta reforma fiscal ten un custo de 12.500 millóns de euros, que van deixar de ingresar as arcas públicas. Díxoo Montoro, que é do Partido Popular, aínda.

Segundo. Está habendo unha contrarreforma fiscal no Estado español e en Galicia; contrarreforma fiscal que consiste en que cada vez perde progresividade o sistema, porque cada vez aumenta o peso dos impostos indirectos —o IVE, os impostos especiais— e baixa o dos impostos directos, especialmente sociedades; e o IRPF, que baixa, acábase converténdose nun imposto sobre as rendas ao traballo. Polo tanto, contrarreforma fiscal que baixa a recadación.

¿Por que se incrementan os ingresos, señor Puy? Pois porque o PIB nominal segue sendo o 6 %. Vostede enténdeo, jeh! PIB nominal, o 6 %. E cando o PIB nominal está crecendo ao 6 %, porque hai un 2,5 de inflación fronte ao -1 % que había nos anos anteriores, hai un veo monetario que parece que as cousas son o que non son. Polo tanto, hai máis ingresos que teñen que ver con esa variación.

Por certo, señor Puy, cando debatamos o teito de gasto, recordemos isto: a economía está medrando ao 6 % nominal. Recordemos este dato, porque se resulta que cun crecemento do 6 % nominal o teito de gasto vai medrar o 1 %...

Segunda falacia, o do veo monetario. Claro, toda a Lei de orzamentos, a 1/2017, e esta modificación fíxose cunha estimación de IPC próxima ao 0, e imos camiño do 2 %; polo tanto, todas as variables do orzamento quedan condicionadas cando se len en termos reais. Por exemplo, señor conselleiro, o dos empregados e das empregadas públicas. Vostedes non lles están subindo o salario aos traballadores e ás traballadoras públicas, estánllo baixando en termos reais. Se a inflación fora 0, como estaba no ano 2015, pois na subida do 1 % é o 1 % de salario; pero coa inflación no 2,5 é reducir os salarios dos empregados públicos. Digámolo.

A terceira falacia —esa é a máis simpática— ten que ver co procedemento. Señor Puy, sorprendeume que vostede o utilizara, porque ese principio fundamental das adhesións inquebrantables é algo que queda no pasado. Vostedes traen un proxecto aquí e un procedemento que nos obriga a posicionarnos a favor ou en contra. Non é posible facer emendas concretas. Están pedindo a adhesión inquebrantable ou a oposición a estes principios fundamentais neoliberais do seu orzamento. ¿Pero quen pensa que somos nós? ¿Como imos dicir que iso é o método?

Mesmo ten unha idea que me sorprende. Claro que a oposición é diferente. ¿Pero é que é tan difícil entender que En Marea non é o mesmo que o BNG e que o Partido Socialista? ¿É tan difícil enténdelo? Que temos unha oposición diferente, aínda que temos un elemento común, (*Murmurios.*) que é acabar con este goberno que está destrozando o noso país. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E, se me permiten, vou rematar —non quero esgotar o tempo— cunha broma; vou rematar cunha broma. A vostedes o que lles gustaría, polo que parece, é que nós presentáramos moitas emendas, cunha finalidade, que é votar en contra de todas elas, como xa fixeron coas dúas mil emendas que presentamos no debate do orzamento. Iso é o que os fastidia: non poder votar en contra das emendas que presenta a oposición.

E iso, eses principios, a adhesión inquebrantable ao Goberno, que a oposición se descualifica, porque ata opinan diferentes, ou ese rodillo parlamentario de presentar cousas para que as poidamos votar en contra, iso casa mal coa democracia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Procedemos agora ao debate acumulado da toma en consideración das seguintes proposicións de lei.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, integral de identidade de xénero de Galicia

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, integral de identidade de xénero na Comunidade de Galicia

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, integral de identidade de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentáronse as tres proposicións de lei, e para a presentación delas corresponde o turno. Comezamos polo Grupo Parlamentario de En Marea. Ten a palabra o señor Cal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Grazas por permitirnos colocar aquí a bandeira do colectivo.

Bo día a todos e a todas. Un saúdo especial ás convidadas e convidados que hoxe temos na tribuna, que enchen este hemiciclo de dignidade, e tamén ás compañeiras que están fóra concentradas mostrando o seu apoio a esta proposición de lei que hoxe debatemos. *(Aplausos.)*

Hai un sentimento que é común a todas as persoas que loitaron polo dereito a ser, que di: se volvese nacer, volvería ser quen son, mais preferiría non ter que voltar vivir a infancia que tiven.

Señores e señoras deputadas, ¿están vostedes seguras de cal é a súa identidade? ¿Saben se son vostedes homes ou mulleres? ¿Preferirían vostedes ter unha identidade diferente á que manifestan ter? Se pensan que ninguén debe de respostar a estas preguntas por vostedes, ¿por que pensan que con outras persoas si poden facelo?

¿Gustaríalles ser cuestionadas, discriminadas, segregadas ou violentadas pola súa identidade de xénero? Imaxinen que para ser tratadas como quen son teñen que gañarse a aprobación dun profesional da saúde mental e que este acredite por medio de probas ridículas que vostedes son quen xa saben que son. Imaxinen que no seu DNI non aparecen vostedes. ¿Que cren que pasaría cando van mercar e queren pagar coa tarxeta? ¿Ou cando queren facer a matrícula na universidade ou entrar nunha discoteca cos seus amigos e as súas amigas? ¿Son conscientes dos atrancos e de que teñen que estar dando explicacións a descoñecidos constantemente?

Son moitas as situacións discriminatorias ás que se enfrontan as persoas trans na súa vida diaria. Defender a súa dignidade e a súa liberdade de ser quen realmente son son as nosas tarefas como representantes públicos. Temos a responsabilidade de legislar para que esta situación mude, pois coas súas propostas, señores do Partido Popular, estamos moi lonxe de poder garantir estes dereitos básicos ao colectivo trans.

O Goberno, ata o momento, non está a cumprir coa súa responsabilidade nesta materia, e de como mellorar fala esta proposición de lei.

Non sei quen de vostedes ten unha filla, pero gustaríame por un momento que imaxinen que están nunha consulta dun médico coa súa filla e este lles di cousas como as seguintes: «¿Estás segura de que queres ser unha nena? ¿Por que é mellor ser unha nena? Se lles contas aos teus amigos no cole o que es, vanse rir moito de ti e non terás amigos. Xa sabes que de maior nunca serás unha verdadeira muller, nunca terás a regra e, por suposto, non poderás ter fillos».

¿Como se sentirían vostedes se a súa filla chega á casa dicíndolles que hoxe, outra vez, volveu xogar soa no colexio porque os nenos non lle deixan xogar ao fútbol e as nenas din que é un marimacho? ¿Como se sentirían vostedes se a súa filla ou o seu fillo lles di ao chegar á casa que outra vez a chamaron «mariquita», «travelo» ou «sarasa»? ¿Como se sentirían vostedes, señorías, se o médico trata de culpabilizalos a vostedes por simplemente acompañar e apoiar a súa filla para que esta poida ser quen realmente é?

E, por desgraza, a cousa non cambia cando medras e os cuestionamentos seguen. «Se es unha muller, ¿como é que non vas vestida con falda nin maquillada e levas o pelo curto? Demóstramo. Pero se che gustan os homes e non estás operada, ¿como tes relacións sexuais? ¿Excítate que te penetren?, porque os verdadeiros homes non son penetrados. ¿E que vai pensar a túa filla cando te vexa vestida de muller? ¿Sabes que probablemente vas perder o teu traballo, amigos, amigas e, seguramente, a túa familia?»

Todas estas preguntas e afirmacións que lles fago foron feitas a moitas das persoas transexuais e ás súas familias que hoxe nos acompañan aquí. O seu compromiso fixo posible esta proposición de lei, o seu exemplo é digno de admiración, o seu traballo por unha sociedade máis xusta e máis igualitaria merece o maior dos recoñecementos por parte desta Cámara. *(Aplausos.)*

¿Cales son as cifras da transexualidade? ¿De que nos falan? O 85 % das persoas trans pensaron en suicidarse, o 41 % intentouno —fronte ao 1,5 % da media da sociedade—. A taxa de paro nas persoas trans sitúase entre o 85 % e o 90 %. O 90 % dos casos de acoso escolar están vencellados á orientación sexual e identidades. Vóullelo dicir ben clariño, por se as cifras non chegan. Estes datos falan dunha situación gravísima, que, como lles dicía ao principio, nós temos a responsabilidade de lexislar para mudar. Pola nosa banda, faremos todo o que estea na nosa man para solucionalo, e por iso é que hoxe defendemos esta proposición de lei, porque, si, é indispensable para comezar a mudar esta situación.

Sen embargo, o Partido Popular, ante esta situación, estes días decidiu que o mellor que podía facer era unha campaña propagandística para salvar a súa imaxe antes deste debate, para que a súa falta de compromiso non lle produza desgaste, que pareza que fan mentres nada fan por cambiar esta situación.

Hoxe traemos aquí unha proposición de lei para protexer os dereitos das persoas trans, unha proposición elaborada polos colectivos que veñen traballando en Galicia nos últimos anos. Estivemos organizando concentracións, manifestacións, charlas, obradoiros, *performances*, as que axudan as familias, as nenas e nenos e os adultos trans a superar de mellor maneira as barreiras que aínda quedan sen derrubar. Unha lei moi traballada que recolle o mellor das distintas leis aprobadas noutros parlamentos, a lei que as persoas trans precisan, a lei que nós como representantes debemos tomar en consideración neste Parlamento. Unha lei que fala de dereitos fundamentais, de dignidade, felicidade e dereito a ser.

Estes pasados días o Partido Popular —como digo— puxo en marcha unha campaña propagandística para ocultar a súa verdadeira cara, a da intolerancia e a da negación da realidade da nosa sociedade diversa. Primeiro, convoca os colectivos LGTBI a firmar un convenio de colaboración, utilizando os cartos dos galegos e das galegas para tratar de trasladar unha imaxe de colaboración coas asociacións a cinco días do debate desta proposta de lei para a súa toma en consideración; un convenio polo que os colectivos levan agardando dende primeiros de ano e que é unha obriga do Goberno para dar cumprimento á Lei 2/2014, que utilizan de maneira ruín para os seus intereses. Só hai que ver como se veñen firmando estes convenios, obrigando a efectuar e a xustificar os gastos nun período de tan só tres meses. Non teñen interese en colaborar cos colectivos, só teñen interese en que haxa un titular que o diga.

O presidente da Xunta tamén se sumou a esta delirante campaña e saíu a anunciar a creación dun centro de referencia que perpetúa os erros que se veñen cometendo; un modelo segregador e patoloxizante, contrario ao que veñen demandando as persoas trans, así como as directivas europeas; un modelo que xa se mostrou fracasado: centros de referencia que se están pechando noutras comunidades e que o Goberno da Xunta rescata para seguir segregando e tratando as crianzas trans como persoas enfermas, incapaces de saber por si mesmas cal é o seu xénero.

Dende o ano 2010 existe un movemento internacional chamado Stop Trans Pathologization. ¡Que tristura que sete anos despois vostedes sigan aquí como quen ve chover!

Non sei de que xeito explicárllelo para que o entendan: as persoas trans non están enfermas e non merecen que as fagamos peregrinar a centros de referencia para someterse ao control exhaustivo de persoal de saúde mental reconvertido en policía de xénero. A transexualidade nunca será un problema; a transfobia, si, fóra e dentro desta Cámara. *(Aplausos.)*

Os centros segregadores para os nenos e nenas trans, como o anunciado por Feijóo, contan co rexeitamento da inmensa maioría de persoas trans e das súas familias, así como co da maioría dos colectivos, e o anuncio de Feijóo provocou reaccións en contra non só dos colectivos que veñen traballando en Galicia polos dereitos das persoas trans. A Plataforma Estatal polos Dereitos Trans, *Nadie sin identidad*, que aglutina o 80 % dos colectivos trans de todo o Estado, o venres manifestou o seguinte: «*Retrotraernos a viejas, retrógradas y segregatorias formas de atención contrarias a la despatologización y a la novedosa pero necesaria figura del derecho, la libre determinación de la identidad y expresión de género, anunciándose como un modelo nuevo, es un ejercicio torpe de malabarismo que solo esconde intereses que no son de las personas trans.*».

E, por se non chegaba, anunciaron tamén, nesta delirante campaña propagandística, a creación dun observatorio LGTBI e, como sempre, sen contar cos colectivos que veñen traballando en Galicia, porque o que interesa é o titular. Como podemos sospeitar, quedará vacío de contido, como sempre: parece que fan mentres non fan, propaganda para agochar a falta de compromiso.

Nestes últimos anos vimos como en comunidades de todo o Estado se veñen aprobando leis que despatoloxizan as identidades trans e recoñecen como un dereito humano fundamental a libre determinación da identidade e expresión de xénero: Andalucía, no ano 2014; Valencia, neste mesmo ano; ou incluso nunha comunidade onde goberna o Partido Popular, en Madrid.

Se votan que non a esta lei, novamente estarán xogando cos intereses e cos dereitos da cidadanía. As galegas e os galegos merecen algo máis do seu desgoverno. Votar en contra desta proposición de lei é non estar á altura da cidadanía.

Se medimos o seu compromiso, o compromiso deste goberno coas persoas gays, transexuais, bissexuais e intersexuais de Galicia polas súas iniciativas, teñen un contundente suspenso ata o momento.

Unha lei, a 2/2014, sen aplicación tres anos despois. Agardamos ansiosos polo informe sobre a súa aplicación, que entendemos que non debe levarlles moito tempo, porque pouco teñen que contar.

Unha campaña tímida, de pasada, como a impulsada nos centros escolares co nome de «Eu respecto», colleitou as críticas de todo o tecido LGTBI galego.

No eido educativo, tan só un protocolo colgado na páxina oficial da Xunta. Por desgraza, é máis doado atopar un folleto transfóbico de «Hazte Oír» nun centro de ensino galego que un folleto da Xunta para educar dende a diversidade. Unha falta de compromiso que amosaron cando hai uns meses votaron aquí, neste pleno, en contra da proposta de En Marea para retirar dos centros de ensino os folletos transfóbicos de Hazte Oír; unha falta de compromiso que amosaron hai moi poucas semanas cando foron cómplices, co seu silencio, da visita do autobús da vergoña, que si obtivo un rexeitamento contundente por parte da cidadanía. Ese é o seu compromiso co colectivo LGTBI, que nada ten que ver coa campaña propagandística que fixeron vostedes estes días.

Hoxe teñen unha oportunidade fantástica para amosar o seu compromiso votando positivamente esta lei. E cando teña aquí a súa intervención pode explicarlles aos representantes que hai aquí dos colectivos trans que condenan o autobús transfóbico de Hazte Oír, que estivo nesta cidade, e que se equivocaron cando votaron vostedes en contra da retirada dos folletos de Hazte Oír dos colexios. Demostren o seu compromiso. Teñen hoxe a oportunidade de empezar a mudar. *(Aplausos.)*

Tamén me vexo na obriga de aclarar que esta lei é complementaria e compatible coa Lei 2/2014, xa que entre as manifestacións dos pasados días Feijóo dixo que os que defendemos esta lei teremos que aclararnos e teremos que dar explicacións de que cambiamos de opinión, se xa aprobamos a 2/2014. Sería bo que alguén lle explique ao señor Feijóo que a Lei 2/2014 apenas recolle dúas liñas referidas á transexualidade; unha lei que non finaliza coa discriminación *trans*, aínda que o leve por nome, porque non despatoloxiza nin recolle aspectos cruciais como a dificultade do sistema sanitario, educativo e legal.

Se vostedes votan en contra desta lei, estarán lexitimando o continuísmo da discriminación, estarán dicíndolle a Pablo, que mudou tres veces de centro escolar por mos do acoso, que ten que asumir que por ser diferente ten que vivir coa transfobia; estarán votando que Sara non atope quen a contrate por ser unha muller trans; estarán votando que Manuel teña que pedir un crédito para facer as cirurxías que precisa e que o Sergas non lle cobre; estarán votando a impunidade da caverna machista que insulta, acosa e agride; estarán votando que Daniela siga tendo que dar explicacións cada vez que saca o seu DNI. Se vostedes votan non a esta proposición, están votando si á transfobia. *(Aplausos.)*

Esta proposición de lei conta co apoio de moitos colectivos: Ultreia LGTBI, AmiZando, Arelas, Algarabía, Géneroem, de Barcelona, Asociación Nós Mesmas, Asociación Galicia contra a Info, ATC Libertad, Asociación Colors de Ponent e a Federación Plataforma polos dereitos Trans, que inclúe o 80 % dos colectivos trans.

Esta lei é indispensable para que as persoas trans teñan unha atención sanitaria asistencial, próxima, non segregadora e non patoloxizante, unha atención acorde coas necesidades, unha atención que non xulgue, senón que acompañe, pública e de calidade, por suposto. Tamén é indispensable para visibilizar, naturalizar e protexer a diversidade sexual e de xénero no

currículo educativo e na formación do profesorado, unha lei indispensable para facilitar a vida das persoas trans, que recoñeza a súa identidade, tamén nesos dous anos de limbo administrativo, para que poidan ter un documento de identidade acorde co seu sexo sentido. Unha lei indispensable para que todas as persoas teñan garantida a autodeterminación de xénero e o pleno desenrolo da súa identidade; unha lei indispensable para Galicia.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día a todas e benvidas ao Parlamento de Galicia.

Hoxe é un día moi importante, eu creo que moi importante. O simple debate deste proxecto de lei é un debate moi importante, por como chega aquí, impulsado, como xa se dixo, e redactado polo colectivo LGTBI deste país, polo simple feito de que xa estamos avanzando por dar sen cortapisas, sen tapuxos, sen límites, este debate político.

Antes de máis, desde o Bloque Nacionalista Galego, ademais de darvos a benvida, de agradecer vos que esteades hoxe aquí, temos clara unha cousa diante dos movementos que vivimos nas últimas semanas. Temos claro que o feito de que a Xunta de Galiza, a través do propio presidente da Xunta, saia publicamente, antes do debate parlamentario desta Lei de identidade de xénero, anunciando medidas dirixidas ao colectivo trans evidencia que hoxe por hoxe xa non se pode vir a esta Cámara a votar en contra desta lei sen máis. Iso é un cambio enorme se temos en conta todo o que aconteceu nos últimos anos. (*Aplausos.*)

Mesmo nos amosamos desde o BNG absolutamente contrarias a esa unidade de referencia polo modelo de atención sanitaria que pretenden implantar. Eu recoméndolles a todas as persoas que estamos nesta Cámara —os colectivos xa o coñecen— varias lecturas que están dispoñibles na propia rede, que son abertas, que podemos descargar facilmente calquera das persoas que estamos aquí. Eu trouxen unha concretamente, está transferida en catalán, pero está dispoñíbel tamén en castelán e incluso está dispoñíbel en italiano, onde se fai unha comparativa de dous modelos de atención sanitaria que foron despregados nun territorio unicamente, que é o caso de Cataluña. Trátase dunha comparativa entre a Unidade de Identidade de Xénero do Hospital Clínic de Barcelona e a Trànsit, que é unha entidade pertencente ao Instituto Catalán de Saúde. Eu recoméndolles que lles boten una ollada a este e a outros moitos documentos comparados para que reflexionemos colectivamente sobre o que se anunciou no pasado Consello da Xunta e o que se pretende implantar na Galiza.

Pero, fóra diso, de que desde o Bloque Nacionalista Galego xa de antemán anticipamos que estamos absolutamente en contra desa unidade de referencia, cremos que ese anuncio é un triunfo voso, é un triunfo do colectivo LGTBI deste país, é un triunfo do movemento feminista galego, que acompañou o colectivo LGTBI sempre, e é tamén o triunfo da enorme transformación da sociedade galega nos últimos anos, que conseguiu pór no primeiro plano do debate público, do debate político, os dereitos das persoas gays, das persoas lesbianas,

bisexuais, transexuais e intersexuais. Demostra que pouco a pouco pero con vocación de non retorno, por impulso social, por impulso popular, polo voso impulso, os armarios van caendo e que abristes as portas de par en par até o punto de que a día de hoxe o Partido Popular ten que buscar a foto, ten que buscar o titular, para lavar a cara diante da opinión pública se quere vir aquí hoxe a votar en contra dunha lei a favor dos dereitos e liberdades sexuais e de xénero no noso país.

O mesmo partido —cómpre lembrar e refrescar a memoria colectivamente hoxe nesta sesión plenaria—, ese mesmo Partido Popular, que non hai tanto tempo votaba en contra sen remorse ningún da Lei de matrimonio igualitario, que se opuxo frontalmente nas institucións, mesmo diante do Tribunal Constitucional, e que nas rúas —todas as persoas que estamos aquí lembramos aquelas infames manifestacións— se opuxo frontalmente, nas institucións e nas rúas, a que dúas persoas do mesmo sexo puidesen casar en igualdade de dereitos que as persoas heterosexuais.

Por iso, desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que, despois de todo o vivido, despois de todo iso e dos pasos que se teñen dado neste país e fóra del, o Partido Popular o que ten hoxe, o que ten hoxe de verdade, é un motivo menos para rexeitar a toma en consideración deste proxecto de lei; un motivo menos se, como din, é verdade que traballan vostedes pola igualdade, pola liberdade, polos dereitos e a imaxe do Partido Popular; histórica neste Día do Orgullo na manifestación en Madrid non era só iso, unha foto máis. Se de verdade están pola liberdade, pola igualdade de dereitos e por irmos entre todas e entre todos rompendo muros e rompendo valados, hoxe teñen que votar a favor da toma en consideración desta lei.

Hoxe terán que decidir se queren quedar simplemente nun anuncio, que, insistimos, foi rexeitado polo colectivo LGTBI e polo colectivo trans do noso país, ou apostan canda nós por avanzar con esta lei no recoñecemento de dereitos e no diálogo; por avanzar nunha sociedade máis equitativa, máis xusta, por avanzar nun país decidido a blindar por lei o dereito a ser, a existir, fixando obrigas concretas a Administración pública para garantir que as persoas trans, crianzas ou adultas, migrantes ou nacionais, desenvolvan o seu tránsito social na Galiza coas menores barreiras e dificultades posibles, co obxectivo final de dar cumprimento á lexislación xa aprobada, á de non discriminación por identidade de xénero ou orientación sexual.

Porque este proxecto de lei, que, insistimos, foi redactado e impulsado polo colectivo LGTBI galego, vai máis alá da lei de 2014, recoñece expresamente dereitos e liberdades que o marco xurídico galego aínda non recolle e que o marco español limita en moitos casos ás persoas adultas.

Non hai nin unha soa lei no ordenamento xurídico galego que defina que é a transexualidade, que é a intersexualidade ou que é a identidade sexual ou de xénero. E ese baleiro legal, xunto co marco español de 2007, pon aínda moitos impedimentos, moitas pedras no camiño para aquelas persoas cuxa identidade de xénero non se corresponde co seu sexo; persoas ás que lle son atribuídos nomes, corpos e roles que non representan a súa identidade. Pedras, atrancos, límites que comezan no mesmo momento en que para acceder a calquera servizo público, incluído o sanitario ou o recoñecemento legal do seu xénero sentido, teñen que ser diagnosticadas cun trastorno de disforia de xénero, teñen que ser catalogadas como enfermidades mentais. Ese é o maior avance recollido nesta lei, esa é a pedra angular deste proxecto

lexislativo: deixar de considerar a transexualidade como unha enfermidade para recoñecer que non sempre, ¡non sempre!, a identidade de xénero se corresponde co sexo asignado ao nacer, sen que iso constituía nunca unha patoloxía, senón un dos trazos da diversidade e que estamos orgullosas e orgullosos, precisamente, de sermos diversas. Ou o que é o mesmo, que o xénero non ten nada que ver cos xenitais, que hai homes con vaxina e mulleres con pene. Repetimos, hai homes con vaxina e mulleres con pene.

Falar, como recolle este proxecto de lei, de autodeterminación e non de trastorno, de libre decisión e non de disforia, de acompañamento ou de apoio e non de tutelas. É necesario, non para garantir que non te discriminen por ser trans, senón para recoñecer a túa mera existencia, e ese dereito non se pode negar nin se pode anular apelando á lei de non discriminación de 2014.

¿Avanzamos nos últimos anos? —preguntábame eu estes días preparando esta intervención—; avanzamos si, e moito, mais esa non é a excusa para non reforzar todas as medidas que se puxeron a andar, e as que terán que chegar blindando por leis dereitos. Voulles pór un exemplo. As casas de acollemento para mulleres en situación de violencia machista, como outros moitos servizos na loita contra este problema político, xa existían antes da lei de 2007, e iso non nos impediu en ningún caso regularlas legalmente. É máis, esta Cámara foi alén diso —conxuntamente todas as forzas políticas deste país, impulsadas polo movemento feminista galego—, garantindo a condición de vítimas ás mulleres en situación de violencia sen necesidade de que presentasen denuncia. Fixémolo cando nas Cortes españolas nin sequera se falaba do tema, e agora esas mesmas Cortes españolas ollan para Galicia como referente no debate sobre a reforma da lei de prevención e tratamento integral da violencia contra as mulleres. Fomos vangarda no ano 2014 coa Lei de igualdade de trato e non discriminación LGTBI, pero precisamos seguir avanzando; avanzando nun marco legal aínda coxo que non incorpora nin sequera sancións no articulado desa lei, e no que, ademais —xa se dixo antes—, hai só unha única referencia ás persoas transexuais —só un, o artigo vinte—. Unha única referencia ademais que se centra nas terapias relacionadas coa transexualidade sempre desde unha óptica médica, non social, suxeita sempre a criterios clínicos, de novo tratando ás persoas trans como enfermas, máis nada. Non hai nin un só artigo máis dedicado á transexualidade.

Esa lei de 2014 non despatoloxiza, non facilita o cambio de nome no rexistro nin de sexo no carné de identidade; esa lei non garante o acceso aos bloqueadores da puberdade ás crianzas trans; esa lei de 2014 non fai máis doado que Eric para entrar neste Parlamento non teña que explicar que no seu documento de identidade pon un nome en feminino que non se corresponde con el, nin apelar á comprensión do policía que hai na garita para que lle deixe entrar porque o seu nome non se corresponde coa súa identidade. Unha situación que, por certo, viven ducias de persoas dentro e fóra do noso país cada día. Díxose antes aquí: á porta dunha discoteca, á porta da Axencia Tributaria, á porta do embarque nun aeroporto calquera ou mesmo na caixa dun supermercado cando queren pagar con tarxeta.

Por iso, o proxecto de lei recolle a creación dun documento administrativo que garanta en territorio galego o tratamento das persoas trans de acordo coa súa identidade de xénero; a súa, a real, non a que erradamente lles foi atribuída ao nacer e, por suposto, sen

ter que ser declaradas por un psiquiatra ou un psicólogo clínico como enfermas mentais para conseguilo. Falamos de dereitos fundamentais, de xustiza social, non dun mero trámite.

Señorías do Partido Popular, non se avanza anunciando unidades médicas especializadas, senón garantindo que ao entrar pola porta dun hospital van respectar a libre decisión e a identidade da persoa que entra. Non despatoloxizan os médicos, ¡non despatoloxizan os médicos! Non foi a comunidade sanitaria a que retirou da listaxe de doenzas mentais a homosexualidade ou o lesbianismo. Despatoloxizan as leis recoñecendo dereitos, e esa é unha cuestión política, non médica.

No BNG non queremos imaxinar a Galiza do futuro, senón comezar a construíla, con orgullo, cada día. E hoxe temos a oportunidade de dar un paso máis tomando en consideración este proxecto de lei, e podemos facelo todas as forzas políticas xuntas. Pensen, recapaciten e decátense de que hai moito tempo que a sociedade vai por diante da capacidade do Partido Popular para se dar conta —tarde, pero ao final sempre acaban dándose conta— de que vivimos xa no século XXI.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Teño que comezar dando as grazas a todos os activistas que estades hoxe aquí e, nomeadamente a Amizando, Arelas e Ultreia; grazas por facer posible esta lei. Esta lei leva en cada renglón o voso esforzo, o voso traballo de moitas horas que o Grupo Socialista recolle hoxe e presentou no seu momento. Facémolo, non soamente concordando ao cen por cento co espírito dunha norma que vai facer unha sociedade galega máis plural, máis tolerante e máis igualitaria; facémolo con todo o respecto á vosa loita, con todo o respecto que merecedes despois de moitos anos de loita. *(Aplausos.)*

Un valor, señorías, o da igualdade, que non soamente comparte o Grupo Socialista, senón que foi o buque insignia das nosas políticas cando tivemos a oportunidade de gobernar. Tamén o sigue sendo naquelas comunidades autónomas onde gobernamos, como por exemplo en Andalucía —que xa se mencionou antes que ten unha lei moi semellante á que imos a debater hoxe—. A igualdade entendida como motor social e político deste país, neste caso dos dereitos do colectivo LGTBI.

Recollemos este borrador, como fixemos noutras ocasións con aquel proxecto de lei que modificaba o Código civil en materia de contraer matrimonio. O único que fixemos, o único que fixo o Goberno do señor Zapatero, foi escoitar, foi recoller ese torrente, esa forza de liberdade

e de igualdade que había nas rúas deste país e trasladalo ao Boletín Oficial do Estado. E de aí á vida, á calidade de vida de millóns de persoas neste país.

Todo iso a pesar dos atrancos. Esa forza é imparable, señorías do Partido Popular, a pesar do recurso de inconstitucionalidade que se empeñaron en interpoñer. Dícialles a vostedes o noso compañeiro —ao que tanto botamos de menos—, o compañeiro Pedro Zerolo, que os homosexuais non son orientacións sexuais que vagan polo espazo, señorías, son os seus fillos, son os seus irmáns, son os seus compañeiros de partido. Ao mesmo tempo que non están noutra dimensión tampouco as persoas con identidade de xénero; non son persoas estrañas, non son persoas remotas, téñenas aí arriba, son persoas como calquera outra persoa, son cidadáns de pleno dereito, que teñen que ter os mesmos dereitos que calquera de nós.

Hoxe intentamos legislar non soamente para eles e elas, intentamos legislar para toda a sociedade galega. Facémolo porque unha sociedade decente é aquela que non humilla a ningún dos seus cidadáns, unha sociedade decente, que é a que pretendemos hoxe —poñer unha pedra para construíla—, é aquela que respecta a todos os seus cidadáns e cidadás. *(Aplausos.)*

Unha proposición de lei que lle importa á cidadanía, máis aló de que vaia dirixida a un colectivo, a un pequeno colectivo largamente esquecido e queroo dicir, incluso marxinado, dentro do propio colectivo LGTBI.

Para o que non nos vale a lei de Galicia do ano 2014, esa lei impulsada polo Partido Socialista grazas —e queroo dicir e sempre cando teño oportunidade de falar desta lei o facemos— ao esforzo e ao traballo que custou poñela en marcha e chegar a un entendemento e, vostedes, o que fixeron foi meter no armario unha lei de mínimos que era pioneira, que era importante, e sacárona a relucir para facer publicidade e propaganda a semana pasada. Un papel mollado que destroza non soamente as esperanzas e a loita polos dereitos deste colectivo, senón un intenso traballo parlamentario que se fixo nesta Cámara.

Esta proposición está baseada nos principios de dereitos humanos que están recoñecidos polo Consello de Europa, por resolucións da Unión Europea e pola propia ONU de despatoloxización, de erradicación da estigmatización social. Todos eles denuncian a grave situación social e legal que sofren as persoas transexuais no mundo e a continua vulneración dos seus dereitos. Levamos dado pasos, algúns importantes, pero son insuficientes. No marco estatal, coa regulación da modificación do nome do sexo no DNI sen necesidade de someterse a unha cirurxía xenital.

Unha lei, señorías, que podemos dicir con orgullo que foi pioneira en todo o mundo, unha lei impulsada tamén polo Goberno do señor Zapatero, unha lei á que vostedes, por suposto, como non podía ser doutra maneira, se opuxeron. Unha norma que tras o paso dos anos, sen dúbida, amigos e amigas que estades na tribuna de invitados, quedou obsoleta. Unha lei que hai que reformar, que hai que seguir eliminando calquera risco despatoloxizante que haxa na mesma. Como lles dicía déronse pasos, tamén na Comunidade Autónoma Galega, cunha lei de mínimos que non é suficiente.

Hoxe, señorías, pretendemos legislar para reforzar o dereito que toda persoa, que todos e todas temos a construír para si unha autodefinición con respecto ao seu corpo, ao seu sexo,

ao seu xénero e á súa orientación sexual, aspectos que son fundamentais para a dignidade e a liberdade das persoas. Non somos os primeiros en facelo, xa o fixeron en Navarra, en Andalucía, en Extremadura, en Madrid, en Valencia, e está próximo que se faga tamén en Cantabria. É máis, en outono prevese que, como alí no Congreso non hai o rodillo do Partido Popular, se aprobe esta lei a nivel estatal.

Esta proposición de lei pretende, por exemplo, que no ámbito sanitario os tratamentos non segreguen nin discriminen, porque non existen tratamentos específicos para as persoas transexuais. Se o síndrome premenopáusicos, por poñerlles un exemplo, señorías, necesita estrógenos; os transexuais tamén. Se ao crecemento do velo facial nunha muller se lle aplican antiandróxenos, aos transexuais tamén. E este grupo, o Grupo Parlamentario Socialista, pregúntase por que se eles e elas teñen acceso igualitario, non segregado e tampouco son tratados como enfermos nin como sospeitosos de selo, ¿por que ás persoas transexuais si? (*Aplausos.*) ¿Por que a Xunta de Galicia anuncia a semana pasada a creación dunha unidade de referencia excluínate baseada en modelos tradicionais biomédicos que son propios da década dos oitenta e non do ano 2017? E que xa amosaron fracasados noutras comunidades autónomas —o que supón un custo para a administración autonómica absurdo—. Pero, señorías, hai un custo moito máis absurdo que o económico e é o que ten para a dignidade destas persoas que volverán ser, unha vez máis, estigmatizadas.

¿Por que as persoas transexuais teñen que seguir soportando que para que se recoñeza a súa identidade de xénero deben responder preguntas que atentan contra a súa intimidade? Como: ¿cada cuanto te tocas?, ¿como é a relación entre túa nai e teu pai? Ou mesmo se senten presenza estrañas, como se estiveramos nun capítulo de Cuarto Milenio ou estiveramos falando cunha persoa que ten unha enfermidade mental.

Señorías, non debe ser este Goberno, o Goberno da Xunta, nin ningún outro, o que ditamine se unha persoa é transexual ou non. É a persoa a que debe determinar cal é o seu xénero e cal é o seu sexo.

O peor de todo é que vostedes veñen co paternalismo, co paternalismo que escoitabamos o outro día do señor Feijóo, porque si, é verdade, téñenvos medo.

A reacción do outro día do Goberno da Xunta, ademais de para maquillar e xustificar o non de hoxe, é porque saben que non son quen de frear ese torrente de igualdade e de liberdade que segue estando nas rúas deste país. (*Aplausos.*)

Todos, señorías, debemos desaprender cuestións que fixamos durante o noso proceso de aprendizaxe e recoñecer que descoñecemos moitas cuestións sobre as persoas transexuais: prexuízos, estigmatización, marxinação. Existe unha falta de información que leva a que cando saímos ás rúas a cidadanía confunda, por poñer un exemplo, orientación sexual con identidade de xénero, e que cando a determinadas persoas se lles pon un micro diante e lles preguntan polos dereitos das persoas transexuais digan «a min é que me dá igual con quen se deiten». Temos un problema de descoñecemento, témolo todos e todas, e iso é o primeiro que temos que asumir os políticos, os formadores. Toda a sociedade somos culpables, señorías, de non saber. A maior revolución que podemos facer, a primeira que temos que facer

ademais —e debера ser anterior a aprobación desta lei— é cambiarnos a nós mesmos; aprender, entender e, sobre todo, escoitar.

Do mesmo xeito que nós non coñecemos hai moitos profesionais que tampouco, e dende o Grupo Socialista estamos convencidos de que poñen todo o empeño, todas as ganas para facer —e sempre o dicimos— na medida do posible o seu traballo o mellor posible. Reclaman formación e información; a falta dela está provocando algo que coñecemos ben polos procesos de violencia machista, que ocorría ao empezar a tratar as mulleres vítimas desta lacra, que é que haxa unha dobre vitimización destas persoas. Esta proposición contempla aos profesionais como acompañamento, como apoio, e nunca para diagnosticar, porque a transexualidade non é unha enfermidade.

Outro dos aspectos importantísimos en que incide esta lei é a educación, señorías. Nós quixemos facelo, nós quixemos que naqueles libros de educación para a cidadanía se falara de todas estas cuestións, se plasmara nos libros de texto a realidade, e vostedes opuxéronse, porque para vostedes educar os nenos e nenas deste país en valores de tolerancia, respecto e pluralidade democrática supuxo unha afrenta e supuxo, desde logo, dicir non claramente.

Non nos podemos permitir, señorías, como sociedade, o fracaso que supón que haxa nenos como Alan que se suicidaron polo acoso que sufriron nas aulas. Esta lei tamén é para eles e para elas, e para deixar de mirar para outro lado, para loitar contra o bullying, contra o impacto psicolóxico e emocional que teñen nos centros escolares. Non son casos illados, un 80 % —¡80 % señorías!— dos menores recoñecen que algunha vez pensaron en quitarse a vida e un 40 % intentárono algunha vez; menores que cando se lles escoita e non se lles trata como enfermos deixan de ter déficits de atención, apartan esas patoloxías que son diagnosticadas. Un amparo dos menores que aparece na presente lei coa medición dos títulos, dos gardadores legais, e algo que nós consideramos que é importantísimo: que cando se aprecie a existencia de situacións de sufrimento e indefensión por negación abusiva de identidade de xénero ten que haber unha intervención do Goberno.

Por suposto que si, porque Cristina, aínda que haxa moitas mulleres, moitas nais coma ti, que loitan con uñas e dentes polos dereitos dos seus fillos e fillas, hai outros que non son quen de entendela, ¡non son quen! —si que era, señorías—, non son quen de respectalo e que inflúen no normal desenvolvemento destes menores.

Pretendemos tamén poñer en marcha documentación administrativa transitoria. Non falamos dun dobre DNI, falamos dun documento que permitiría ás persoas transexuais ter, evitar ter que dar explicacións sobre a súa vida. Imaxinen, señorías, que, por exemplo, van recoller unha carta a Correos porque lles chegou unha notificación e o DNI non reflicte a imaxe que teñen agora mesmo. Iso ocórrelles a moitas persoas neste país.

Toca moitos outros ámbitos como os medios de comunicación, aos que tamén hai que facer un chamamento para que utilicen en todos os casos a linguaxe axeitada, ou o deporte, porque se as mulleres somos discriminadas no deporte as persoas transexuais aínda o son máis. E quero facer unha mención especial a María José Martínez Patiño, unha viguesa que, ademais de loitar contra a discriminación que supón ser muller, tivo que ser sometida a controis e ao

ter o cromosoma XY supuxo que a federación española no seu momento lle quitara a súa bolsa, o aloxamento nunha residencia deportiva e sufriu o escarnio da prensa e da opinión pública. Quitoulle moito máis que iso, quitoulle o que a facía feliz.

E tamén, por suposto, non nos queremos esquecer das persoas transexuais que están nos cárceres, aquelas que non teñen voz. Tamén hoxe queremos facer unha mención especial a elas.

Señorías do Partido Popular, neste pouco máis dun minuto que me queda diríxome a vostedes, posto que hai consenso entre todos os grupos da oposición. Vostedes son na loita dos dereitos o faroliño vermello, son sempre os últimos da fila, pero teñen a suficiente dobre moral como para, ao mesmo tempo que se poñen en fronte dos que defenden os dereitos, facer uso dos mesmos: dixeron non ao divorcio e divorciáronse unha, dúas, tres, catro e ata cinco veces; opuxéronse as mulleres a esa lei do aborto que nos daba o noso dereito a decidir, pero vostedes abortaron; non apoiaron os matrimonios entre persoas do mesmo xénero, pero si actuaron como testemuñas en vodas entre compañeiros do seu partido — ¡que hipocrisía, señoría! —; vostedes non quixeron mudar o DNI e, sen embargo, houbo compañeiros e compañeiras súas que tamén o fixeron, e mesmo son quen de votar en contra dunha iniciativa do PSdeG hai só uns meses para retirar os panfletos Hazte Oír dos centros escolares e, aínda así, teñen a pouca vergonza de acudir a Madrid á manifestación do orgullo a posturear, ¡porque foi o que fixeron o outro día en Madrid, señorías! *(Aplausos.)*

Debémolles esta lei a moitas persoas, a todos e todas as activistas que loitaron, aos que quedaron polo camiño, aos pais e nais valentes. É unha lei de resposta ás humillacións e temos hoxe a oportunidade de comezar a devolvervos o respecto que merecedes, a afirmar a vosa identidade, a restituír a vosa liberdade. Non pedides privilexios, pedides ser iguais en todos os ámbitos e que isto non sexa unha mera declaración de intencións.

Son tan só, señorías do Partido Popular, unha minoría, pero o seu triunfo sería hoxe o de toda a sociedade galega. Nós dende o Grupo Socialista pedímoslles o apoio a esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Outra cuestión, a bandeira foi posta por consenso do BNG, de En Marea e do Partido Socialista. Non sei se á persoa que veña falar do Partido Popular lle molesta a presenza desta bandeira no estrado.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Xa se verá, xa se verá.

Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Bos días a todos os invitados que nos acompañan hoxe na tribuna.

Señora Blanco, consenso non hai cando non nos preguntaron se queriamos pór a bandeira. E non só non nos molesta desde o Grupo Popular, senón que eu trouxen a miña propia por se a retiraban. *(Aplausos.)*

Quero comezar a miña intervención hoxe deixando patente o compromiso expreso do Grupo Parlamentario Popular na defensa da igualdade do dereito de todas as persoas, calquera que sexa a súa orientación ou identidade sexual. O noso rexeitamento e explícita condena a calquera forma de discriminación, acoso ou trato desigual que veña motivado polas preferencias sexuais de cadaquén. Ambas as cuestións, a defensa da liberdade e a igualdade das persoas, e o noso compromiso con todas elas, quedou plasmado na Lei 2/2014 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Unha proposta do Grupo Socialista, o que demostra que non somos ningunha parede, señora Blanco, cando estamos a tratar un tema importante que aglutina a toda a poboación e que non crea ningún tipo de diferenza entre unhas asociacións e outras, entre uns grupos e outros, e trata de buscar o máximo consenso entre todas estas persoas. *(Aplausos.)*

Unha lei —na que tiven a honra de ser a ponente designada polo meu grupo— que se aprobou nesta Cámara acadando un gran consenso entre as forzas políticas e que converteu a Galicia na primeira comunidade que lexislou sobre esta materia. Unha lei que defende a igualdade e a non discriminación do colectivo de transexuais en Galicia. Unha lei necesaria, dende logo, e por iso a votamos a favor, porque garante os dereitos das persoas LGTBI. Unha lei que aspira a protexer, e tamén a mellorar, a calidade de vida destas persoas cun enfoque integral que atinxe a súa seguridade, o seu dereito á xustiza, ao seu eido laboral, familiar, á saúde, á educación, á cultura, ao deporte, á xuventude ou á comunicación. En resumo, a todos os eidos da súa vida e, polo tanto, unha lei ampla e ambiciosa, e aplicable en todos os seus artigos, ás persoas transexuais.

Unha lei, afirmamos, que non sería posible sen a imprescindible achega, implicación e compromiso das persoas e organizacións sociais LGTBI de Galicia e sen a complicidade, política e social, dunha comunidade como a nosa, onde homes e mulleres galegas fixeron da tolerancia e do respecto á dignidade das persoas a súa bandeira. Esta lei, dicimos, foi un logro colectivo das asociacións, das plataformas e das fundacións LGTBI galegas, das institucións que participaron na súa elaboración e da sociedade no seu conxunto; non foi propaganda.

A resolución 1719 de 2011 sobre dereitos humanos, orientación sexual e identidade de xénero condena formalmente calquera acto de violencia ou discriminación por orientación sexual e identidade de xénero en calquera parte do mundo. Sen embargo, asistimos con tristeza a un mundo onde aínda se persegue a homosexualidade e a transexualidade. En concreto, en setenta e un estados están criminalizados e en trece se castigan coa pena de morte. A lexislación española, sen embargo, foi evolucionando —aínda que queda moito máis por facer— para recoller unha serie de cambios, convertendo a España no terceiro país do mundo en legalizar o matrimonio igualitario.

A Lei 3/2007, do 15 de marzo —reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas— supuxo un avance na consolidación dos dereitos das persoas transexuais maiores de idade. España incorporouse, señoría, e incluso liderou, a loita pola plena igualdade das persoas LGTBI. E dentro de España, Galicia no posto de primeira. Posteriormente seguiron outras comunidades autónomas: Andalucía, Cataluña, Canarias e Estremadura. Polo tanto, señorías, en Galicia dispoñemos dunha lei para desenvolver plans de accións e estratexias e para cumprir os dereitos das persoas trans.

Unha lei, repito, aplicable en todos os seus artigos ás persoas trans. A análise do texto legal que propoñen vostedes para a súa toma en consideración revela propostas que xa se están a desenvolver. Propóñense, por exemplo, medidas no ámbito da educación que xa se están a facer en Galicia. Non vou relatar aquí todo o que se está a facer, porque non me chegaría o tempo, pero si que vou reseñar os máis importantes avances que afectan directamente ás persoas transexuais de Galicia.

En marzo de 2016 presentouse o protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero; protocolo que se fixo dialogando coas asociacións e, de feito, para a redacción contouse con asociacións de familias con menores trans —Arelas, por exemplo— e trátase de documentos de traballo que o que teñen como obxectivo é converter a discriminación, con especial mención a aqueles casos nos que a identidade sexual non se corresponde coa asignada no momento do nacemento da persoa. Para iso, o documento define os termos de identidade de xénero, de identidade rexistral, transexualidade, bisexualidade e orientación sexual, e establece pautas para a comunicación aos centros educativos por parte dos pais ou titores legais, no caso de que se manifeste unha identidade de xénero diferente á asignada no momento do nacemento. Un documento, señorías, que se facilitou aos colexios e institutos galegos para saber como actuar cando un menor transexual inicia o seu tránsito e para formar tamén toda a comunidade educativa. Polo menos 12 centros en Galicia activaron este protocolo para garantir que se respecten todos os dereitos do menor; protocolo que inclúe, por exemplo, que o alumno use os vestuarios e aseos do xénero no que se sinta cómodo ou que a comunidade educativa se dirixa ao menor co nome que acordara este. E recalco, fíxose coa colaboración das entidades.

Respecto do plan e contidos educativos que propoñen vostedes no seu texto, pois tamén a Consellería de Educación inclúe estes criterios, tanto no deseño curricular de primaria, coa introdución do artigo 11.3, como no deseño de secundaria, coa introdución do artigo 4, que di: «Evitaranse os comportamentos... etc., favorecendo a visibilidade da realidade transexual, transxénero e intersexual».

Máis medidas en educación, señorías, como incluír o artigo 8.2 na orde pola que se aproba o calendario escolar de Galicia para o curso 2016-2017: «Nos centros docentes sostidos con fondos públicos realizaranse actividades específicas próximas ás datas de celebración internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito das persoas trans.»

Tamén se fan campañas de sensibilización. Na campaña «Eu respecto», para a concienciación dos escolares, para a concienciación de toda a sociedade galega a través dos seus fillos, do que se fala é de conceptos como pluralidade, diferenza, respecto á diversidade sexual dos

nenos e das nenas galegas, que son o futuro, e ensinarlles a ver con normalidade as persoas trans garantirá que a sociedade galega do futuro actúe con normalidade e sexa máis integradora nos próximos anos. *(Aplausos.)*

Tamén no ámbito educativo se vén actuando de modo directo contra o acoso escolar por razón da orientación sexual, e quémome referir, en materia de acoso en particular, á Lei de convivencia e protocolo contra o acoso sexual, na que o Partido Popular foi pioneiro e na que, por certo, non contamos desta vez co seu apoio.

Tamén propoñen no texto medidas no ámbito sanitario, e falouse aquí moito da unidade de referencia. Ben, respecto do artigo 20, onde piden unha unidade asistencial de referencia, leo textualmente o artigo 20 da lei que vostedes presentan para o seu estudo e que di: «A Comunidade de Galicia, na súa carteira de servizos sanitarios, garantirá a existencia dunha unidade asistencial de referencia de identidade de xénero». Artigo 20.1. *(Murmurios.)*

A pasada semana o presidente Feijóo anunciou, despois do Consello, que Galicia contará cunha unidade pioneira de apoio e acompañamento entre profesionais, persoas transexuais, familiares ou cuidadores, e o obxectivo principal que perseguirá será despatoloxizar a transexualidade e introducir unha política sanitaria no trato destas persoas que garanta o respecto á identidade de xénero cunha mirada transpositiva, así como o acceso ao sistema sanitario de acordo co nome sentido. Unha unidade que non é obrigatoria, señorías, non queiran confundir a xente; unha unidade de uso facultativo, xa que cada persoa trans pode ser atendida polo seu pediatra ou médico de atención primaria no seu centro médico ou hospital de referencia, atendendo así ao criterio dunha atención de máxima cercanía e proximidade, que, curiosamente, é o mesmo que vostedes piden no artigo 20 do proxecto de lei que aquí presentan, nos puntos 5 e 6: «A unidade de referencia prestará servizos de asesoramento e seguimento aos profesionais que presten asistencia sanitaria ás persoas trans da comunidade que opten pola atención de proximidade, seguindo os principios desta lei». E punto 6: «A unidade de referencia atenderá e prestará asistencia integral a quen opte por solicitar a derivación voluntaria a dito centro». Non vexo a súa incongruencia. Estamos a falar do mesmo. O que vostedes propoñen na lei é o que imos facer nós coa unidade de referencia, exactamente igual. *(Aplausos.)*

Tamén no ano 2016, señor Cal, se asinaron os primeiros convenios de colaboración coas entidades e asociacións de persoas LGTBI. Non foi hai uns poucos meses, asináronse o ano 2016. E asináronse con catro asociacións representantes para a realización de actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses do colectivo LGTBI. Este ano é certo que se asinaron soamente con dúas das asociacións, outras dúas non quixeron asinar. É realmente unha mágoa esta rotura de consenso entre as asociacións, que non pasaba coa Lei de 2014. Supoño que vostedes terán recibido este *email* dirixido a todos os grupos. Léoo, sen dicir por suposto o nome das asociacións. É do 5 de xullo de 2017, dirixido ao Grupo Parlamentario Popular, ao Grupo Parlamentario de En Marea, ao Grupo Parlamentario Socialista e ao Grupo do BNG: «Desde dos asociaciones queremos poner en su conocimiento que nos desvinculamos de todas y cada una de las acciones llevadas a cabo en el pasado, en el presente y de las que puedan realizar en el futuro las entidades [...], ya que, aunque hablan y actúan en nombre del colectivo, no nos sentimos representados por varios motivos, entre otros, que somos entidades autónomas y que en ningún caso se les ha cedido nuestra representación. Como siempre, etc...»

Polo tanto, señorías, dende o Grupo Parlamentario Popular e dende o Goberno galego está claro que o que queremos é falar con todas as entidades e, de feito, demostrámolo firmando o convenio do ano pasado e demostrámolo co anuncio de crear un observatorio coa súa participación. Respectamos moito a función que desempeñan. Iso si, se algunha destas asociacións se quere arrogar a representatividade de todo, niso non estamos de acordo, porque aquí se dixó que a Federación Española de Persoas Trans representa o 80 % destas asociacións, e nós temos entendido que a lectura que deu o señor Cal aquí desde esta tribuna está firmada por unha señora, que se chama Mar Cambrollé, e curiosamente non aquí en Galicia, pero en Andalucía, entidades LGTBI critican o afán de protagonismo de Mar Cambrollé e piden cambios na lei: «*Consideramos que Cambrollé no está legitimada para ser portavoz del colectivo transexual desde el mismo momento en que fue expulsada de la Federación Estatal de lesbianas, gays, transexuales y bisexuales por unanimidad de los representantes del área trans de esta federación*».

Nós —sigo insistindo— queremos falar con todo o mundo; queremos falar, non queremos un escenario de confrontación. Parece que vostedes se empeñan en dicir que as persoas do Grupo Popular somos tránsfobos, e non o somos, pero queremos contentar a todo o mundo, queremos que todo o mundo estea unido neste tema e non queremos conseguir escenarios de confrontación que o único que perseguen é favorecer determinados intereses de determinadas persoas, pero que, dende logo, non favorecen en absoluto os colectivos trans de Galicia. *(Aplausos.)*

Empezamos, señorías, cunha lei que aprobamos todos; non sucede o mesmo coa proposición de lei que vostedes traen hoxe a esta Cámara e que xa conta coa falta de consenso entre os propios colectivos, pois algunhas das entidades trans, como acabo de ler, non se senten identificadas con ela, desmárcanse totalmente dela, e consideran que as manifestacións que se están facendo estes días non representan o sentir de todas as persoas trans e das súas familias, porque moitas delas, señorías, consideran un avance a creación dunha unidade de referencia neste senso que acabamos de comentar e que vostedes piden no artigo 20 da súa lei.

Hai que seguir avanzando, desde logo, pensan, e nós estamos de acordo. Consideran un logro importantísimo despatoloxizar a transexualidade. Negalo é evidencia da politización deste tema por parte dalgúns. Nós cremos que as leis teñen que unir, nunca dividir. Polo tanto, señorías, conseguimos en Galicia unha lei de consenso que protexe as persoas LGTBI e, por descontado, que protexe as persoas *trans*. Continuemos desenrolando esta lei e sigamos avanzando na mesma dirección todos xuntos e contando con todos e todas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Réplica.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Ben, pois nada, unha decepción.

O que non sei é de que teñen medo, non sei que é o que lles parece mal desta lei, de tomala en consideración e de poder pasar a unhas ponencias onde puideramos chegar a facer avances sobre o colectivo.

Céntranse na Lei 2/2014. Eu ás veces non sei se realmente non o entenden de todo, non sei se realmente é iso; ao mellor é que non o entenden e que non o fan por falta de tolerancia, pero é que son obxectos xurídicos diferentes. Non ten que ver, por suposto, que a Lei do 2014 nalgúns aspectos tamén abarca o colectivo trans, pero esta lei é algo totalmente diferente, baséase fundamentalmente no principio de autodeterminación de xénero, e sobre iso xira, á parte de sobre a necesidade dos protocolos específicos en sanidade, educación e tamén sobre os cambios legais. Son cousas totalmente diferentes. Por iso non entendemos a que teñen medo e por que non queren poder seguir avanzando na defensa dos dereitos das persoas trans.

A Lei 2/2014 non cobre a maioría das cuestións que veñen nesta lei. Si é certo que hai algunhas cuestións que si, pero a maioría das cuestións, as centrais, non están recollidas.

Polo tanto, é un argumento que si, que están utilizando para iso nesta campaña de propaganda, pero, xa lles digo, ás veces, escoitando argumentos, non sei se é que realmente non entenden do que están falando e o que están propoñendo os colectivos.

Falan do protocolo educativo, é un protocolo educativo que non é vinculante, que está colgado na páxina web. Iso é todo o que fixeron vostedes no ámbito educativo, e veñen aquí e celebran que haxa 12 centros —de 1.200, e veñen aquí e póneno coma se fora unha gran vitoria deste goberno— que poñan en marcha o protocolo. ¿Esa é a gran vitoria no eido educativo? (*Murmurios.*) De feito, hai moitísimos centros que nin tan sequera saben que existe; non saben nin que existe este protocolo. Está colgado na páxina web da Xunta. Se non hai ninguén que teña interese, non saben nin que existe. E esa é toda a súa grande acción e o seu gran compromiso no eido educativo.

Falou en plural de que se fan campañas como a de «Eu respecto». «Fanse campañas...» É unha campaña a que se fixo e que obtivo o rexeitamento de todo o colectivo galego LGTBI. Ese foi o seu compromiso nas campañas en plural, como di vostede, que foi unha.

Con respecto aos convenios, si, o ano pasado firmaron o primeiro convenio. Como lle digo, é algo que está recollido na Lei 2/2014. É unha obriga do Goberno, quérese dar cumprimento á lei e ir facendo algo, ir aplicando algo esta lei, pero, claro, é que unha firma dun convenio que é finalista, que non ten en conta os distintos traballos que fai nin proxectos... Dá igual que un colectivo non teña ningún tipo de actividade e outro teña moitísima actividade, non se preocupan en ningún aspecto disto; e obrigan a facer os gastos e a xustificalos nun período de tres meses. Danlles tres meses aos colectivos para que gasten 3.000 euros e os xustifiquen. ¿Ese é todo o compromiso que teñen cos colectivos? Por iso digo eu que o que buscan é o titular que diga que firman un convenio, porque se realmente tiveran interese estudarían proxectos, verían que proxectos, que organizacións teñen os proxectos máis interesantes. Algunhas poden necesitar máis, algunhas poden necesitar menos e permitiríalles ter todo o

ano para poder desenrolalos e entregalos a primeiro de ano. ¿Por que non llelos entregan a primeiro de ano e lles permiten que os utilicen durante todo o ano? ¿Por que cren que este ano...? Este ano houbo algunhas asociacións... Vostede dixo que faltaban dúas asociacións. En Galicia hai bastantes máis que catro colectivos LGTBI, non hai só catro, faltaron bastantes máis que catro. A maioría delas, evidentemente, ausentáronse porque sabían que estaban sendo instrumentalizadas a cinco días deste debate, pero houbo algunhas que se plantexaron ir pero que entendían que cun período de tres meses non ían ter tempo —e máis no período de verán— para poder xustificalos e que xa pensaban en non ir buscalos pola forma na que se veñen entregando.

Vostedes están utilizando o argumento do *email* das asociacións, que casualmente entrou uns días antes de que pasase todo isto; dúas asociacións das cales unha xa non existe, por iso non foi firmar o convenio, e a outra é unha delegación dunha asociación estatal que pide unha lei trans e que está en contra dos modelos segregadores.

Vostedes van votar hoxe, cada unha de vostedes, persoas individuais no seu partido, e o que vostedes preman nese botón é moi importante para toda esa xente que está aí arriba. A maioría do colectivo trans desexa esta lei, e vostedes teñen a responsabilidade individual, cada un e cada unha de vós, de conseguir que poidan ter unhas vidas un pouco máis vivibles. Pí-dolles que o teñan en conta e que reflexionen sobre iso.

Señores e señoras do Partido Popular, hai nenas con vulva e nenas con pito. Súmense á defensa dos dereitos de todas as persoas, abandonen o búnker, abandonen o bloqueo e faciliten que as persoas trans poidan ter unhas vidas máis vivibles.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bon día de novo.

Acaba de facer vostede algo moi feo, señora Rodríguez-Vispo, moi feo. Eu non sei se é unha estratexia discursiva, se o decidiron entre todos, pero é feo non só en termos políticos, eu creo que é unha decisión bastante fea en termos humanos intentar xustificar o non do seu grupo intentando dividir ou abrir unha fenda no colectivo LGTBI, iso é moi feo politicamente. (*Aplausos.*) Moi feo.

Non deu vostede nin unha soa razón, nin un só argumento, de por que van votar en contra con base na propia proposta lexislativa que hoxe debatemos aquí. Hai aspectos que se recollen noutros instrumentos a través de protocolos ou da sinatura doutro tipo de figuras que se foron avanzando nos últimos anos. Na miña primeira intervención eu creo que facía precisamente referencia a que había cuestións que xa estaban recollidas, que noutras loitas e que noutros casos xa se tiñan feito avances, e que iso non nos impediou, desde ningún punto de vista, seguir avanzando na reforma legal e blindando por lei dereitos e seguir avanzando na propia loita.

Non se fixo nin unha soa referencia a cal é o aspecto máis conflictivo. ¿Cal é o conflito? O conflito é, por exemplo, que se garantiría o acceso aos bloqueadores da puberdade. Nós sabemos que é un debate que hai aí fóra, que é un debate, ademais, que se dá moito no terreo sanitario. Vostede é dese sector profesional, abramos este espazo de diálogo no Parlamento, tratemos co tempo que sexa necesario, desde os puntos de vista que sexan necesarios, aquelas cuestións conflictivas e intentemos chegar a acordo.

Eu sinto dicilo así, pero é bastante ruín dicir que vostedes só fan as cousas por unidade cando acabamos de aprobar unha reforma dos orzamentos pola vía rápida, en trámite de lectura única e sen que haxa unanimidade nesta Cámara, simplemente cos votos da maioría absoluta do Partido Popular. Aquí apróbanse todos os días en comisión e en sesión plenaria reformas de leis, proxectos de leis, que non contan co apoio, nin fóra nin dentro da Cámara, dunha maioría social ou da unanimidade do conxunto do pobo galego, e séguense avanzando. Séguense aprobando proxectos de lei, séguense tomando en consideración, por certo, propostas que veñen directamente emanadas, neste caso, do propio colectivo, sen contar cunha sorte de consenso que agora vostedes poñen case como condición *sine qua non* para que poidan votar a favor.

Eu insisto, hoxe estamos debatendo aquí a toma en consideración dunha lei, non a aprobación da lei tal cal foi redactada polo propio colectivo. Nós non quixemos cambiar nin unha soa coma, nin sequera as grallas ortográficas, que con todo o cariño e con todo o respecto entendo que pola rapidez hai, e moitas, pero non quixemos cambialas por respectar o traballo que fixeron moitas persoas para traer hoxe esta proposta aquí.

Vostedes apelan de maneira constante á Lei de 2014, xa o fixeron en días anteriores a este debate, por iso no caso do BNG centramos tamén a nosa intervención en intentar desmontar certas falacias que vostede sabe. É dicir, a Lei de non discriminación, de trato igualitario para o colectivo LGTBI, non despatoloxiza, ¡non despatoloxiza!, porque non está nin foi redactada para iso nin está pensada para iso. Non introduce ningunha facilidade para cambiar a identidade nos documentos de identidade, no rexistro de identidade, nin para acceder a ningún tipo de tratamento médico ou sanitario, a ningún, porque non está pensada para iso, non foi redactada para iso, senón simplemente para garantir que eu, se vou coa miña parella a un bar e me bico con outra muller, non me moan a paos alí dentro. (Aplausos.) Para iso estaba pensada esa lei. pero estamos falando dunha cousa diferente, estamos falando dunha cuestión diferente.

Eu o único que quero é facer mención ás persoas que estades hoxe aquí e ás que me imaxino estarán na porta deste pazo do Hórreo. Vós non ides parar, nós tampouco. Había atrancos, sabiamos desde o principio que non ía ser fácil. O feito histórico de que hoxe se estea debatendo isto aquí, sen complexos, xa é un avance. Seguiremos avanzando. Non podemos ir tirando barreiras do camiño todo o rápido que quixeramos pero si que fomos avanzando. Vós sodes o impulso que move esta Cámara, porque, se non fose por vós, nin sequera estaríamos a debater isto hoxe aquí. Así que, de tirar os brazos, nada, e vémonos nas rúas, que é onde se gañan e conquistan dereitos, non só nos parlamentos.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Señora Rodríguez-Vispo, aínda que ás veces cheguemos a acordos, non é soamente que non sexamos iguais, é que somos radicalmente diferentes. Mentres nós lexislabamos para os dereitos e as liberdades do colectivo LGTBI, vólvollo repetir, vostedes opúñanse. Mentres nós pedaleabamos subindo esa costa da igualdade e da liberdade, vostedes empuxaban e daban combustible ao autobús de Hazte Oír. Esa é a realidade.

A lei galega é unha lei de mínimos, unha lei que non entra en cuestións que si entran nesta lei, e xa se explicou aquí. Se é o mesmo, ¿que teñen todas estas persoas que están aquí hoxe?, ¿un capricho? ¿Por que necesitan esta lei? ¿Por que queren esta lei?

Vostedes seguen sendo os mesmos de sempre, porque, señora Rodríguez-Vispo, expresións como as que anotei, de: as leis teñen que unir, non dividir, era o mesmo que dicían vostedes coa aprobación do matrimonio entre persoas do mesmo sexo. Seguen sendo as mesmas persoas intolerantes, encerradas nun armario, exactamente as mesmas, aínda que traía vostede aquí unha bandeira do colectivo, exactamente as mesmas. Os que non actúan con normalidade son vostedes, non a sociedade, a sociedade quere e reclama que todos e todas teñamos os mesmos dereitos e as mesmas liberdades públicas. E despois, con todo o respecto que sabe que lle teño. ¡Que mezquindade vir aquí malmeter —por dicir dalgunha maneira—, poñer nomes e apelidos, falar de entidades, falar de activistas, de persoas que se levan batido nas rúas para loitar polos dereitos dos cidadáns e as cidadás deste país. Señora Rodríguez-Vispo, reflexione, porque, dende logo, a súa intervención de hoxe non é para menos.

Vostedes seguen sendo os mesmos de sempre: «*Es una manía del gobierno parecer moderno, y no una reclamación de los homosexuales.*», dicía o presidente deste país no ano 2005. Temos que acabar con leyes asquerosas, dicía alguén que tamén foi presidente da Xunta de Galicia. Hoxe, a diferenza que hai é que fan vostedes unha viraxe política, dende o maquillaxe do señor Feijóo, moderado, amable e medio progresista, á ala máis dura e radical do Partido Popular. Porque, señorías, en Murcia e en Madrid o Partido Popular abstívose cunha lei practicamente igual a esta, e mesmo en Andalucía votaron a favor. Queda, polo tanto, completamente desmontada esa imaxe que queren vostedes vender de moderados e de medio progresistas, porque non chegan nin a progresistas cando collen e sacan esta bandeira aquí.

Ás e aos que estades aí, dicirvos que hoxe perdemos unha grande oportunidade, que viñamos —cónstame— esperanzados e intentamos na medida do posible que o Partido Popular reflexionara ao respecto. Tamén que este grupo, o Grupo Parlamentario Socialista, non vai baixar os brazos, non o fixemos nunca. Imos seguir pelexando polos vosos dereitos, polos dereitos de toda a cidadanía, que é o que levamos facendo moito tempo. Grazas.

Grazas tamén polo voso labor paciente, polo respecto que tedes sempre, aínda que non volo teñan.

Grazas pola vosa dignidade, amosada en cada momento desta loita. Esta é unha batalla, a guerra é moi longa. Imos seguir dando o callo todos os días.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Finalizado o debate, procedemos á votación dos textos lexislativos.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando o proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. Comezamos votando, en primeiro lugar, as emendas á totalidade.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que é unha emenda á totalidade con texto alternativo.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade con texto alternativo do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 38; abstencións, 14. O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a emenda a totalidade, tamén con texto alternativo, do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da emenda á totalidade con texto alternativo do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o proxecto de lei.*

Votamos.

Votación do Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto lexislativo.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, integral de identidade de xénero de Galicia.*

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, integral de identidade de xénero de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a toma en consideración da proposición de lei, do Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, integral de identidade de xénero na Comunidade de Galicia.*

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, integral de identidade de xénero na Comunidade de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: Votamos a toma en consideración da proposición de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia integral de identidade de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia.

Votamos.

Votación da toma en consideración da proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, integral de identidade de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: Abran as portas, por favor, terminaron as votacións.

Pasamos ao segundo punto da orde do día, que se corresponde co de comparecencias en pleno.

Prégolles aos servizos da Cámara que acompañen os nosos invitados. *(Aplausos.)*

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para informar da situación e perspectivas do Plan de transporte público de Galicia

O señor PRESIDENTE: Acumúlase a esta comparecencia a iniciativa dos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por iniciativa dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para explicar o novo escenario en relación co transporte público de viaxeiros e viaxeiras por estrada en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a intervención nesta comparecencia, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, comparezo hoxe por petición propia, e tamén atendendo a petición dos diferentes grupos parlamentarios, para trasladar e informar da situación e das perspectivas do novo

plan de transporte público de Galicia. É un asunto que non é novo neste Parlamento e que tivemos a oportunidade de expoñer e de abordar nalgúns momentos nesta Cámara. Na investidura do propio presidente foi avanzado por este. Eu mesma dei conta deste plan de transporte na comparecencia dos orzamentos; entrei en máis detalles deste plan de modernización e reordenación cando comparecín no Parlamento en febreiro para falar das liñas estratéxicas da Consellería na lexislatura en materia de infraestruturas e vivenda, e recentemente demos resposta a iniciativas específicas que formularon os diferentes grupos parlamentarios.

Polo tanto, non é un asunto novo a tratar neste Parlamento, pero hoxe quixen estar aquí para informar sobre a situación actual dun tema que sabemos que está de absoluta actualidade, e creo que a posta en marcha da primeira fase deste plan necesita ser explicada para non crear visións erradas e, dende logo, inxustificadamente alarmistas.

Un plan de calado e novidoso coma este a priori pode xerar incertezas, reticencias ou certos medos, pero é un plan de transporte público de Galicia imprescindible, inaprazable, que é a garantía dos servizos e, polo tanto, tamén dos empregos, e a medio prazo, dende logo, veremos a súa eficacia e as súas vantaxes.

Levamos moito tempo traballando neste plan. Está a ocupar a maior parte do traballo da Consellería e tamén o fará nesta lexislatura. Temos dito en reiteradas ocasións que traballamos e traballaremos para que esta sexa a lexislatura do transporte e para facer sostible o transporte de hoxe e do futuro, para facer sostible o transporte de hoxe e tamén dos vindeiros vinte e cinco anos.

Eu quero ser clara con este plan de transporte, un plan que está pensado non só para garantir os servizos, senón para mellorar os servizos especialmente no rural, para que en ningún caso se perdan os servizos de transporte no rural, e para garantir o emprego. Tamén está pensado para velar polo futuro das pequenas e medianas empresas; un plan que é a única alternativa viable e legal para garantir os servizos e tamén para garantir o emprego a partir de agosto.

Un plan que trae vantaxes para todos. Para os nenos porque teñen plenas garantías, cun acompañante en todas e cada unha das liñas; garantido, polo tanto, o transporte escolar. Un plan que é bo para os veciños do noso rural, incrementando os servizos dos nosos veciños do rural. Un plan pensado para os traballadores, que vén garantido coa cláusula de subrogación, falada, tratada, debatida e acordada cos sindicatos, e tamén pensado para as pequenas e medianas empresas, que incrementarán as súas posibilidades para a licitación.

Para poñer un pouco en contexto toda esta situación eu teño que remontarme practicamente ao inicio, non ao ano 2007, pero si ao ano 2009, no que cando este goberno chega á Xunta de Galicia en poucos meses entraba en vigor o regulamento europeo que se coñecía no ano 2007, incluso xa no ano 2005, e poñía en risco, en perigo, a práctica totalidade das liñas de transporte de Galicia e tamén os 5.000 empregos do sector. Trouxemos a este Parlamento unha lei para dar continuidade a esas liñas de transporte e tamén para garantir o emprego. Este goberno buscou unha resposta inmediata e razoable, acordada co sector —teño que

dicir que acordada co sector—, para blindar o servizo e dar estabilidade ao emprego ante as novas regras de xogo que marca Europa. Unha urxencia que teño que dicir provocada pola inacción doutros, porque, dende logo, a normativa europea coñécese dende hai moitísimo tempo, xa no ano 2005, e por suposto dende o ano 2007, cando se coñece na súa totalidade o regulamento europeo.

Nós sentimos como propio ese risco que corrían os 5.000 empregos, por iso puxemos sobre a mesa esa lei do ano 2009 e comezamos a planificación para reordenar e modernizar o transporte público en Galicia, sendo conscientes de que o actual sistema quedou obsoleto e de que temos que responder ás necesidades reais dos nosos veciños de Galicia e, sobre todo, especialmente dos nosos veciños do rural, porque é para quen está pensado principalmente este plan.

O ano pasado a sentenza do Tribunal Supremo volveunos situar no escenario de caducidade, anulando as prórrogas daquelas concesións e poñendo novamente en risco os servizos e tamén o emprego.

Quixemos blindar ata o ano 2019 o servizo público, fundamental para moitísima xente, e o verán pasado aprobamos unha lei dialogada e acordada co sector, a Lei 10/2016, para reordenar globalmente o sistema de transporte, blindar as liñas e, polo tanto, tamén o emprego. Unha lei que garantía a prestación interrompida do servizo e coa que nos obrigabamos a un novo plan de transporte de Galicia para implantar no ano 2019.

Unha norma que deixaba liberdade ao lexítimo dereito das empresas a renunciar á concesión e que podían prescindir de seguir prestando servizo ata o ano 2019, obrigando a estar prestando ese servizo un ano, é dicir, ata agosto de 2017, cando a Xunta procederá á adxudicación dos novos contratos.

Atopámonos, polo tanto, cunha lei que, a pesar de ser unha lei participada e consensuada co sector, as empresas exerceron o seu dereito de renunciar a determinados servizos. Renunciaron a máis de 570 liñas de transporte de Galicia: practicamente todo Ourense, case todo Lugo e determinadas zonas de Pontevedra e tamén de Coruña. Polo tanto, practicamente todos os contratos de concesións de transporte xeral da metade das liñas de transporte de toda Galicia en agosto van deixar de estar en vigor, desaparecerán esas liñas de transporte o próximo mes de agosto. Por iso, señorías, a pesar desa lei, que dá un prazo de dous anos para a aprobación do novo plan de transporte de Galicia, foi preciso implantar unha primeira fase para agosto deste ano, para garantir a continuidade do servizo e, polo tanto, tamén os empregos.

O escenario non foi buscado, por suposto que non foi buscado. Temos un novo marco europeo que impide novas prórrogas das liñas de transporte, unha sentenza do Tribunal Supremo e as renuncias en bloque na provincia de Ourense, en practicamente todo Lugo e en zonas de Pontevedra e Coruña. Polo tanto, tiveron como consecuencia gran parte do traballo que estamos a facer, e tivemos que adiantar o traballo pensado para 2019 a agosto deste ano.

Estamos a centrar todos os esforzos dende hai moitísimo tempo porque o noso obxectivo é blindar o servizo aos usuarios e tamén garantir o emprego. Esa é a nosa premisa irrenun-

ciable, a liña vermella: garantir o servizo aos nosos veciños do rural e que sigan contando co servizo de transporte público máis alá do mes de agosto, e tamén que os traballadores conserven o seu emprego.

Polo tanto, non é un escenario buscado, temos a responsabilidade de reconverter todas estas situacións complicadas, complicadísimas, nunha oportunidade para mellorar os servizos públicos. Por iso deseñamos, planificamos e seguimos traballando con moitísima intensidade, cunha folla de ruta clara, cun calendario preciso, para protexer e adecuar o transporte público ás verdadeiras necesidades dos galegos.

Unha folla de ruta na que a primeira fase é a partir do mes de agosto, o plan de transporte público. Se non hai plan, non teremos liñas e non teremos emprego. Tamén nos permitirá ensaiar e adaptar todo o que vexamos coa implantación deste plan para o que teñamos que facer no ano 2019. A segunda fase no ano 2019, este novo plan de transporte público, para deseñar os novos servizos. E, dende logo, a meta é mellorar substancialmente a mobilidade dos nosos veciños do rural.

Estamos, polo tanto, ante unha oportunidade para mellorar a situación do transporte público en Galicia, e máis tendo en conta as zonas afectadas por esas renuncias, porque son as zonas que máis necesitan o transporte público, as de maiores carencias, pola dispersión poboacional e polo envellecemento da poboación. E na Xunta entendemos que esa era unha conxunción que non podiamos deixar pasar para a posta a punto dun modelo de transporte propio do século XXI.

Ao longo do último ano centramos esforzos na elaboración do desenvolvemento da primeira fase do plan de transporte público. O obxectivo —como digo— básico e irrenunciable é que os servizos de transporte público estean operativos o próximo mes de agosto, no vindeiro mes, e por iso nesta primeira fase dividimos Galicia en 6 zonas; planificamos a execución deses traballos; analizamos o transporte que hai na actualidade, pensando o que necesitamos para o futuro do transporte e atender as demandas reais; analizamos parroquia a parroquia tendo en conta os diversos e dispares condicionantes, a gran transcendencia que teñen nas diferentes zonas do noso rural o día da feira, a subministración do sintrom no centro de saúde, necesidade de ir ás oficinas agrarias, aos bancos para retirar a pensión. Dende logo, pensamos en todo isto.

Ademais, o pasado ano desenvolvemos tamén unha normativa para poder implantar nesta primeira fase do transporte público de Galicia, regulando e preparando o uso compartido das diferentes modalidades do transporte público: o transporte xeral e o escolar, cun procedemento para a adxudicación das novas liñas por obriga legal, logo das renuncias que presentaron voluntariamente determinadas empresas. E tamén a posibilidade de concorrer. Abrimos unha normativa para a posibilidade de concorrer as empresas en UTE para garantir a máxima participación. Configuramos tamén un panel de expertos en materia de transporte para coordinar estes diferentes traballos. E, como non podía ser doutro xeito, tamén mantivemos reunións cos diferentes concellos, cos diferentes alcaldes, para abordar esta planificación coa colaboración estreita dos concellos, que consideramos, dende logo, imprescindible.

Enquisas aos concellos, achegas, reunións coas asociacións de transporte, tamén coas ANPA, coa Fegamp, cos diferentes concellos, con particulares... Un plan que teño que dicir que, por suposto, foi dialogado. Sentámonos na mesa de diálogo, e seguiremos estando cando se poña en marcha, porque consideramos imprescindible seguir dialogando mentres se pon en marcha este plan. Por suposto, o noso compromiso é a participación e o diálogo non só na primeira fase, senón tamén na segunda fase que temos que implantar no ano 2019.

Identificamos, polo tanto, as necesidades, os diferentes eixos de demanda no noso territorio, a oferta do transporte escolar para avaliar as sinerxías que podiamos aproveitar do transporte escolar, e atendendo a todas esas conclusións, a todo ese traballo de moita xente durante moito tempo, sentamos as bases do que é a planificación do novo plan de transporte público en Galicia.

Primeiro apostamos por ofertar as liñas de transporte con contratos formais para garantir a eficiencia, para racionalizar e reordenar o traballo do transporte, e apostamos pola fórmula do uso compartido do transporte escolar e transporte de viaxeiros. (*Aplausos.*) Transporte de uso compartido que xa está a funcionar en moitas comunidades autónomas dende hai moito tempo. Hai moitos sitios de Galicia nos que sabemos que o servizo de autobús non é rendible. En moitos deses lugares hai autobuses escolares con vacantes, polo tanto, queremos que as vantaxes do transporte escolar cheguen a todo o mundo que o precise. Autobuses de menor idade, cinturóns de seguridade, máis inspeccións e tamén acompañantes en cada unha das liñas. Sempre defendemos que non queremos xente sen autobuses nin autobuses sen xente. O rural galego non ten futuro sen un transporte público e o transporte público non ten sentido, dende logo, sen viaxeiros. Cremos na integración do transporte, por suposto que si; o uso compartido é un bo sistema para garantir os servizos no rural, blindando, por suposto sempre, a atención aos escolares. (*Aplausos.*)

E así o entenden moitas outras comunidades autónomas que xa teñen implantado este sistema: Castilla-León, Asturias, País Vasco, Navarra; comunidades autónomas de diferentes cores políticas que apostan por un uso compartido do transporte e autonomías que nos levan moito camiño por diante. Dende logo, Galicia é quen máis necesita este modelo de transporte, porque temos a maior rede de transporte en España, e temos exemplos como o de Castilla-León que está funcionando cun notable éxito. Así o ten trasladado o consejero de Castilla-León aquí en Galicia en sesións informativas ás ANPA, explicando os beneficios, os importantes beneficios sociais, deste modelo de transporte de uso compartido. Na Xunta cremos que este é un modelo que vai funcionar exitosamente, como digo, e en Galicia, dende logo, necesítase máis que en calquera das outras comunidades autónomas.

Destínanse 120 millóns de euros ao transporte escolar. O maior sistema de transporte escolar que temos en España o temos aquí en Galicia, o 40 % da rede de España témola aquí. Queremos estender ese beneficio socialmente para que chegue a quen máis o necesita, a todo o mundo que o precisa; un novo modelo para destinar eses 120 millóns de euros e que se poña ao servizo de todos os galegos que o precisan, para aproveitar esas prazas baleiras do transporte escolar, blindando, por suposto, a atención dos nosos nenos, para darlle un maior uso social a ese transporte de uso compartido e para aproveitar eses asentos baleiros dos autobuses escolares e usar un modelo de transporte a demanda en períodos non lectivos, garan-

tindo, como dicía, a figura do acompañante en todas e cada unha das liñas do transporte, das liñas de uso compartido. Incrementaremos en 146 os acompañantes. Polo tanto, incrementaremos un 60 % o número de acompañantes das liñas de transporte de uso compartido. *(Aplausos.)*

Partindo desas bases, sometemos á información pública os anteproxectos en maio e incorporamos aos plans, aos proxectos, achegas e propostas que foran viables e factibles. Tiven a oportunidade de reunirme con moitísimos alcaldes, recentemente tamén con asociacións de empresarios, en Valdeorras, Viana do Bolo, Ourense..., mellorando o plan día a día, con visións construtivas, con aportacións construtivas, porque sempre entendemos que este plan, que é un plan moi importante que precisa Galicia para reordenar e modernizar as liñas de servizos, debe contar, por suposto, coa máxima participación. A nosa vocación é de diálogo e de participación, con achegas construtivas, e de mellorar o plan, incrementando os servizos e, dende logo, mellorándoos para adaptalos ás necesidades reais da xente e dos veciños do rural. Mantivemos estas xuntanzas —eu persoalmente— cos sindicatos e coa patronal coa porta aberta ao diálogo, e dende logo que traballar conxuntamente é a clave do éxito para este plan. Así é, dende logo, como nós o entendemos.

Señorías, na Xunta podemos entender perfectamente que todo cambio pode xerar dúbidas e pode xerar inseguridades, incertezas, pero non se deben esquecer nesta primeira fase do plan as renuncias de determinadas empresas e que, polo tanto, vén motivada esta primeira fase como consecuencia das renuncias. A nosa obriga como administración pública dende logo que é velar polo interese de todos os cidadáns e licitar de novo as liñas para garantir o servizo a todos os usuarios.

E o que tampouco se pode obviar, señorías, é que á implantación do Plan de transporte público se ten sumado tamén algo que está pendente a día de hoxe e que me gustaría que se asinara canto antes, que son os convenios colectivos pendentes entre sindicatos e patronal. Iso tamén ten propiciado o que vimos nas últimas semanas, e hoxe mesmo os usuarios xa están prexudicados por unha nova xornada de folga, pero non olvidemos eses convenios pendentes entre patronal e sindicatos que agardo que se poidan firmar canto antes.

O dereito á folga é sagrado, pero tamén o dereito ao traballo, o dereito á educación. Polo tanto, o incumprimento dos servizos mínimos dende logo que dende o Goberno galego o vemos como totalmente insolidario.

Dende o Goberno galego temos demostrado disposición ao diálogo, á negociación, pero sempre dentro do marco legal. A man está tendida, e seremos os últimos en levantarnos das mesas de negociación —os primeiros en sentarnos, os últimos en levantarnos nas mesas de negociación— para afondar en melloras sociais e laborais. Creo que ten habido avances, importantes avances e acordos importantes, aproximando posturas para garantir o emprego, a estabilidade no emprego e a tranquilidade aos traballadores, que son os que máis nos preocupan a día de hoxe. *(Aplausos.)*

E, por iso, no Consello da Xunta deuse luz verde a semana pasada á contratación das novas concesións, pero asegurando a continuidade do emprego cunha cláusula de subrogación;

plenas garantías para o emprego, e tamén pensando nas pequenas e medianas empresas. Unha cláusula de subrogación dos traballadores, traballada conxuntamente cos sindicatos. Queremos agradecer o traballo, por suposto, dos sindicatos para aportar esta cláusula de subrogación. E podemos dicir que temos unha cláusula de subrogación de referencia en España; cláusula fundamental para garantir os dereitos dos traballadores. Incluso imos máis alá e prevemos como causa de resolución do contrato o incumprimento das obrigas de subrogación ou a vulneración dos dereitos dos traballadores.

Garantías tamén para as pequenas e medianas empresas, limitando o número máximo de contratos, adxudicados ata o 25 %, ofrecendo garantías nas condicións laborais e sociais nos traballadores a partir da subrogación e pensando nas pequenas e medianas empresas. Seguiremos traballando, continuando e avanzando na tramitación administrativa para ter servizos e que se aseguren os empregos a partir do mes de agosto.

Hoxe mesmo estamos xa dando un novo paso coa publicación dos novos proxectos definitivos, dos 41 proxectos definitivos colgados hoxe na páxina web para que poidan consultarse por todo o mundo, facendo un exercicio tamén de transparencia e de responsabilidade. Un proxecto que recolle as propostas dos sindicatos, incrementando substancialmente o orzamento dos contratos para incrementar tamén substancialmente o importe para os condutores e garantir a plena implantación desa cláusula de subrogación traballada conxuntamente coas forzas sindicais.

Mañá mesmo iniciaremos a licitación, a contratación dos novos servizos, licitando eses contratos que precisamos nesas zonas onde se produciron esas máis de 570 renuncias de liñas de transporte. E estamos a facelo consonte a normativa europea, consonte a sentenza do Tribunal Supremo e tendo en conta as renuncias das empresas de transporte a practicamente 600 liñas.

É, polo tanto, a única alternativa viable e legal para blindar e mellorar os servizos no noso rural a partir do mes de agosto e protexer os empregos ao sector, ao que lle daremos máis carga de traballo e de forma máis ordenada. E a nosa obriga, dende logo inescusable, é defender os intereses de todos os galegos, o interese xeral aos servizos e ao emprego.

Estamos a falar dun plan con plenas garantías dos escolares, máis e mellores servizos no rural, mantendo e garantindo o emprego e dándolle estabilidade ao emprego e, dende logo, pensando no futuro tamén das pequenas e medianas empresas. Esta é a esencia deste Plan de transporte público de Galicia que estamos a deseñar, no que estamos a traballar. Queremos duplicar o número de paradas para esa xente que vive no rural, aproveitar a sinerxía que nos aporta o transporte escolar con ese modelo de uso compartido e permitir que dous millóns de galegos non queden sen transporte e teñan incluso mellorado ese transporte público e mellorada a súa mobilidade. Estamos a falar da única alternativa legal e viable para ter transporte a partir de agosto e para ter empregos a partir de agosto; é a única alternativa viable e legal para os empregos e para dar estabilidade e tranquilidade.

Un plan que melloramos día a día e que seguiremos mellorando coas achegas construtivas, ao igual que os sindicatos enriqueceron, dende logo, as reunións dos últimos días. Agardo,

por suposto, as achegas construtivas. Temos un gran reto por diante, un obxectivo importante de país e, polo tanto, traballaremos polo interese xeral e por darlles máis e mellores servizos e máis beneficios á xente do rural.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día, ou boa tarde, non sei xa en que parte do día estamos.

Benvida, señora conselleira, aínda que veña a esta Cámara obrigada pola situación do conflito provocado pola súa política despois de tres semanas de folga e logo de algo que é un logro histórico, porque vostedes conseguiron poñer de acordo os sindicatos e a patronal e outros sectores en contra do Plan do transporte. Polo tanto, algo deberon facer mal para provocar este rexeitamento maioritario que deu lugar a esta folga que dura xa tres semanas.

Esta comparecencia desde logo chega tarde, e non o digo só pola hora na que estamos; digo que chega tarde porque, como vostede mesmo acaba de dicir aquí, xa está todo cociñado, xa está todo decidido, vaise publicar no DOG ou xa se publicaron no DOG os novos contratos; xa está todo amañado e, polo tanto, vénnos aquí dicindo que fagamos propostas construtivas. Non sei como se pode entender isto. Ata agora non contaron con ninguén e agora véñennos dicindo que fagamos propostas construtivas, pero, desde logo, xa as fixemos aquí, xa as trouxemos ao Parlamento e volveremos facerllas hoxe tamén.

Tivo, desde logo, vostede oportunidades abondo para vir aquí falar deste tema, tivo vostede outra comparecencia, pero non quixo vir aquí falar precisamente desta cuestión, e iso parécenos que é un exemplo de escurantismo, de falta de participación, de falta de diálogo e de prepotencia, porque vostedes o que utilizan é o «ordenado e mando» a través da publicación no DOG, sen consultar a ninguén, que é, por outro lado, algo que caracteriza este goberno. E vén tarde, mal e arrastro. Eu creo que, ademais, vén soa ante o perigo. Hai unha imaxe que o ilustra perfectamente porque vén vostede falar aquí co banco do Goberno ausente; non vén aquí ninguén a escoitala nin a respaldala. Isto creo que exemplifica moi ben a posición na que está vostede con respecto a esta cuestión.

A realidade é que a xestión deste asunto pola Consellería xéranos moitas preguntas, moitas dúbidas, e xera, desde logo, moita alarma social, como estamos vendo estas semanas. Di vostede, dixo aquí, que leva moito tempo traballando neste tema, e a primeira pregunta que lle quero facer é a seguinte: ¿fixérono así de mal a propósito ou foi por casualidade? Porque conseguir poñer a tanta xente en contra, desde logo, non é fácil de superar.

E ademais, este tema, a xestión deste tema, o que evidencia é a mala xestión do Plan de transporte no último ano, pero tamén a mala xestión da Consellería ao longo de oito anos,

porque vostede pódelle botar a culpa ao empedrado, pódolles botar a culpa a outros gobernos, pero a realidade é que vostedes levan gobernando oito anos e durante todo este tempo estiveron ocultando o problema, e agora veñen á última hora con présas e con improvisación, intentando arranxar o asunto. E, ademais, isto pon en evidencia a situación na que está a Consellería, a inestabilidade que demostra tamén o desnorte, o feito de que leven, en pouco máis de catro anos, catro directores xerais na Consellería. Esta é a realidade, e así isto demostra o que está pasando na súa consellería.

E tamén —xa o dixemos noutras ocasións— creo que todo o mundo está de acordo —nós tamén, desde logo— na necesidade dun novo sistema de transporte e de mobilidade no noso país, xa que o actual está obsoleto e é ineficaz, e disto, desde logo, teñen moita responsabilidade os gobernos como os seus, que estiveron permitindo esta situación, facendo as concesións ao longo das últimas décadas. Pero co que non estamos de acordo, co que non imos transixir, é con que a proposta que vostedes fan sexa a mellor. Non estamos de acordo no fondo e tampouco estamos de acordo coas formas e non aceptamos o que dixo vostede aquí, que este é un plan de calado e novidoso, cando realmente, se é para dous anos, é un experimento, e un experimento que xa veremos como sae.

Desde logo, non estamos de acordo nas formas, non estamos de acordo na improvisación e nas présas con que veñen actuando nos últimos meses, e tampouco coa falta de transparencia, de diálogo e de participación que evidenciaron en todo o proceso de tramitación deste plan, e tampouco, desde logo, coa súa prepotencia e coa súa soberbia. Desde logo, a improvisación e as présas son evidentes, porque vostede dixo que se reuniron con non sei cantas alcaldías, con non sei cantos sectores, con non sei cantos colectivos, pero a realidade é que fixeron toda a tramitación deste plan nun tempo récord, de catro ou cinco meses, cando lles adxudicaron os contratos ás consultoras. Que disto habería moito que falar tamén. Non teño tempo, pero habería moito que falar deses contratos, de como se lles adxudicaron eses contratos e de como resulta que fan os plans, os estudos e os plans en escasamente tres meses e os publican ao cabo de catro meses no DOG. Isto non é nin participación nin é diálogo nin é transparencia nin é nada; isto é prepotencia, soberbia, imposición e falta de diálogo. Ou o feito de que lle adxudiquen nada máis e nada menos que a metade deses estudos a unha empresa, que ademais é asesora da propia consellería en materia de transporte, en materia de mobilidade. ¿Parécelle a vostede normal —fágolle esta pregunta— que se presenten os anteproxectos tres ou catro meses despois de asinar os contratos e que a mesma empresa que asesora a Consellería sexa a adxudicataria da metade dos contratos? ¿Parécelle isto, señora conselleira, normal?

Ben, as présas e a improvisación tamén explican a chapuza administrativa que foron estes anteproxectos, que foron rexeitados, que foron emendados e dos que vostedes mesmos tiveron que corrixir unha gran cantidade de erros. E eu pregúntome se lles van pagar aos sindicatos e á patronal, que lles puxeron en evidencia unha gran cantidade de erros que tiñan eses anteproxectos, e se se lles vai pagar ás consultoras pola chapuza que fixeron.

Tamén nos esperta, desde logo, moitas dúbidas iso que vostedes chaman «a integración do transporte escolar no transporte regular» e que en realidade son servizos regulares —falemos claro— con reserva de praza para escolares. E isto non ten nada que ver con Castela-

León. Aquí xa se estaban aplicando estas fórmulas co TES+BUS, que se podían seguir ampliando en zonas rurais e que poden ser unha solución, pero non implantar unha solución xeral en todo o país porque, desde logo, non sei se vostedes valoraron as consecuencias, os problemas que se van dar con esta fórmula, sobre todo nos ámbitos urbanos, coa mestura do transporte regular e o transporte escolar.

Tamén nos xera moitas dúbidas a rescisión unilateral dos contratos en vigor ata o ano 2020 no caso do transporte escolar. Non sei se teñen calculado —fágolle a pregunta tamén, espero que ma conteste— o custo das indemnizacións e das reclamacións das empresas polas débedas contraídas pola Xunta, ou os custos de todas as reclamacións e a xudicialización que vai haber con este tema. E tamén nos xera moitas dúbidas o feito de que vostedes mesturen as concesións renunciadas coas concesións do transporte escolar para aplicar a Lei de acompañamento. Sobre isto tamén hai moitas dúbidas legais, e penso que pode ter graves consecuencias.

Está claro que aquí hai intereses escuros, se non, non se facían as cousas así, con esta falta de diálogo, con esta falta de transparencia. Van provocar unha desfeita, unha desfeita nos postos de traballo, unha desfeita na forma de precariedade e de temporalidade no emprego, de destrución do tecido empresarial e de concentración do negocio en grandes empresas. Van cara ao monopolio. Aquí hai intereses ocultos, e vai todo na mesma dirección que están aplicando con outros macrocontratos, como o caso das ambulancias ou como queren facer tamén co 065; é dicir, con vender o país a cachos ao servizo de intereses alleos.

Esta desfeita ten responsábeis, señora conselleira, e a principal responsábel é vostede. Por iso queremos pedir aquí, en sede parlamentaria, a súa dimisión ou o seu cesamento, porque vostede é a principal responsábel desta desfeita, e vostede mesmo foi desautorizada polo propio presidente da Xunta cando lle mandou parar a negociación e cando, mentres convocara vostede unha reunión para a tarde, a desconvocou porque ao día seguinte ían saír aprobados polo Consello da Xunta os criterios para a adxudicación dos novos contratos.

Esta situación é consecuencia da prepotencia e tamén do ordeno e mando, vía DOG, como acaba de dicir vostede aquí. Vénnos pedir propostas e resulta que van publicar os contratos no DOG. E tamén da prepotencia e da irresponsabilidade do señor presidente da Xunta, que ten moita responsabilidade nesta cuestión, porque se atreveu mesmo a acusar tanto aos sindicatos e á patronal como nada máis e nada menos que a utilizar os nenos e as nenas como reféns, como unha especie de secuestradores de nenos e de nenas. Polo tanto, vai ter consecuencias graves no servizo, no emprego, en forma de xudicialización e en forma de indemnizacións millonarias. Polo tanto, o que está demostrando é a súa incapacidade para negociar, pero para negociar coas tres partes, porque esta é a maneira de arranxar a situación: sentar nunha mesa as tres partes e non utilizar a técnica que utiliza vostede do «divide e vencerás».

Polo tanto, hai alternativas, e nós querémolas poñer aquí hoxe sobre a mesa. A primeira é a suspensión da tramitación do plan; é posíbel facelo. En segundo, a prórroga das concesións; é posíbel e é legal, declarándoas de utilidade pública. E xa lle dixeron as empresas que aceptaban a solución de non facer reclamacións económicas por esa nova situación de declaración de utilidade pública; desde logo, crear unha verdadeira mesa de diálogo e de participación na que estean as institucións, na que estean os concellos, na que estea a sociedade afectada

por esta cuestión, na que estea tamén a parte laboral, para facer de verdade, con tempo, sen présas, sen improvisación e con diálogo, un verdadeiro plan de transporte e de mobilidade para o século XXI.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, bos días a todas e a todos.

Bos días, señora conselleira.

As galegas e os galegos temos dereito ao transporte público e a Xunta de Galicia ten as competencias para nos garantir ese dereito, e vostede asumiu esa responsabilidade no Goberno do Partido Popular.

Benvida; bos días e benvida.

Outra vez tiveron que ser os grupos da oposición nesta Cámara os que tomaran a iniciativa ante a súa falla de interese para que supere a renuncia activa e exerza as súas responsabilidades en transportes, entre elas a de dar explicacións nesta Cámara, coa conivencia pasiva do señor presidente. Polo tanto, comparece vostede como compareceu hai xustamente un ano cando houbo a sentenza do Tribunal Supremo e a renuncia das concesións.

Merecía a pena que viñera voluntariamente. Cremos que é un tema ao que debería vir vostede por iniciativa propia tanto hai un ano como agora mesmo, pero non o fixo. Non o fixo porque estaba igual de incómoda que o ano pasado, que acudiu para ser interpelada naquel momento polo Grupo Parlamentario Socialista. Somos conscientes de que lle gusta máis monologar que dialogar, señora conselleira, e esa actitude é pouco aceptable nun gobernante.

Nas liñas de acción para o ano 2017 da Dirección Xeral de Mobilidade di textualmente: «O sector do transporte en Galicia ten unha enorme importancia estratéxica, e é verdade, ao afectar transversalmente todos os sectores produtivos. Supón aproximadamente o 5 % do produto interior bruto de Galicia e xera sobre o 5 % do total de emprego».

Máis de 300 empresas de transporte de viaxeiros por estrada e 5.000 traballadores no sector ben merecían e merecen outro trato e outra actitude pola súa parte. Pero os gobernos do señor Feijóo elixiron o «ordenado e mando» como liña de acción política, vetando a participación de expertos, de organismos, de institucións do sector do transporte, dos traballadores, do Parlamento e dos afectados.

Así, a Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia, debateuse polo procedemento de lectura única; un procedemento extraordinario e urxente que exclúe os informes de institucións e organismos e veta as emendas parciais dos grupos parlamentarios. Esta lei foi a plataforma para tentar burlar o Regulamento da Unión Europea, que se consumou coa ilegal Resolución do 26 de febreiro de 2010 da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se aprobou o Plan de modernización das concesións de transporte regular permanente de persoas de uso xeral por estradas de Galicia. Esta resolución foi anulada polo Tribunal Supremo, e con ela as prórrogas das concesións.

Non manifeste, polo tanto, vostede que o Tribunal Supremo condicionou o transporte regular en Galicia cando quen si o condicionou foi a resolución da Dirección Xeral de Mobilidade. O Supremo simplemente dixo que esa resolución vulneraba o dereito comunitario, nada máis. Se non houbera esa resolución, non habería sentenza do Supremo. ¿É fácil de entendelo, ou non?

Señora conselleira, esta foi a súa herdanza, unha lei de medidas urxentes non participada, exclusiva do Partido Popular, a Lei 5 do 2009, unha resolución ilegal da Dirección Xeral de Mobilidade e unha pasividade e un desinterese polo transporte público realmente preocupante. E non pareceu sentirse incómoda neste escenario, porque tomou a alternativa incumprindo a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sistema de transporte público autonómico, que na disposición adicional décimo segunda, punto 3, di textualmente: «No prazo de doce meses desde a entrada en vigor da presente lei, a Xunta de Galicia deberá elevar ao Parlamento de Galicia un proxecto de lei de mobilidade de Galicia no que se desenvolverá un sistema integrado de transporte público de persoas coordinando as distintas redes de transporte público existentes». Obviamente, nunca presentou este proxecto de lei de mobilidade de Galicia, a pesar de contemplarse na Lei 14/2013, de pedilo reiteradamente o Grupo Socialista e de figurar, ademais, no programa electoral do Partido Popular.

Tras este incumprimento e tras a sentenza do Tribunal Supremo, retomou o camiño errático do seu antecesor: Lei 10/2006, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, co Plan de transportes como anexo; un plan anexo que, evidentemente, limita a participación de organismos, institucións, Parlamento, etc. E logo a Resolución do 29 de maio da Dirección Xeral de Mobilidade pola que se someten á información pública anteproxectos de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada. O coñecemento público dos anteproxectos de explotación con só dez días naturais para presentar alegacións desencadeou unha morea de críticas, incertezas e certezas ás formas e aos fondos dos mesmos. Outra vez con dez días para a reclamación, para facer alegacións. Evidentemente, limítase a participación.

Señora conselleira, é unha certeza que os sectores implicados non participaron activamente no deseño do plan porque vostede non promoveu a súa participación. Vostede preferiu unha liña continuísta, de opacidade e escurantismo. Vostede preferiu unha imposición do plan e de feitos consumados que unha colaboración do sector empresarial, do sector laboral, dos representantes educativos, das administracións locais, da sociedade, etc. Vostede preferiu facer un encargo externo, de dubidosa legalidade, para elaborar un documento con múltiples erros e carencias; vostede perdeu estes anos para elaborar un plan participativo, dialogado, coa categoría de plan estratéxico.

Señora conselleira, conseguiu situar en contra do plan todo o sector, empresarios e traballadores, e engadir un sector, o educativo; todo un récord, dende logo.

¿Sabe as opinións respecto do plan destes colectivos, sindicatos? Unha operación de márketing, supresión de postos de traballo, despedimentos e precariedade laboral. Opinións da Confapa: Rexeitamos usar o transporte escolar con outros viaxeiros. A Fegamp: Se non financiamos o transporte de viaxeiros, cargámonos o rural. Federacións de transportistas: Catastrófico a nivel empresarial, desastroso desde o punto de vista funcional. Non é un estudo serio e rigoroso. Perla do tecido empresarial en Lugo e Ourense, fundamentalmente.

Señora conselleira, esta é a situación que vostede provocou. Vostede comezou este proceso con prexuízos, máis predisposta a confrontar que a consensuar. Rectifique. Non pode continuar coa opacidade e escurantismo no proceso singular de adxudicación, preservando unha enorme discrecionalidade. Non pode privar os nenos do seu dereito ao transporte e convertelo nunha subvención. Non estamos en contra de usar o transporte escolar compartido con maiores, pero nunhas condicións moi estritas. O que non vale é que os nenos suban ao transporte regular cunha tarxeta para se identificar, porque entón quen domina non é o transporte escolar, quen ten os dereitos non son os nenos, son as persoas maiores.

Debe recoñecer que é un plan sen rigor; sen rigor técnico, sen rigor económico e sen rigor xurídico. Por certo, ¿que orzamento adica ao servizo de transporte no rural no ano 2017? ¿Canto conleva presupostariamente no 2017 de presuposto para este tipo de transporte?

Na emenda á totalidade —para que vexa que botamos unha man ou intentámolo— con texto alternativo ao Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, que se debateu esta mañá, o Grupo Socialista contempla unha partida de 6 millóns de euros para mellora dos servizos públicos no rural, para os servizos do transporte público. Vostedes votaron en contra. Toda unha declaración do seu compromiso co medio rural.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: E simplemente no tempo que me queda —se é que me queda, non o sei— ...

O señor PRESIDENTE: Termine, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...simplemente contestar a algunha das cuestións que plantexaron previamente.

Dixo vostede que é un plan inaprazable. ¡Home!, despois de oito anos, é evidente que ía sendo hora. Moito traballo. Cansámonos de dicir nesta Cámara, señora conselleira, saia da pasividade, esperte, preparen o plan con tempo. Un plan de transporte é unha cuestión moi complexa. Ademais é unha cuestión de país, necesita tempo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Agora están facendo a recuperación dese tempo perdido, nin máis nin menos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo xa.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Logo contestareille a algunha cuestión.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Agora que teño á miña filla Sabela moi aburrída na casa, sen escola, se o sei traíaa a esta sesión de contacontos da conselleira, porque nos veu contar un conto fantástico, señor conselleira. Si, os chistes son os que escoitamos aquí, si señor.

Aquí todo isto é produto dunha serie de conxuncións naturais e divinas, e nada tivo que ver a mala acción do Goberno do señor Feijóo. A iso é ao que lle chamo eu contarnos un conto. E iso é o que veu facer a señora conselleira, coma sempre.

Pertinaz en el error, pero dixo algunha verdade. Dixo: «Hai comunidades autónomas que nos levan moito camiño por diante». Escapóuselle, claro. Vostedes gobernaron oito anos e hai comunidades autónomas que nos levan moito camiño por diante. Entón, nun sinxelo exercicio de lóxica, vostedes quedaron atrasados e o país quedou atrasado pola súa falta de capacidade e de proxecto de país. Tamén dixo que vostedes estaban traballando día a día. É certo, é o único horizonte que coñecen vostedes na política de transporte público, o día a día, a improvisación constante. Cada día levántase cunha ocorrencia, cada día nos meten máis no fango dunha situación de inseguridade xurídica. Un conto, dixo vostede.

Xa sei que poden xerar medo estes cambios. Claro, vostede veu aquí como o paladín da audacia política e pode xerar medo. ¡Home!, cos seus precedentes claro que nos xera medo, pero realmente a historia non é como vostede a describiu aquí.

A historia é que, se hai unha sentenza anulatoria do Tribunal Supremo, é porque votedes fixeron unha resolución ilegal que incumpría o Regulamento 1370/2007 da Unión Europea. Non foi mandato divino, foi que vostedes tomaron unha resolución ilegal, e a oposición naquel momento xa o advertiu. Polo tanto, ese foi o principio da historia, unha decisión equivocada. Pero vostedes ata marzo de 2016 non moveron nin un dedo polo transporte público. O que agora é urxente para ter un plan de transporte do século XXI, para vostedes ata marzo de 2016 non foi urxente, e só actuaron a partir dunha sentenza do Tribunal Supremo.

A partir de aí o Supremo deulles outra oportunidade e aprobamos hai un ano unha lei de medidas urxentes. Todo o que ten que ver co transporte día a día son medidas urxentes de modernización do transporte. Xa se ve como planifican. Vaian a todas as leis que temos e todas son urxentes, ¡jurxentes!, porque van facendo, improvisando e sen planificar en absoluto.

Vostedes tiveron outra oportunidade con esa lei. Fixeron unha lei incompleta, mal; unha lei que tiveron que modificar na Lei de acompañamento dos orzamentos de 2017, onde adican un título completo ao Plan de transportes para facer fronte á renuncia de moitas empresas que renuncian porque podían facelo, porque vostedes nos puxeron nunha situación na que elas podían facelo. Polo tanto, estamos en peor situación para negociar coas empresas porque as empresas saben que vostedes fixeron mal os deberes, e, polo tanto, poden deixar este país sen transporte público. Claro que poden deixar este país sen transporte público, pero é responsabilidade súa. E non contentos con iso, acaban de publicar unha resolución, o 6 de xullo, implementando criterios complementarios para a integración do transporte que xa lle advirto eu, señora conselleira, que nos meterá outra vez en problemas de seguridade xurídica.

Xa advirto que vai pasar o mesmo que pasou coa súa resolución, porque vostedes, na súa continua improvisación, meteron criterios cos que podemos compartir obxectivos, pero que non teñen amparo normativo ningún. Non teñen amparo normativo do Regulamento europeo nin das leis que vostedes aprobaron aquí, porque están improvisando, porque lles din unha cousa hoxe e mañá queren facer unha resolución para parchear; parche tras parche.

Aviso, como xa avisaron aquí do que podería pasar con aquela resolución. Vostedes fannas e os galegos e galegas pagámolas. Sexto día de folga de transporte. Os custos das consecuencias negativas das súas políticas pagáronos os cidadáns, custos con cargos á caixa C. Vostedes teñen a contabilidade A, a súa contabilidade complexa. Teñen a caixa A, na que sempre cadran as contas. Unha caixa B, da que é mellor non saber. E unha caixa C, que é a dos cidadáns, coas que pagamos os seus erros e as súas alegrías políticas, sexan o saneamento dos bancos, a creba das caixas galegas, as amnistías fiscais ou a súa brillante xestión no caso do transporte de pasaxeiros.

Vostedes teñen a estratexia da desplanificación, a improvisación constante como solución táctica. ¿Unha solución meditada para o transporte? Non, un parche. A vostedes a oposición estalles ofrecendo, aínda hoxe en día, que paremos e que fagamos as cousas ben, e vostedes prefiren seguir parcheando, cunha actitude soberbia de non escoitar nunca o que se lles está dicindo; nunca, señora conselleira.

¿Vostede como pode vir aquí e non dubidar, e dicir que esta é a única alternativa —téño escrito—, a única alternativa legal e viable? Claro, sempre é a súa a única alternativa. E cos precedentes que ten, segue, erre que erre, dicindo que esta é a única alternativa. Non, hai alternativa de parar e abrir unha verdadeira mesa de diálogo onde non estean só as empresas e os sindicatos e o Goberno. Isto é cousa de abril máis, porque están implicados os cidadáns, os concellos, as Ampa, etc. Hai que abrir unha mesa de diálogo e facer, por primeira vez en moito tempo, as cousas ben.

Xa lles digo eu, cando vostedes están na oposición, todo o que aproba outro goberno adoece de inseguridade xurídica. O mundo deixa de xirar porque o Partido Popular non goberna e hai inseguridade xurídica. En 2010 vostedes estaban gobernando, e esa prórroga eficaz, efícacísima, que vostede volveu defender aquí, das concesións era todo seguridade xurídica. Ata lle dixó o Tribunal Supremo que non, que en realidade era unha chapuza xurídica que contradecía a normativa europea de transporte. E agora —repítolle— pasa o mesmo e vai

pasar o mesmo, só que vostedes dan patada para adiante e xa virán os problemas dentro duns anos.

Vostedes estaban avisados de que este non era o camiño. Había unha denuncia da Comisión Nacional do Mercado da Competencia dende o ano 2010 e vostedes, en cambio, seguiron sen planificar ese plan de transportes do século XXI.

Déronlles unha nova oportunidade e deixárona escapar. Deciden sen diálogo ou con pouco diálogo. Con pouco diálogo, con pouco fundamento, sen pensar nas consecuencias e con moita arrogancia.

Este plan ten o rexeitamento total, señora conselleira; vense obrigados a seguir improvisando. Vostedes, que son incapaces de dialogar, están inhabilitados para buscar solucións a non ser que cambien, que recoñezan os erros, porque foron vostedes incapaces de abrir o diálogo. Vostede veu aquí negar á oposición cando lle dicíamos que non estaban a dialogar. E vostede veu aquí dicirnos que establecera diálogo coas empresas e cos sindicatos. Xa se veu, tiña toda a leira sen desbrozar, señora conselleira, nin sequera desbrozara. Partiron de cero e veu aquí faltar á verdade.

Nós queremos un plan á medida de Galicia, non de Castela-León. Non queremos un plan á medida de Castela-León. Galicia non é Castela-León, e non queremos que as zonas rurais de Galiza sexan como as zonas rurais de Castela-león, señora conselleira.

Se busca vostede inspiración nas políticas de Castela-León, escribirán un bo plan de transporte para Castela-León, funcionará ben en Castela-León. Pero o mellor consello de innovación que poden recibir é que comecen por aceptar a realidade propia de Galicia, do noso sector, do noso rural e das nosas cidades, e non se fascinen con solucións universais. Partan das necesidades concretas, da situación, da avaliación dos plans de transporte executados, do acompañamento dos expertos, da intelixencia colectiva. Invistan en iniciativas políticas e diálogo, e non na súa política de I+D+i; é dicir: improvisación, desleixo e imitación a Castela-León.

Mire, señora conselleira, nós non banalizamos o tema. Non é un problema doado de resolver; quen o diga é un frívolo. O Plan de transportes de Galicia non precisa dunha reacción doada nin de solucións fáciles, como vén vostede vender. Son moitas as variables que hai que reformar nun trazado de liñas obsoleto. Hai que ponderar as consecuencias demográficas, económicas, hai que asegurar coberturas de transporte para non agrandar os problemas do devalo demográfico, a desertización de comarcas do rural. Hai que investir en conexión do territorio e acceso a servizos educativos e sanitarios. É dicir, non é fácil, pero tampouco é fácil facelo peor que vostedes.

Vostedes tiñan abandonados aspectos esenciais para ter un país artellado, no que fose moito máis fácil implantar as solucións para o transporte público.

Vostedes, que queren illar os problemas, veñen aquí negar que o desartellamento administrativo e político do país é un inconveniente moi grande para ter agora un plan de transporte eficaz.

A non utilización por parte de vostedes, por simplemente interese político electoral, de entidades supramunicipais tan necesarias para prestar a escala axeitada estes servizos. E vostedes nisto suspenden, suspenden totalmente, porque vostedes fixeron unha cláusula na Lei de acompañamento anti Abel Caballero. Sempre fan así, sempre meten isto en entidades supramunicipais; agrupación de municipios, creo que di exactamente. Ben, aínda que vostedes fixeron unha cláusula anti Abel Caballero, utilicen esa fórmula tamén para falar cos concellos e artellar onde se poida esa solución.

Eu non sei de que se ri o ex- director xeral de Administración pública. ¡Vaia pouca vergonza que ten vostede, despois do papelón que fixeron! Política de ordenación do territorio: Cerdedo-Cotobade, Oza-Cesuras, ese é o seu balance, e así temos o país. Rían, rían, ¡moi ben! Teñen 41 deputados e con iso xa está ben todo o que fixeron vostedes.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E o seu labor á fronte da dirección xeral tamén foi para rir. Así está vostede hoxe sen a dirección xeral...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...incluso cando o listón é tan baixo como o das consellerías do Goberno do...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez. Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...Partido Popular. Un desastre. Non veña aquí contar contos, señora conselleira.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non imos pedir a dimisión agora. Agora hai que sacar este país do problema en que vostedes o meteron. Pero creo que despois vostede mesma debería de reflexionar se estivo á altura do que necesita este país. Nós cremos que non. Pero o prioritario agora é que polo menos vostedes recoñezan algún dos erros que cometeron tomando esa resolución de prórroga ilegal, que incumpria a normativa europea...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e a constante improvisación e chapuza que vostedes fixeron.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez. Terminou o tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: A partir de aí, poderemos buscar solucións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bo día.

Señora conselleira, bo día e moitas grazas pola súa comparecencia, señor Fernández, a petición propia tamén e por parte dos grupos.

A pesar do que acabamos de escoitar cos voceiros do BNG, eu quero dicirlle que está aquí moi ben arroupada. Non só arroupada polo seu goberno, senón tamén arroupada polo principal grupo da oposición. (*Aplausos.*) E, sobre todo, está arroupada, aínda non hai nin cinco minutos, por declaracións públicas do máximo representante do Goberno; ben arroupada por todos e, sobre todo, polos cidadáns.

Dóelle porque, evidentemente, os que están sós son outros. Bueno, sós non, están da man sempre —neste caso especialmente— desas grandes empresas, que son os que... (*Murmurios.*) ¡Doe, doe! Non se preocupen, non se preocupen. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero mire, mire, mire... pregúntelle aí. ¡Xa vexo que doe! Tranquilo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

Silencio, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Aínda teñen moito que oír. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio. Señor Sánchez, vostede está no debate, despois falará. Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Fala despois. Grazas.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Como dicía a conselleira, é un tema difícil, é un tema de transcendencia e importancia para Galicia, pero, sinceramente, teño que dicir que é unha mágoa, unha mágoa grande, ver o papel que está facendo a oposición nun tema desta transcendencia para Galicia. Sinceramente, cando hai que estar polo interese xeral, raramente atopamos os grupos da oposición, moi raramente. E dígolle de verdade que hai momentos, hai leis, hai plans como este, nos que unha oposición ten que deixar de mirar de gañar uns votiños, ten que deixar de mirar de desgastar o Goberno e ten que poñerse a traballar no interese xeral, en construír país. E nunca están vostedes cando hai un tema importante como este.

Ademais, mire, con posturas como esta o que están mostrando é que non teñen confianza en chegar a gobernar, non teñen ningunha confianza en que poidan ser alternativa de goberno. Con posturas como as que teñen, os cidadáns nunca van velos como unha alternativa de goberno, porque —como lles dicía— hai momentos en que hai que ter opcións construtivas e construír país cando os temas son importantes. (*Aplausos.*)

Miren, o que de verdade están mostrando é que non lles importa absolutamente nada o rural galego. Falar agora de suspender o plan e de prorrogar, cando saben que é ilegal, é deixar a 1.700.000 galegos, sobre todo no medio rural, sen transporte a partir de agosto. Por aí este Grupo Popular non vai estar, porque cremos que o importante é estar como está a conselleira, con altura, con xenerosidade, con diálogo, con transparencia, para traballar por ter un transporte no rural galego con igualdade para todos, e aí é onde o Goberno galego está traballando e onde non atopamos nunca á oposición. *(Aplausos.)*

Mire, escoitándoo digo: isto resulta coñecido. E claro, empezo a repasar, collo o anuncio das grandes empresas da patronal, e case o podo ler literalmente, non necesitaba nin preparar... Aquí o ten, aquí ten o seu guión. Eses, de verdade, son os intereses que están defendendo. Eses, os mesmos que a patronal e que as grandes empresas. ¡Que casualidade!

Cando a conselleira necesita un pouco de axuda porque están intentando presionar, aí —como dicía— nunca están vostedes. E resulta chocante, a verdade, resulta chocante, despois de escoitarlles tantas veces que nós axudamos as empresas, que sexan vostedes os voceiros e que ademais collan os mesmos argumentos literais que as grandes —non as pequenas, senón as grandes— empresas do sector. Esta é a realidade na que os atopamos.

Hai uns días o Grupo de En Marea presentaba na Comisión 1ª unha proposición non de lei para redactar unha lei galega de lobby. ¿Non sería para isto para o que a querían? Agora xa o estamos vendo... Votou toda a esquerda esa lei galega de lobby... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Temo e espero que non fora para utilizala como estamos vendo nestas declaracións recentemente.

E miren, o ano pasado houbo que redactar —como xa se falou aquí— unha lei urxente. Vostedes non estaban. Esta lexislatura estiveron tamén desaparecidos —non apareceron, no que levamos de lexislatura neste tema— ata hai tres semanas, cando se puxeron do lado das empresas para así desgastar o Goberno. Seguen sen aparecer de verdade no fondo do asunto, e a min gustaríame preguntarlle, conselleira, se agora que demostran tanto interese estes grupos da oposición nos pode dicir se houbo algunha achega a este plan, se houbo algunha suxestión, algunha proposta, porque a única que acabamos de escoitar aquí é ilegal, manifestamente ilegal, como todo o mundo sabe, e deixa a 1.700.000 galegos sen transporte en agosto.

Polo tanto, xa que teñen tanto interese, a verdade é que me gustaría, señora conselleira, que me dixese se houbo algunha aportación. Moito temo que o obxectivo de ter un bo plan non é o que persegue a oposición, e que aí non van estar e non estiveron. Eu tamén lles pediría que recapaciten e que corrixan as súas actuacións, porque este tema, un tema de tanta dificultade, transcendencia e importancia para o país e para o rural galego, necesita de todos, e tamén necesita que cambien os seus plantexamentos neste tema.

Dicía o outro día o vicepresidente do Goberno polo tema de Ferroatlántica —pero é aplicable a este e a todos os de Galicia— que o Goberno galego non vai permitir ningunha presión de ninguén —de ninguén é de ninguén— e vai intentar seguir traballando polo ben dos galegos e as galegas, que é por onde non os atopamos a vostedes.

Escoitei falar aos grupos de que cando gobernaron agocharon a cabeza e o problema. Porque, claro, gústalles a todos falar de que o mundo empeza no 2009 coa chegada de Feijóo. Empezou o cambio sobre os catro anos anteriores, pero isto —como recordou agora a conselleira— empezou no 2007 ou no 2005, e no 2007 xa se sabía que había caducidade destas. ¿Que fixeron? Nada. Logo quéixanse de que houbo que facer unha lei de urxencia. ¡Home!, se chegan no verán ao goberno e acababan as concesións en decembro, haberá que facer unha lei urxente. ¿Ou querían xa daquela o que queren agora, deixar á xente do rural sen transporte? Por suposto que hai que facer leis urxentes. ¿E logo que pasa? Evidentemente, sabían que había que facelo pero non quixeron entrar nun tema difícil, que recoñecen que é complicado. Coma sempre, tócalle ao Goberno do Partido Popular arranxar as cousas ás que non se atreven. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, o que se fixo nestes anos foi traballar. É dicir, había esas concesións e houbo que ir facendo cambios. Agora por unha renuncia, unha sentenza e unha renuncia, unha sentenza, non o nego, dunha lei que houbo que facer por urxencia... ¿Por urxencia por que? Porque non o fixeron os do Bipartito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Sobre todo a renuncia, porque, se non, aínda teríamos agora as concesións de transporte. A renuncia de todas esas liñas por parte das concesionarias é o que nos obrigou a avanzar e seguir traballando nesta remodelación global con importantes incorporacións. E non hai nin présas nin improvisacións, senón as obrigas que hai que facer. E ademais fíxose —e quero aproveitar, señora conselleira, para felicitala— con enorme participación, transparencia e diálogo. E segue con diálogo. Onte ás 11 da noite pechou o acordo cos sindicatos. Aínda onte ás 11 da noite. E vai seguir falando —como así o dixó aquí publicamente—, vai seguir negociando ata que faga falla. Pero agora a negociación ten que ser entre as empresas que vostedes defenden e os sindicatos, ¿a ver de que lado están mañá? A ver esta tarde, cando teñan que poñerse de acordo as empresas e os sindicatos. Porque agora o problema está na mesa que esta tarde teñen os sindicatos coas empresas, a ver se seguen vostedes do lado das empresas ou se poñen dunha vez do lado dos galegos e das galegas e do lado dos cidadáns e de Galicia, que é o que queremos todos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Réplica, conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Bará, interese oculto ningún, interese público sobre todo. E por suposto que sempre foi interese público. *(Aplausos.)*

Algún, como o señor Sánchez, esqueceu xa o rural, e o señor Raúl Fernández. E dende logo pedín a miña comparecencia. Vostedes non se enteraron das máis de 500 —case 600— renuncias de transporte que se materializan este próximo mes de agosto. Renuncias expresas, por suposto que si: «*Solicito que, teniendo por presentado el presente escrito, tenga por formali-*

zada la renuncia pura y expresa de continuar explotando el servicio público de transporte regular de uso general, concesión...». Renuncias que se materializan este próximo mes de agosto. Polo tanto, nós levamos a iniciativa dende o primeiro minuto, a miña sorpresa é por que vostedes miraron para outro lado.

Vostedes debéronse de enterar destas renuncias o outro día, por iso se acordan agora do Plan de transporte público. Benvidos á preocupación polo Plan de transporte público de Galicia. (*Aplausos.*) Nunca é tarde, nunca é tarde para preocuparse polo Plan de transporte público e polas renuncias das empresas o ano pasado que se materializan este próximo mes de agosto. Mostran un repentino interese cando de golpe aparece na prensa.

Falaban vostedes tamén aquí de improvisación. Improvisación, a da oposición. Iso si que é improvisación. Vostedes non se acordaron para nada do transporte público e non se acordaron das renuncias ata o outro día. Iso si que é improvisación, por suposto, da oposición.

Señor Bará —tamén o resto das señorías—, falaban de falta de diálogo. O diálogo é a clave do éxito, sabémolo todos. Dende logo, sabémolo no Goberno galego, por iso tivemos xuntanzas cos concellos e enquisas a pé de rúa coas federacións, cos sindicatos, coas ANPA, dialogando con todo o mundo que quere dialogar, por suposto que si. O transporte escolar está garantido, que ninguén o dubide. Non desaparece en absoluto, non desaparece nada. Incluso será mellor, con máis garantías, máis seguridade; en todas as liñas de transporte haberá un acompañante, nas liñas de uso de transporte compartido. (*Aplausos.*)

E non lles preocupou nunca o Plan de transporte público, nin cando gobernaban nin no Bipartito. Non, non, non, en absoluto. As directivas comunitarias xa se coñecían o ano 2007 e non fixeron nada, nin cando as empresas presentaron as renuncias. Enteiráronse o outro día das renuncias, das case 600 renuncias das empresas. Non lles preocuparon para nada o ano pasado as renuncias das empresas, que poñían en risco o emprego e poñían en risco as liñas de transporte e que se materializan o próximo mes de agosto. En risco os servizos e, polo tanto, en risco o emprego coas renuncias do transporte.

Non lles preocupou para nada cando falei no Parlamento do Plan de transporte público, falando das liñas estratéxicas da Consellería, nin cando se someteu a información pública. Señoría Fernández Prado, por suposto que a oposición non fixo nin unha soa alegación nin proposta construtiva durante o período de información pública. Ningunha, ¡ningunha achega! (*Murmurios.*) Empezaron o seu interese cando empezou a saír na prensa, e a facer barullo coa preocupación dos outros. Por suposto, a facer barullo coa preocupación dos outros é o que vostedes están facendo, sen entrar no fondo do plan; sen entrar nos beneficios do rural —señor Sánchez, esqueceuse do rural vostede, dende logo—; sen pensar no beneficio dos traballadores, das pequenas e medianas empresas, tamén dos escolares. E nós estamos aquí para garantir o servizo público, polo interese público, e para garantir os empregos, a estabilidade dos empregos (*Aplausos.*) e a tranquilidade dos traballadores (*Aplausos.*), traballando pola reordenación e modernización do transporte público.

Sabemos da entrada do regulamento europeo, sabemos da sentenza do Tribunal Supremo e quixemos blindar os servizos e o emprego para 2019. E non se enteraron vostedes, ata o outro

día, das renuncias de case seiscentas liñas de transporte xeral que deixan todo Ourense, case todo Lugo e parte de Pontevedra e da Coruña sen transporte xeral a partir de agosto. Esas liñas desaparecen e nós estamos aquí para garantir o servizo público e, polo tanto, o emprego, a partir do mes de agosto. Por iso tivemos que acelerar este plan de transporte público —a primeira fase—, para manter o emprego e os servizos; se se materializan estas renuncias, máis de cincocentos traballadores que traballan nesas liñas iranse á rúa; e iso non lles importa? E volvo insistir en que esta é a única alternativa viable e legal, ¡claro que si!; non estamos aquí para incumprir o regulamento europeo, como me propón algún. O señor Bará fala de ¡prórrogas!; ¿pero vostede non sabe o que impide o regulamento europeo? ¡Prórrogas!, con obrigación de servizo público. *(Murmurios.)* ¡Prórrogas!, imperativo legal europeo e, polo tanto, temos... *(Murmurios.)* É o que impide o regulamento europeo, señor Bará; non me pida que incumpra a lei, por favor, non me pida que incumpramos a lei no Goberno galego. *(Murmurios.)* Polo tanto, non estamos aquí para facer algo ilegal senón para garantir o transporte, *(Murmurios.)* para estabilizar o emprego e para o garantir. *(Murmurios.)*

Fálanme de retirar o plan; o que están pedindo é que Galicia quede sen transporte en agosto. Ou están pedindo iso ou están pedindo unha ilegalidade; e nós non imos facer ilegalidades, non imos dar concesións a dedo co que están propoñendo, porque as concesións dun servizo público non se dan a dedo, como me están propoñendo aquí. *(Murmurios.)* E nós estamos aquí a traballar para que a partir do mes de agosto sigamos tendo transporte público en Galicia; incluso mellor, mellorando o transporte público en Galicia. Sacaremos á licitación os contratos que finalizan —é a nosa obriga—, cumprindo as normas europeas, cumprindo a sentenza do Supremo: é consecuencia das renuncias das que se enteraron vostedes o outro día.

Dende logo, seguiremos traballando con sensatez. Se está pedindo a retirada do plan —volvo insistir—, vostede, dende logo, está situándose no lado oposto ao interese xeral, para que a xente quede sen servizo e para que desaparezan os empregos. ¿Vostedes queren deixar dous millóns de galegos sen transporte xeral en Galicia: todo Ourense, parte de Lugo, Pontevedra e tamén parte da Coruña? Dende logo, isto non é un capricho, non é absolutamente ningún capricho. Estamos a blindar os dereitos dos usuarios; tamén dos traballadores, incorporando unha cláusula de subrogación ¡de referencia!, que garante a estabilidade dos empregos, para tranquilidade absoluta dos traballadores. E, dende logo, o noso deber é —dentro da responsabilidade— seguir adiante coa única alternativa viable e legal, porque, cando o digo, é porque é así: é a única alternativa legal e viable, para garantir os servizos e os empregos, manter as liñas de autobús; que haxa liñas, que haxa autobuses e, polo tanto, que haxa traballo; mellorando, ademais, substancialmente, a mobilidade no rural; apostando, por suposto, polo uso compartido do transporte, pensando nos nosos veciños do rural; empregar esas liñas de autobús de transporte escolar, esas prazas baleiras do transporte escolar; o veciño dunha aldea... —volvo traer aquí Ponteceso, a miña vila, onde me criei, por suposto que si— ou que o avó vaia co seu neto, que colla o autobús, que compartan ese servizo de transporte para que o neno vaia á escola e o avó vaia ao centro de saúde, por suposto. ¿Parécelle tan mal iso? A min paréceme bo, dende logo: compartir, conciliación e convivencia interxeracional.

Vantaxes para todo o mundo, blindando, por suposto, a atención e as necesidades do alumno: intactos os horarios, intactas as paradas e intactos os tempos de percorrido, e cun acompañante en cada unha das liñas; garantías superiores ás indicadas na lei, porque un acompa-

ñante estará en todas e cada unha das liñas das rutas de transporte compartido; incrementando neste 10 % o transporte escolar, que será de uso compartido, en 146 o número de acompañantes; incrementando, polo tanto, un 60 % o número de acompañantes.

Polo tanto, os 100 millóns de euros dedicados a transporte escolar teñen que chegar a todos para darlle un maior uso social, para que o poida utilizar toda a xente que o precise: a poboación do rural, a xente maior do rural, que verá triplicadas, dende logo, as súas melloras en mobilidade. E, dende logo, as garantías que ofrece o transporte escolar, —volvo insistir nas vantaxes que aporta o transporte escolar, en que o poida utilizar a xente do rural—: autobuses máis novos, cintos de seguridade, acompañantes, maior inspección.

E o transporte escolar, o transporte para os nosos nenos, para ir á escola, seguirá sendo grauíto, por suposto que si, porque está garantido ese transporte. E estableceremos un billete único de curto percorrido por comarca, de 1.40 euros. E, por suposto, plena seguridade, atendendo as indicacións da Asesoría Xurídica da Xunta e cumprindo a normativa europea; que non me propoñan aquí, dende logo, facer prórrogas, que é un incumprimento claro da normativa, do regulamento europeo: incumprir a lei, dende logo que non.

Son as novas regras do xogo que establece Europa. O transporte de uso compartido non é un tema de cores políticas; é a filosofía, o modelo do uso compartido, en Castela e León, en Asturias, País Vasco, Navarra e máis e máis e máis. É que non é un modelo dun sitio calquera, non é de cores políticas o modelo do uso compartido; é pensar na mellora da mobilidade dos nosos veciños.

Por suposto que os cambios sempre dan medo, non sei por que lles sorprende que diga isto; e seguiremos explicando polo miúdo o novo Plan de transporte público; e seguiremos mantendo xuntanzas, queremos facer sostible o transporte público de hoxe e de mañá, facelo sostible hoxe e mañá. É o futuro do noso rural, é bo para todos: para a xente do rural, para os nenos, para as pequenas e medianas empresas e tamén para os traballadores, porque todos eles serán beneficiados deste novo plan de transporte.

E estamos tamén mesturando aquí un problema que vostedes non mencionaron —parece ser que non lles pode importar—, o convenio pendente entre patronal e sindicatos: eu agardo que se firme canto antes. Vostedes, dende logo, non o mencionaron; é un tema importantísimo na situación na que estamos actualmente.

A única intención, dende logo, do Goberno galego é garantir e preservar o emprego, máis carga de traballo, de forma máis ordenada. Incrementaremos nun 5 % a carga de traballo e reordenaremos, dende logo, a forma de traballar dos condutores e do persoal do sector; coa procura, ademais, de dar tranquilidade e estabilidade a cada un dos postos de traballo; con esa subrogación, traballada conxuntamente, que é de referencia estatal, cun grao de detalle inédito; con condicións laborais, grazas ás xuntanzas cos sindicatos: estamos a falar de que temos incluído cláusulas e, dende logo, medidas de gran calado social e laboral, chegando aos máximos parámetros legais a que podíamos chegar e incluíndo un importante incremento do orzamento para que esa cláusula de subrogación —importantísima— estea blindada economicamente.

E organizando as concesións por contratos zonais, 41 contratos zonais; o máis fácil para nós, dende logo, sería un contrato por provincia, pero non o estamos a facer porque pensamos que é o mellor. E pensando tamén nas pequenas e medianas empresas, para fomentar a participación, que poidan presentarse en UTE, limitando o número de contratos adjudicados ao 25 %. E nos próximos días —agardo que mañá— xa remitiremos a invitación ás empresas. Ofrecer garantías de servizo de emprego, protexer o tecido empresarial galego. E coa concorrència que existirá —que, dende logo, será efectiva— e para que teñamos servizos os próximos 24 meses.

¿Que non lles gusta deste plan? Eu pregunto que non lles gusta deste plan. ¿Non lles gusta que haxa un acompañante en cada unha das liñas? ¿Non lles gusta que melloremos substancialmente a mobilidade do noso rural? ¿Non lles gusta implantar o transporte á demanda en período non lectivo? ¿Non lles gusta o transporte de uso compartido e compartir esas prazas baleiras coa xente do rural? ¿Non lles gusta que 2 millóns de galegos poidan ter unha parada para coller o autobús ao lado da súa casa? ¿Non lles gustan as cláusulas sociais de gran calado das que falamos e que acordamos e traballamos conxuntamente cos sindicatos? ¿Iso é o que non lles gusta? Eu quero pensar que si, dende logo, esa é a verdadeira política: traballar para ter servizos e para ter emprego, porque as renuncias se materializan o próximo 8 de agosto.

Levamos traballado moitísimo tempo con moita xente e recollendo todos os mecanismos necesarios. Os anteproxectos poden ter erros, pero para iso hai información pública, para a transparencia e para mellorar os documentos técnicos e, en todo o plan, o que poidamos mellorar seguiremos mellorándoo.

E, dende logo, portas abertas para dialogar quen queira dialogar, pensando no futuro do transporte —no transporte de hoxe e no transporte de mañá—. E estamos nun proxecto importantísimo que teremos que construír todos, insisto en que é a única alternativa legal. Aquí o que me fixeron foron alternativas ilegais, prórrogas, que é incumprir a normativa europea. E, dende logo, nós non imos aceptar propostas que poñan en risco o transporte a partir de agosto e os empregos.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda de aclaracións dos grupos parlamentarios. (*Pausa.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Estou conmovido pola súa actuación ou, mellor dito, pola súa sobreactuación, señora conselleira. Non sei se acabarán nominándoa para un Premio Mestre Mateo; non creo.

E tamén me impresionou a desfachatez do portavoz do Partido Popular, quen se atreveu, nin máis nin menos, que a culpar aquí a oposición e a pedirlle colaboración e a pedirlle ache-

gas. Cando vostedes o que utilizan é o «orden e mando», vostedes pídennos colaboración e pídennos propostas, e resulta que aproban o plan no Consello da Xunta sen consultarlo a ninguén. E hoxe mesmo a conselleira acaba de dicir que van publicar no DOG os novos contratos e a ningún grupo —que eu saiba— dos que están aquí na oposición lle consultaron nada. Polo tanto, non sei, vostedes son o grupo do «orden e mando», da prepotencia e da soberbia. Piden actitudes construtivas, pero a realidade é que non contan con ninguén, vostedes non contan con ninguén. A verdade é que teñen a maioría absoluta, pero non teñen a verdade absoluta nin a razón absoluta. E por este camiño van no camiño de ter a prepotencia e a soberbia absoluta, aí si que é a onde van vostedes chegar.

E, claro, o señor portavoz do Partido Popular tamén nos falou aquí dunha especie de teoría da conspiración dicindo que o Partido Popular defende os traballadores e que a oposición defende as empresas —está confabulado coas empresas—. Pois voulle dicir o que defende o BNG: o BNG defende o traballo, defende o emprego de calidade, defende un servizo de transporte público á altura do século XXI. Defende tamén o tecido empresarial do rural, ese tecido de 300 pequenas e medianas empresas que dan traballo no noso rural. Porque, claro, vostedes din que esta é a lexislatura do rural, pero debe ser que é a lexislatura da aniquilación do rural porque, por este camiño, vostedes o que van facer é acabar co rural.

Vostedes defenden intereses ocultos, defenden intereses alleos de grandes empresas e imos camiño precisamente dese monopolio. E non é nada novo, porque xa o experimentaron e xa o fixeron coas ambulancias. E aí temos o que pasou coas concesións e co monopolio que ten unha empresa, por certo, moi relacionada co Partido Popular.

E como aquí se fixo historia, hai que recordarlles unha vez máis que estamos aquí, estamos nesta lea, estamos nesta improvisación, estamos neste experimento, estamos nesta desfeita e non é por culpa da oposición. Vostedes sempre lles botan a culpa aos demais, pero non é por culpa da oposición, é por culpa das decisións que adoptou o Goberno do Partido Popular facendo esas concesións ilegais, esas prórrogas que botou abaixo o Tribunal Supremo.

Estamos aquí tamén, nestes últimos meses, pola improvisación, polas présas e pola imposición do Partido Popular. E, claro, a conselleira presentounos aquí un escenario case de apocalipse, de drama: isto é unha manipulación clarísima. Vostede díxome: «Se non se aproba este plan, no mes de agosto...»; ben, xa lle fallan as contas, porque vostede dixo que 2 millóns —o portavoz dixo 1.700— de persoas van quedar sen autobús: isto é falso, saben perfectamente que hai outras alternativas, hai outras solucións. Desde logo, o que non dixo vostede é que a tramitación das leis, a tramitación do plan, a tramitación dos estudos —¡tamén!—, que custaron 800.000 euros, é unha auténtica chapuza: está inzada de erros e crea unha enorme inseguridade xurídica. Xa lle falamos aquí da falta de rigor técnico, da falta de rigor económico, da falta de información —tamén— que temos sobre eses proxectos: non sabemos as liñas que vai haber definitivamente, non sabemos os custos, non sabemos como vai funcionar esa integración entre o transporte escolar e regular —xa lle dixemos que isto non é Castela e León—.

E tamén sabemos perfectamente que houbo renuncias, señora conselleira; pero foron renuncias ás liñas regulares, non foron renuncias ao transporte escolar. E vostedes o que fi-

xeron foi unir as dúas cousas e rescindir unilateralmente as concesións do transporte escolar, e isto vai ter graves consecuencias, vai ter reclamacións: vai ter tamén, seguro, reclamacións pola vía xudicial e van ter que pagar grandes indemnizacións por esta cuestión, como tamén polo que lles deben ás empresas en función dos acordos que foron tomando con elas ao longo dos últimos anos.

Polo tanto, as nosas propostas están claras, xa llo dixemos —volvémolle insistir—: ofrecémolle diálogo, ofrecémolle negociación, ofrecémolle acordo, pero teñen vostedes que tomar a iniciativa. Pensamos que é posíbel esa suspensión, pensamos que é posíbel esa prórroga —insístolle—, declarando eses contratos, esas concesións, de utilidade pública: é posíbel facelo. E teríamos, desde logo, máis tempo que o que están utilizando vostedes —ás présas e á improvisación—, para chegar a un grande acordo de país sobre esta cuestión, que é realmente unha cuestión vital e fundamental para o noso futuro.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente, novamente.

É certo, señora conselleira, que o transporte público por estrada está nun momento convulso e crispado, como consecuencia, sen dúbida, da falla dunha estratexia e dun deseño consensuado polo Goberno galego para poñer en marcha o novo mapa concesional. Tamén é certo que tiveron tempo máis que suficiente nos últimos anos para proceder máis activamente e non estar a velas vir. Denunciamos constantemente a súa pasividade durante estes anos e seguímolo dicindo; iso era preocuparse pola situación do transporte. Esa falla de previsión tivo como consecuencia o abandono de numerosas concesións por parte de moitas empresas e que agora sexa preciso acudir por parte da Xunta a un proceso urxente de adxudicación, utilizando unha modalidade anormal de emerxencias e reservando o Executivo unha discrecionalidade na adxudicación de dubidosa legalidade.

Neste contexto é comprensible a preocupación que dende o ámbito laboral, empresarial, educativo e mesmo institucional —os concellos— están a provocar as decisións do Goberno galego. Era preciso un proceso real e previo de participación e colaboración, que non foi propiciado polo Goberno, cos sindicatos representativos e asociacións de empresarios do sector, co mundo educativo e cos concellos, como administracións que mellor coñecen as necesidades do transporte da veciñanza.

Señorías, pasaron ¡dez anos! dende o coñecemento do Regulamento europeo 3070/2007, que condiciona a adxudicación das concesións do transporte regular; pasaron oito anos dende a súa entrada en vigor, en decembro de 2009; e pasaron sete anos dende a resolución ilegal —febreiro de 2010— da Dirección Xeral de Mobilidade: anos perdidos para a oportunidade perdida. Oito anos perdidos porque non se avanzou no modelo, porque non se avanzou no deseño, porque non se concitaron complicidades para traballar no novo mapa de concesións;

oito anos de pasividade, de desinterese, de despreocupación; e un ano ás carreiras para recuperar o tempo perdido, un tempo que a conselleira utilizou para monologar, na vez de dialogar; para ter unha actitude similar á que acaba de ter neste estrado: repetir, repetir, repetir, repetir...

O resultado final, dende logo, é decepcionante: un modelo improvisado, unha actitude en continuo cambio e, a documentación do Plan de transporte, carente de rigor técnico, económico e xurídico. Xa sei que o estudo técnico está corrixido porque non era capaz de compararse minimamente coa guía do Observatorio de Custos do Ministerio de Fomento. Xa sei que está corrixido, hoxe mesmo o corrixiron.

Señora conselleira, o plan é unha sucesión interminable de erros, produto da súa improvisación, da súa falla de diálogo e do seu rexeitamento ás aportacións. Está a tempo de corrixilo se deixa de considerar este tema como un asunto persoal e se dedica a exercer como conselleira responsable do transporte en Galicia.

E quero contestarlle tamén algunha outra cuestión. Mire, se o Regulamento europeo xa se coñecía en 2007, será perfectamente consciente vostede de que en 2005 o conselleiro de Ordenación do Territorio e Transportes era o señor Núñez Feijóo. É curioso que entre en 2009 e teña que andar ás carreiras para facer algo —jé curioso!—. Por outra parte, quen conviviu cunha ilegalidade foron vostedes, coa súa ilegalidade: convivimos todos, pero a ilegalidade foi súa.

Mire, no transporte, o TES+BUS: vostede é consciente perfectamente de que durante o bipartito xa houbo TES+BUS, ¿ou non é consciente? É perfectamente consciente. Pero nunhas condicións moi claras e cun dereito sempre preferente dos alumnos, non o dereito dun transporte regular. Mire como se facía: en 2007, 12 concellos, 34 rutas; 2008, 34 concellos, 113 rutas; final de 2008, 53 concellos adheridos, 203 rutas; 2009, 93 concellos adheridos, 354 rutas. Ningunha péga, señora conselleira. Para iso hai que baixar ao territorio, hai que ir ao rural.

Por certo, pregunteille antes ¿que cantidade de diñeiro hai asignado nos orzamentos de 2017 para o transporte interurbano? Non me contestou. ¿Dígollo eu?: cero euros, cero euros dedicados ao rural en transporte, señora conselleira, ¡cero euros!

Pola miña parte máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Suspiro!

Ante a desfeita á que estamos asistindo no transporte público, o Partido Popular vén aquí con dous argumentos: un, que nós, a oposición, defendemos as empresas e intereses espurios, e o Partido Popular defende o interese xeral; segundo argumento, que vostedes defenden a legalidade e nós queremos cometer ilegalidades. Dous argumentos moi cribles, ¡si señor!: nós defendemos as empresas. Non nos chegaron botellas de Vega Sicilia á casa —non sei se iso

era presión das empresas—, a min non; ao señor Feijóo si, ao señor Rueda si. (*Murmurios.*) Non sei se se sentían presionados, pero en tal caso non as devolveron, non consta que as devolveran. Eu non sei se iso era presión das empresas (*Murmurios.*) —por favor—, pero a min non me chegaron botellas de Vega Sicilia. Varios anos, cando se estaban tomando decisións que beneficiaron as empresas —e sobre todo a Monbus—, o señor Feijóo e o señor Rueda recibiron botellas de Vega Sicilia de 600 euros; nós, non. Claro, é moi crible, nós defendemos as empresas e o partido imputado defende o interese xeral; o partido da Gürtel, da Púnica etc. etc., dos tesoureiros imputados —o de Bárcenas—, é o partido que non ten nada que ver coas empresas e defende o interese xeral: ¡moi crible!

Tamén é moi crible que nós defendemos a comisión da ilegalidade, se o Partido Popular, que fixo o que fixo e ao que lle anulou... Señor Fernández Prado, hai que saber do que se fala: non se anulou a lei de 2009; non sei se o sabe, pero dígollo eu, anulouse a resolución de febreiro de 2010, ¿vale? Se non sabemos o básico é difícil debater. Tanto dá, vostede veu aquí nada máis que embarrar o campo e insultar: iso é ao que veu vostede. Pero anulou a resolución de febreiro de 2010. ¡Si señor, a cara que teñen vostedes ao vir aquí dicir iso!

Ben, e anuláronlles unha resolución que vostedes asinaron, non os forzou a oposición. Naquel momento, a oposición e xente do sector alertaron de que era unha ilegalidade. A Comisión Nacional do Mercado da Competencia non denunciou porque sexan roxos perigosos. Denunciou en 2010 e vostedes permaneceron na parálise, sen dicir «Temos aprobada esta resolución, pero imos traballando en adaptarnos ao Regulamento europeo». Non, ata marzo de 2016 vostedes non reaccionaron; polo tanto, moi pouco cribles eses argumentos. É imposible que esta desfeita se arranxe se vostedes veñen aquí negar a evidencia. Volverán meternos en problemas —eu xa o avisei—, pero pagarémolo todos e a vostedes non lles importa. Se unha empresa recorre á súa chafalleira resolución recentemente publicada, pagaremos nós dentro duns anos, señora conselleira. Os damnificados non son vostedes, os damnificados somos os que teremos que pagar as responsabilidades polas súas decisións. E os responsables son a xente do rural, que, entre o Plan de transporte e a ausencia total de política e dun proxecto de país, ven como cada vez quedan máis sós no rural, con menos dereitos. Tamén son capaces de negar a situación de abandono e envellecemento do rural, causada, entre outras cousas, por non ter unha política integral, onde se integre tamén unha política do transporte que non busque ser Castela e León, que ten densidades de poboación de 10 habitantes por quilómetro cadrado en moitas zonas e nós aquí non baixamos de 90. ¿Que queremos?, ¿chegar aos límites de Castela e León e por iso adoptamos o seu modelo?

E vostedes son capaces de negar iso e dicir que están facendo todo moi ben; aínda que os datos digan todo o contrario, aínda que o Tribunal Supremo diga todo o contrario, vostedes virán aquí dicirnos que somos nós os que traballamos para as empresas. Miren, quen lles están dando vantaxes ás empresas son vostedes: se as empresas teñen unha posición de forza —¡porque é certo, señora conselleira!—, é certo que o 8 de agosto as empresas poden renunciar e deixar sen transporte o rural. ¡Claro que si! ¿A que día estamos, señora conselleira? ¿E esa é unha boa posición para que un goberno negocie? Non, é unha posición óptima para que as empresas saquen tallada, pero a esa situación leváronnos vostedes coa súa improvisación e incompetencia: iso é o que está pasando, ¡claro que si!, porque poden renunciar legalmente e vostedes non teñen ningún instrumento para facerlles nada, porque foi causada

polas súas decisións. Polo tanto, menos arrogancia, menos soberbia, menos insultos á oposición e máis asumir os erros. E a partir de aí traballemos nun plan de transporte que nos interesa, sobre todo, aos que lle queremos a este país e que queremos futuro neste país.

É dicir, vostedes veñen sen ter os deberes feitos, non fixeron ningún deber. Eu xa lles dixen que eu en cuestións técnicas non me meto; hai técnicos que o saben facer. Eu non vou discutir aquí se o transporte integrado é bo ou é malo, se o compartido é bo ou é malo; non penso caer na súa trampa. Vostedes, como Goberno, tiñan que ter feitos uns deberes que non fixeron; aínda estamos a tempo, pero cambien, ¡cambien! Os responsables de levarnos á desfeita non poden vir aquí darnos leccións aos que xa o avisamos.

E claro que nos enteramos das renuncias: revise o *Diario de Sesións* durante o debate dos orzamentos e verá como nós xa lle dixemos que todo o que incluían aí vostedes era causado porque as empresas lles dixeron que ían renunciar. Ás présas e correndo fixeron a Lei de acompañamento co título do transporte. Non lles chegaba, porque era unha chafallada máis, e agora fan esa resolución e, cando recorra unha empresa, ímonos ver co problema que vostedes causaron. Esa é a realidade. Polo tanto, asúmano, señora conselleira.

Agora ben, se vostede vén aquí, está orgullosa do que fixo e cre que a situación é ideal, bueno, quedará retratada diante da cidadanía e incluso diante dos seus votantes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Eu, coma sempre, non insultarei, pero escoitalo doutros que están no insulto permanente resulta simpático. (*Aplausos.*) A min non me vai escoitar insultos, senón argumentos. (*Murmurios.*)

Señora conselleira, primeiro, quería agradecerlle as aclaracións, (*Murmurios.*) porque eu xa intuía que non ían estar neste plan e que non ían facer ningunha achega, porque non lles interesa este plan, o único que lles interesa —como dixen anteriormente— é desgastar o Goberno e intentar arañar uns votos en vez de estar coa xente do rural, en vez de estar cos galegos e as galegas, (*Aplausos.*) que o que queren é unha oposición que lle axude a este goberno a pelexar contra as presións, veñan de quen veñan. (*Aplausos.*)

Seguen tamén hoxe sen priorizar os cidadáns. Hoxe tamén tiñan unha oportunidade para cambiar. Pedían antes que a conselleira cambiara. Cambien tamén vostedes, troquen a súa posición e, por favor, escoiten as galegas e os galegos, axuden e deixen de escoitar soamente as empresas do sector.

Dóelles, dóelles... Permítanme que lles lea algunha frase das moitas que tiña de hai un ano, de xuño de 2016, cando estabamos coa Lei de medidas urxentes: «Son unha axencia para garantir

os negocios dos amigos». «Queren entregar gran parte do negocio ás empresas amigas». Este é o discurso que levo escoitando eu aquí os 7-8 meses que levo. ¿A quen beneficiamos?, ¿aos que están cunha folga, sen cumprir os servizos mínimos? ¿A eses beneficiamos?, ¿ás empresas que están enfrontándose a ese goberno? Non, non, esas empresas xa saben que nós estamos co interese xeral. ¿Quen está do seu lado? Os mesmos que mentiron hai un ano cando nos acusaban de estar do lado das empresas. (*Aplausos.*) Nós imos unha vez máis co interese xeral. Vostedes poden seguir, se queren, lendo o argumentario das empresas.

En calquera caso —xa o dicía a conselleira—, hoxe a palabra que colleron é «prepotencia», hoxe repetírona todos. É o argumentario de hoxe: prepotencia. (*Murmurios.*) Prepotencia é o que ten que aguantar a pobre conselleira cando se pon en fronte xente que non respecta a lei, que non respecta os servizos mínimos, e cos que non se pode falar, a pesar da súa intención.

Di que falta información, que non a coñece e tal. ¡Está publicada na web! A filla do señor Sánchez pode buscala e..., porque, xa que non a trouxo... Pero pode vostede facelo e pedir a información, e pode colaborar co Goberno, co director xeral, e ten toda a información que calquera necesita.

Din que non teñen oportunidade para facer achegas. ¿Pero para que se expoñen ao público, entón, os documentos? Para poder garantir iso.

Fala de emprego. ¡É que son tantas cousas as que din que non me dá tempo a dicir...! Se hai que felicitar —por moitas cousas, pero por unha especialmente— é porque ten garantido non só o 100 % do emprego senón porque este plan aumenta as posibilidades de emprego no rural. Van ir acompañantes no 100 % dos autobuses. Deulle as cifras: hai unha subrogación obrigatoria, hai un 25 % máis de cartos para os convenios dos condutores. ¿Que máis queren? O emprego está absolutamente garantido, e é un plan feito, ademais, para garantir ese tecido empresarial das pequenas e medianas empresas.

Falaba En Marea de legalidade. Claro —din—, van ter vostedes —porque como hoxe tamén o seu compañeiro voceiro falaba do futuro, pois tamén lle gusta falar do futuro a En Marea—... Eu non vou dicir que non poida haber sentenzas favorables ou en contra de calquera cousa, porque para iso están os xuíces. Do que si teño a certeza segurísima é de que se este goberno fai o que propón a xente de En Marea e do BNG, de prorrogar e de continuar, iso xa é ilegal sen necesidade de que ningún xuíz o diga. Polo tanto, imos darlle a mínima confianza. Apoien por unha vez as propostas da Consellería, cos informes técnicos e xurídicos, que é como se fai. ¿Que logo pode vir algunha cousa? Pois, evidentemente, ningunha decisión humana está libre. Pero o que si temos claro é que o que propoñen vostedes de prorrogar e suspender este plan é ilegal desde o minuto un.

En calquera caso, voulle dar a razón nunha cousa. Di que é un tema técnico, que non se vai meter. ¡Caray para non meterse! (*Murmurios.*) Pero, evidentemente, faría bastante ben vostede se fai e actúa sobre o que di. Por favor, deixe traballar os técnicos neste tema.

Mire, quero acabar porque eu creo que o merece —se me permite, señor presidente, só un minuto, é positivo—, porque sinceramente creo que temos que felicitar a conselleira polo

traballo que está facendo, porque é un plan que vai mellorar o transporte público, especialmente no rural, porque é un plan que, ademais, permite estudar durante estes dous anos como se implementa para o 2019, cando xa é definitivo, poder incorporar as cousas que sexan mellorables e que garante non só o transporte no rural senón o emprego e a garantía de servizo e equidade —que é o máis importante— e a igualdade para todos os galegos e as galegas, independentemente de onde vivan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Peche desta comparecencia, conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, a miña intención hoxe nesta comparecencia era trasladar ao Parlamento a situación e as perspectivas que temos na Xunta de Galicia e no Goberno galego para a próxima posta en marcha da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia, explicar polo miúdo en que consiste este plan, cales son os obxectivos, disipar as dúbidas e suspicacias que puidera ter e facelo coa máxima transparencia para que estean debidamente informados sobre as principais liñas de actuación e explicar e ofrecer en detalle os cambios que pode ter, temores e desconfianzas.

E por iso considere necesario, urxente e importante vir, acudir e explicar a folla de ruta que temos na Xunta de Galicia para o desenvolvemento dos obxectivos deste plan e explicar as súas vantaxes. Durante preto de dúas horas —que creo que estivemos aquí— o certo é que poucas cousas escoitei máis que incumprir e, dende logo, facer ilegalidades; e nós non imos facer ilegalidades nin realizar actuacións inviables.

As propostas que vostedes defenden significan quedar sen servizo de autobús, que os traballadores desas liñas de autobús, que houbo renuncias, queden sen traballo, e nós iso non o podemos consentir. A nosa obriga é velar polos servizos, velar polos empregos e velar polo transporte público.

A verdade é que me preocupa que vostedes non se decaten de que a posta en marcha deste plan no mes de agosto é inaprazable, é urxente e é ineludible para blindar o servizo público, para blindar os empregos. E trasladar unha falsa crenza, unha falsa idea, de que hai moitas alternativas dende logo que non axuda a ninguén, porque non é así e, polo tanto, están a trasladar unha falsa idea e unha falsa crenza.

Propoñen unha viaxe a ningunha parte, unha viaxe que implica deixar os galegos sen transporte e unha viaxe na que, se non hai transporte, dende logo, non hai emprego. Se isto é o que queren, dende logo dende o Goberno galego non queremos iso. A nosa obriga por suposto que é o interese xeral e por iso estamos aquí. O noso deber é licitar os novos contratos de servizo público. É a única opción —volvo insistir— viable e legal. Non podemos, por suposto, quitar

ou poñer a dedo concesións de servizo público; nós temos que licitar e volver contratar. E o transporte público no rural —é algo no que podemos coincidir todos— é primordial e esencial para a mellora da mobilidade do rural, para desprazar, para que os nosos veciños vaian á saúde, para desprazarse aos postos de traballo, para ir á compra, á farmacia... Dende logo, non imos poder privar os galegos dun transporte público, e ademais garantir o emprego.

Sorpréndeme que me critiquen por ser, no Goberno galego, ambiciosos; iso si que realmente me sorprende, porque ademais de blindar os servizos queremos darlle vida ao rural e mellorar o servizo rural. Polo tanto, eu o que lles pido é que non lle poñan cadeados ao progreso; é o único que lles pido: non lle poñan cadeados ao progreso, porque o plan ofrece solucións e estámolo a afrontar con valentía. Estamos afrontando isto con valentía, é unha oportunidade para mellorar.

Esta mesma semana licitaremos os novos contratos, cun novo modelo que trae oportunidades para todos, para favorecer os desprazamentos, beneficios importantes aos nosos maiores e con transporte público compartido do 10 % de rutas escolares, para que esa xente do rural poida aproveitar esas prazas baleiras do transporte escolar. E os nenos dende logo que serán o primeiro, e por iso irá un acompañante en todas e en cada unha das liñas. E tampouco nos podemos esquecer do emprego. Queremos dar estabilidade e tranquilidade aos postos de traballo. O plan aporta máis carga de traballo, máis ordenada e, polo tanto, que se garanta o emprego, e dar estabilidade ao emprego con esa cláusula de subrogación, que incluso obriga as empresas a manter eses postos de traballo, xa que se non se podería resolver o contrato.

Velamos polo futuro tamén das empresas. Por iso pretendemos e prevemos a posibilidade de que concorran en UTE. Incrementamos de forma importante o orzamento destinado aos contratos e tamén limitamos a porcentaxe dos contratos para adxudicar ás empresas. O que queremos é ter transporte en agosto, ter empregos en agosto e que o transporte chegue a onde antes non chegaba, aproveitando as sinerxías do escolar, dialogando e enriquecendo documentos, como o levamos facendo todo este tempo. Eu creo que todos sumamos para ofrecer máis e mellores vantaxes, para velar polo interese xeral, para blindar os servizos —máis e mellores servizos—, revitalizar o rural, dar garantía e estabilidade aos traballadores e seguir dialogando, coas achegas de todos, para adaptar o transporte ás necesidades reais.

Dende logo, temos un gran desafío, un gran reto por diante, que é estar do lado dos nenos, do lado dos nosos veciños do rural, do lado dos traballadores, con esa cláusula de subrogación, con esas medidas de gran calado social e laboral que temos incorporadas e do lado das pequenas e medianas empresas; polo tanto, do lado da responsabilidade e do lado do interese xeral.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Acumúlanse dúas peticións de comparecencia.

Comparecencia do Sr. do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar sobre a reorganización de centros

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por iniciativa dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para explicar o peche de centros educativos, a supresión de postos docentes e a oferta educativa para o vindeiro curso

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moi ben.

Boas tardes, señor presidente, señorías, público que está nesta Cámara.

A educación, sen dúbida, é un tema importante para o conxunto da sociedade e, como tal, dende o ano 2009 son moi frecuentes as comparecencias dos distintos membros da Consellería para explicar —ben sexa en pleno ou ben sexa en comisión— cales son as políticas educativas que se están a desenvolver. Precisamente no pleno anterior, celebrado o día 20 de xuño, comparecín a petición propia para expoñer un balance da actividade educativa en Galicia. Nesa intervención realicei, desde un enfoque global e autonómico, un balance do curso que remataba e apuntei as grandes liñas estratéxicas de melloras do ensino.

Nesa comparecencia expliquei as actuacións educativas que a Consellería está a executar baixo a responsabilidade política e organizativa que lle corresponde; é dicir, xestionar o sistema e avanzar na calidade educativa, cumprir coa normativa básica vixente en cada momento, desenvolvendo as normas con responsabilidade dentro das competencias que ten atribuídas e traballar día a día pola mellora da calidade e da equidade educativa.

E fronte ás críticas feitas pola oposición nese debate, tamén puxen de manifesto algo que parece que nos últimos días se ten esquecido, e vou repetir literalmente o que dixer: «Pode ser lexítimo recorrer a un relatorio de críticas de argumentario —vostedes sabrán—, o certo é que á Consellería correspóndelle a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión —niveis, graos, modalidades e especialidades—. Para o vindeiro curso seguiremos a organizar a actividade dos centros educativos tendo en conta criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e de xestión responsable de recursos».

Hoxe vou engadir algo máis: non tomar decisións educativas e de planificación en interese do conxunto da comunidade educativa sería irresponsable. Digo isto porque a decisión plantexada de reorganización de centros educativos nas localidades de Outes, As Pontes, Ribadavia e O Porriño foi adoptada, primeiro, en exercicio da competencia e da responsabilidade que ten encomendada por mandato legal a Consellería, tendo en conta —como dixer naquel momento e hoxe repito— criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e de xestión responsable de recursos.

¿É que foi isto supostamente tan malo? ¿Que fixemos? Cumprimos coa obriga de regular unha reorganización do alumnado e de recursos materiais e humanos co obxectivo de racionalizar e mellorar o servizo educativo. ¿Como o fixemos? A través da adopción de medidas previstas na normativa vixente e que teñen un carácter administrativo, como son, en primeiro lugar, no caso de Outes, fusionando dous CEIP iguais nun só; e nos outros tres casos que nos traen aquí, O Porriño, Ribadavia e As Pontes, reorganizando a oferta educativa dos CPI. Os CPI, señorías, son centros que teñen unha oferta educativa en infantil, primaria e secundaria. O que se plantexa nesta reorganización é que nos centros, nos espazos orixinais, se manteñan as clases ordinarias en infantil e primaria e que os alumnos de secundaria vaian a institutos que están practicamente ao lado, practicamente ao carón. E plantéxase así mesmo un cambio xurídico, transformando dous CPI en dous CEIP, e no caso das Pontes, unha persoa xurídica integrada de dous CPI nun CEIP, no CEIP da Magdalena.

Dito isto, é normal que calquera cambio suscite nun primeiro momento certo descontento ou certa incerteza polo que supón de proceso de adaptación a algo distinto ao que se está acostumado. Pódese atribuír o descontento e o malestar a múltiples elementos que poden ser discutibles, pero hai algo que é evidente, e este algo que é evidente é a interpretación política interesada que sobre todo nalgunha localidade se ten feito respecto desta reorganización de alumnado e recursos materiais e humanos.

¿Como simplificou a oposición a medida adoptada? Todo se basea nunha gran mentira. Creouse alarma dicindo que se pechan catro centros educativos, cando a realidade non é esa. As instalacións, os espazos seguirán sendo educativos, agás nun caso, agás no caso de Outes, onde a fusión dun CEIP, dun cole e outro, liberarán un edificio, que deixará de ser usado pola Administración educativa e volverá ao Concello para os usos que determine. Insisto, a reorganización de centros é unha decisión técnica, responsable e sensata.

E unha vez máis desde esta Cámara a Consellería quere trasladar unha mensaxe de calma. Con esta comparecencia búscase aclarar certas incertezas que sobre todo nalgúns casos se teñen alimentado cunha intensidade negativa para o bo clima do ensino galego e cuns fins que só se poden interpretar desde un posicionamento político interesado.

¿Cal é a visión xeral da situación? O primeiro, señorías, que debe quedar moi claro é que non se pode falar en ningún caso de peche de catro centros escolares no vindeiro curso... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Por favor, pídolles respecto porque está falando o conselleiro. Despois pediremos un turno de palabra. Pero temos unha normativa humana de comportamento... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón, estou falando co público. Vostede terá despois o seu turno.

Eu pídolles respecto.

Prosiga, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moi ben, señorías —repito—, o primeiro que debe quedar claro é que

non se pode falar de peche de catro centros escolares no vindeiro curso. Como xa dixen, agás o caso de Outes, onde se fusionan dous centros do mesmo tipo, nas outras localidades afróntase unha transformación de natureza xurídica na tipoloxía de centros que implica a extinción dos CPI para pasar a ser CEIP. Así, nos centros afectados seguirán impartíndose clases de infantil e primaria e só os alumnos de secundaria irán a institutos próximos, tal e como lles corresponde por tipo de ensinanza.

A Administración educativa, en aras de facer un uso eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, afronta unha reorganización do alumnado coa finalidade de mellorar a formación que reciben en función dos seus niveis educativos. Non podemos esquecer que Galicia ten unhas peculiaridades xeográficas e demográficas que a distinguen doutras comunidades autónomas. No ano 1997 —e fago unha pequena reflexión histórica—, ante a obriga de cumprir a nova organización de ensinanzas fixadas pola LOGSE e a diferenza do que aconteceu noutras comunidades autónomas, en diferentes puntos de Galicia creáronse os denominados CPI, os centros públicos integrados, que se incorporaron á rede prevista de centros de educación infantil e primaria, aos CEIP —aos colexios—, e aos novos institutos de ensinanza secundaria, os IES.

Os CPI naceron en Galicia como unha excepcionalidade para acoller nun mesmo centro alumnos de primaria e de ESO e así evitar longos desprazamentos a aqueles alumnos de determinadas zonas de Galicia, fundamentalmente de zonas rurais, onde a aplicación inmediata da LOGSE non era posible en ausencia de IES, en ausencia de institutos.

Hoxe, no ano 2017, tras vinte anos, experimentouse unha clara evolución tanto da rede de centros como da realidade de matrícula do conxunto da comunidade. A Administración educativa toma unha decisión de carácter administrativo para tres casos: para os CPI das Pontes, de Ribadavia e do Porriño, coa finalidade de que os alumnos de infantil e primaria cursen nos coles, nos CEIP, ou, digamos, no tipo de centro que lles corresponde, e os de secundaria estuden nos institutos. O alumnado sempre queda no mesmo municipio para cursar infantil, primaria e secundaria. Por certo, non aconteceu o mesmo con reorganizacións doutros gobernos.

En tres dos casos, As Pontes, Ribadavia e O Porriño, cóntase cun IES moi próximo, e o alumnado en ningún caso se traslada de poboación, xa que se integran en centros con espazo suficiente para a nova función educativa. No caso de Outes hai unha fusión dos CEIP, o que supón un mellor aproveitamento das mellores instalacións educativas e a devolución dun edificio ao Concello, que posibilita neste caso ganar servizos educativos. A organización resultante do alumnado é similar á existente noutros municipios de Galicia. Todas as unidades, aulas resultantes, respectarán as ratios máximas permitidas aula-alumno e incluso nunha gran parte delas as aulas estarán moi por debaixo destas ratios. Non se pechan en ningún caso aulas nin de infantil nin de primaria, e nas de secundaria haberá unha adaptación do número das mesmas nos IES receptores.

¿Para que plantexamos esta reorganización? Plantexámola para adaptar a realidade educativa destas catro localidades ao que acontece con normalidade en moitos municipios de Galicia, onde os alumnos de infantil e primaria están en colexios —están nos CEIP— e os de secundaria están en institutos; tamén para que o alumnado teña acceso a máis e mellores

oportunidades á hora de cursar os seus estudos, por suposto, no nivel educativo que lles corresponde; para facer un uso eficaz e eficiente dos recursos materiais e humanos dispoñibles; para ofrecer melloras en instalacións e programas, no caso do alumnado de infantil e primaria; e para ofrecer máis oportunidades educativas, optativas, itinerarios e programas, no caso do alumnado de secundaria.

¿Por que adoptamos esta reorganización ao final de curso? Por unha sinxela e clara razón, porque se primou evitar calquera interferencia no proceso de aprendizaxe do alumnado durante un curso no que a decisión adoptada non se aplica e porque se trata tamén dunha medida de carácter administrativo de aplicación no vindeiro curso —no 2017-2018—, tendo tempo suficiente dende que se anunciou a medida para facer todos aqueles tipos de axustes precisos necesarios para minimizar as posibles incidencias na convivencia familiar.

Son moitos, señorías, os exemplos vividos nestes anos nos que unha decisión de carácter estritamente educativo acaba converténdose nun ataque político sen o máis mínimo rigor. Son lexítimas, señorías, as discrepancias políticas, pero a responsabilidade da Consellería é minimizar as alarmas innecesarias ás familias e sobre todo aos estudantes. E aquí voltamos ver un claro interese en converter en causa política, en politizar dun xeito partidista, unha decisión educativa de carácter administrativo.

Tamén quero recalcar que as decisións dun goberno se toman nos órganos competentes, neste caso, e, logo de cumprir coa tramitación administrativa establecida na normativa vixente, a través dun acordo do Consello da Xunta. Eu xa imaxino, xa sei e somos coñecedores de que outras formacións políticas prefiren modelos máis asemblearios, pero un goberno responsable débese á lei e débese aos procedementos establecidos. *(Aplausos.)*

Por isto, unha vez impulsada a decisión, toca anunciála. Neste caso optouse por facelo explicando a situación en cada municipio. Fíxose a través das xefaturas territoriais e da Inspección educativa. A partir deste momento, e unha vez iniciada a reorganización, abríronse as liñas de diálogo e os contactos entre a Administración e as comunidades educativas para buscar a mellor forma de implementar a medida e que o cambio xerese as menores distorsións posibles ás familias. Iso foi o que aconteceu nos días posteriores ao anuncio. Eu mesmo na miña condición de conselleiro tiven reunión co alcalde e coa comunidade educativa das Pontes; localidade, por certo, na que a reorganización adquiriu unha intensidade de crítica diferente, sen dúbida con incidencia de elementos alleos á educación. *(Murmurios.)* E vou caso por caso... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabra que non se perciben.)* Silencio, por favor. Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Vou caso por caso. Neste punto quero explicar a situación específica de cada localidade no tocante á reorganización de centros.

Outes. Trátase dunha reorganización —como xa dixen— baseada na fusión de dous centros iguais de infantil e primaria. Os 67 alumnos e alumnas do CEIP Navasqués pasarán a estudar

no CEIP de Outes, contando neste caso con arredor de 200 estudantes. Pasamos de dous centros nos cales había unha liña educativa en cada un dos centros a un centro no cal vai haber dúas liñas educativas. Pasamos a un centro plurilingüe, cunhas instalacións que se van mellorar; de feito, en moi breve prazo de tempo vaise adxudicar un proceso de reforma de arredor de medio millón de euros. E o que posibilitamos é que nun mellor centro haxa máis servizos e que as ratios en todo caso estean moi por debaixo do que son as ratios máximas establecidas por lei. Falamos dun número de arredor de 14-15 alumnos por aula, cando a media, a ratio, está en 25, co cal, en ningún caso se pode falar de masificación. Está claro tamén que neste caso se van poñer a servizo do alumnado todos aqueles servizos de transporte e todo o que sexa preciso para que os alumnos deste CEIP poidan integrarse sen ningún tipo de problemas no CEIP de Serra de Outes.

As Pontes. Sen dúbida, o caso que máis ten dado que falar é o caso das Pontes. Neste caso, o que se plantexa é unha intervención no CPI Monte Caxado, no cal había clases ata o momento de infantil, primaria e secundaria. En infantil e primaria os alumnos van seguir tendo clases no mesmo edificio, van seguir tendo os mesmos servizos, van seguir tendo a mesma organización. E, iso si, hai dous cambios: o primeiro cambio é unha cuestión de natureza xurídica desde o punto de vista de que se integra como persoa xurídica a dirección no CEIP que hai ao lado, no CEIP da Magdalena, que está xusto ao lado, no cal teremos unha unidade, unha liña, no CEIP A Magdalena, e outra liña, neste caso, no Monte Caxado. E o seguinte cambio que se plantexa é que os 56 alumnos que hai no Monte Caxado se van cambiar aos dous IES que hai ao lado, tanto ao Moncho Valcarce como ao Castro da Uz, que están practicamente a 500 metros. E aí é onde van poder cursar os estudos de secundaria precisamente en institutos adecuados á súa necesidade. É dicir, no espazo educativo do Monte Caxado como tal vai seguir habendo clases de infantil e de primaria, non vai haber ningún cambio. Iso si, vai haber un cambio de 56 alumnos que se van trasladar a un instituto que está xusto ao lado. Neste caso, entendemos que poder concentrar os alumnos de secundaria nun menor número de centros vai dar maiores posibilidades educativas aos alumnos. ¿E por que? Porque vai posibilitar ter maiores posibilidades de itinerarios. Ata este momento nos centros que imparten secundaria nas Pontes non hai en 4º da ESO o dobre itinerario de aplicadas e de académicas fundamentalmente pola dispersión e por non ter un número mínimo de alumnos necesarios. Deste xeito, a concentración vai posibilitar que haxa unha maior oferta educativa para os alumnos, o cal entendemos que vai repercutir positivamente na formación destes alumnos.

Ribadavia. Non se pecha tampouco ningún centro educativo en Ribadavia, simplemente hai unha transformación administrativa de centros, dun CPI a un CEIP; e tamén un cambio de alumnado do CPI a un instituto que está xusto ao lado, están na mesma parcela. Neste caso, o centro público integrado, o CPI Tomás de Lemos, transfórmase en colexio de educación infantil e primaria, mantendo o nome Tomás de Lemos; e as ensinanzas da ESO trasládanse —como xa dixen— ao IES O Ribeiro. Neste caso, os 306 alumnos de infantil e primaria quedan no actual CEIP, con máis espazo físico nas instalacións, mentres que os alumnos de ESO pasan ao IES O Ribeiro, cunhas instalacións que teñen capacidade de sobra para acoller a dita integración.

O Porriño. De igual xeito que no caso anterior, no Porriño non se pecha ningún centro. O que antes se denominaba CPI seguirá funcionando baixo as características e denominación

de CEIP da Ribeira, cos alumnos de infantil e primaria que xa tiña ata o de agora. O único cambio, igual que no caso anterior, é que os alumnos de secundaria pasan a escolarizarse no IES Ribeira do Louro, que está practicamente ao lado, e no cal se dobran as unidades. Polo tanto, os 113 alumnos de infantil e primaria quedan nas actuais instalacións, que pasan a chamarse CEIP da Ribeira, mentres que os 55 alumnos de secundaria do CPI cambian para o IES Ribeira do Louro, cuxas instalacións teñen —como xa dixen— capacidade sobrante. E isto é positivo porque vai posibilitar tamén que haxa máis itinerarios educativos en 4º da ESO, porque ata o momento só se conta co itinerario de académicas. Vai haber máis optatividade, vai haber máis itinerarios e vai tamén haber maior capacidade de acceso a programas de innovación e de mellora educativa.

Señorías, esta é a explicación técnica que se fixa no Decreto 60/2017, do 22 de xuño, de reorganización de centros docentes de determinadas localidades e esta é unha explicación que a Consellería tratou de trasladar por diferentes vías ás comunidades educativas directamente implicadas, e, por suposto, á sociedade galega en xeral; unha explicación que hoxe dou nesta Cámara para que —así o agardo— dunha vez por todas quede constancia de que para organizar a actividade destes centros educativos se tiveron en conta criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e de xestión responsable dos recursos.

¿Por que só estes CPI, xa que, obviamente, existen máis CPI en Galicia? Ben, a reorganización fíxose exclusivamente naqueles lugares onde se cumpren dúas condicións, que son, primeiro, que exista un IES moi preto do CPI obxecto de reestruturación, e, segundo, que ese IES teña capacidade e dispoñibilidade para acomodar os alumnos de secundaria procedentes dos propios CPI. A curto e a medio prazo non existen en Galicia máis centros que reúnan estes criterios e que poidan ser, por conseguinte, obxecto dunha decisión semellante á adoptada neste momento. Non hai, como xa dixen, máis casos en Galicia.

En liñas xerais a reorganización de centros en Outes, As Pontes, Ribadavia e O Porriño implica unha serie de melloras tanto para o alumnado de infantil e primaria como para o da ESO. De feito, os rapaces de infantil e primaria disporán de instalacións máis amplas nos seus propios centros debido ao oco que deixan os alumnos de secundaria. Polo tanto, disporán de máis espazo para as actividades docentes, e o profesorado poderá centrarse en proxectos educativos máis acordes coa tipoloxía do alumnado. Pola súa parte, os estudantes de ESO, ao pasar aos institutos, están escolarizados cos compañeiros do seu tramo de idade e dispoñen dunha mellor oferta educativa. Acabo de dicir que nalgúns CPI só se ofrecía unha opción do itinerario académico, e no entanto tamén o aplicaron.

Ademais, hoxe os institutos receptores de alumnos de secundaria poden optar en mellores condicións a proxectos, a contratos-programa e a poñer á disposición dos alumnos máis materias de libre configuración, xa que un dos requisitos para estas cuestións é ter un número mínimo de alumnos, que en moitos casos estes centros non dispuñan dos suficientes, e é necesario ter un número de alumnos mínimo para poder pór en marcha tanto itinerarios como asignaturas de libre configuración.

Señorías, os servizos de Inspección Educativa están a asesorar, informar e resolver dúbidas nos catro centros onde se vén de aprobar esta reorganización escolar. Insisto, unha medida

que a Consellería de Educación aplica con criterios de mellora na calidade do ensino e tamén na atención á diversidade. Así, o conxunto da comunidade educativa dispón dunha vía de comunicación aberta e directa coa Administración que lle permite formular, expresar e plantexar calquera tipo de dúbida que poida xurdir, ben sexan cuestións vencelladas aos horarios, transporte, comedor, programas de innovación, banco de libros ou outras. Isto é, mantense aberto o diálogo nas cuestións que teñen que ver coa organización e mellora dos servizos e da calidade educativa, por suposto, co fin de seguir mellorando os servizos que ofrecen os respectivos centros.

Para tranquilizar e a modo de exemplo sobre algunha das incertezas das familias, quero manifestar que con carácter xeral está previsto, en relación coa matrícula, que nos centros que cambien a súa natureza xurídica —é dicir, que pasan de CPI a CEIP, como pode ser o caso do Monte Caxado ou doutros— non hai ningún cambio na matrícula, xa que os alumnos de infantil e primaria quedan onde estaban: nas mesmas instalacións, cos mesmos programas e cos mesmos profesores. E para os estudantes de secundaria que pasan a integrarse nun IES o prazo de matrícula —que, por certo, rematou onte— plantexa un cambio automático; é dicir, nos centros adscritos. E só naqueles nos que se opte por un centro non adscrito houbo que facer unha serie de cambios administrativos ante a matriculación. Temos uns datos provisionais con respecto ao exemplo que acabo de dicir, onde dos 56 alumnos do Monte Caxado, sobre 10-12 escolleron o Castro da Uz e o resto escolleu o Moncho Valcarce.

En relación cos libros de texto, neste caso prevalecen os libros de texto do centro receptor dos alumnos froito da reorganización. Os libros do fondo que tiña o CPI que coincidan neste caso cos libros do centro receptor pasan a formar parte do seu conxunto. E no caso de que non coincidan e, por tanto, falten libros, a Consellería adquirirá todos os manuais que falten para repartir no centro ao alumnado que teña dereito ao banco de libros.

Ben, chegado este momento e despois da explicación técnica, quixera facer unha reflexión respecto do que está supoñendo isto, ou, polo menos, respecto de como nós o interpretamos, tanto para as familias como dende o punto de vista político. Neste punto —e falando para as familias— temos que ser conscientes de que a xestión nun sistema educativo é francamente complexa e non sempre resulta doado explicar que hai medidas que se teñen que tomar e que responden ao interese xeral e á mellora do ensino. Por suposto, podemos entender o nerviosismo, os medos, as incertezas que os cambios plantexados pola Administración poden xerar nas familias e no conxunto das comunidades educativas. Tamén somos conscientes de que existen razóns afectivas, que existe un cariño, que existe un apego aos centros educativos, aos colexios; e iso entendémolo como moi positivo. Pero xa o dicía na miña pasada comparecencia, ás veces fai falla tempo para poder ver para crer; para que as augas, en definitiva, volvan ao seu curso ordinario. Poden xurdir dúbidas e poden xurdir situacións de axuste que haberá que resolver para comezar a actividade lectiva baixo unha nova organización. Pero o que quero deixar moi claro é que, lonxe das mensaxes alarmistas, a decisión da Consellería —como xa dixen e volvo repetir— responde a criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e de xestión responsable dos recursos. As familias teñen que saber que se adopta esta decisión para dar máis oportunidades educativas aos seus fillos; aínda así, obviamente, podemos entender o seu malestar.

Lectura política, reflexión política. Ben, dito o anterior, nesta Cámara toca facer unha lectura política do que ten acontecido unha vez que se dá a coñecer a decisión adoptada pola Consellería. Por algunhas reaccións alguén podería pensar que é a primeira vez que unha administración educativa adopta unha decisión deste tipo en Galicia. Podería pensarse, pero non é así. Noutras ocasións a Xunta de Galicia ten adoptado medidas de traslado de alumnos dos CPI ou de centros nos cales compartían espazo con alumnos de primaria a institutos. Fíxose, sen ir máis lonxe, no ano 2008. Non é a primeira vez. E cando teñamos ocasión de expoñer o que se fixo no ano 2008 co que se fai nesta reorganización, sen dúbida, é posible que levemos algunha sorpresa.

Tamén é certo que diferentes partidos e diferentes gobernos de diferentes partidos políticos teñen tomado decisións sobre o peche de unitarias; tense feito sempre ao longo dos últimos anos e, sen dúbida, tamén se terá que facer. Obviamente, eu estou seguro de que vostedes criticarán só o peche de unitarias que fai este goberno, non acordándose do que se fixo noutros gobernos. Pero o que si é certo é que estas non son, nin moito menos, as primeiras decisións que se adoptaron en todo o que ten que ver coa reorganización e co cambio de alumnos de secundaria de centros onde compartían espazo con alumnos de primaria cara a institutos, e nalgún caso a moita distancia. E, por certo, tamén noutras comunidades autónomas onde gobernan partidos de moi diferente cor —basicamente partidos de esquerda en diferentes coalicións— se teñen tomado —e moi recentemente— decisións moito menos impactantes —por dicilo dalgún xeito— que a tomada neste caso.

Pero a verdade é que o que acontece nos últimos días en Galicia son críticas e reaccións políticas que nós interpretamos como absolutamente exaxeradas e desproporcionadas, fundamentadas, como xa dixen, en intereses alleos ao ensino. Porque, señorías, ¿onde está o conflito? Pregunto, ¿funciona mal o sistema educativo? (*Algunhas señoras deputadas e algúns señores deputados: Si.*) ¿Ou aquí hai un intento de crear un problema político partindo dunha decisión organizativa? (*Algunhas señoras deputadas e algúns señores deputados: Non.*) Dígolles, señores da oposición, que reflexionen, que abandonen as estratexias de oportunismo e de buscar o rédito político nunha decisión de carácter técnico pensada para dar máis oportunidades educativas aos alumnos de secundaria.

E remato xa.

Adoptamos unha reorganización de centros educativos fundamentada no exercicio da competencia autonómica, na aplicación da lóxica e no sentido común e baixo criterios claros. Explicamos as decisións cando son decisións firmes. Agás un edificio en Outes que volve a mans do Concello, non se pode falar de peches, porque non os hai (*Risos.*); simplemente hai alumnos de secundaria que pasan para un instituto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mantemos as unidades —aulas—, coas adaptacións necesarias ás necesidades do alumno. E posibilitamos —nisto supoño que non lles pegará a risa— unha mellor oferta educativa, máis oportunidades, máis itinerarios e maior calidade formativa.

Politicamente todo este relato está construído sobre unha gran non verdade, sobre unha gran mentira: que no Porriño, nas Pontes e en Ribadavia se pechan centros. Non se pecha absolutamente ningún centro. (*Murmurios.*) Hai cambios xurídicos nestes centros e vanse

seguir mantendo ensinanzas de primaria e de infantil. Iso si, hai cambios xurídicos, e o que imos ter é un cambio de localización dos alumnos de secundaria, que pasan a integrarse nos institutos que están practicamente ao lado.

Señorías, lamentamos a inquietude das familias; entendemos a súa preocupación inicial. Os servizos técnicos e a Inspección Educativa seguirán —como o levan facendo ata o momento— resolvendo dúbidas sobre como se cambia o alumnado dun edificio a outro, practicamente ao carón; nalgúns casos na mesma parcela. E a nivel político —e xa remato, señorías— debería quedar suficientemente patente que o ensino debería quedar á marxe de excesos e estratexias políticas e dun uso partidista e desproporcionado, sobre todo de decisións técnicas e educativas que adopta un goberno, elixido, por certo, en tres ocasións de xeito democrático pola maioría dos galegos e das galegas. (*Protestas desde a tribuna de convidados.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Non, non, non. (*Aplausos.*) Así non.

Grazas, conselleiro.

Eu prégolle ao público outra vez, por favor, que non fagan xestos... (*Unha persoa fai xestos desde a tribuna de convidados.*) Non, nin ese que está facendo vostede. A tribuna ten unha normativa. Eu pídolles, por favor, que nos comportemos para poder terminar esta comparecencia.

Estouno pedindo por favor. Polo tanto, colaboren tamén, que vostedes son os nosos invitados.

Grazas. (*Murmurios.*) Si, si, son invitados da Presidencia; tramitado polos grupos, pero son invitados da Presidencia. É así.

Ten a palabra agora, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día de novo a todas. E benvidas tamén ao Parlamento de Galiza as persoas que nos acompañan desde a tribuna de convidadas.

¡Vaia papelón, señor Rodríguez! ¡Vaia papelón! Eu creo que lle custou a vostede entenderse a si mesmo. (*Aplausos.*) ¡Pero moito, eh! ¡Moito! Entre persoa xurídica, cambio xurídico, fusión..., *digievolucionaba* vostede por momentos na súa intervención. Eu, que son da xeración Digimon, Pokémon, e Millennial tamén... ¿Sabe cal foi o maior problema ao longo destas últimas semanas, señor conselleiro —que despois na miña intervención tamén o mencionarei e é unha das razóns polas que está vostede hoxe aquí—? Pois que o pasado 20 de xuño —vostede facía, ademais, referencia na súa intervención, ao comezo—, que vostede estivo aquí comparecendo, non sabemos por que a vostede lle esqueceu comentarnos aquí a todas, na sede do poder legislativo deste país, todo isto. Debe parecerlle pouco importante, pouco relevante, que podía vostede omitir esta información, e dous días despois pegar unha chamadiña de teléfono aos centros educativos —non sabemos moi ben se directamente ás familias— e informar de que pechaba, pechaba... O Emilio Navasqués pecha, eu sei que lle custa recoñecelo porque é a orixe

dos problemas, alén de que pechan secundaria nos outros centros de ensino. E simplemente para que non se me esqueza —porque si que non o traio na miña intervención—, non é afectividade, conselleiro. No caso do Emilio Navasqués, por exemplo, pasan dun centro de xornada completa a unha xornada partida. Iso son problemas de conciliación da vida profesional, da vida familiar e da vida laboral. Iso non é afectividade nin cunha mesa, nin cunha silla, nin con parte do formigón.

Elevou vostede —pero levan xa un par de semanas elevando— a neolingua ao máximo nivel. Eu creo que xa vivimos, ademais, longo nos últimos anos este tratamento da lingua. Os recortes non eran recortes, eran axustes porque, viviamos e vivimos —entendo, porque aínda seguen; estamos a falar dalgúns deles— por riba das nosas posibilidades. A emigración xuvenil tampouco era emigración xuvenil, era mobilidade exterior. As reformas laborais non eran unha perda de dereitos, eran flexibilizar o mercado laboral. E agora os peches de centros son reorganizacións, fusións e transformacións. Que o ano que vén xa non existan é un invento das ANPA, das organizacións sindicais e das organizacións políticas que conforman neste arco parlamentario a oposición.

Eu fixen unha recomendación dun libro o outro día na Comisión 4^a. Tráíolles esa recomendación literaria hoxe de novo ao Pleno, moi útil, creo eu, nestes tempos: *A linguaxe no Terceiro Reich*, de Víctor Klemperer, onde dicía: «As palabras poden actuar como doses mínimas de arsénico; un traga sen decatarse. Parecen non causar efecto algún e ao cabo dun tempo prodúcese o efecto tóxico». E neste caso o efecto é que o vindeiro mes de setembro, se o Partido Popular, se a Xunta de Galiza, non recúa, non se emenda a si propia, non escoita, en definitiva, as familias, o conxunto da comunidade educativa —eu xa non lle pido que nos escoite a nós—, o Emilio Navasqués non vai volver abrir a porta. Chámelle vostede como queira, invente unha palabra nova, o que queira..., non vai volver abrir a porta. Así de duro, así de claro e así de real.

Agora veña vostede aquí e retorza as palabras —acabamos de ver un exemplo elevado ao máximo nivel— todo o que queira e intente convencernos dunha realidade que non existe. ¡A ver quen o cre! E vai ser difícil que acreditemos, despois do que fixeron, que foi actuar con premeditación e aleivosía, iniciando —poderíamos chamarlle así; vostede dicía: «nós facemos esta lectura», desde o BNG facemos estoutra— a segunda ofensiva no marco da súa reconversión educativa. Hoxe xa nos queda, ademais, moito máis claro que todo isto era unha operación planificada e que é unha decisión que se tomou hai moito tempo, aínda que ás familias, aos centros educativos e ao persoal docente se lles informou na véspera. ¡Na véspera, jeh!, ¡na véspera! Primeiro pecharon os centros de ensino, que podían ir xustificando pola perda da matrícula, pola escaseza de alumnado, porque son poucos, están illados, pola crise..., que foron fundamentalmente —tamén o lembraba vostede— escolas unitarias, e agora van vostedes por centros que contan con alumnado suficiente, que viñan desenvolvendo a súa actividade con total normalidade e con éxito recoñecido, incluso con premios para o estudantado, que contaban, ademais, con programas de recoñecido valor para as persoas con necesidades de atención específica... E agora a escusa é optimizar recursos: a reorganización, a reformulación... Máis neolingua para enmascarar unha nova ofensiva que pon enriba da mesa con toda claridade cal é a prioridade do Partido Popular a respecto do ensino público deste país.

É que hai que contextualizar, porque as cousas... Non me aparece a min unha idea un día pola mañá e érgome da cama e digo: ¡Bah!, vou pechar un centro e transformar tres. Non, hai que contextualizar no marco doutras decisións que adoptaron vostedes, e xa non vou estenderme ás pasadas lexislaturas, non, senón no que levamos desta lexislatura: dez meses contados desde o mes de outubro. Porque hoxe vostede debería explicarlles ás familias do Emilio Navasqüés, do Monte Caxado, non sei se hai persoas tamén do Ribeiro e persoas tamén do Porriño, que mentres a elas se lles pecha o centro, disque para reformular, optimizar, fusionar —*digievolucionar*, como os Pokémon—, vostedes comprometeron no mes de abril 1.550 millóns de euros públicos —que lles entregaron sen cortapisas na orde do mes de abril; 1.550 millóns de euros públicos de aquí a 2023, seis anos— aos centros privado-concertados, incluídos aqueles que discriminan o alumnado por razón de sexo. Aí non hai límites, aí non hai axustes, non hai optimización de recursos; aí non hai nada, non se reorganiza nada. Explíquelles vostede agora ás familias que hai que xestionar de maneira eficiente os recursos públicos e que lles pechan a escola polo ben dos seus fillos, pero que están vostedes completamente entregados e decididos a continuar saciando as apetencias das empresas privadas que xestionan os concertos educativos; insisto, incluídos os que segregan o alumnado por sexo. Aí non hai recortes, aí o que hai son cartos a feixes de aquí a 2023, que aínda non sabemos que orzamentos imos ter, pero ese compromiso xa está firmado, publicado no DOG. E parece que non hai marcha atrás. Propuxémolo e votaron en contra.

Actuaron con premeditación, con aleivosía e de maneira absolutamente déspota. Volveu dicilo vostede aquí hoxe dicindo que non avisaran até a véspera da fin de curso para non causar estres ás crianzas. «¡Para non causar estres ás crianzas!», foi a perogrullada que se lle ocorreu ese día. Todo para as crianzas pero, jollo!, sen contar con elas. Non imos preguntar ás familias que lles parece, non lles imos preguntar aos cadros docentes que lles parece, nin ás organizacións sindicais; nin sequera temos a ocorrencia de comentalo aquí, coma quen non pasa a cousa, dentro deste hemiciclo o pasado 20 de xuño.

Mais non é o estudantado quen lles preocupa, conselleiro, nin está vostede aquí dando explicacións polo ben do estudantado, senón para ver cal é a maneira de poder salvar o cu ou os seus propios mobles —como prefira— o día antes a ver se así non se mobilizaban. Pois téñolle unha mala noticia, señor Rodríguez: non o conseguiron. E por iso hoxe había unha columna de persoas pola mañá camiñando desde As Pontes á Coruña na defensa do Monte Caxado. E o Emilio Navasqüés —polo que sabemos a través da súa ANPA— tampouco vai parar, e xa recolleu o apoio cunha acción recentemente mesmo do comercio local. Como tampouco vai parar o centro do Porriño nin as familias do Porriño, nin as familias de Ribadavia.

Vostede está aquí hoxe non porque sexa o normal e o habitual que o conselleiro veña a esta Cámara dar explicacións. Cando vén a vontade propia o que vemos é que se lle esquece selectivamente dicir que vai reorganizar —usando a súa neolingua— o ensino público deste país. Vostede está hoxe aquí porque o trouxo a dignidade destas familias; arrastrado, si. E este é un exemplo de que a mobilización dá froitos, de que a mobilización —como a que tivemos diante da Consellería de Educación— é capaz de poñer entre a espada e a parede o propio conselleiro e facelo vir a este Pleno a ter que dar as explicacións que non quixo antes de publicar no *Diario Oficial de Galiza* o peche, a fusión, a transformación, a reorganización, a *digievolución* dos CPI do noso país. E a súa soberbia —eu teño que dicirllo, señor Rodrí-

guez — non lle vai axudar a amainar o temporal. Recomendaríalle cambiar un pouco a estratexia. Tampouco as excusas baratas de que nós non entendemos o ben que lles vai facer ás crianzas todo isto. Se tanto ben lles ía facer ás crianzas, non sei por que se esperou até a véspera para comunicárllelo ás familias.

A ver que santo baixa hoxe do Santoral, preguntábame hoxe pola mañá. Despois do Santo Tomás do outro día, non sei..., o San Benitiño, comentaban antes pola mañá, que era o día. A ver se o San Benitiño lle axuda a vostede en algo.

Ocultoulle información a este Parlamento na súa última comparecencia. Non lle acordou a vostede que quizais estaba ben dicir que ían pechar centros de ensino e recortar noutros cando veu aquí no último pleno. Ocultoulle información ás familias, ás ANPA, ás organizacións sindicais, ao profesorado. Se cremos a versión dos seus, ocultoulle información até ás portavocías municipais do seu partido, aos gobernos locais, ás xefaturas territoriais, como a de Ourense, que se reunía co cadro docente ese mesmo día pola mañá, e tampouco lles dixo nada. ¿Ou pensa que cremos que tomaron a decisión no último momento? ¡E aínda lle parece que exaxeramos cando pedimos a súa dimisión! Se tivera un pouco de vergoña —xa remato—, marcharía vostede, non habería nin que pedirlo. *(Aplausos.) (Aplausos desde a tribuna de convidados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Non se pode aplaudir, por favor. *(Aplausos desde a tribuna de convidados.)* Non, non se pode aplaudir desde a tribuna. *(Pronúncianse palabras que non se perciben desde a tribuna de convidados.)* Non, non, pódese respirar, pero hai unhas normas. E creo que estou eu transmitíndolle que eu encantado de que estean aquí pero, por favor, pídolles que colaboren tamén. Creo que iso está claro. Non estamos pedindo tampouco outra cousa.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Boa tarde.

Señor presidente, grazas.

Señorías.

Representantes das comunidades educativas das Pontes, de Outes, de Ribadavia e do Porriño, grazas pola súa asistencia a esta sesión.

Señor conselleiro, fixo vostede unha intervención tan extensa como baleira. Con independencia do que acaba de dicir a señora Rodil respecto do farrago técnico, fóra do alcance en xeral de que non entenda esa forma de falar, non dixo nada. Non dixo nada, non deu ningunha explicación, excepto cargar sistematicamente contra a innecesaria mobilización política e social dos pais e da comunidade educativa contra unha decisión da Consellería de Educación. *(Aplausos.)*

Mire, poden considerarse afortunados os veciños e veciñas das Pontes porque os recibiu vostede, ou foi alí. ¡Faga o mesmo co resto dos concellos! Porque, ¿que pasa?, ¿son menos? ¿Son

menos cualitativamente? ¿Son menos cuantitativamente? ¿Son menos politicamente? Porque terán a mesma importancia, todos serán pais e nais, mestres e mestras, profesores e profesoras de institutos, merecerán o mesmo trato por parte do máximo responsable da Consellería de Educación nesta comunidade autónoma.

Tenme que desculpar a min particularmente, non sei se a señora Rodil o fará na súa segunda intervención, e a señora Chao —que supoño que será a voceira que virá detrás de min—, pero ten que desculpar a miña torpeza porque, é certo, ben pensado, si que dixo vostede no último pleno que ían facer esta reorganización, pero non o entendemos ningún. Ninguén o entendeu. Non oín falar das Pontes, non oín falar de Outes, non oín falar de Ribadavia, non oín falar do Porriño, pero parece ser que o dixo implicitamente. E, polo tanto, cando se di algo implicitamente, é que se asume que o que está oíndo ten a intelixencia suficiente. Descúlpeme, de verdade, fago un acto de contrición. Heime flaxelar cando remate o pleno, máis que nada por non sangrar a silla cando volva sentar. Pero tratarei para a próxima vez de estar máis atento.

Di vostede que fixo a remodelación con criterios xeográficos, demográficos, pedagóxicos e de xestión responsable. Díxoo cinco veces, é o mantra do día: criterios xeográficos, demográficos, pedagóxicos e de xestión responsable. Mire, dixo vostede: ¡Home!, houbo certo descontento, certa incerteza... O que é certo é que houbo unha manifestación descomunal diante da Consellería de Educación. O que é certo é que houbo a mobilización dos pais. (*Aplausos.*) Non o minimize vostede con iso de que certa, certa, certa..., como dicindo: bueno, algo pasou, algo de descontento houbo, pero, ¡bah!, son cousas do tempo, a xente tiña ganas de festa e en vez de ir a unha romaría decidiron concentrarse diante da Consellería de Educación, que, bueno, ten unha explanada razoablemente grande pero ten poucos carballos. (*Risos.*)

En todo caso, o triste desta situación, señor conselleiro, é que hai un pleno —é dicir, o pleno pasado— vostede compareceu aquí para dar conta dos logros da Consellería de Educación. E daquela quero recordarlle que os tres grupos da oposición o felicitabamos porque viña vostede facer unha rendición de contas, iniciar unha senda que considerabamos afortunada. Pero, en realidade, e pese a que eu lle preguntei como voceiro de Educación do Grupo Socialista por esta cuestión explicitamente —se ían facer algún tipo de remodelación—, vostede non contestou. E xa tiñan, evidentemente, tomada a decisión de facer esta modificación da rede de centros. Polo tanto, foi unha comparecencia de enaltecemento da súa tarefa —que está ben—, pero na que se lle ocultou a este Parlamento a verdadeira intención da Consellería de Educación.

E agora pretende facer vostede crer —como xa lle dixo a señora Rodil— que comparece por vontade propia. Pero sabe de sobra que non é así. Ninguén cre na comunidade autónoma que vostede está aquí por vontade propia. Vostede está aquí porque non lle queda máis remedio, porque as súas decisións —das que é o responsable político, porque para iso é o conselleiro de Educación— teñen provocado a resposta inmediata non só das comunidades educativas senón unánime e simultánea de todos os grupos da oposición neste Parlamento. E ademais ten vostede, nunha situación que imos cualificar de prealerta, a comunidade educativa, porque xa non se fía ninguén do que vostedes lles digan, nin nas xefaturas territoriais nin na Consellería de Educación, porque poden dicirlles unha cousa e ocorrer a contraria ese mesmo

día pola tarde. Non son vostedes fiables; non é vostede fiable, non é vostede transparente, como debera ser nun goberno responsable. E non o é porque ten un desleixo absoluto pola comunidade educativa, ten un desprezo polos pais e as nais, que soamente son tidos en conta cando se trata de montar algún tipo de entrega de premios ou galardóns para ir aplaudir alí. Pero non son tidos en conta á hora de ser informados como axentes activos do proceso educativo, como parte activa da comunidade educativa; para iso non son tidos en conta.

Teñen un desprezo sen precedentes polas comunidades educativas, polos equipos directivos, polos equipos docentes de mestres e profesores de secundaria. ¿Sabe vostede que este mesmo curso adxudicaron destinos definitivos en centros e que agora van ser trasladados a outros? ¿Sabe vostede que hai un caso dunha profesora desta comunidade autónoma que concursou a un destes centros con 157 puntos —que vostede non ten nin idea dos anos que custa reunirlos— e que agora vai estar na situación de desprazada? ¿Parécelle a vostede que iso é unha xestión seria e responsable do sistema educativo? ¿Non podían bloquear as prazas para que ninguén se vise nesa situación? E non é o único caso, hai varios, e, se non, que o asesoren sobre o último concurso de trasladados.

E teñen un desprezo absoluto pola Administración local. Por suposto que ningún concello —non sei se o de Outes, con respecto ao noso compañeiro— foi informado desa situación, pero dubido de que aos outros concellos se lles indicase antes do último día de clase. Ocultaron información pública porque o día 20 de xuño no Consello da Xunta de Galicia —esta é a información pública aos medios— non se menciona o Decreto de reorganización destes centros, como si se menciona despois, no propio texto do decreto, logo da deliberación do Consello da Xunta deste día. Son vostedes pouco fiables. Non sei se mentir por omisión é tan grave como mentir de forma activa, pero vostedes ocultaron deliberadamente esa información.

Mire, fala vostede aquí de que —como xa dixo a señora Rodil— no colmo non fixeron publicidade deste feito para non trastornar sobre todo as crianzas e as familias. Mire, son vostedes, de verdade, unhas auténticas nais e pais para este país; sempre pendentes de nós, anticipándose ás nosas necesidades e facendo máis levadeiros, iso si, os tragos amargos aos que nos enfrenta a vida: xa vos enteraredes a tempo, non hai necesidade de sufrir con antelación... ¡Home, por favor, un pouco de seriedade, un pouco de respecto cara a todo ese colectivo de xente afectada por esta decisión!

E, ademais, non é certo que estea garantida a continuidade do mesmo número de unidades. En Ribadavia non ocorre iso, e sábeo vostede. En Ribadavia pasan de dous centros de liña 2 a un centro que ao mellor ten liña 3 —no mellor dos casos en primeiro—, pero no resto dos cursos vai ter liña 3. Logo, hai perda de unidades e hai perda de postos docentes, e iso ocorre en Ribadavia. Repase as cifras que lle deron.

Queríamos saber se existe nesa consellería tan dilixentemente dirixida unha planificación seria. Vostede dixo aquí agora que non se daba en ningún concello máis a situación que se dá nestes tres concellos. E eu preguntolle: ¿pode garantirlle vostede a este Parlamento, pode garantirilles a estas comunidades educativas que nos están oíndo que non vai haber ningunha modificación máis deste tipo, non porque haxa instituto, ademais dun CPI na mesma loca-

lidade, senón porque consideran que un CPI non debe funcionar porque xa non ten alumnos suficientes? Non pode garantilo.

Veú aquí vostede dicir que esas medidas garanten que se pode dar máis optatividade. ¿Non se dá conta vostede de que ese razoamento á inversa quere dicir que non se dá suficiente optatividade nun montón de centros desta comunidade autónoma, home? ¿Non o pensou así? De verdade, analice un pouco a realidade da comunidade educativa e pense antes de dicir determinadas cousas. Porque o certo é que é posible que sexa necesario facer unha modificación na rede de centros, é posible, pero é posible que esa modificación se faga moitísimo mellor se se ten en conta a todos os implicados na comunidade educativa, se se ten en conta que non é o mesmo un CPI en Cervantes que un instituto no medio da cidade da Coruña ou de Lugo, que requirirá dunhas singularidades en canto ao profesorado que debe ter, porque non vai ter nunca tantos alumnos como o outro centro. Dialoguen, que cabe a posibilidade —xa sei que moi remota— de que estean vostedes equivocados nalgún caso. Xa se sabe que a maior parte dos erros —os históricos, os presentes e os que virán— están nesa bancada do Parlamento, iso xa o sabemos; a maior parte. Ao mellor vostedes en algo ou algunha vez se equivocan e, polo tanto, fan un diálogo con toda a comunidade educativa —con pais e nais, Administración local, altamente implicada sobre todo nos colexios de educación infantil e primaria e nos CPI— e fan necesaria esa participación cos colectivos representantes do profesorado.

Como estou fóra de tempo, soamente lle vou dar unha oportunidade de que corrixa unha afirmación que acaba de facer neste momento con respecto a outros gobernos. No ano 2008 produciuse o traslado de ensinanzas de alumnos de 1º e 2º da ESO...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...de colexios de infantil e primaria —non de CPI— a institutos, porque era unha seguridade que se daba, e sabe vostede perfectamente por que se daba. Agora, dígolle unha cousa, corrixa vostede a afirmación que fixo antes, porque non houbo un traslado masivo como este que acaba de facer. E doulle a oportunidade de corrixilo porque, se non, na seguinte intervención...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...voulle facer unha aposta con respecto a determinados postos que nós...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...desempeñamos neste momento.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente, pola súa paciencia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Teño que comezar a miña intervención agradecendo a nutrida presenza hoxe na tribuna —non de convidados senón do pobo soberano de Galicia— de todas as ANPA, que levan semanas defendendo o que é de todos, defendendo a dignidade e a necesidade dun ensino público de calidade para todas. Moitas grazas polo voso traballo incansable, moitas grazas por estar aquí hoxe. Sabemos que está sendo duro, pero, cando se está do lado da verdade, cando se está do lado da razón, o combate é máis sinxelo. *(Aplausos.)*

Señor Román, vostede, faltándolle ao respecto á xente, é único. Está acostumado a faltarnos ao respecto aos grupos da oposición; iso encántalle. Pero vostede hoxe veu aquí faltarlle ao respecto a esas persoas, tratándoos como auténticos menores de idade, coma se foran perfectamente manipulables polos grupos da oposición, e sabe que non é así. Se sentara con eles, sabería que teñen criterio, que estas persoas son perfectamente conscientes do que están tratando de facer nos pobos nos que viven. E por iso están aquí, por iso se manifestaron diante dos concellos e por iso se manifestaron diante da súa consellería. E están agardando respecto pola súa banda, respecto e escoita, que dedique un pouco do seu tempo. Sente con eles e verá que, de manipulación, ningunha; criterio propio. Vese que a vostede que a xente pense non lle gusta para nada.

Son esas persoas as que esperan hoxe algunha resposta concreta; ás que llela negaron ata o de agora esperan que aproveite esta comparecencia para algo máis que para seguir botando balóns fóra. Trátase de que conteste a algunha cousa.

Temos que falar de formas porque, como digo, vostede cánsase de faltarlle ao respecto á xente, de faltarlle ao respecto á cidadanía, como lle faltou ao respecto a toda a comunidade educativa anunciando estes peches o día antes de que acabara o curso escolar. Imaxine un caso: un conselleiro de Educación que vén a este Parlamento dous días antes para comparecer, a petición propia, facer balance do curso académico e anunciar os cambios para o que vén. Nesa comparecencia —como aquí se dixo— a vostede esqueceulle falar de que ían pechar centros, unidades, aulas e de que ían eliminar especialistas. Diso non tiña nada que comentar. Dous días despois, xente desa consellería fai chamadas ás direccións dos centros de ensino para comunicarlles que o vindeiro ano non van abrir as portas. Dáme igual a palabra bonita que se lle ocorra, o caso é que non van abrir as portas, chámelle o que queira. Imaxine a centos de rapaces e rapazas preparando as súas festas de fin de curso. Imaxine a pais, a nais, ao alumnado, ao profesorado, que ten que cambiar esas festas para preparar mobilizacións urxentes por unha noticia que non comprenden, da que non entenden absolutamente nada, para defender o que é seu, o seu centro de ensino; comunidades educativas que saen ás rúas para dicir que non aos seus recortes, para dicir que non, que preguntan, que non saben, que non entenden absolutamente nada; non entenden o desprezo dun goberno que decide pechar o seu colexio sen comunicarlles nada antes, sen entender que razón pode xustificar que o centro no que acaban de matricular as súas fillas e fillos non vai abrir as portas

no vindeiro curso. Imaxine esas mesmas persoas enfadadas, indignadas, querendo saber, non manipuladas polos grupos da oposición, con criterio propio, facendo preguntas lexítimas, defendendo lexitimamente os seus intereses, querendo saber, facendo preguntas a un conselleiro que pasa palabra, que non sabe, que non contesta, que non responde nin escoita absolutamente nada. Imaxine a frustración e a indefensión desas persoas cando dúas semanas despois teñen na súa man o decreto que certifica unha decisión unilateral, que certifica o peche das escolas; a rabia, a incredulidade que calquera pode sentir ao ler un decreto no que non se fala de peche, senón de extinción e no que se esgrimen razóns pedagóxicas para xustificar o indefendible: que o Partido Popular ten unha auténtica cruzada contra o ensino público deste país e que, malia a tan cacarexada recuperación, vostedes seguen recortando diñeiro no ensino público a costa de darllo á concertada. Esa si que nunca esmorece; esa, dende logo que non, xa llo dixeron antes as persoas que me precederon na palabra. Mesmo hoxe tivemos que ver como aprobaban 2,2 millóns de euros máis para o ensino concertado —¡2,2 millóns de euros máis!—, porque seica 260.170.000 euros eran poucos para financiar os centros privados. Non lles chegaba e houbo que seguir inxectando. Pero para os demais, para os centros nos que estudan os fillos e as fillas dos traballadores e traballadoras deste país, menos, menos aulas, menos centros, menos profesorado, 1.200 centros menos, menos escolas, menos especialistas...; en fin, menos, menos, menos recursos no ensino público, dende que chegou. Se lle estrañan estes números é que, dende logo, non estudou ben a lección, porque eses son os seus números, os seus números dende que vostede chegou a este goberno. Dende que o Partido Popular chegou a este goberno o ensino público de Galicia non fixo máis que perder. Por iso nos últimos anos acumulamos nada máis e nada menos que 195 millóns de euros de recortes.

Ata agora non lle pedín esforzo imaxinativo ningún, todo isto sóalle perfectamente. Se non lle soa, dende logo, é que non lle preocupa absolutamente nada a realidade do ensino público, porque, lamentablemente, isto é real. O conselleiro do que falamos chámase Román Rodríguez, é vostede; a insensible política dos oídos xordos, que ignora o sentir da xente, que non ve, non sente nin escoita absolutamente nada. Vostedes non escoitan nin dialogan con ningún. Por suposto, ignoran a oposición e desprezan o Parlamento e o seu funcionamento democrático vindo aquí a dar unha comparecencia e esquecéndose de falar do peche dos centros educativos. Sorpresa, ningunha, porque ¿que vai esperar a oposición cando vostedes ignoraron a Marea Verde, ignoraron e deron de menos as decenas de manifestacións nas rúas defendendo o ensino público, ata o extremo de na súa comparecencia previa ter o descaro de subir aquí a dicir que se as reválidas non tiñan efectos académicos fora por vostede? ¡Que pouca vergoña, señor Román! ¡Que pouca vergoña! (Aplausos.)

Ignoran as familias, ignoran os sindicatos, ignoran o profesorado, ignoran as nenas e nenos que non queren que lles pechen as escolas, e din que o fan polo seu ben. Pois falen con eles; quíranos menos e falen un pouco máis con eles, escóitenos un pouco máis e igual lles vai mellor. Mesmo ignoran os seus concelleiros e concelleiras, por exemplo, nas Pontes, avergoñados de formar parte do Partido Popular. Non o di En Marea, dixérono os seus concelleiros.

Agora imaxine que fora vostede un deses pais, que fora un dos profesores ou profesoras que tiña aprobado o traslado a un dos centros que van pechar. Iso igual lle resulta máis complicado, porque dende o seu cómodo despacho é moito máis complicado imaxinar a incerteza

na que viven certas persoas. Pero o que si podería facer é deixar de imaxinar, deixar de facer preguntas retóricas absurdas como a que fixo aquí dicindo: ¿cal é o problema? Se quere saber cal é o problema, cando remate a comparecencia suba aí e dedíquelles cinco minutos a estas persoas, igual lle explican claramente cal é o seu problema. Asegúrolle que llo ían explicar moitísimo mellor do que o poida facer eu; que lle aseguro que teñen moitísimo, moitísimo que pedirlle, por iso lle levan pedindo unha audiencia que vostede non lles deu, aínda que suba aquí a dicir o contrario.

Tamén podería rectificar e tamén podería facer algo moito máis importante: dimitir. Dimitir, si, porque estes peches son un erro. Pechar escolas supón un erro, supón que onde antes tiñamos 20 alumnos nunha aula, agora teremos 30, supón que o profesorado non vai dar abasto, supón que haxa unha atención menos personalizada, e iso —sábeo ben— no que redundanda é en prexuízos para quen máis precisa, por exemplo, para os 52 alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que estaban matriculados no Monte Caxado e que agora non sabemos exactamente onde van acabar.

Pechar escolas supón menor calidade para o ensino público, supón, en definitiva, menos dereitos, porque diso se trata en realidade. Hai tempo que o Partido Popular decidiu dismantelar o ensino público; non é falar por falar, son datos contrastables. Dende que vostedes chegaron ao Goberno o ensino público acumula 195 millóns de euros de recortes. 195 millóns de euros menos teñen implicacións claras. Non é que perdamos diñeiro e non saibamos a onde vai, non, sábese. Sábese, como lle dicía antes, que agora temos 1.200 docentes menos. Teñen vostedes o récord de ter pechado en oito anos 116 escolas e 562 aulas suprimidas. Así que ten razón, non é novidade, é o xeito de proceder do Goberno do Partido Popular: 562 aulas menos e 116 escolas menos. Con isto vostedes o que están facendo é, con base en criterios económicos curtopracistas, comprometer o futuro enteiro, o futuro de comarcas enteiras.

E falan agora de criterios pedagóxicos, unha auténtica burla, unha máis coa que tratan de disimular o despropósito dos peches deste ano. Seica agora aforrar non queda ben; agora non queda bonito e prefiren falar de criterios pedagóxicos. ¡Hai que ver coa neolinguaxe do Partido Popular, que cada día nos sorprende máis! Onde hai peches vostedes falan de extincións, onde hai recortes vostedes falan de optimizar recursos e onde hai criterios políticos e económicos claros vostedes veñen aquí falar de criterios pedagóxicos, así como un slogan, porque, dende logo, non nos explicou en que facultade lles ensinan que é mellor para a pedagogía ter aulas con 30 alumnos en lugar de 20, porque, dende logo, non estudamos na mesma facultade, iso podo garantirlo.

¿E sabe que? As súas mentiras tampouco funcionan. Mire aí arriba e verá como pode comprobalo, xa non o cre ninguén, absolutamente ninguén.

Señor Román, ¿de verdade cre serio dicir que non informou antes para non xerar alarma? Unha de dúas, se o sabía, vostede ocultou información relevante para as familias, para o profesorado, para os sindicatos e para o alumnado, evitando render contas no Parlamento de Galicia, como é a súa obriga. Iso si que é primar a estratexia política e partidaria en lugar da transparencia e o bo goberno, que é o que debería facer. E, se non o sabía, trátase dunha improvisación inaceptable, unha máis. Pero xa abonda. ¿Como podemos explicar se non que

no mesmo DOG no que anunciaron que pechaban o centro de Monte Caxado —no mesmo— anunciaban a licitación do contrato de mellora de eficiencia enerxética dese mesmo centro? Pode, por favor, explicar por que decidiron pechar eses centros. Non me diga criterios pedagóxicos. Especifique cales son eses criterios, explíquelles a estas familias. ¿Por que na Serra de Outes? ¿Por que nas Pontes? ¿Por que en Ribadavia? ¿Por que no Porriño? ¿Por que estes centros e non outros? ¿De verdade quere que creamos que só había dous centros en Galicia que cumprían os seus supostos requisitos dos que non sabiamos absolutamente nada e dos que non quixo comentar absolutamente nada?

A cidadanía de Galicia non merece un conselleiro autoritario que aplica as políticas dos feitos consumados, tampouco un conselleiro que o único que fai é botar balóns fóra e insultar a oposición e a cidadanía, incapaz de responder cando lle fan preguntas concretas. Non merecen un conselleiro que ignore e siga ignorando as súas demandas.

Dende En Marea pensamos que o diálogo ten que preceder ás políticas, non ao revés, porque a xente —si, señor Román— ten criterio, non son menores de idade que teñan que dicirlles por onde van. Por iso lle pedimos que dimita; se tivera un mínimo de decencia, hoxe o único que tería feito subindo aquí era escusarse e logo anunciar que se ía. Vostede o único que conseguiu foi poñer de acordo a toda a comunidade educativa en contra súa, ao alumnado, ás familias, ao profesorado, aos sindicatos... Ninguén se fía de vostede, porque vostede non ten credibilidade ningunha, porque cada vez que sobe a esta tribuna...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: ...o único que fai é mentir, ocultar información relevante para este país. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde tamén a toda a xente que nos está acompañando na tribuna.

A verdade é que, escoitando as intervencións dos grupos da oposición, un ten que formularse tamén unha pregunta, e é: ¿para que se pide unha comparecencia do conselleiro cando o último que se quere é escoitalo? É dicir, realmente non importaba en absoluto o que dixera hoxe o conselleiro de Educación aquí porque vostedes xa traían unha postura prefixada, traían unha postura predeterminada e, en definitiva, dábanlles absolutamente igual as explicacións que teoricamente pedían nesa petición de comparecencia. (*Aplausos.*)

A verdade é que moitas veces a vehemencia nos argumentos ao final o que esconde é unha realidade: que vostedes acaban aquí de criticar o conselleiro, de criticar o Grupo Popular, de

non respectar a cidadanía, de non respectar a sociedade destes lugares, de non respectar o Parlamento. Miren, a cidadanía, a cidadanía galega, está representada —e moi ben representada— nesta Cámara por todos os que aquí sentamos, e, polo tanto, todos os que estamos aquí sentados, incluído o señor conselleiro e calquera dos deputados tanto do Grupo Popular coma dos deputados dos diferentes grupos da oposición, merecen exactamente o mesmo respecto. Polo tanto, eu creo que o primeiro que hai que facer é, unha vez que se sobe a esta tribuna, ter ese respecto para con todos porque se non tamén ao argumento permanente de que dende o Grupo Popular e dende a Consellería se quere pouco menos que cargar o ensino público, pouco menos que cargar a realidade de todo o rural, pouco menos que practicamente destruír Galicia... —porque escoitándoos a vostedes parece que é o que pretende o Goberno e o Grupo Popular—, a esa argumentación que utilizaba agora a señora Chao, dicindo que a xente non necesita que a manipulen, non necesita que lle digan o que ten que facer porque ten criterio, pois a ese argumento eu dígolle que se realmente vostedes cren que este grupo e este goberno queren destruír, como vostedes din, o ensino público e Galicia, ¿sería apoiado maioritariamente nas urnas elección tras elección? Pois probablemente iso non sería así. ¿Por que ocorre iso? Pois porque a poboación ten un criterio, decide, toma as decisións cando son convocados ás eleccións e despois, unha vez que se produce unha elección dun goberno, o Goberno ten unha misión. ¿E cal é esa misión? Gobernar. O goberno ten a misión de gobernar. E un goberno responsable ten unha serie de obrigas, ten que exercer as súas competencias. No caso das competencias educativas, podémonos remitir ao artigo 31 do Estatuto de autonomía, que sinala claramente quen ten a competencia de organización educativa no país; pero tamén ten que dar conta das súas decisións, evidentemente. E para iso se está comparecendo hoxe, comparece o señor conselleiro ante a Cámara, polo tanto, ante a soberanía, onde reside a soberanía do pobo galego, para explicar unhas decisións, a petición propia do propio conselleiro e a petición dos grupos da oposición, a pesar de que, como dixen ao principio, aos grupos da oposición non lles interesa o máis mínimo o que veña dicir hoxe aquí o señor conselleiro.

Pero é que, ademais, tamén unha misión do Goberno autonómico é administrar defensa e salvagarda dos intereses xerais, e para iso se está gobernando en Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben desde a tribuna de convidados.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio!

O señor FERNÁNDEZ GIL: Estas obrigas... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Perdón, silencio.

Axúdenlle a ese señor a abandonar o hemiciclo.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Ben, como dicía, estas obrigas trasládanse alá onde hai un goberno, e eu vou poñer un exemplo que eu creo que é perfectamente entendible por todos, porque, por exemplo, se falou tamén de falta de respecto aos gobernos locais. Miren, os gobernos locais, como todos vostedes saben, teñen tamén órganos nos que toman decisións: teñen o Pleno, onde está representada toda a vontade do pobo, teñen a Xunta de Goberno, teñen o propio alcalde, que ten unha serie de competencias e que toma decisións en moitos

casos sen consultar para nada coa sociedade, e non por iso esas decisións carecen de lexitimidade. ¿Con isto que quero dicir? Quero dicir que en ocasións temos que pensar que cando un goberno xestiona a realidade dos cidadáns evidentemente non o fai para fastidialos. Eu creo que iso todos o temos perfectamente claro. ¿Por que? Porque se realmente un goberno estivese para fastidiar os cidadáns, en definitiva, os cidadáns terían que revisar o seu criterio á hora da elección dun goberno e teríamos que poñer en dúbida ese criterio. Pero, polo tanto, cando nós pensamos que os gobernos traballan... E eu teño dito moitas veces cando subo a esta tribuna que eu lles presupño a todos os deputados dos grupos da oposición o mesmo interese por que as cousas vaian ben en Galicia que aos deputados do Grupo Popular; e pediríalles a vostedes tamén que fagan ese pequeno esforzo de pensar que ao propio Goberno galego, tamén polo respaldo e o apoio que ten da cidadanía galega, lle interesa que as cousas vaian ben. *(Aplausos.)*

Pero imos falar en concreto da cuestión relativa á reorganización de centros porque vostedes si que insistiron unha e outra vez no tema do peche. Parece que non lles gusta que non se empregue a palabra «peche», pero despois tamén nas súas propias intervencións recoñecen que si, que, efectivamente, hai un edificio que se pecha —díxoo o señor conselleiro—, que é o edificio en Outes, e neste caso o resto dos centros educativos ningún deles pecha a súa porta, e vostedes sábeno perfectamente, tamén o dixeron nas súas intervencións. Por iso que ás veces se pretende crear unha especie de cerimonia da confusión empregando e retorcendo tamén a linguaxe.

Si, señora Rodil, entendo que lle pegue a risa, porque a verdade é que vostede tamén é experta nesa utilización da neolinguaxe. De feito, acábanos de dar aquí unha especie de máster en Pokémon, Digimon e demais. Eu sonlle un pouquiño máis vello, sonlle da época de Son Goku. Aí, na época de Son Goku, tamén había diferentes evolucións: de guerreiro a superguerreiro...

Mire, en definitiva, sinceramente, porque a verdade é que creo que é necesario de vez en cando aportar un pouquiño de calma, de sosego e de perspectiva aos debates. Teñen que pensar. Eu creo que o conselleiro deixou moi claro na súa intervención que cando se adoptan estas decisións se pretende e busca unha mellora da calidade educativa, unha mellora da realidade dos nenos e nenas de cada unha destas localidades. En definitiva, o que se está pretendendo tamén é darlles un ensino de maior calidade a todos os nenos e nenas destas localidades; é dicir, mellorar a situación de toda a comunidade educativa. E pensar o contrario é estar profundamente enganados.

Evidentemente, todo o mundo pode equivocarse —vostedes, os da oposición, tamén se equivocan, asegúrollo; probablemente moitas veces; todo o mundo pode equivocarse—, pero o que non se pode dicir é que se toman decisións en contra dos intereses xerais por parte dos gobernos, porque iso é, dende logo, unha apreciación equivocada. É un exemplo máis de que vostedes se equivocan.

Miren, hai catro casos diferentes, catro realidades diferentes, e unha única finalidade. A única finalidade, como lles dicía antes, é reorganizar centros educativos nestas localidades para unha xestión máis eficiente dos recursos e mellorar a calidade educativa e a forma de ensinanza nestas localidades.

Eu quero falar dunha serie de cuestións porque vostedes repiten permanentemente o mantra de «fondos para o ensino privado-concertado». Miren, falaba a señora Chao de, precisamente, 2,2 millóns de euros que se aprobaban para destinar ao ensino privado-concertado. E eu preguntolle á señora Chao se está en contra de que o profesorado do ensino privado e concertado recupere o 1 % que tiña perdido no seu salario. Preguntolle se está en contra diso; quizais está en contra diso. Noutras ocasións vén aquí para defender os intereses dos traballadores. Neste caso parece que ese interese concreto non lle importa demasiado.

Pero falaba incluso tamén nunha alocución moi poética desa imaxe de alumnos preparando un festival de fin de curso, ao mesmo tempo que estaba dicindo que había que retirar todo o financiamento do ensino privado-concertado. Co cal, estaría dicindo tamén que deixaría a decenas de miles de alumnos e alumnas en Galicia sen festival de fin de curso e directamente sen estudos. Ese sería un pouquiño o seu modelo, ¿non? Xa o temos discutido noutras... (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*) Témolo discutido noutras ocasións nesta tribuna. ¿Que quero dicir con isto? Con isto quero dicir que vostedes o que non poden facer é intentar, a través de decisións con sustento técnico, con sustento administrativo e concretas, botar a imaxe de que o sistema educativo galego non funciona como debe funcionar. Falámolo na anterior comparecencia, na comparecencia de balance de fin de curso. Falamos claramente de que o sistema galego, o sistema educativo galego, estaba a botar moi bos resultados tanto en inclusividade como en equidade como en moitos outros indicadores e, nese sentido, había que recoñecer tamén o traballo da Consellería. Pero non, vostedes o que pretenden facer é embarrar o campo, empregar situacións, cuestións concretas, para intentar trasladar a imaxe de que todo se fai mal, de que todo se fai para meterlle o dedo no ollo á xente, de que todo se fai coa intención de molestar, de incordiar e de rebentar, por así dicilo, o propio sistema.

Díxenllo tamén nunha ocasión. Vostedes están permanentemente buscando inimigos, permanentemente buscando enfocar a ira cara a algún grupo político — neste caso sempre, desgraciadamente, o Grupo Popular— para, dalgún xeito, intentar darlles lexitimidade aos seus discursos. O que deberían facer, en lugar de estar permanentemente buscando ou acendendo esa ira para darlle lexitimidade ao seu discurso, sería por un momento pararse a pensar se con esa actitude contribúen a cambiar algo ou a beneficiar algo a sociedade galega. Dende logo, este grupo ten moi claro que para cambiar algo e para beneficiar a sociedade galega o que hai que facer é traballar. Acender a ira, protestar e buscar quentar ambiente para, dalgún xeito, lexitimar o discurso é o que vostedes saben facer. Nós, desgraciadamente, non empregamos esas técnicas; nós, desgraciadamente, sustentamos o traballo, intentamos explicar e argumentar as decisións, e así o fixo hoxe o señor conselleiro aquí nesta tribuna. E, dende logo, o que temos moi claro é que sempre —e repito, sempre— seguiremos a traballar pola defensa do ensino público de calidade e pola defensa dos intereses dos galegos e das galegas. Vostedes dedíquense ao que queiran. (*Aplausos.*) (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Réplica do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Sen que sirva de precedente, estou de acordo nunha afirmación da señora Rodil. *(Risos.)* Fala vostede do efecto tóxico das palabras, e certamente o teñen, o efecto tóxico. Vostede citou aquí en varias ocasións a palabra «peche». Menos mal —que despois o dixo a través dos medios de comunicación en moitas ocasións— que hoxe recoñeceu que só se pecha un, e é certo, e nós dicímolo, por fusión; nunca se negou. *(Risos.)* Pero non me diga vostede que os outros tres centros dos cales falamos se pechan, porque é unha radical mentira. *(Aplausos.)*

E hoxe tamén a señora Chao segue co efecto tóxico das palabras. «Non van abrir as portas»; díxoo literalmente: «Non van abrir as portas». Andaremos e veremos. Andaremos en setembro e veremos se os antigos CPI, que cambian a súa forma xurídica e perden o alumnado de secundaria cara aos institutos, abren ou non abren as portas no Porriño, en Ribadavia e nas Pontes. Verémolo, e despois veremos se a partir de aí podemos construír todo o relato que vostedes queiran de credibilidade, de mentira, de falta da verdade, de contaminación, de efecto tóxico..., o que vostedes queiran. Porque miren, os centros, os tres centros aos cales me referín, non van pechar, non se cerran; cambia a persoa xurídica, pero o espazo educativo en infantil e primaria segue aí, non se van pechar. E, señorías, eu dígoo sempre, dicímolo sempre: ao final, o tempo é o mellor xuíz, sen dúbida, e o tempo dá e quita razóns.

E mire, como conselleiro teño comparecido en moitas ocasións, en moitas, e seguireino facendo, sempre que haxa un tema que teña unha relevancia especial, en calquera das áreas, das múltiples áreas que están na miña competencia. Pero falarei sempre con responsabilidade porque esta Cámara me merece un enorme respecto. Creo que desde esta tribuna hai que falar dos temas que de verdade importan e que hai que evitar xerar alarmas innecesarias. E hai que falar con datos rigorosos, absolutamente rigorosos.

Mire, eu nunca, nin politicamente nin persoalmente, me escondín, nunca, nin o penso facer. Eu tiven reunións cunha comunidade educativa, coa máis belixerante, é certo, pero o meu equipo, xefes territoriais, inspectores, etc. reúnen-se sempre que as comunidades educativas o solicitaron e sempre que o desexen. E a Consellería non é só o conselleiro, é inspectores, xefes territoriais e todo o equipo, o enorme equipo de profesionais que están na Consellería. E non creo que ninguén poida dicir que tiveron unha negativa cando recibiron unha chamada para explicar calquera tipo de asunto vencellado coa reorganización de centros; non o creo. Explicouse sempre; outra cousa é que non nos gusten as explicacións ou que non nos guste a acción, pero sempre se explicou e sempre se plantexou. E eu a verdade é que lamento que o rigor que se debe ter nesta Cámara para explicar as cousas non sexa compartido pola oposición e que se prefira continuar dun xeito reiterado con falsidades, con argalladas. Porque mire un goberno, cando é responsable —e este goberno éo—, ten que adoptar as decisións e anunciarlas cando o estime máis oportuno para o interese xeral. Pódese equivocar; ao mellor pódese equivocar, pero ten dereito a escoller os momentos que entenda máis oportunos para transmitir unha decisión. E iso non quere dicir nada da fiabilidade, dicía o señor Álvarez. Un goberno responsable, señor Álvarez, ten que anunciar as decisións cando se poden concretar en feitos, e este feito concrétese nun acordo co Consello da Xunta. E anunciar antes de que este anuncio sexa certo e sexa real é simplemente unha auténtica irresponsabilidade. Nunca se ocultou nada a esta Cámara. A esta Cámara díxoselle —e hoxe volvíno repetir— que se ían tomar decisións con base nuns criterios, pensando na mellora do sistema educativo. ¿Que nos podemos equi-

vocar? Por suposto, pero temos a certeza de que van a medio prazo beneficiar o alumando. Témola; se non, non o teríamos tomado.

E tamén o tempo no cal o adoptamos pensamos que foi o mellor. ¿Por que? Porque aínda que a vostedes parece que non lles importa, estabamos seguros de que, de anunciálo en marzo ou en abril, se xeraría un estrés absolutamente innecesario nos centros educativos. Estou seguro de que esta reacción que houbo nestes momentos sería moi semellante se se dixera en marzo, en abril ou en maio. E por iso o fixemos o último día de curso, para evitar estas situacións de estrés. Estou seguro de que se o fixeramos en marzo vostedes nos dirían: ¿Por que vostedes anuncian isto agora? ¿Por que vostedes non agardan a final de curso, que van ter tempo dende que remata o curso a setembro? Dirían, estamos absolutamente seguros de que o dirían; porque hai tempo e está habendo tempo para negociar, para dialogar, para axustar, para consensuar todas aquelas cuestións que teñen que ver co proceso educativo dos alumnos. Porque os alumnos non quedan na cuneta. ¿Ou é que acaso os alumnos de secundaria que saen dos CPI quedan sen escolarizar? ¿Ou é que acaso os alumnos que van dos CPI aos institutos non van ter nos institutos os medios educativos necesarios e pertinentes para poder desenvolver unha actividade educativa con todas as garantías? É que parece que os institutos que acollen eses alumnos son institutos de, segundo a súa opinión, segunda, terceira ou cuarta categoría, porque parece que non poden ir eses alumnos a centros que están incluso na mesma parcela.

E miren, eu estou convencido de que se esta decisión a dixeramos antes —por certo, unha decisión que afecta catro centros educativos nunha rede de 1.100 centros educativos— estou seguro de que isto non tería evitado en ningún caso que moitos dos que están sentados politicamente nestas bancadas, e dun xeito lexítimo, saíran tamén detrás dunha pancarta a facer o seu xogo político; estou seguro e enténdoo. Agora, de aí a trasladar unha mensaxe catastrofista, hai un camiño moi longo.

E á parte non é nada nova esta actitude política; esta visión política non é nada nova. É unha estratexia que se vén repetindo dende o ano 2009 constantemente. Pasou coas escolas oficiais de idiomas —íase acabar o mundo—, pasou cos centros integrados de formación profesional, cando se puxeron en marcha —un debate moi semellante ao actual, incluso con máis intensidade, pouco menos que estabamos acuchillando o ensino público e as alumnos, jalgo realmente curioso!— e pasou sempre que se puxeron en marcha estratexias educativas dende o ano 2009, sexa de plurilingüismo, de contratos-programa ou de calquera outra, que houbo unha reacción feroz. Era acabar co ensino público. Ata chegamos a escoitar nesta Cámara que o plurilingüismo era para que os ricos estudaran inglés. Eu persoalmente o escoitei nesta Cámara.

A partir de aí, destas decisións educativas, vaise construíndo un relato, e ao final o tempo vén a poñer a cada un no seu sitio. Ao final, estanse fomentando, estanse impulsando, estanse promocionando unha serie de alarmas, sen importar a repercusión e o estrés que xeran nas familias ou que xeran tamén no alumnado.

E mire, as discrepancias políticas son absolutamente lexítimas, absolutamente, pero creo que todos debemos ser responsables e que todos deberíamos intentar minimizar alarmas

innecesarias nas familias, e, sobre todo, nos estudantes. E, como xa dixer, unha administración educativa responsable, como esta é, debe velar polo bo funcionamento da actividade. Porque ao final, señorías, vostedes tamén terán que responder e responderán, de feito, dos seus actos ante a cidadanía. Farano, e, claro, os cidadáns toman nota para o bo e para o malo, para todos. Toman nota do Partido Popular, da Marea, do Bloque, do PSOE e, ao final, iso tradúcese nun resultado electoral. E como dixer xa hoxe e tamén o dixer na anterior ocasión, ao final, ás veces, fai falla tempo para poder ver para crer. Claro, vostedes insisten unha e outra vez en dous axiomas: neste caso concreto, pechamos os centros e, por extensión, destruímos o ensino público, e todo iso mesturado cunha estratexia non sei se de crispación ou de intento de xerar un debate social que entendemos —é a nosa opinión e temos dereito a tela— desproporcionado, ou unha opción desproporcionada. Porque, claro, aquí chegou a dicir hoxe que imos deixar na estacada os alumnos que teñen necesidades educativas especiais, chegou a dicir iso. Iso é unha falsidade absoluta e verase, verase co tempo.

Porque, claro, dá a sensación de que para vostedes Galicia é coma un taboleiro de xadrez e que é igual un territorio ca outro, e que a realidade demográfica non existe. Hai que adecuar os servizos á demanda, hai que situar os servizos onde hai unha demanda social. E así, en moitas ocasións, vostedes demandan, e con razón, que se fagan centros educativos nas periferias urbanas ou nas cidades porque hai presión demográfica. E é certo, nós tamén o dicimos e o facemos. Sen ir máis lonxe, nunha área metropolitana, a da Coruña, nesta área metropolitana, nos dous últimos anos creáronse máis de 2.200 prazas educativas novas. Investíronse máis de 20 millóns de euros en centros educativos en Oleiros, Culleredo, Carral... E estamos pendentes de impulsar na propia cidade un novo centro educativo. É dicir, se hai necesidade faise, pero tamén nas zonas onde se pode ter unha xestión máis eficaz e eficiente dos recursos o que temos que intentar é racionalizar a oferta do servizo público para que a cidadanía poida desfrutar e manter o dereito e o acceso ao servizo público nas mellores condicións; incluso —como xa dixer— incrementar os servizos educativos e ter máis itinerarios, ter máis optatividade, mantendo sempre as ratios. E iso, obviamente, é o que estamos a facer.

E, claro, hai unha cousa, señor Álvarez, que non lla podó aceptar. A verdade é que eu teño por vostede —e sábeo— un respecto persoal importante, pero eu non lle podó aceptar que nesta Cámara diga que eu, persoalmente, e o goberno do Partido Popular ou o Grupo Parlamentario Popular desprezamos as comunidades educativas. Eu non lle podó, de ningún xeito, aceptar que desprezamos o profesorado e que desprezamos as familias, en ningún caso llo podó aceptar.

Porque, volvendo a un exemplo que dixer antes —que vostede me deu pé a dicilo—, vostede dixo que hai desprazamentos masivos do alumnado nestes catro centros. E, obviamente, cando falamos do ano 2008 acudín á fonte de información na cal consultara isto. E di a fonte de información que «a supresión de ciclos de ESO obrigará a 300 escolares a percorrer ata 30 quilómetros» —no ano 2008—. Isto é o que fixo o Partido Socialista en conxunción co Bloque e en conxunción con parte de En Marea, que daquela era parte do Bloque, no ano 2008. É dicir, a vostedes parécelles normal que no ano 2008, cunha presión... (*Pronúnciense palabras que non se perciben.*) Dixer unha parte de En Marea, non dixer toda, que hai outros que veñen doutro lado, ¿non? A vostedes parécelles aceptable cuestionar, coa ferocidade política coa que o están facendo, esta medida que atinxe a catro centros cuxo alumnado vai ir

a centros que están practicamente ao lado —nun caso concreto están ao lado, hai unha valla simplemente—, e parécelles normal, porque tomaron a decisión no ano 2008, trasladar alumnos de ESO ata unha distancia de 30 quilómetros. Eu coñezo un caso particular que afectaba á miña comarca, de Agolada a Lalín —vinte e pico quilómetros—. Os alumnos de Agolada de ESO foron estudar aos centros, aos institutos, de Lalín no ano 2008. E, claro, eu creo que este é un argumento que fala dun goberno responsable. Ao mellor naquel momento a decisión estaba ben tomada, supoño que o Partido Socialista xunto co Bloque —porque isto se tivo que adoptar nun Consello da Xunta— estarían de acordo e terían causas pedagóxicas, demográficas e xeográficas para adoptar esta decisión. Pois exactamente as mesmas causas, ou moi semellantes, están neste caso, e insisto en que cunha gran diferenza. ¿Cal é a gran diferenza? Que ningún alumno sae do seu termo municipal e ningún alumno vai coller transporte para ir a 20 ou 30 quilómetros, ningún alumno. E a vostedes iso naquel momento parecíalles normal e hoxe certamente non sabemos... (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E hoxe non sabemos como hai unha posición política tan contraria a unha decisión que vostedes adoptaron no seu momento cunha menor crise demográfica, cunha moito menor crise demográfica. Porque nestes últimos dez anos a caída demográfica nos concellos do interior, coa caída natalista, foi e é brutal. Co cal o que a vostede lle parecía normal no 2008 entendo que hoxe lle debería parecer moito máis normal, sobre todo cando temos en conta que estamos a falar de institutos que están practicamente ao lado.

E, miren, vostedes construíron o seu relato político sobre unha falsidade, xa o dixen. Repetiron unha e outra vez que se pechan catro centros e non é certo. Só un, só o de Outes.

E, miren, a pregunta ¿cal é? A pregunta é: ¿que dirán vostedes en setembro cando os alumnos de infantil e de primaria vaian aos edificios dos actuais centros, ao espazo físico dos actuais centros onde segundo vostedes se pechan as portas? A ver que nos din, a ver que din cando non se pechou ningún espazo educativo, a ver que din cando se vexa que todos os recursos —equipamento, profesorado, servizos— seguen aí e que o único cambio... Ben, hai dous cambios: hai un cambio xurídico-administrativo, de nome, de nomenclatura, por unha parte; e hai, efectivamente, non o negamos, un cambio de alumnos de secundaria cara aos institutos que están practicamente ao lado; 56 alumnos no Monte Caxado, nas aulas, nos catro cursos da ESO; e sobre 50 no Porriño. ¿E por que o facemos? Xa o explicamos: porque pensamos que van ter máis opcións educativas.

E vostedes, claro, plantexan unha emenda á totalidade do sistema educativo. Quen os escoite falar, e só os escoite falar a vostedes, pensará que o sistema educativo galego está nunha decadencia absoluta e que dentro de pouco imos a unha regresión educativa total. Nada máis lonxe da realidade. Dende o punto de vista cualitativo creo que hai que ver os datos. Estamos nun nivel educativo por riba da media da OCDE por primeira vez en moitísimos anos. Os resultados do Informe PISA sitúan a Galicia como unha das mellores comunidades autónomas de España a nivel educativo. (*Aplausos.*) E, segundo, a nivel de inclusión, de equidade, de atención á diversidade, xa quixeran outras comunidades autónomas estar ao noso nivel. Somos a comunidade autónoma que ten o maior nivel de inclusión de alumnos con necesidades educativas especiais no sistema educativo público, sen dúbida; con máis de 4.000 profesionais dedicados á inclusión. Hoxe mesmo un medio de comunicación facíase eco desta noticia.

En formación profesional temos, afortunadamente, unha formación profesional cada vez máis prestixiada, cunhas cotas de empregabilidade enormes, cunha conectividade, cunha conexión co mercado de traballo, cada vez máis importante, cuns equipamentos cada vez máis fortes no sistema de formación profesional.

Apostamos clarisimamente por unha modernización do ensino. Hai moi pouco tempo presentabamos unha estratexia, Eurolingua, cun obxectivo clarísimo: que os xoves, que os nenos e nenas galegas de hoxe, poidan saír do sistema educativo dominando tres linguas. Imos presentar en moi breve prazo de tempo unha estratexia de ensino dixital. ¿Por que? Porque entendemos que a escola ten que igualar as oportunidades de todos, fomentando aquilo que entendemos que é máis importante para a sociedade do futuro: novas tecnoloxías, linguas estranxeiras, etc.

E, claro, vostedes seguen tamén no discurso dos recortes e non saen de aí. Miren, nos dous últimos anos o orzamento desta consellería incrementouse en máis dun 8,5 %. Nos dous últimos anos hai unha oferta de máis de 2.000 novas prazas de profesores funcionarios. No ano pasado houbo máis de 46 millóns de investimento en centros educativos. Somos, seguimos sendo, a comunidade autónoma cunha mellor ratio por profesor. Hoxe mesmo vanse dedicar 12 millóns de euros ao sistema educativo, 5 dos cales para centros públicos, para melloras en centros públicos, 1 millón para equipamentos en formación profesional, 1 millón para inglés, 2 millóns para libros dixitais, etc.

E estes datos vostedes seguro que van dicir que son todo mentira. Ben, seguramente dirán que son mentira, pero creo que hai algo que realmente non se pode negar: nas últimas convocatorias estatais que houbo os alumnos galegos e os centros educativos galegos, tanto en formación profesional coma en ESO, tiveron uns resultados comparativos a nivel nacional altísimos. Estamos en moitísimas facetas á vangarda, en innovación e tamén en cuestións fundamentais como pode ser a formación do profesorado. E algo que vostedes practican é que negan e fan unha emenda á totalidade a partir dunha acción de reorganización de catro centros —insisto— nunha rede de 1.100; e vostedes o que están intentando —supoño que estarán satisfeitos— é converter unha acción puramente organizativa e puramente administrativa nun problema político. É un problema político que teñen e incluso queren trasladar a responsabilidade a outros.

Pero remato, e remato cun chamamento á reflexión a aqueles líderes políticos, e aos líderes políticos que están nestas bancadas, que están incentivando ou que están apoiando este asunto.

Nós entendemos as familias —e así o digo publicamente, e téño o dito nas ocasións que tiven ocasión de falar con elas—, nós entendemos as familias absolutamente. Hai unha relación afectiva das persoas cos seus centros educativos, e iso é moi positivo. E entendemos tamén que pode haber certas inquedanzas, incertezas, medos, cando hai un cambio. Incluso nalgún caso pode haber algún prexuízo que pode afectar á convivencia familiar. Por iso temos nos institutos e nos centros educativos os servizos de inspección coa porta aberta para resolver, axustar e concretar todas aquelas cuestións que poidan ir orientadas a minimizar o impacto que hai ou que pode haber neste ámbito. (*Aplausos.*) Pero o que si digo, igualmente —e dígo

coa mesma contundencia—, é que ten pouco sentido —insisto, ten pouco sentido— crear un problema político dunha medida de reorganización onde non se pecha, salvo en Outes, nada; onde hai un cambio administrativo nas persoas xurídicas dos centros e onde hai, iso si, un cambio real no traslado de alumnos destes centros, onde convivían primaria, infantil e secundaria, a institutos, a institutos que están practicamente ao carón —nalgún caso porta con porta— e non están, como xa dixen antes, a 20 ou 30 quilómetros. Por iso —e xa remato— creo que é un error intentar buscar rédito político a curto prazo. Pódeo dar, pode dar rédito político a curto prazo, pero ao final, señorías, o tempo sempre é o mellor xuíz e ao final o tempo dá e quita razóns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día de novo.

Eu pregunto: ¿vostede oíuse? É dicir, está recoñecendo que crearon un problema onde non o había por unha única razón, que é reducir custos, aforrar na pública —insisto— para entregarlle de aquí a 2023 1.550 millóns de euros públicos á concertada. (*Aplausos.*) ¡Aforro, aforro, aforro e aforro sempre no mesmo lado da balanza!, sempre no mesmo lado da balanza.

Eu non sei por que vos mobilizades, non sei de que vos queixades, que vai todo estupendamente. (*Aplausos.*) Deberíamos estar facendo unha festa todas aquí. *¡Es que no os enterais!* ¡Nada, nada!, aquí os únicos que non nos enteramos de nada somos as nais, os pais, o profesorado, as organizacións sindicais... Aquí non nos enteramos de nada, non nos enteramos de nada. Nin sequera, ¡pobres!, os edís do Partido Popular nas Pontes. Tampouco se enteran de nada. O señor Crespo tampouco se entera de nada no seu concello. O señor Fernández Gil, que é portavoz municipal do Partido Popular en Ribadavia, tampouco. É que aquí non nos enteramos de nada, aquí o único que se entera é este señor, que, ¡home!, hoxe tivo a ben vir explicarnos que si, ao final si pasou polo aro e dixo que pecha o Emilio Navasqués, agora si. Se colle vostede e revisa as notas de prensa da Xunta de Galicia, primeiro non pechaba ningún. Hoxe xa saímos de aquí, polo menos, con que o centro de ensino Emilio Navasqués, en Outes, ese si pecha.

Eu ao señor Fernández Gil voulle dedicar nada, medio minuto, pero ese papelón tíñao o conselleiro. Papelón é o que ten vostede, o que ten vostede, que vai ser quen vai dar a cara en Ribadavia, igual que o señor López Crespo vai ter que ser quen dea a cara en Outes.

Aquí estamos todos, todos, absolutamente equivocados menos vostedes, porque vostedes teñen 41 escanos, e os 41 escanos dan para todo. Vostedes —e isto vai dirixido aos dous, ao señor conselleiro e ao señor portavoz do Partido Popular— teñen a teima de confundir a maioría absoluta con maiorías absolutistas. Vostedes collen e pensan que por ter a maioría

absoluta poden facer e desfacer ao seu antollo. Miren, o electorado do Partido Popular, estou segura, os votantes do Partido Popular, non os votan para pechar o Emilio Navasqüés en Outes, para recortar aulas e unidades no Monte Caxado, para facer o mesmo no Porriño e para facer o mesmo en Ribadavia. É que boto a man no lume por que a vostedes, cando foron en campaña electoral hai dez meses, a ninguén se lle ocorreu dicir que ían, con base en criterios demográficos e xeográficos, pecharlles a escola. ¿Verdade que a ninguén se lle ocorreu dicir iso? Porque, claro, se entraban pola porta e dicían aquilo, igual o resultado era outro.

Eu volvo dicirlles o mesmo. Nós non estamos equivocadas porque somos agora mesmo aquí a voz de quen ten que estar aí arriba e non pode dicir nada. Pero as mobilizacións, as manifestacións, nin as empezou a oposición nin as organizacións sindicais, foron as ANPA, as ANPA, que se enteraron na véspera de ter que recoller as fillas e os fillos para levalos para as casas nas vacacións de verán, que ao día seguinte, en setembro, cando abrise ou se iniciase o curso académico 2017-2018 non ían poder volver ao centro de ensino habitual. E insistimos en que ten matrícula suficiente. No caso do Emilio Navasqüés tería máis alumnado que no presente curso, que funcionaba con total normalidade, que lle deron no concurso de traslados praza uns meses antes. Pero mentimos e inventamos cousas, e somos exaxeradas e non sei, de verdade, cantas trapalladas —porque xa non se me ocorre outra palabra—, cantas trapalladas máis.

Eu remato co que lle dixen na miña primeira intervención, señor Rodríguez. Cambie de actitude, cese nesa soberbia e nesa prepotencia, porque se está vostede aquí non é porque estean acostumados a pasar a dar explicacións —porque non dan ningunha, e, para mostra, o botón da comparecencia do 20 de xuño—. Se vostede está aquí foi pola presión e pola mobilización social, que o trouxeron arrastrado a dar as explicacións que aínda estamos agardando para ver se aclara ese maremagnum da neolingua e do uso perverso, absolutamente, da linguaxe.

Eu remato dicíndolle unha cousa. Non sei se llo dixou alguén, pero non está vostede no seu mellor momento político. Ten aínda unha última oportunidade, polo menos, para intentar convencer esas persoas de que hai algunha razón lóxica, obxectiva, para pechar esas escolas. Porque non as hai, non as hai. Non hai ningún criterio poboacional, porque teñen matrícula suficiente, porque funcionaban con normalidade, porque teñen programas de recoñecido prestixio. Onde estamos é diante dunha nova ofensiva. Primeiro foise polos que tiñan unha matrícula que mermaba, e agora xa directamente se abre a porta para calquera. Con nós, para iso, non contan. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Como vén sendo un clásico, voume dirixir primeiro ao señor Fernández Gil.

Di vostede que vimos a esta comparecencia cunha postura prefixada. Si, e dous e dous son catro. É que é obvio. ¿Como non imos ter unha postura prefixada se estamos respondendo a

unha reacción social que hai como consecuencia do peche, nun caso, por fusión e do traslado, noutros tres casos, por integración de distintos centros educativos? Creo que utilicei a terminoloxía coherentemente, ¿non?

Ben, mire, a realidade, señor Fernández Gil, é que eu non lle sei onde vou estar no 2019, porque o futuro é incerto. Pero a vostede augúrolle que vai seguir na oposición en Ribadavia. *(Aplausos.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Xa se verá, xa se verá. ¡Silencio!

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Efectivamente, señor presidente.

Pero, bueno, parece que a algarada non é exclusiva da sociedade civil. Tamén hai algaradas na bancada do Partido Popular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Parece, dixen, parece! Non podo facer esa afirmación con contundencia.

Mire, señor Fernández Gil, eu non lle sei moito de evolucións dixitais, porque lle son xa dunha idade analóxica. Pero, en todo caso, confío no diálogo, creo no diálogo, creo na intelixencia da xente, das nais e dos pais dos alumnos, dos alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras. E creo que, se se lles explica e os informan con antelación do que se quere facer, son capaces de entender, porque teñen intelixencia. O que non se pode é converter a Consellería de Educación na «consellería ansiolítico». E, para non estresarvos, vouvos dicir o que hai o próximo curso o último día. E hai unha diferenza, para que vexa vostede, señor conselleiro, que eu si creo no diálogo. Cando ocorreu iso ao que vostede fai referencia, que non era, repito, a mesma realidade educativa, porque saben vostedes —vostede ao mellor non, pero eu si, e algúns dos que están aquí tamén— que se deixou o primeiro e o segundo curso da ESO nalgún concello do Partido Popular para non crear conflito cos alcaldes —non toda a ESO, que foi o que se trasladou; primeiro e segundo da ESO—, déuselles a información. E eu persoalmente naquel momento, na provincia de Lugo, chamei a todos os alcaldes e alcaldesas concernidos por ese traslado no mes de febreiro. Deilles tempo a organizarse, a contratar autobuses, a cambiar os pneumáticos e o aceite. Esa é a diferenza, o diálogo coa xente, convencelos —non, evidentemente, cun aplauso nin con unanimidade— de que era algo que era oportuno facer.

E, evidentemente, quero entender que a maior parte da súa intervención non se refería ao posicionamento do Partido Socialista, quero pensar que non era así, porque non me recoñezo na inmensa maioría das cousas que dixo. Pero si me recoñezo demandándolle que consensúen. ¿Pode ser necesario modificar a rede de centros? Si, a realidade demográfica neste momento é que hai case 8.000 alumnos de menos de 16 anos menos que no ano 2000. É unha barbaridade, é unha desgraza para esta comunidade autónoma, claro que si. ¿Hai que facer reaxustes? Haberá que facelos, pero haberá que falalos coa xente. Se á xente, ás nais e aos pais, se lles di que van quedar tres nenos aquí neste colexio, neste mamotreto, e ímolos levar, cun transporte escolar axeitado, con servizo de comedor axeitado e con condicións axeitadas, a outro colexio, vano entender perfectamente. Pero non pode ir vostede o día que pecha o curso a dicirlles que para o ano que vén non abren as portas dese centro. ¡Consensúen, home!, dialoguen. Non pensen que a xente non ten a capacidade para entender, incluso

para razoar que pode ser necesario facer certa optimización no emprego dos recursos públicos. Iso creo que o entendemos todos, pero, como cidadáns e, neste caso, como xa se dixo aquí, como portavoces de toda esa xente que non ten a oportunidade de falar neste Parlamento —pero nós si somos a súa voz neste momento—, o que queremos é que se teña en conta a xente na planificación, que se nos explique, que se nos diga e que, de verdade, se nos indique se hai unha planificación seria, se están vostedes dispostos a dialogar ou van ir facendo adaptacións *ad hoc* en cada momento, segundo vai xurdindo a oportunidade; se van pechar colexios no rural porque teñen menos de 7 alumnos, ou 3 ou 5, ou os que sexan; se non imos ser quen, porque é unha política necesaria, porque é unha política de país deseñar o mapa escolar que queremos, cos centros que queremos, que uns terán 300 alumnos e outros terán 7, pero o mesmo dereito teñen eses 7 a ter un ensino de calidade que os outros 300. E, de verdade, non é o sitio para falar da optatividade do alumnado por integración deses alumnos, deses CPI, nos sitios correspondentes. Que, por certo, non lle oín nin á señora Rodil nin á señora Chao falar de institutos, nin de segunda nin de terceira nin de cuarta. ¿Iso é unha terxiversación? Non, é algo novo, porque ninguén o dixo, ninguén falou de institutos de baixa calidade en ningún momento. Non poña nas bocas de ningún voceiro ou voceira da oposición cousas que non se dixeron. O debate xa é suficientemente tenso; segundo as súas propias palabras, feroz —dúas veces dixo «feroz»», aí non sei se tamén se puxo algo intenso outra vez co adxectivo, quero dicir que cada un ten unha propensión, eu tamén terei outras, pero feroz non debeu ser—. Pero non diga que dixemos cousas que non dixemos, porque creo que os grupos da oposición temos todos o máximo respecto por todo o sistema educativo e polos profesionais, e, en particular, e adicionalmente, polas nais e pais dos alumnos que están afectados por esas medidas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Señor conselleiro, o certo é que podería dicirlle moitas cousas. Podería dicirlle, podería repetir —e sería a enésima vez neste pleno—, que non poña na miña boca cousas que non dicimos. Xa sabemos que é a súa actividade favorita. Faino cada unha das veces que contesta as nosas intervencións. escoite, e entón non terá que inventar as respostas. Se atende, saberá que digo unha cousa e non a contraria. ¡Por favor, respéctenos!

Podería repetirlle a tomadura de pelo que supoñen as súas evasivas, as medias verdades, a soberbia que desprenden as súas palabras, o nulo respecto que ten á oposición, á comunidade educativa e á cidadanía en xeral. Podería preguntarlle, por exemplo, en que momento decidiu que a escola das Pontes non se pechara. ¿En que momento llo comunicou á comunidade educativa? Porque foi esta mañá. Esta mañá comunicaron á comunidade educativa das Pontes que non se ía pechar, casualmente, casualidades totais. Foi esta mañá. E agora sabemos que o único que non se pecha é o de Outes.

Señor Crespo, está vostede de parabéns, felicitacións. É vostede o único que non foi capaz de negociar co seu conselleiro. E a vostede si que lle van pechar a escola. Así que sospeito

que as nais e os pais de Outes terán moitas ganas de falar con vostede, porque, polo que soubemos hoxe, en Outes non están de noraboa. Todos os outros colexios, tranquilos, polo visto non van cambiar absolutamente nada. E logo xa nolo contades en setembro, xa viredes en setembro outra vez a poñer en evidencia as mentiras deste conselleiro. Pero, polo momento, imos darlle ese balón de oxíxeno. Os que sodes de Outes, ¡unha mágoa! Resulta que o voso deputado foi incapaz de defender os vosos intereses. ¡Quen sabe por que! (*Aplausos.*)

Podería explicarlle tamén, señor Fernández Gil, o despropósito que supón para nós pechar aulas públicas mentres aumentan o concerto coas privadas. (*Murmurios.*)

¿Podería pedirlle, presidente, silencio á súa bancada?

O señor PRESIDENTE: Si, si.

Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora CHAO PÉREZ: Eu sigo escoitando ese ruído de fondo.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Prosiga, señoría.

A señora CHAO PÉREZ: ¿Non é o colexio, de verdade, señora Prado? ¿De verdade? Pois, por favor, estea calada cando teño...

O señor PRESIDENTE: Non dialogue, señora Chao, por favor.

Non, por favor. Señora Chao... (*Fortes murmurios.*)

Silencio, por favor. ¡Silencio!

Imos terminar a comparecencia. Prosiga, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: Podería explicarlle o despropósito que supón para os pais e as nais das familias que ven pechados os seus centros que lles digan que teñen que aforrar cando aumentan un 10 % o financiamento dos concertos. Poderíamos dicir moitas cousas. Sen embargo, ninguén como eles e como elas poderían explicar mellor a situación na que están. Por iso pensamos que deberían ser eles e elas os que tomaran a palabra neste estrado. Lamentablemente, de momento non é así. Dende En Marea defendemos —pese ao ruído da bancada popular, que teiman en seguir— a necesidade de modificar o Regulamento desta Cámara de xeito que as persoas afectadas poidan tomar a palabra cando efectivamente se trata de problemas que os afectan.

Mentres iso non sexa así, imos ler un comunicado da ANPA do Navasqüés. Sirva de exemplo, sobre todo, porque, como acabamos de saber que é o único que non vai pechar, ¡que mellor que sexa a súa voz a que se escoite aquí!

Leo textualmente: «Bo día a todos os presentes. Primeiramente queremos agradecer que nos brindaran estar aquí, pero sobre todo a oportunidade de poder explicar o noso caso. Como seguramente moitos de vostedes xa saben, vimos en representación da AMPA CEIP Emilio de Navasqués de Outes. O colexio no que estudan os nosos fillos e fillas foi pechado o pasado 22 de xuño mediante unha chamada á dirección do centro. Dende ese día, intentamos que alguén escoite as razóns polas que tanto nós como o resto da comunidade educativa, persoas e institucións que coñecen as nosas características específicas, estamos en contra do peche.

Procedemos dun concello rural galego que non chega aos 7.000 habitantes e no que a súa poboación descende ano tras ano, feito que con este acto se vai favorecer. Co noso colexio eran tan só dous os centros educativos cos que contabamos nun municipio de 992 quilómetros cadrados e unha densidade de poboación de 66 habitantes por quilómetro cadrado; centros educativos con distintos proxectos pedagóxicos, distintos horarios e distintos servizos prestados á comunidade, pero que cubrían as necesidades da nosa poboación, cada un deles cunha identidade propia. Ambos centros educativos permiten ás familias adaptar as súas necesidades laborais e familiares, garanten a libre escolla do centro educativo, permiten aos nenos e nenas manter un vínculo co seu contorno máis próximo, favorecen as infraestruturas das que dispomos e mantéñenas en boas condicións.

Imaxinen se o CEIP de Navasqués foi importante que ata foi distinguido co máis alto galardón concedido polo Concello de Outes polo seu labor educativo, cultural e social. O señor Crespo algo debe saber ao respecto.

Pola nosa parte, só pedimos ser escoitados e, entre todos, buscar unha solución para manter as portas abertas do CEIP Emilio de Navasqués e impedir que os nosos fillos, veciños e tecido empresarial sufran as consecuencias.

Moitas grazas.>>

Señor Román, ¿vai atender esta petición concreta ou segue demasiado ocupado para atender as familias que lle fan estas demandas? Porque diso se trata, de tomar unha decisión que afecta á comunidade educativa —con eles ou contra eles— contando coas persoas afectadas ou dándolles as costas. Diso é do que quixemos vir falar aquí. Por iso pensamos que non podemos permitir que unha consellería chаве para o futuro dun país siga dándolle as costas á comunidade educativa, que é o único que fixo vostede, dar as costas á comunidade educativa e agardar directrices de Madrid, pero resulta que agora iso xa non serve.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde de novo, señorías.

Mire, señora Chao, asegúrolle, porque me consta, que o señor Crespo fala todos os días cos veciños e veciñas de Outes, escóitao, infórmaos (*Aplausos.*) e está ao seu carón. Asegúrollo, asegúrollo. Probablemente, en moitos dos seus compañeiros de formación política que teñen responsabilidades en administracións locais non atopen os seus veciños as mesmas ganas de escoitar e as mesmas ganas de traballar por eles que ten, por exemplo, o señor Crespo ou calquera dos que teñen responsabilidades locais dentro do Grupo Popular.

E mire —dígollo porque tamén falaron do meu caso—, evidentemente, eu si que son concelleiro en Ribadavia, ¡claro que si! Efectivamente, e moi orgulloso que estou. Para min é unha auténtica honra poder representar os meu veciños e poder tamén informalos. E voulle contar precisamente o caso, porque dicía que ¡menudo papelón ter que dar a cara en Ribadavia! Eu a cara en Ribadavia douna encantado. Eu vou a Ribadavia, vivo alí. De feito, ao marchar de aquí voume para Ribadavia. Alí teño os meus fillos, alí fago a miña vida.

A verdade é que cando todo isto se coñeceu, cando se coñeceu a noticia, o primeiro que fixen foi, como representante público, preocuparme pola situación e intentar informarme, buscar información. Busquei o modo de contactar coa xefatura territorial. Evidentemente, contactando coa xefatura territorial déronseme as explicacións que demandei como representante público. Despois, automaticamente, ¿que foi o que se fixo? Trasladarllas á cidadanía, que é o que ten que facer un representante público responsable: falar cos seus veciños. Lástima que outros grupos non adoptasen a mesma decisión de transmitir aos veciños a información que se daba dende a xefatura territorial, e en lugar diso preferisen xerar confusión e manter unha especie de idea de desinformación que xa non existía, pois a propia xefatura territorial tivo tamén ocasión de reunirse coas propias AMPA. Falo do caso concreto de Ribadavia porque xa lles digo que é un caso que coñezo. Evidentemente, eu, ao vivir alí, sei perfectamente do que falo.

E dígolle máis, señor Álvarez. Mire, vostede dixo que no 2019 non sabía onde estaría, pero que a min me auguraba estar na oposición en Ribadavia. Pois home, non o sei. Evidentemente, eu non teño capacidade para adiviñar se realmente estarei na oposición en Ribadavia ou ao mellor teño outra responsabilidade dentro do concello ou dentro do Goberno do concello. Pero ¿sabe o que si lle podo asegurar? Que no 2019 meus fillos estarán estudando nun colexio público de calidade en Ribadavia. (*Aplausos.*) Iso pódollo asegurar. A pesar de todo o que vostedes levan dicindo aquí toda a tarde, eu, afortunadamente, en 2019 poderei levar os meus fillos a estudar a un colexio público de calidade en Ribadavia, e é ao que me refería na miña primeira intervención, cando dicía que o rigor e a mesura nos axudan a todos a entender e enfocar un pouquiño máis a situación.

Evidentemente, todos estamos en política, estamos facendo política, participamos dalgún xeito do xogo da política, porque si que ten esa compoñente lúdica. Pero ao final, cando estamos a falar da nosa actividade, de como inflúe sobre a vida e a realidade das persoas, creo que hai que abandonar un pouco esa compoñente lúdica e coller un pouco máis o timón do argumento rigoroso. Nese sentido, a verdade é que quedei abraiado agora cando escoitei que non había información de que o Emilio Navasqués se pechaba, que se coñeceu hoxe, e unha serie de cuestións. Eu creo que a información foi tanto dende a propia consellería, en comunicados de prensa, como dende as xefaturas territoriais falando con equipos directivos dos centros. Xa digo, no caso concreto de Ribadavia reuníronse tamén a xefa territorial e a

inspección coa AMPA de Ribadavia e fóselle trasladando toda a información que era necesaria, fóselle trasladando toda a información e toda a realidade de cada un dos casos concretos, e nese sentido entendemos que non se pode negar o feito de que se trasladou esa información.

Podemos estar de acordo coa decisión ou podemos non estar de acordo coa decisión, pero o que non podemos dicir é que non se informou á comunidade educativa por parte da Consellería e que non se intentou tranquilizar a comunidade educativa por parte da Consellería. Señora Blanco, tranquilícese, non hai ningún problema, a comunidade educativa somos todos. Xa digo, eu tamén son pai de familia. Neste caso os meus fillos aínda non están en idade escolar, pero si teño sobriños, teño unha sobriña que estuda no Tomás de Lemos, e non pasa nada, normalidade absoluta. Eu creo que hai que ser un pouquiño máis mesurados e tomar as cousas —xa o dicía antes— cun pouco de rigor.

En definitiva, eu creo que non podemos negar que a consellería fixo o traballo que tiña que facer, que era informar a cidadanía. Xa digo, eu, como representante público, no caso de Ribadavia fixen tamén o traballo que entendía que tiña que facer, que era informarme e trasladar a información á cidadanía. Lástima que dende os outros grupos políticos o único que se intentase fose enganar e confundir. ¡Fraco favor lle fixeron á comunidade educativa!

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Peche desta comparecencia, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señor presidente.

Bueno, eu son profesor, é a miña profesión, e ás veces recoñezo que a miña vocación docente e explicativa non ten a capacidade que debe ter para intentar trasladar as mensaxes á cidadanía, ás persoas que escoitan, porque, señorías, miren que expliquei, miren que expuxen datos, miren que fixen declaracións de prensa a medios de comunicación estes días, e hoxe conseguín unha cousa e marchó satisfeito, neste caso como profesor. Consequín que os membros da oposición dixesen unha parte da verdade ou recoñecesen que estiveron usando unha mentira cando dixeron publicamente que se pechaban catro centros educativos. En ningún caso, en ningún caso.

Aquí —dixémolo sempre— só hai un caso no que un edificio se pecha, que é en Outes. Dixémolo claramente. Nos outros edificios, nos outros espazos educativos das tres localidades onde hai CEIP: Ribadavia, As Pontes e O Porriño, os alumnos de primaria e infantil van seguir nos seus centros sen ningún tipo de problema, só hai un cambio dos alumnos de secundaria cara aos institutos, situados practicamente ao lado, coa finalidade de poder incrementar a oferta educativa.

Isto resúmese aquí, é realmente algo bastante sinxelo. Eu recoñezo que quizais non o expliquei ben, porque, se non se entendeu isto, realmente non é por culpa dos receptores da men-

saxe, é por culpa miña, sen dúbida, porque fun incapaz de transmitir isto e de que se entenda isto, co cal, realmente, señorías, quedo sorprendido. Igual que quedo sorprendido cando se me acusa de que son soberbio e prepotente. Eu teño moitos defectos como persoa e como político, sen dúbida, como calquera dos que estamos aquí neste recinto. Agora, todas aquelas persoas que teñen entablado comigo unha conversación mínima, saben que poderei ter moitos defectos, pero soberbia e prepotencia creo sinceramente que non. (*Aplausos.*) Agora, se vostedes entenden que manter a firmeza nunha decisión que entendemos positiva é soberbia e prepotencia, entón tereilles que dar a razón, porque aquí estamos mantendo unha decisión que entendemos positiva para o sistema.

Falouse dun caso concreto, trasladouse un pouco o foco a Outes. Entendemos sinceramente que os alumnos que van ir ao novo centro, superada a incerteza inicial, van ter unha mellor atención educativa, van integrarse nun centro plurilingüe, vai haber dúas liñas, vai haber maior capacidade de poder ter optativas, de poder ter itinerarios. Estamos falando de centros que están practicamente ao lado, vai haber transporte escolar, e haberá que axustar certas cuestións, sen dúbida haberá que axustar certas cuestións. Por iso puxemos a disposición da comunidade educativa os servizos da inspección e da xefatura territorial, para que poidan concretar, axustar, dialogar, consensuar e poñer encima da mesa todas aquelas cuestións que poidan ir orientadas, e que van orientadas de feito, a mellorar a calidade do ensino.

Falouse de diálogo, é curioso, e díxose que no pasado, se un alcalde protestaba moito, non se suprimía. Veuse dicir iso. E se non protestaba, suprimíase. Bueno eu creo que iso non é unha planificación, en ningún caso é un criterio lóxico. Aquí houbo un criterio que xa o dixen: existencia dun instituto practicamente a carón e con prazas dispoñibles. O criterio non foi que houbera un alcalde que protestara ou non, como dixo o señor Álvarez. E miren, en ningún caso se nos pode dicir que non dialogamos, que non consensuamos. Eu teño aquí unha relación coas intervencións que houbo das xefaturas territoriais, da inspección e mesmo os meus, de contactos coa comunidade educativa das Pontes, e hai moitísimos contactos constantes neste ámbito coa comunidade educativa. Outra cousa é que se chegou a un acordo, pero o que non se pode negar é o intento de buscar puntos de encontro, porque entendemos que isto non beneficia a ninguén.

Se acoutamos o problema á realidade, a realidade que se verá en setembro é que 56 alumnos de ESO, que están repartidos en catro grupos, arredor de dez e pico por unidade, van ir aos institutos que están ao lado, que se reparten nos dous, e esa é a realidade, e aquí está —digamos— o cronograma con todos os contactos que houbo coa xefatura territorial. E tamén noutros centros. Por exemplo, en Outes teño constancia de que o xefe territorial se vai reunir cos dous directores creo que o venres, tamén se vai reunir coa AMPA creo que para a semana. Creo que iso é algo que todo o mundo coñece e que mostra claramente unha vontade de diálogo.

En todo caso, falouse de moitas cuestións creo que importantes e interesantes, do mapa de centros... Señor Álvarez, vostede sabe que os propios CEIP son algo propio de Galicia, non hai noutras partes de España; e polo que son e por que xurdiron, por que xurdiron no seu momento. Pero tamén vostede sabe —e, insisto, co máximo respecto profesional e persoal cara a vostede— que o mapa de centros evoluciona ano a ano. Non é un mapa estático, non é un mapa cartesiano, non é un mapa soviético. Evoluciona ano a ano, pero evoluciona cuns

criterios absolutamente claros e transparentes (*Fortes murmurios.*), que son coñecidos. ¿Verdade que son coñecidos? ¿Verdade que toda a comunidade educativa deste país sabe que se pecha unha unitaria se ten cinco alumnos, e que, se ten seis, se mantén? ¿Verdade que toda a comunidade educativa deste país sabe dos agrupamentos? Ou ¿verdade que toda a comunidade educativa deste país sabe que, por exemplo, nos ciclos de Formación Profesional hai un diferente umbral de alumnos mínimos nas zonas urbanas e nas zonas rurais, doce e oito? Todo o mundo o sabe.

E hai unha evolución progresiva. Hai que adaptarse á realidade demográfica. Puxen un exemplo na área metropolitana da Coruña. Creáronse nos últimos anos máis de 2.200 prazas, e non na cidade da Coruña, no centro urbano da Coruña, senón na periferia urbana, nos concellos, digamos, onde hai un maior crecemento demográfico, onde hai unha maior xuventude demográfica, en Culleredo, en Cambre, en Oleiros..., onde hai poboación xove; ou nun barrio novo, que é o Novo Mesoiro, onde estamos traballando para facer un novo colexio. Todo o mundo o sabe. Agora, o que non podemos —ningunha administración o fai ou non debería facer— é dar un servizo onde non hai demanda. Nunha escola unitaria, se temos un alumno ou dous, o que teremos que facer é darlle a ese alumno ou a dous os recursos necesarios para que vaia ao centro educativo onde haxa un número maior de alumnos e de nenos, por unha simple razón de escolarización e de socialización do alumno. Aí estaremos de acordo. Co cal o mapa educativo é cambiante, cambia ano a ano. E cambia cuns criterios creo que claros e coñecidos polo conxunto.

E creo que está practicamente todo explicado. Volvemos insistir —e insisto— en que lamentamos os excesos partidistas e a desproporción política que a oposición plantexou —sobre todo, nalgúns casos— neste asunto. Converteuse, pola súa presión e pola súa forza, un asunto puramente técnico, organizativo, practicamente administrativo, nunha cuestión política. E ao final aquí, señora Rodil, vostede preguntábanos por que a xente vota o Partido Popular. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Si, viña dicindo algo parecido, viña dicindo por que a xente vota ou por que a xente non lle di isto ao Partido Popular. Eu creo, señora Rodil, que ao final, cos nosos erros e cos nosos acertos, pois facemos as cousas razoablemente ben, ou, polo menos, mellor que outras formacións políticas. Dígollo así, claramente. (*Aplausos.*)

E, xa para rematar, só vou plantexar unha reflexión xeral que enlaza co que acabo de dicir, e que enlaza co discurso —digamos— catastrofista que se plantexa do sistema educativo en Galicia —feroz politicamente falando, señor Álvarez, dicíndoo coas connotacións políticas que ten a palabra, por suposto—. Miren vostedes ao ano 2009, miren vostedes cara a outras comunidades autónomas onde ten gobernado e goberna a esquerda dende hai moitísimos anos, e comparen. Miren vostedes o sistema educativo galego, miren as principais variables do sistema educativo galego e preguntense se están mellor ou peor que no ano 9. Hai moitísimas variables: o fracaso escolar, a empregabilidade da formación profesional, a mellora da calidade nos resultados do informe PISA, a integración de alumnos con necesidades educativas especiais, o número maior ou menor de prazas de transporte escolar ou de comedores escolares, o nivel de innovación, os niveis de modernización do ensino tecnolóxico, tamén de ensinanzas en idiomas. ¡Míreno, míreno! E miren tamén —e creo que aí podemos mirar todos cunha certa tranquilidade histórica— o que fixeron dende a oposición sempre que se adoptaba calquera medida no ámbito educativo. E eu

citei dous exemplos: as escolas oficiais de idiomas e citei tamén os CIFP, os centros integrados de formación profesional. Miren o que dicían vostedes naquel momento, que practicamente é un calco do que din hoxe, practicamente se reproducía o debate e o que din hoxe. Eu naquel momento era o portavoz, como o señor Fernández hoxe, e o discurso era practicamente o mesmo.

Miren, señorías, o que están facendo agora. Miren, señorías, o que están dicindo agora. Porque estou seguro de que en pouco tempo —e non demasiado tempo, como tamén xa pasou— estarán arrepentidos e arrepentidas de tentar crear un problema político onde só hai unha medida positiva para o sistema educativo. (*Aplausos.*) Ao final, coma sempre, señorías, o tempo dará e quitará razóns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

(*O señor López Crespo pide a palabra.*)

Si, señor López Crespo, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor López Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: Con base no artigo 76, por alusións...

O señor PRESIDENTE: Se me pode precisar cal é a alusión inexacta.

O señor LÓPEZ CRESPO: A portavoz do BNG e a portavoz de En Marea citáronme reiteradas veces...

O señor PRESIDENTE: Citaron, pero ¿cal é a inexactitude?

O señor LÓPEZ CRESPO: ...sobre a miña actitude ante o peche do colexio Emilio Navasqüés, e, como quedo totalmente desguarnecido, quería dicir dúas palabras nada máis.

O señor PRESIDENTE: Pois si. A verdade é que foi vostede aludido. En concreto, eu entendino —vouno dicir agora— e houbo unha alusión máis clara da señora Chao...

O señor LÓPEZ CRESPO: Varias, varias...

O señor PRESIDENTE: Eu entendín que vostede —e iso a un deputado entendo que o poida molestar— non fala coa súa xente. Esa alusión vina. Entón vostede ten dereito a replicar iso. (*Murmurios.*)

Si, si, correcto, así foi.

O señor LÓPEZ CRESPO: Primeiro, quero dicir que lamento moito ter que intervir, láméntoo moito. Non quería intervir, e as primeiras intervencións do primeiro turno foron, como son,

de dúas deputadas intelixentes, xoves e con ganas de chegar lonxe en política, tratando o tema dunha forma global. O malo é que entramos no particular, e entón aí é tráxico. É tráxico porque eu, que teño 67 anos, que fun alcalde vinte e dous anos en Outes, dediqueime ao ensino e alí a min coñécenme e valóranme como profesor, como mestre, non como político. E entón, desde o día que chegou a noticia, nós, desde o Concello —onde sigo sendo tenente de alcalde— dixémoslle á comunidade: Vide aquí, se queredes. E viñeron ao Concello e pasamos dúas horas explicándolles o que pretendíamos. E alí pedíronnos que nos manifestáramos contra o peche. E o Goberno de Outes díxolles: Non nos manifestamos contra o peche porque non estamos en desacordo co peche. Entendemos o cabreo que tedes pola vinculación afectiva co centro, pola forma de comunicárvolo pero... (*Fortes murmurios.*)

Por favor, señora...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! (*Murmurios.*)

O señor LÓPEZ CRESPO: ¡Señora...!, ¡tranquila!

Informámoslos, logo tivemos un pleno, fixemos a votación e o Goberno de Outes votou en contra. E aí explicámoslles que iamos poñernos en contacto coa Consellería para que todos aqueles aspectos que poidan mellorar o ensino no colexio Emilio Navasqués aos alumnos vaian ser. E desde aquela estamos en contacto continuo coa Consellería. Proba diso é que o venres... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Perdón. ¡Silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Perdoe, hai que coñecer o Regulamento.

¡Tres minutos!

O señor LÓPEZ CRESPO: Vou rematar xa.

A inexactitude... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Ten dereito a tres minutos. Se non coñecemos o Regulamento, mal asunto. (*Fortes murmurios.*) ¡Silencio!

O señor LÓPEZ CRESPO: Eu ben sei que os seus correligionarios en Outes tamén din: Como escoitedes a Crespo, convéncenos. E eu non os quero convencer a vostedes. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LÓPEZ CRESPO: Quero dicirlles tres cousas á portavoz do BNG e á portavoz de En Marea. No colexio Emilio Navasqués vostedes din que hai sete ou oito alumnos, pero non din que hai tres cursos de infantil xuntos nunha clase.

O señor PRESIDENTE: Grazas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio!

O señor LÓPEZ CRESPO: Tres cursos de infantil, o que non é pedagóxico, dous cursos de primaria...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señor López Crespo, terminou o seu tempo.

Grazas.

O señor LÓPEZ CRESPO: Nós estamos coa comunidade educativa de Outes, e, se quere, invitamos... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Grazas.

(A señora Blanco Rodríguez pide a palabra.)

Si, señora Blanco, ¿para que quere a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Pódeme precisar exactamente cal é a inexactitude que se pronunciou? Foi aludida, pero ¿cal foi exactamente a inexactitude? ¿Cal foi?

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Si, si, sobre a miña conduta, sobre que estaba nerviosa. Entón quero facer unha aclaración. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non...

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Si, si, señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Non, non, perdoe...

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Señor presidente, con base no Regulamento teño dereito a que vostede me dea a palabra. Forma parte da miña conduta estar ou non estar nerviosa. ¡Por favor! ¡É que me parece increíble! *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non. ¡Silencio, por favor!

Non, non, terminou. Non vou dar máis palabras. ¡Terminou! ¡Silencio!

Terminou o debate. Eu estiven no debate e escoitei atentamente como foi. Exactamente non foi así. Pediulle un pouco de tranquilidade por unha expresión xestual que fixera vostede, nada máis. ¡Terminou o debate! *(Murmurios.)*

Grazas aos invitados, terminou o debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Non, non, as alusións non teñen réplica, señora Chao. No Regulamento, as alusións non teñen réplica. Pechouse o debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

¡Non, perdoe!, o Regulamento coñézoo eu. En alusións non hai réplica. ¡Non, non, pechado! Non, non hai, non procede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non procede ningunha réplica, pechouse.

Síntoo, é que non procede falar, pechouse o debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O Regulamento di que as alusións non se contestan. Péchase o debate. *(Protestas.)*

Mocións.

Prégolles aos servizos da Cámara que axuden os nosos invitados por se queren abandonar o pleno.

¡Silencio! Non, non vou dar máis palabras. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero é que non procede despois diso. Señor Villares, non procede. Cando houbo unha alusión non procede que interveña... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! Non hai. ¡Perdón! É que é igual, non procede. Non, non, está claro. *(Protestas.) (Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non escoitei iso. Con tanto ruído, non podo escoitar. Eu o que sei é o que di o Regulamento. E agora, polo tanto, pasamos a debater as mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Boa tarde.

Ben sei que levamos un pleno complexo e longo, pero ¡que mala sorte ten o mercado de traballo nesta Cámara! Cada vez que imos falar de emprego está o balbordo e a desbandada. *(Murmurios.)*

Nin tan sequera me poñen o micro. ¡Vale! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Aínda non lle contei o tempo. Imos esperar a que marchen os invitados.

¡Silencio! *(Fortes murmurios.) (Prodúcense berros desde a tribuna.)* Axuden os nosos invitados a abandonar o pleno.

Agora pode empezar, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Moitas grazas.

Esta é unha moción e non unha interpelación, por iso a nosa intención non é facer un balance crítico da acción do Goberno, senón acadar un acordo de todos os grupos para que saia aprobada. E iso lévame a mudar o ton e mesmo a mudar o período de análise; porque non me

vou concentrar no tempo, nas lexislaturas de Feijóo, senón no tempo da crise, dende que no ano 2009 todo empezou a ir mal.

Vou empezar cun dato positivo. Atención, señoras e señores do Partido Popular, vou dar un dato positivo. Dende que ao principio do 2014 mudou o ciclo económico en Galicia, xeráronse 50.000 postos de traballo. Como o di a EPA, pois eu o digo. Un dato positivo en termos cuantitativos, pero que ten unhas características moi preocupantes. Todo o emprego asalariado xerado a partir do 2014, todo, é precario. Hai hoxe menos persoas traballando como asalariados con contrato indefinido que no ano 2014; cambiamos paro por precariedade.

Sen embargo, os destrozos da crise sobre o emprego foron de tal envergadura que esta dinámica positiva apenas serviu para matizar un balance demoledor. Volvo dicir, son datos dende o ano 2008, polo tanto, hai variacións sobre o que falamos pola mañá.

En Galicia hai 156.200 empregos menos que hai nove anos. Nos últimos nove anos destruímos o 13 % do emprego que había, mentres que na media do Estado foi do 5 %. Dende o ano 2008 perdemos 51.300 postos de traballo na industria, 1 de cada 4 dos que había. A pesar da nosa especialización produtiva e das nosas vantaxes competitivas, perdemos 20.600 postos de traballo na agricultura, gandería e pesca, 1 de cada 5 dos que había.

Párense un momento neste dato: en Galicia segue habendo 200.000 persoas sen traballo, son 108.800 máis que cando empezou a crise. Non sei se colleu ese dato. A día de hoxe hai 110.000 desempregados máis que no ano 2008. O número de fogares con todos os seus membros en paro aumentou o 100 % dende que empezou a crise; e multiplicáronse por dúas veces e media os fogares que non teñen ningún tipo de ingreso: nin salario, nin pensión, nin prestación por desemprego. En Galicia hai máis de 90.000 persoas en desemprego de moi longa duración, e no ano 2008 eran 15.000; isto é, os parados de moi longa duración con risco de estar excluídos do mercado de traballo, agora, na denominada recuperación, multiplican por seis veces os que había na recesión. Isto é o que nós chamamos a anomalía galega: que sexamos a comunidade autónoma que ten peor evolución laboral das dezasete comunidades autónomas do Estado. Non é que esteamos entre as peores, é que somos a peor. Temos un problema, un gravísimo problema, ao que lle temos que dar unha resposta inmediata, por iso o Grupo Parlamentario de En Marea trae esta iniciativa, porque o Goberno non o fai. Levamos un ano de novo Goberno, o Goberno fala e fala dunha lei de emprego, pero non trouxo nin unha soa iniciativa a esta Cámara.

Vou pasar a explicitar a moción, pero quero agradecer a presenza na sala do secretario xeral do sindicato de Comisións Obreiras de Galicia e do secretario de Política Institucional da UXT. Non é un agradecemento formal, é que unha boa parte do que nós imos propoñer aquí se nutre, bebe, das alternativas dos sindicatos. Esta Cámara necesita falar máis dos problemas da maioría da sociedade, que teñen que ver, sen ningunha dúbida, co mercado de traballo. E teñen que ter un papel —e nós comprometémonos a iso— de maior presenza as organizacións sindicais do noso país.

A proposta en concreto é unha proposta blandita, porque busca o acordo do Partido Popular. Primeiro, presentar antes de que remate o ano unha estratexia para o emprego en Galicia

que teña como finalidade acadar máis e mellor emprego. Esta estratexia para o emprego terá que ser acordada cos empresarios e os sindicatos máis representativos deste país. Debe ter obxectivos e prazos concretos e cuantificables e dotar dos recursos orzamentarios necesarios para levalo a cabo.

O obxectivo cuantitativo que nós propoñemos sería recuperar, cando menos, a taxa de ocupación que había antes da gran recesión. E iso implica 150.000 novos postos de traballo, para deixar a taxa de paro por debaixo do 8 %. Crear máis emprego, pero, sobre todo, emprego de mellor calidade, fronte a ese desastre que está ocorrendo agora no noso mercado de traballo. Iso implica que a fórmula maioritaria da contratación ten que ser o contrato indefinido a tempo completo. Que se pode cuantificar, nós propoñemos que se cuantifique este emprego para Galicia; que acade e que se sitúe por debaixo do 15 % a taxa de temporalidade ao remate do 2020. Unha estratexia de emprego que ten que actuar impulsando o crecemento económico —sen crecemento da economía non hai xeración de emprego—, pero tamén ten que desenvolver políticas activas de emprego.

Impulsar o crecemento da economía actuando sobre unha serie de factores.

Primeiro, cambiar a orientación da política económica, substituíndo a austeridade compulsiva por políticas expansivas, e a devaluación salarial por un incremento real dos salarios, coa finalidade de afortalar a demanda interna, que é o factor clave no crecemento económico, como ben acaba de dicir Fátima Báñez. Aproveitar as capacidades do noso país dos sectores produtivos onde temos vantaxes competitivas, dos recursos pouco aproveitados ou das empresas, para ser quen de afortalar a estrutura produtiva do noso país.

Temos que priorizar os sectores de actividades vinculadas ao cambio de modelo produtivo cara a unha economía baixa en carbono, no que van gañar peso novos sectores, ao tempo que se recuperan outros máis tradicionais, nos que Galicia ten claras vantaxes competitivas.

Temos que desenvolver as actividades vinculadas á riqueza medioambiental do noso país, dos seus recursos naturais, da súa imaxe de marca de calidade que temos nas producións do sector primario, que deben servir, ademais, para darlle un futuro ao rural galego, dándolle oportunidades de emprego á xente e con iso fixando poboación en territorios que van camiño da desertización poboacional.

Temos que incrementar os empregos relacionados cos servizos públicos propios do Estado do benestar, tanto os tradicionais —como a saúde ou a educación— como os novos —os que teñen que ver coa atención ás persoas maiores ou dependentes—.

Temos que utilizar unha estratexia nas compras públicas para potenciar que as empresas do sector privado que contraten coas administracións teñan unha política laboral socialmente responsable.

Crecemento económico si, pero tamén políticas de emprego. Porque cando hai 217.000 persoas en paro, 90.000 delas de máis de 2 anos, e moitas delas maiores de 45, corremos o risco de que, se non hai políticas activas de emprego, esas persoas non se reincorporen ao mercado

de traballo. E para iso propoñemos unha política de emprego activa, dentro da Estratexia do emprego, que se fundamente en catro estratexias.

Primeiro, impulsar dende o Goberno unha estratexia que busque o acordo entre empresarios e sindicatos que aborde os temas máis relevantes do país, como son as relacións laborais, a negociación colectiva, os salarios, a saúde laboral e a loita contra a discriminación laboral. Defender que os diferentes niveis de goberno cambien de política laboral para combater a precariedade, a desigualdade e a pobreza laboral. Que se corrixa os profundos desequilibrios no actual modelo de relacións laborais que veñen agravados polas dúas últimas reformas laborais, que teñen que ser derogadas para construír un modelo máis equilibrado e máis xusto, que teña como obxectivo o emprego estable e con dereitos.

Impulsar un acordo polo emprego de calidade coa participación de todos os niveis de goberno con competencias na materia, cos empresarios e os sindicatos do país e todas aquelas entidades públicas e privadas que conforman a nosa estrutura produtiva e laboral.

Aplicar un plan de choque urxente contra o desemprego, actuando a través do Servizo Público Galego de Emprego en favor das persoas que teñen maiores dificultades de empregabilidade, o que vai requirir un aumento dos seus recursos, tanto orzamentarios como de persoal.

Remato coa última proposta. Cando fixemos a interpelación, creo que quedou claro e fíxemolo graficamente. Cando nesta Cámara lle preguntamos ao conselleiro de Emprego, contéstanos sempre o conselleiro de Industria, porque é incomprendible que o principal problema que ten o noso país —o desemprego, a precariedade laboral—, que o principal desafío que ten este Goberno, non conte cun rango institucional con poder suficiente para articular toda a estratexia complexa e complicada. Nese sentido, a nosa proposta final...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: ...é que se recupere a Consellería de Traballo con todas as competencias, a dotación orzamentaria, o persoal e a estrutura orgánica con maior especialización e experiencia para responsabilizarse desta tarefa central.

E remato. Vótana, por favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago Peñas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde a todos e a todas.

Señor Lago, se a forza dos argumentos non convence a bancada do Partido Popular, igual pola vía da súplica vostede o consegue. Non vou ser eu quen lle dea para atrás nese intento.

Efectivamente, en Galiza a falta de emprego e a gran deterioración do existente representa o máis grave problema económico e social que temos. Iso evidénciase na gran mobilización na rúa que están a levar a cabo moitos traballadores e traballadoras en defensa dos seus empregos e en reivindicación de melloras laborais; esas melloras e esa situación laboral roubada coa excusa da crise.

Dende logo, no BNG seguimos a dicir que as cifras de desemprego que temos son inasumibles. E detrás desa situación de desemprego hai dramas: perda de vivenda, dificultades para afrontar as necesidades básicas e tronzar as expectativas de desenvolver unhas vidas con certa dignidade. O desemprego, a pobreza e a exclusión social son constantes, a pesar dese discurso compracente que desde o sistema nos queren impoñer.

Á situación e aos datos de desemprego hai que engadir a situación laboral preocupante: a destrución de traballo estábel e con remuneración digna por traballo precario e salarios de miseria. Pode parecer un tópico o de que se están despedindo os pais e as nais, cunhas condicións minimamente dignas de traballo, e contratando os fillos e fillas nunhas condicións moito peores. Pero, desgraciadamente, infelizmente esa é a realidade que vivimos no día a día: traballadores que co seu traballo non deixan de ser pobres nin están fóra da exclusión; a contratación indefinida cada vez é máis residual; cada vez hai menos persoas cobrando algún tipo de prestación, algún tipo de subsidio, e as que os cobran, cada vez cobran menos tempo e menos cantidade.

É evidente que as consecuencias da falta de ingresos coloca a miles de galegos e galegas en situación de exclusión social, ao bordo dela ou directamente xa nesa situación de exclusión. Na última década atacaron por terra, mar e aire as principais conquistas e dereitos que a clase traballadora tiñamos conquistado ao longo de moitos anos de loita e de sacrificios. Amparados na crise tomaron por asalto as pensións, os dereitos laborais, os salarios, a protección social e a cobertura sanitaria... E hoxe a pobreza está relacionada co traballo precario e con contratos parciais, con rotación, con precariedade e con explotación.

Que o 32 % dos traballadores e traballadoras teñan un salario inferior ao salario mínimo interprofesional debería ser motivo de preocupación e de ocupación por parte do Goberno galego. Mais non é así no seu día a día, non é así nos orzamentos e non é así na execución deses orzamentos, que no que se refire ás políticas de emprego —a pesar de xa ser escasos—, na súa configuración, vemos como ano tras ano queda sen efectivizar unha parte moi importante deses cartos que tiñan que ir destinados á clase traballadora galega.

Temos que sumar a isto o drama de que toda esta situación afecta dun xeito moito máis importante aos mozos e mozas do noso país, que só ven na emigración unha saída.

Esta é a realidade, é o espello da situación laboral en Galiza. No Estado español é un dos poucos casos onde os salarios da clase traballadora descendieron nos últimos seis anos, un 11 %. Se tiveramos tempo para desglosar esa realidade veríamos como no conxunto aumentou nos que xa máis tiñan e descendeu na inmensa maioría, sobre todo nos que menos salarios xa tiñan, o cal multiplica o drama.

É evidente que as reformas laborais conseguiron o obxectivo que tiñan, que era que traballáramos máis, cobrar menos e con menos dereito: esa situación de calquera traballo, con calquera salario, con calquera condición, que intentaron impoñer.

É evidente que sobran as razóns para tomar a serio a situación laboral de Galiza, e sobran as razóns para que tiveramos un goberno que priorizara esta situación e que se ocupara. Por esta razón, o BNG vai apoiar esta extensa iniciativa. Como xa temos dito noutras ocasións, se foramos ao detalle de cada unha delas, algunhas parécennos máis acertadas, outras menos, pero o que si é certo é que incide nunha inmensa parte dos problemas que ten a situación laboral no noso país, co cal imos apoiala, agardando que, se non é por obra dos argumentos, sexa por obra desa petición tan encomiosa que lle fai o señor Lago. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señoras e señores deputadas, para a súa tranquilidade direilles aos membros do Partido Popular que esta deputada non está nerviosa como se dicía antes, o que está é indignada e tremendamente preocupada pola situación das escolas, e no meu caso especialmente da provincia de Ourense. *(Aplausos.)*

Como indignada e preocupados estamos tamén dende o Grupo Socialista, e quero antes de nada para que non se me esqueza saudar aos sindicatos de clase que hoxe nos acompañan, é sempre un pracer tervos aquí, por suposto. É necesario e así o di a iniciativa, que a verdade hai que dicir, señor Lago, que é extensa, que é todo un programa político, que recorre a un cambio de 180 graos nas políticas de emprego deste Goberno, que nos consideramos que é necesario, porque si, se está creando emprego. Estamos de acordo niso, pero nós corremos —e llo dicíamos o outro día— como polo sen cabeza, non sabemos cara a que dirección, que en realidade é cara ao abismo, cara ao abismo da precariedade, cara a uns índices de temporalidade que poñen os pelos de punta, un 93 % do último dato que coñecemos.

Teño pouco tempo para entrar polo miúdo en cada unha desas medidas, pero si que coincidimos en que é necesario un acordo polo emprego de calidade. Hai que ter en conta que 1 de cada 4 —e é moito, señorías— mozos e mozas neste país están hoxe agora mesmo traballando para ser pobres. Non son datos do Grupo Socialista, son do CJT, e temos o terceiro salario máis baixo de toda España.

É necesario un plan de choque contra o desemprego, porque é inasumible que haxa neste país 75.000 fogares con todos os membros en situación de desemprego. ¿E todo isto como se fai? Pois dende o noso punto de vista, ademais das medidas que veñen incluídas nesta iniciativa, é importante asentala sobre alicerces que consideramos que son básicos e que non están a existir agora mesmo, un deles é o diálogo social, e o outro é a formación. É máis, hoxe coa actualidade enriba da mesa, poderíamos falar de diálogos social e formación com-

pletamente entremezclado. E leo un titular: «*Tensión entre Empleo y los agentes sociales por la formación*». A señora Fátima Báñez, mentres di que hai que subir os salarios, resulta que non sabemos moi ben o que vai a facer cos cursos de formación, e non o sabemos porque ten este Goberno —a dereita— a peculiaridade, a facilidade de acabar poñendo de acordo á Confederación de Empresarios e aos sindicatos, non para crear emprego e non para os convenios colectivos, senón para xear crispación, e leo: «*Se entiende como una ruptura unilateral de la negociación por parte del Gobierno*». Son declaracións que non son nin de UGT, nin de Comisións, nin do Grupo Socialista, é da CEOE.

«*CEOE recuerda que la reforma de la formación de 2015 se desarrolló —señorías por primeira vez na historia— sin consenso*». Non o di o Grupo Socialista, está dicíndoo a propia CEOE.

E se a iso engadimos o estado da formación dos ocupados na nosa comunidade autónoma, un 17,1 % é o grao de execución do programa do ano 2016, pois a verdade é que si que estamos preocupados.

E hai señora Lago unha cuestión de toda a iniciativa, que repito que é extensísima, que non acabamos de ver, e é o tema da Consellería de Traballo e Emprego, e non o acabamos de ver porque non pensamos que porque haxa unha consellería específica que non leve con economía e con industria, o Partido Popular vaia facer unhas políticas distintas ás que está facendo ata o de agora. Non pensamos que sexa unha cuestión de rango institucional, nin sequera de estrutura orgánica, nós pensamos que é o seu modelo, é a súa estrutura política, a súa estrutura ideolóxica e o que están a poñer en marcha é o seu modelo político, social e económico. Nin máis nin menos que iso.

De todas maneiras, este pequeno escollo, por así dicilo, non vai resultar insalvable para que o Grupo Socialista apoie hoxe esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Gómez Salgado.

O señor GÓMEZ SALGADO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Tamén antes de comezar a miña exposición, quería saudar a Ramón Sarmiento, novo secretario xeral de Comisións Obreiras, e tamén ao xefe da UXT, e desexándolles moita sorte e moito éxito no seu traballo, e recoñecendo que son unha peza importante para os obxectivos de conseguir un traballo, un traballo digno e un traballo estable na nosa comunidade autónoma.

Ben, tamén lle quero agradecer ao señor Lago e á señora Noela Blanco, que recoñeceron algúns dos éxitos que levamos en canto á creación de emprego nos últimos anos.

Bueno, sabemos que hai moito traballo por facer, sabemos que non se cumpren aínda os obxectivos, que hai sectores moi desfavorecidos, pero creo que a realidade da recuperación económica e do emprego do noso país, é un logro colectivo dos traballadores, dos emprendedores, dos axentes sociais, pero tamén das políticas do Goberno e do Partido Popular.

En Galicia baixou o paro nos 2 últimos anos, situándose en niveis inferiores aos de xuño do 2009, iso é unha realidade señorías. Entón pregúntome, que é o que non lle gusta señor Lago, señores da oposición, que é o que non lles parece ben dos datos da recuperación que estamos experimentando.

¿Non lles gusta o descenso do paro en máis de 20.000 persoas cada ano? ¿Non lles gusta a suba das afiliacións á seguridade social, que no último ano creceron en 22.000 persoas? ¿Non lles gustan os 17.655 novos postos de traballo que se crearon neste mes de xuño?

Téñenos que explicar a nós e aos galegos se lle parece que os 10.320 novos contratos que se asinaron en Galicia respecto do 2016, lle parecen irrelevantes. Se lle parece mal ou lle parece pouco, o 17,87 % da suba da contratación indefinida, indefinida, e que supera en 7 puntos á temporal.

¿Que lle parece a suba do 13,75 % da contratación a tempo completo, 5 puntos por riba da contratación a tempo parcial?

Señorías, téñennos que dicir que lle parece mal, ou se lle parece mal o aumento do número de fogares que chegan con facilidade, ou moita facilidade a fin de mes, que aumentou ata un 54,5 %, medrando máis de 10 puntos no último ano.

Que os salarios aumentan en Galicia no último ano un 0,87 %, situándonos a Galicia como a cuarta comunidade con maior subida dos salarios.

Señorías, somos a comunidade que nos últimos 9 anos experimentou o maior ritmo de incremento salarial dende o inicio da crise, superando a media estatal en case 5 puntos.

E eu pregunto, ¿entón se todo lle parece tan negativo, teranos que explicar nesta Cámara e aos galegos e ás galegas, que é o que non lle gusta, que é o que lle parece mal?

Mire, case lle imos a ter que agradecer que nos traian esta moción, porque nos permitirá reafirmarnos na convicción de que as políticas de emprego da Xunta de Galicia están sendo positivas. Esta é a realidade.

E recoñecemos que queda moito por facer, coincidimos con vostedes e sabémolo, pero terán que recoñecer que estamos moito mellor que hai 1 ano, ou que estamos moito mellor que cando vostedes, señorías da oposición, deixaron o Goberno. E poderíamos e desexaríamos traballar xuntos e na mesma dirección, estamos dispostos, pero a súa moción de hoxe é unha emenda á totalidade da política económica e de emprego da Xunta de Galicia, unha emenda que pretende —como vostede dixo, señor Lago—, revisar e botar por terra as medidas que están dando bos resultados e xerando emprego.

Señor Lago, para traer aquí unha iniciativa deste calado, é importante estar referendados, aquí no Parlamento e fóra na rúa, e o referendo dano fundamentalmente os cidadáns cando acoden ás urnas, e as políticas de emprego que vostedes nos propoñen xa foron examinadas polos galegos e galegas e cualificadas cun suspenso.

Señoría, vostede participou no 2007 na elaboración da estratexia de emprego do Bipartito, que agora dalgún xeito queren reeditar, aquela pola que se comprometían a crear 50.100 postos de traballo, e conseguiron o efecto contrario: deixar en marzo do 2009 —dato que parece que se lle esquece—, a taxa interanual do paro por riba do 32 %. É dicir, destruíron 50.900 postos de traballo. Iso, señorías, é un suspenso en política de emprego.

Señor Lago, os datos da Xunta referidos ao emprego están moi por riba do que comprometían vostedes no 2009 (*Aplausos.*), e as políticas son as máis axeitadas.

Recoñézano, soben máis porcentualmente os contratos indefinidos e os de tempo completo que os temporais e os de media xornada. O paro descende nas principais variables e seguen aumentando as afiliacións á Seguridade Social. O mercado laboral segue mellorando en Galicia, cunha tendencia positiva para acadar o reto que fixamos coa Axenda 2020, de crear polo menos 80.000 novos postos de traballo.

Mire, hoxe mesmo temos un dato importante nesa dirección, o record de 16.000 postos de traballo nas empresas tic de Galicia. Polo tanto, o que plantexan de cambiar a orientación da política económica non ten moito sentido, señorías. Podemos chegar a acordos, pero o borrón e conta nova non nos parece razoable.

Critica a austeridade, pero foi precisamente a austeridade a que nos permitiu crecer agora por riba da media do estado español, e ao mesmo tempo fomos a comunidade que menos aumentou a débeda.

Mire, señor Lago, non os fale de cambiar de modelo produtivo, por exemplo, cara a unha economía máis baixa en carbono, cando acabamos de aprobar a Estratexia contra o cambio climático. Claro, estanos propoñendo cousas que xas as temos nós en marcha. Non nos fale de incrementar os empregos dos servizos públicos cando sabe que as ofertas públicas de emprego deste ano do Goberno da Xunta son 1.043 prazas en educación, e 1.600 prazas en sanidade. Ou que os recursos á dependencia, nos que mesmo se incrementa a dotación orzamentaria na lei que aprobamos esta mañá, moitos deles van orientados á contratación de profesionais.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor GÓMEZ SALGADO: Remato, presidente.

Sobre as cláusulas sociais xa lle contestou o señor Tellado no seu día, cando se debateu unha moción neste tema.

Remato, presidente, e non quixera pasar por alto o punto da súa moción referente á implicación de toda a sociedade galega no compromiso polo emprego. Mire, o propio presidente

da Xunta defendeu recentemente a necesidade da creación dun acordo marco de ámbito autonómico para dar un salto cualitativo na creación de emprego e diminuír as desigualdades que persisten, de xeito que a negociación coide con máis intensidade aspectos sensibles sobre como se está a crear emprego en Galicia.

Estando tomando medidas para seguir afondando na estabilidade e na calidade do emprego, e na igualdade retributiva entre mulleres e homes, na inclusión das persoas máis vulnerables. Hoxe pola mañá aprobamos 5 millóns de euros para programas de inserción laboral.

Señor Lago, non podemos apoiar a súa moción porque coidamos que as políticas que leva a cabo a Xunta e o Goberno son moito máis efectivas e están dando mellores resultados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Gómez Salgado.

Ten a palabra por parte do grupo autor da moción o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: ¡Canta razón, Montse Prado!. Dá igual, dá igual. (*Risos.*) Eu vou sacar hoxe unha lección deste encontro, porque ao partido do Goberno lle dá igual que fagamos unha moción construtiva, que a fagamos blandita, que busquemos un acordo, que eludamos calquera crítica directa, que plantexemos unha estratexia común, dálle igual. Mesmo, señor Gómez, vou pasar por alto todas as incongruencias dos conceptos, todos os erros da súa intervención, vou pasar por alto porque non é esa a miña intención. Pero cando lle escoitei falar de todo o que dicíamos no papel, vostede dicía que estaba de acordo e que xa o está facendo a Xunta de Galicia. Non lle escoite dicir nada do que dicía no papel, nada, no que estivera vostede en contra. ¿Entón por que non o vota a favor? ¿Por que non o vota a favor? Vou dicilo, e xa sei que é unha broma, porque son o partido do *non*, directamente.

A compañeira do Partido Socialista, conselleira de Traballo... Houbo un tempo en que os temas de traballo estaban en interior nun Goberno galego —non vou dicir quen era presidente— porque se entendía que os problemas laborais eran un problema de orde pública, polo tanto, onde había que dirixilos era a interior. Eu creo que debería de haber unha Consellería de Traballo.

Vou parar un momentíño, señor Gómez, o ton, en fin, por algo un pouco máis dramático. ¿Como é posible que me faga esa pregunta? ¿Como é posible que nun país que ten 217.000 persoas en paro o representante do Goberno me pregunte que é o que non me gusta? ¿Como é posible que nun país que ten 90.000 persoas que levan dous anos en desemprego o Goberno me pregunte que é o que non me gusta? ¿Como é posible que, se dende o ano 2014 ata agora, todo o emprego asalariado que se xerou é precario, poida preguntarme que é o que non me gusta?

A falta de empatía non son quen de entendela. Será certo que hai clases e loita de clases, e será certo que nesa bancada non hai fillos, fillas e irmáns na emigración, será que non están en paro, será que os traballadores e traballadoras pobres... Eu recordo unha frase dun pre-

sidente deste Goberno que dixo que, efectivamente, os fillos e as fillas das persoas de dereitas eran máis intelixentes e por iso aprobaban máis as oposicións. Debe de ser ese o espírito.

¿Como poden ter esa falta de empatía con ese drama social que se vive no país? ¿Que nos últimos tempos se ten reducido a cifra de desemprego? Si. Pero hai 217.100 persoas sen traballo neste país, e coñeceremos a algúns deles, ¿non?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Remato cunha idea. Falen menos dos sindicatos e respéctenos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Pasamos á seguinte moción, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentáronse as seguintes emendas: do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla Fernández, e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Manuela Monserrat Pardo Cores.

(O G. P. de En Marea, a través da súa deputada Eva Solla Fernández e ao abeiro do artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 10939).

Emenda de supresión.

Suprimirase no segundo punto a seguinte frase: «nunha porcentaxe equiparable á porcentaxe de camas que se manteñan habilitadas».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 10939).

Emenda de substitución.

Proponse a substitución do texto dos apartados 2 e 3 polo seguinte:

«2. Non pechar unidades de hospitalización, realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal para non proceder ao peche de camas nos centros hospitalarios do Sergas, ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos... en tanto haxa listas de espera, e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.

3. Constituír na Mesa Sectorial unha comisión para analizar as necesidades de persoal, co obxecto de garantir a prestación durante todo o ano; reforzando o verán, as continxencias de gripe...»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Debe ser —como dicía un compañeiro— que isto de non parar para comer xera demasiada tensión, porque vexo un Pleno un pouco molesto, incluso con que a oposición saia aquí a plantexar cousas. Aínda que —como lle contestou outro compañeiro— iso parece que é máis habitual.

En todo caso, nós vimos substanciar esta interpelación do Pleno pasado, e traer hoxe aquí a moción, con vontade certamente construtiva sobre o que cremos que é un problema que deberíamos afrontar entre todos.

Dende o noso punto de vista, a sanidade galega si ten un problema de planificación e de persoal, pero isto non é un problema que deba de afectar —como si cremos que afecta en exceso— á planificación que se debe facer en época estival.

A planificación de verán débese facer. Nós consideramos que hai que respectar dous criterios fundamentais. En primeiro lugar, garantir un servizo de calidade. En segundo lugar, garantir, dende logo, os dereitos dos traballadores.

Con base niso, débese facer unha planificación por temporadas, e, evidentemente, o verán é a época do ano onde máis vacacións collen os profesionais. Sen embargo, temos un certo problema de punto de partida. ¿Por que? Porque, dende o noso punto de vista, a planificación merecería polo menos facela cun pouco de xeito, cun pouco de sentidiño, cousa que cremos que non se está facendo.

¿Por que? ¿Por que cremos que non se fai? Facendo unha breve parada pola realidade actual en termos de persoal, o barómetro sanitario do 2016 que fai o CIS —non é unha institución que controle ningún organismo neocomunista, da liga comunista-revolucionaria, nin maoísta, senón unha institución estatal— di que en atención especializada os usuarios de Galicia cualifican a súa atención especializada coma unha das tres peores de toda España, e 4 de cada 5 persoas din que merece algún tipo de melloras.

Principalmente, como todos sabemos, un dos problemas asociados ou que motiva este tipo de valoracións son as listas de espera. As listas de espera basicamente se producen por ter déficit de persoal. Poden existir outros problemas de planificación, pero fundamentalmente por ter déficit de persoal.

¿Como está o noso persoal? Temos unha das ratios de persoal por cidadán das máis baixas de toda España, por debaixo, evidentemente, da media española. Temos unha das tres peores taxas interanuais de variación. Cando moitas comunidades están crescendo na súa ratio de profesionais por persoa, nós estamos descendendo; superamos en 0,01 a algunha comunidade, e superamos amplamente a Ceuta; todas as demais están por enriba.

Temos a principios desta lexislatura algo máis de 2.500 profesionais menos que en 2009, agora están preto dos 3.000. A Consellería non facilita datos de persoal, non permite que saibamos os datos de persoal do Sergas. Algúns dos sindicatos apuntan a que hai máis de 7.000 prazas vacantes, nuns orzamentos que de por si son obviamente enganosos, porque a pesar de existir unha taxa de reposición dende hai moitos anos, os estamentos din seguir tendo o mesmo persoal que antes da taxa de reposición, o cal ou é mentira ou é ilegal.

A organización médica colexial de España di que 1 de cada 2 médicos en España ten contrato de estabilidade, e 1 de cada 2 —o outro— non. A media dos inestables —destes contratos inestables de médicos— é de 7 contratos anuais. As comunidades autónomas que si teñen mellores datos que nós en ratios, en estabilidade, son, entre outras: Navarra, Euskadi, Aragón e Asturias. E non quero dicir que se dea a casualidade —casualidade pura— de que en ningunha governe o Partido Popular.

Hai contratos temporais en España que aumentaron dende que chegou o Goberno de Mariano Rajoy. A partir de 2012 aumentaron case un 40 % —39,1 %— os contratos temporais na sanidade española.

Hai unha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 2016 que fala de fraude de contratación, por concatenar contratos pequenos continuados, durante moito tempo, a persoal que é, evidentemente, parte estrutural do sistema. Postos que son estruturais que estamos cubrindo con persoal con contratos de horas, de días e de semanas.

Hai xurisprudencia xa ao respecto. A pesar do que nos dixeron cando falamos disto en comisión, de que isto no afectaría ao Sergas, hai xa sentenzas en contra do Sergas nese sentido.

Hoxe aprobouse incluso un aumento de partidas para persoal, cousa que algúns tivemos oportunidade de dicir. Xa que non se aprobaron nos orzamentos, dixémoslle ao señor conselleiro: señor conselleiro, vai ter vostede que aumentar a partida para persoal no Sergas. Díciannos que non, e hoxe tiveron que aprobala.

Polo tanto, planificar unha redución de servizo necesita inevitablemente partir dun mínimo de estabilidade que hoxe o sistema sanitario de Galicia non ten, por iso consideramos que a planificación sanitaria deste verán non é para optimizar, non é para racionalizar, senón que é para regatear, para ser máis cicateros cun sistema sanitario que —permítame que lle diga— eu creo que o partido que sustenta o Goberno non cre nel, porque, se non, se crese no sistema sanitario, contrataría persoal para que poida facer o seu traballo con calidade.

Argumentacións sobre o sistema e sobre a redución. As camas non se pechan, están habilitadas. Permítame a brincadeira: omitín na moción a palabra habilitadas para ver se así os podía convencer de que me puideran votar a favor. E hoxe, vista a cantidade de eufemismos sobre que os centros non se pechan, hai cambios de localización, hai reorganización, hai traslados... En fin, eu creo que o dos eufemismos está ben, pero cando unha cama non se pode utilizar porque non hai persoal para que a atenda, porque non temos capacidade en recursos humanos e materiais, a cama está pechada. En fin, os eufemismos son simpáticos.

É certo que, ademais de eufemismos, dende a propia consellería déronse ata catro cifras distintas de porcentaxe de camas que se van pechar, e aposto abertamente a que haberá unha quinta, que será a real, que probablemente será a maior, pero, en fin, seguimos así.

E tamén se me deu o outro día unha argumentación: outros gobernos tamén o fan. Si. Tamén se me dixo que outros gobernos tamén o fixeron. Si, claro que o fixeron. E o conselleiro faloume de 2008. Si. En 2008 existían 34.551 persoas traballando no Sergas en Galicia. Hoxe —aínda que non temos datos porque a Consellería non os facilita—, non son 34.551, son bastantes menos. Naquel momento pecháronse 520 camas, e neste ano a previsión é pechar 1.200, moitas delas en servizos que teñen o cen por cento de ocupación durante o inverno.

Quero dicir que, se nós facemos unha recompilación de datos, un tería un gráfico moi sinxelo de cantas camas se pechan. E un dato só —como todos sabemos— non evidencia a realidade, pero unha acumulación de datos polo menos amosa unha tendencia. As estatísticas din que é moi bo facer gráficos, e esta é a gráfica do peche de camas anual en Galicia que me facilitou a min no anterior Pleno o Goberno actual. E eu creo que non é casualidade que os picos máis altos estean na actualidade, non é casualidade. Iso si, nós tivemos unha proposta, ante un peche de menos da metade de camas, vostedes en 2008 dixeron que era grotesco, e que a actividade quedaría baixo mínimos. A min gustaríame saber que opinan, os mesmos que dixeron que era grotesco pechar 520 camas, de que se vaian pechar 1.200. Seguramente agora será moi bo, porque aquí xa sabemos todos que ninguén sabe. Todo o mundo opina pero aquí non sabe ninguén, salvo que teña carné do Partido Popular, que son os que saben e son moi intelixentes, e os demais temos que calar porque non temos capacidade para opinar.

En todo caso, hoxe e aquí estamos peor preparados que hoxe noutros lugares, ou que aquí noutros tempos, para planificar unha redución de servizos no verán. A situación que ten a nosa sanidade é límite. Se nós reducimos servizos abertamente, como se está a propoñer, pasarannos cousas como que existan servizos que non se poden dar en verán por causa das vacacións. A min diranme que non, pero os sanitarios cólgano nas súas portas: «Non se pode dar servizo de raios por vacacións do persoal». «Os pacientes saturan os pasillos de urxencias en espera de habitación». Desta semana. E esta de hoxe. «Queixas polas colas en Urxencias no hospital Arquitecto Marcide». De onte.

Todas estas consecuencias son froito de eliminar persoal, e a min sorpréndeme que estas cousas que pasan en urxencias, que xa pasaban en xaneiro coa gripe, non fagan recapacitar o Goberno deste país e diga que está ben ser tan dilixentes á hora de reducir servizos, pero xa podían ser algo dilixentes cando hai que aumentalos cando chega a epidemia de gripe, que sempre chega en xaneiro. Dígoo porque tamén no último pleno se me afirmou que non se planificaba por estacións, e eu humildemente quero aportar que en xaneiro tende a haber gripe.

Ademais das consecuencias, ¿que traemos nós? Unha proposta; unha proposta que pide cousas agresivas, invasivas, moi duras, moi difíciles. Pide —¡ousadía de nós!— datos. Pedimos un informe porque entendemos que unha variación tan ampla dos datos para tomar estas decisións —é dicir, que hoxe en día con menos persoal se pechen máis camas— terá algún sustento nos datos; datos que sempre se facilitan a medias, nunca por escrito. Aínda que ao final, cando teñen que apurar as respostas por escrito, ben que as apuran para non traballar

un par de horiñas máis. Pero é certo que nunca se nos facilitan. Polo tanto, nós pedimos datos. ¿Con base en que datos se fan estas previsións e estas decisións previas ao verán?

Pedimos ademais que se avalíe a posteriori. A min ensináronme que, se non se avalía, non se aprende. E ademais pedimos que se contraten aquelas persoas que, estando nas listas de contratación, están dispoñibles para poder complementar os servizos sanitarios. Así, aqueles que se teñen que ir de vacacións porque teñen o seu dereito, poden irse e cóbrease o seu servizo.

Nós estamos a favor de optimizar e estamos a favor de racionalizar, do que non imos estar a favor é de ter esta oportunidade para regatear coa sanidade, xogar con ela e aproveitar, curiosamente, para que a sanidade teña peor servizo e teñamos que aprobar hoxe un millón e medio de euros para pagarlles ás clínicas concertadas para que fagan as operacións que nós non facemos na sanidade pública porque, en canto podemos, reducimos servizos. Iso é o que non queremos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: O recurso cama cada vez é menos necesario, as camas son importantes nos hotéis pero non nos hospitais, mais a ausencia de camas abertas produce situacións como as que acaba de referir aquí o deputado do Partido Socialista. Esa ausencia de camas que se abren *en un momentito* se fan falta o que está facendo é que a xente sufra, que a xente estea nos pasillos, que a xente estea mal atendida, que os profesionais teñan unha carga asistencial insufrible e que teñan que ver día a día como as persoas que se achegan aos centros hospitalarios non son atendidas nas condicións que deberían.

O Partido Popular procede ano tras ano a pechar un indecente número de camas. Chámenlle como queiran. Eu agardo que quen veña en representación do Partido Popular a posicionarse nesta iniciativa pois non caia na tentación de que xire o seu discurso arredor do tema de se se pechan ou non se pechan. A realidade é que quedan fóra de servizo. Entón, no ano 2010 foron 588; no ano 2011, 670; no 2012, 787; no 2013, 1.105; no 2014, 1.200; no 2015, cantidades similares; e no 2016 outras 1.200, supoñemos. Supoñémolo porque temos que volver denunciar o escurantismo, a falta de transparencia —e todas as palabras que lle poidamos poñer— do Partido Popular no Goberno da Xunta. Porque os datos hai que ir colléndoos de aquí e de alá, porque non teñen a valentía de dar o dato.

E o peche de camas ten consecuencias, por moito que vostedes pretendan negalo. Ten consecuencias, ten consecuencias no eido asistencial e ten consecuencias no eido laboral. No eido asistencial significa maior dificultade para acceder ás prestacións sanitarias, paralización de actividades como a cirúrxica e aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias, que tamén xa se saturan por esas listas de espera en primaria, por esa non contratación. E as palabras significan, si, as palabras significan, e en vez de «non contratación» vostedes agora usan o termo «intersubstitución». ¿Que significa? Pois cubride, facede o voso traballo e mais o de ao lado, o voso traballo e o de ao lado. Ou, como dixo o director xeral na Comisión 5ª esta semana pasada, traballando en equipo non hai ningún

problema, que non son cupos de cada un, que hai que traballar en equipo, co cal non hai listas de espera nin profesionais que teñan máis ou menos, traballan en equipo.

Teñen consecuencias, as decisións que toma o Partido Popular teñen consecuencias. E ao final desas consecuencias está unha deterioración da sanidade pública no noso país.

O BNG está de acordo en que hai que abordar esta situación, que hai que tomar decisións, mais non exactamente en como o plasma o Partido Socialista nesta iniciativa. Por iso presentamos unha emenda ao punto 2 e ao punto 3. Presentamos emenda de substitución e no apartado 2 o que propoñemos é que non se pechen unidades de hospitalización, realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal para non proceder ao peche de camas nos centros hospitalarios do Sergas, ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas —camas, quirófanos...— en tanto haxa listas de espera, e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñibles susceptibles de ser usados nos centros públicos. Non damos por bo que haxa que pechar camas e que haxa que adaptar os recursos de persoal ás necesidades con ese peche de camas. Dende logo, parécenos que este non é o camiño.

E cando hoxe pola mañá o Partido Popular acaba de aprobar unha modificación do orzamento pola que destina un millón e medio de euros á sanidade privada para baixar as listas de espera, máis razón para a emenda que presentamos hoxe. Nós, dende logo, non damos por bo, non aceptamos e non apoiamos que se deriven continuamente recursos á sanidade privada en tanto están os recursos públicos pechados, en tanto está persoal sen contratar, en tanto se pechan quirófanos, en tanto se pechan camas. Co cal, dende logo, nós non damos por boa esta situación de peche de camas e, polo tanto, non damos por bo que haxa que adaptar o persoal en época de verán a esa situación.

E tamén presentamos unha emenda ao terceiro punto no sentido de que estamos de acordo en que se analice cal é a situación e as necesidades de persoal. Cremos que debe ser na mesa sectorial, os traballadores e traballadoras elixen os seus representantes públicos, e cremos que debe ser esa representación a que faga este traballo co obxecto de analizar cal é a situación do persoal para garantir a súa permanencia ao longo de todo o ano, para analizar cales son as necesidades en época de verán, cales son as necesidades nos picos da gripe, cales son as necesidades en momentos puntuais e ao longo de todo o ano. Cremos que ese debe ser o marco no que se faga. E concordamos plenamente en que hai que facilitar datos, que xa está ben de tanto escurantismo, de xogar cos datos, de non saber cantas camas realmente se pechan, cales son os servizos, durante canto tempo, cantas se van abrir despois en setembro ou outubro ou non se van abrir, se vai ser esa a práctica de todos os anos, a de que se pechan unha porcentaxe no verán e logo en outubro unha porcentaxe non se abren e pasan a sumar esas 600 que xa se levan perdido na sanidade pública desde a volta de Núñez Feijóo ao Goberno da Xunta.

Co cal, agardamos que se acepte a emenda do BNG. E insisto en que, despois do aprobado esta mañá, de destinar un millón e medio de euros para a sanidade privada, cremos que é máis necesario ca nunca que esa baixada da lista de espera se faga na sanidade pública.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois, efectivamente, xa o introducía agora mesmo a señora Prado: as camas son importantes nos hoteis, as camas non se pechan, están dispoñibles se se necesitan, o persoal colle maioritariamente as vacacións en verán, as camas están operativas e a novidade deste ano é que entre un 15 % e un 20 % das camas non teñen persoal. Agora a culpa é das camas que non teñen persoal.

Como ven as súas señorías, cada ano unha nova inventiva por parte da Consellería, unha inventiva asemántica, unha inventiva eufemística, para dicirnos que o que sucede é que as camas están pechadas porque non cobren o persoal que ten que traballar nos hospitais.

E pechadas, obviamente, non é que se precinten —explícoo porque parece que ás veces por parte da bancada popular este termo non se ten entendido—, ou tampouco é que as leven para un almacén. Pechadas é precisamente que non se pode acceder con ingresos a esas unidades hospitalarias porque a Xunta decide non cubrir as vacacións. As camas están pechadas; sen embargo, déixanse de facer peonadas, iso que tamén chaman —porque os eufemismos gústanlles moito— eufemisticamente «autoconcertación».

Esta deputada defendeu hai catro anos unha iniciativa que se aprobou e que pedía abrir os quirófanos e as consultas en quenda de tarde —en quenda ordinaria, non con peonadas— para reducir a lista de espera; unha iniciativa que a Xunta nunca cumpriu, porque, se non, mentres tanto, non podería seguir trasladando pacientes ás privadas.

Non só pechan camas, ademais é que tamén pechan as consultas. Hai consultas que teñen menos persoal, e en atención primaria —aínda que a iniciativa efectivamente fala da especializada— péchanse consultas.

E o conselleiro agora xa dixo esa nova modalidade, ese novo eufemismo, que tamén se tratou aquí. Non sei se lle chamou «intersubstitución», pero podería telo feito. O que quere dicir é que tampouco se cobren as prazas de atención primaria e que se incrementa a carga de traballo dos médicos, das médicas, do persoal de enfermería, deses traballadores e traballadoras da sanidade pública, que teñen ao mesmo tempo que atender os seus doentes e os do veciño.

E ¿quen paga os recortes finalmente? Os nenos, as nenas, a xente, as persoas maiores. Porque ¿saben o que sucede? Que, se non houbese espera, talvez tería lóxica que se plantexasen se hai servizos que poden reducir a súa actividade nos meses de verán. O problema é que segue existindo espera, aínda que a día de hoxe seguimos sen ter as listas de espera non estruturais, esas que parece que agora ao PP non lle gustan pero que, unha vez máis, reiteramos aquí que o señor Feijóo solicitaba cando era oposición.

Eu solicitei tamén nesta lexislatura, ao abeiro do artigo 9, as listas de espera non estruturais, en decembro. E estou agardando aínda por elas a pesar de que o Regulamento obriga a que esa información se proporcione no termo dun mes.

Pero mentres se incrementan as listas de espera, mentres seguen sen cubrirse esas vacacións do persoal e a xente agarda para facer un TAC, a pesar de ter enfermidades complexas, graves, e mentres non hai pediatras, a Xunta do Partido Popular incrementa ano tras ano o que dedica á privada. Non só por ese millón de euros que xa acaba de trasladar a señora Prado, senón que, sobre o orzamento en papel que vimos no último exercicio, só dun ano a outro —é dicir do exercicio de 2016 a 2017—, se incrementaban xa catro millóns de euros, máis este que agora acabamos de sumar. E, polo tanto, existe unha falsidade: o PP repite sempre que non as incrementan, pero todos os anos incrementan as partidas para a privada.

¿Cantas contratacións se poderían facer para reducir as listas de espera con eses millóns, con eses cartos, que dedican á privada? ¿Cantas melloras nos centros de saúde? ¿Cantas contratacións para cubrir as vacacións? Só en especializada gastan 197 millóns de euros na privada cada ano, e 5 millóns de euros máis na atención primaria. ¡Como non vai haber lista de espera na sanidade pública! ¿Ven vostedes que pechen as camas nos centros privados durante os meses de verán? Non, aí non hai necesidade de reordenar.

E este ano, o ano pasado, tamén o Consello de Contas advertía de que vostedes fan —o Goberno da Xunta de Galicia— modificacións contables continuamente, desvíos de partidas, e que, ademais, a xestión é deficiente porque se incrementan cada ano as partidas dedicadas á privada.

Polo tanto, nós estamos de acordo con ese punto de solicitar información. Entendemos que o terceiro se refire á mesa sectorial. E propomos unha emenda relacionada co segundo punto, porque a parte na que non estamos de acordo, ou non comprendemos exactamente, é esa na que se di que se cubra o persoal en función das camas que se pechen ou non. Porque nós entendemos que primeiro haberá que suplir esas carencias das listas de espera, suplir esa problemática que hai nos recortes da sanidade pública, reducir as partidas na privada, abrir a pública, e despois, cando se reduza a lista de espera, veremos entón se é necesario suprimir, reducir ou abrir menos servizos no verán ou non. Pero de momento, mentres teñamos espera, mentres teñamos servizos deficientes, mentres teñamos problemas na primaria cos pediatras, ou espera nas probas complementarias, evidentemente o que teremos é que cubrir a pública.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Señora Prado, o primeiro que lle quero dicir é que a intersubstitución existía no ano 2006, 2007 e 2008. Eu era médico de primaria. Parece que a inventou o Partido Popular no ano 2012 ou 2013, e iso non é certo.

Ben, señor Torrado, estamos diante da serpe de verán de todos os veráns. A min isto acórdame o anuncio de Freixenet, das burbullas de Freixenet. Non había Nadal sen anuncio de

Freixenet, e non hai verán parlamentario sen unha moción ou unha interpelación sobre o peche de camas. (Aplausos.)

Eu, desde logo, vou tentar non falar do Bipartito e non falar de cifras doutras comunidades autónomas, porque parece que non gusta. Sacaríamos moitos argumentos pero non gustan.

O señor Torrado refírese sempre ao barómetro sanitario. O barómetro sanitario ten máis de 250 páxinas, e sempre fala de dúas. Pero, claro, non fala de que Galicia é a comunidade onde se prefire con moitísima máis diferenza a sanidade pública sobre a privada, e que está por riba da media en valoración da atención primaria, urxencias e hospitalización; de que suspenden a sanidade pública en Galicia un 12,4 % dos cidadáns —a metade deles cun 4—, que son os que teñen mellores expectativas en relación co sistema —soamente un 2,6 % afirma que a atención sanitaria en Galicia foi peor que a esperada—, de que a lista de espera está mellor que a media, que a atención hospitalaria en Galicia é boa ou moi boa —Barómetro sanitario do ano 2016— no 94,7 %, fronte á media española do 85 %, e de que as taxas de valoración da mellora da atención hospitalaria é moito mellor que a media. Pero, bueno, sempre escoitamos a mesma frase.

Eu teño que recoñecer que, desde que o señor Torrado é voceiro, melloramos moito. El, polo menos, na interpelación do pleno pasado, recoñeceu que estaba nunha defensa razoable dunha planificación de recursos dos sistemas sanitarios, como fan a maior parte dos sistemas, por non dicir todos, nas épocas do verán, pois os profesionais teñen dereito ás súas vacacións, e solicítanas maioritariamente neste período.

As emendas de En Marea e do BNG parece que veñen a corrixilo a vostede, señor Torrado. Eu non sei se as vai aceptar ou non, aínda que desvirtúen por completo o seu discurso do pasado pleno, pero vostede saberá.

Falou tamén de eufemismos. Vostede está empeñado en que se pechan camas e a Consellería insiste en que están deshabilitadas. As camas hospitalarias seguen exactamente no mesmo sitio, deshabílanse pola menor necesidade que hai delas no verán. En primeiro lugar, porque diminúen as reagudizacións das enfermidades crónicas. E, en segundo lugar, porque hai menos cirurxía pois os profesionais están de vacacións e son difíciles de substituír; non hai anestesistas para substituír. Eu non sei se algún deputado desta Cámara se deixaría operar sen anestesista. Eu, dende logo, non me ía deixar operar sen anestesista. (Risos.) Pero é igual, dálle o mesmo, válelle todo para facer oposición.

Nembargantes non todos os socialistas opinan de igual xeito. O consejero de Sanidad do Goberno de Aragón —nesa comunidade goberna o Partido Socialista co apoio de Podemos— di nun medio de comunicación: *«Es fácil encontrar un dependiente en el verano, pero un médico es imposible. Es muy fácil encontrar un dependiente de El Corte Inglés en época de rebajas, pero encontrar un profesional que pueda operar, una enfermera especializada o un traumatólogo es imposible. Aunque quisiéramos, no podríamos aumentar la actividad quirúrgica durante los meses de verano.»*

O propio Servicio Andaluz de Salud recoñece nun documento de plan de verán dun hospital: *«que se produce un descenso de las cifras de intervenciones quirúrgicas, debido a las vacaciones del*

personal sanitario, por la imposibilidad de cobertura por no haber persoal facultativo para hacerlo y por el deseo de los pacientes de no ser intervenidos en esas fechas. Por eso descienden las necesidades de camas del hospital —añade el documento—. »

O señor Torrado, na interpelación, dixo: «Reducir as listas de espera aproveitando o verán, xa que é posible, como fan outros sistemas. Eficiencia é planificar correctamente.» Eu supoño que nin se refería a Aragón, nin se refería a Andalucía, nin se refería á Comunidade Valenciana. Vou dar unha cifra, pechan 3.200 camas, tal como din os grupos da oposición. Onde Goberna o Partido Popular péchanse camas. ¡Claro!, onde gobernan outras forzas políticas, non: optimízanse recursos en Asturias, resérvanse camas en Andalucía, etc.

Decía tamén o señor Torrado no pleno que é moito máis grato e moito máis apetecible reducir servizos que aumentalos. Eu creo que é todo o contrario. É moito máis fácil e moito máis doado repartir melloras e prebendas, aínda que non haxa despois con que pagalas, que axustar o gasto ás necesidades. Pero os galegos e as galegas entenderon a situación e as necesarias medidas de axuste tomadas polo Goberno do Partido Popular, por iso o noso grupo foi maioritario no 2012 e volveuno ser no 2016. Xa sei que non lles gusta tampouco. (Aplausos.) E por iso tamén máis da metade dos galegos e galegas opinan no CIS que o grupo que escollerían para levar a súa sanidade, ou para xestionar a súa sanidade, sería esta metade do hemiciclo.

Miren, señorías, o Sergas garante a asistencia sanitaria no verán e no inverno. Hai que planificar e hai que adecuar os recursos ás necesidades, pero tamén ás posibilidades que hai de substituír persoal, e, dende logo, facelo con eficiencia. No pasado verán quedaron operativas o 87,9 % das camas e utilizouse un 75 %. Neste ano 2017 anunciou o conselleiro un punto máis, un 88,9 %.

Mire, señor Torrado, os socialistas votaron en contra, nas Cortes de Castela-A Mancha, dunha proposición non de lei que dicía: «*Instar al Gobierno a reconocer el esfuerzo y profesionalidad que los profesionales sanitarios demuestran a diario en todos y cada uno de los centros de la red asistencial de nuestra sanidad pública. Proceder a la contratación inmediata de personal de medicina, enfermería, técnicos, auxiliares y celadores necesarios para no desperdiciar ningún recurso asistencial y abrir todas las camas necesarias en los hospitales de la región. Poner en marcha las acciones y medidas oportunas al objeto de lograr una mejor organización de los recursos asistenciales, así como una óptima planificación de los distintos servicios.*»

Está claro que ser Goberno é unha cousa e ser oposición é outra.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Se quere, señor Núñez, facemos un acordo. Como entendo que iso que acaba de ler o presentou o PP en Castela-A Mancha, eu ofrécelle ese acordo aquí. ¡Ah! Aquí non vale, ¿non?

En fin, non hai verán parlamentario sen peches de camas. Eu, se lle digo a verdade, señor Núñez, o momento máis para atrás que fun capaz de chegar foi a 2008. É certo, non hai verán sen peche de camas, e vostedes dicían que era grotesco. Pódello comentar ao seu portavoz de sanidade de 2008. Dígoo porque, se non hai verán sen peche de camas, igual a modernidade empezárona...

Do barómetro, si, ten un montón de páxinas. Pero bueno, vostede non me dixo que estaba errado. Debe ser que non o está. Unha das tres peores atencións especializadas sanitarias de España. Se quere falamos de todo o que di o Barómetro sanitario. Falamos de todo. E claro, nunha moción sobre atención hospitalaria, falamos tamén das instalacións, falamos das comunicacións, do transporte público, de como se accede aos hospitais. ¡Home!, estamos de acordo en que é importante falar cada día da súa cousa, se non, acabaremos falando de poñerlles nomes distintos aos hospitais. En fin...

As camas seguen no mesmo sitio. *(Aplausos.)* ¿Sabe que pasa? Que as camas seguen no mesmo sitio, pero o edificio de Outes, do que falaba antes o conselleiro de Educación, tamén segue no mesmo sitio pero xa non se vai utilizar. Cóntelle vostede que o edificio está deshabilitado tamén; está deshabilitado.

Fálame vostede doutras comunidades. Eu recordo ao presidente da Xunta dicindo aquí: «Neste Parlamento de Galicia fálase de Galicia». Pero bueno, xa que me falou vostede, ¿sabe que pasa con Aragón e con Asturias, que me citou? Que teñen unha ratio de persoal moito maior que a nosa e poden facer unha planificación mellor. Teñen 2,5 persoas en atención especializada por 1.000 habitantes, e nós 1,76.

Antes din un dato que é erróneo e voullo corrixir. Dixen que superábamos unicamente a Ceuta. Mentín. Superamos a Ceuta e a Melilla, é certo, pero a ningunha outra comunidade máis.

¿Sabe que, ademais? Xa que vostede me fala sempre de Andalucía, voulle dar un argumento que seguro que lle gusta. En Andalucía os votos din que o que vostedes contan de Andalucía non vale. Así que, se lle vale para aquí, válelle para alá. *(Aplausos.)*

En todo caso, se as camas non se pechan, pero non... *(Pausa.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non hai ningún ferido, non? *(Risos.)* Mire que, se hai feridos, estamos en verán e non hai persoal para atender, ¡eh! *(Risos.)* Non, eu non son médico, eu non son médico. *(Murmurios.)*

Supoño que poderei, se non, dígallo vostede ás sete portavoces de sanidade que teñen en España que non son médicos. Digo se lle parece a vostede que non podo falar. Pero bueno, supoño que vostede debe de ter unha empresa de rotulación, porque o único que fixo foi propoñer o cambio de nome dun hospital. *(Risos.)* En fin.

Señor presidente, era mellor o debate con vostede, que polo menos tiña declaracións sobre o tema. *(Risos.)* En fin.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

O señor TORRADO QUINTELA: Si, creo que cheguei a un acordo de transacción posible que confirmarei cos emendantes, aos que agradezo —perdón que non o fixera antes— a súa construtiva aportación.

Quero comentarlle ao Partido Popular que nós estamos abertos a acordar unha planificación, porque todos os gobernos o fan e porque é un tema no que sería moi importante ter un acordo razoable entre todos. O que non podemos aceptar é que nos fagan asumir que a planificación se ten que facer así porque si, porque o din vostedes, porque a sanidade vai perfecta e, iso si, porque noutros sitios tamén se fai. Se noutros sitios se fai —e vostede, señor Núñez, leume unha proposta moi interesante—, fagamos o mesmo que noutros sitios, non sexamos a comunidade que máis camas pecha en porcentaxe, e non sexamos a que menos ratio de persoal ten durante o inverno. Se queremos compararnos, comparémonos polo menos tamén no bo. Ou aínda por chegar a un acordo, no mediano. ¿Por que vostedes sempre se queren comparar no malo?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado. Fáganos chegar o acordo. ¿Ten que ser agora? Un minuto para que cheguen a un acordo. (*Pausa.*)

¿Pódenos ler a transacción?

O señor TORRADO QUINTELA: Si.

O texto proposto resultante sería:

O punto 1 quedaría como está. O punto 2 quedaría: «Contratar en cada EOXI, durante a época de verán, o persoal dispoñible necesario das listas de contratación, de forma que se cubran as baixas por vacacións nos mesmos centros, servizos e categorías nunha porcentaxe equiparable á porcentaxe de camas que imprescindiblemente non estean habilitadas, garantindo que non se realice ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñibles e susceptibles de ser usados nos centros públicos.»

O punto 3 quedaría: «Conformar unha mesa de avaliación da atención hospitalaria no verán, na que participen os representantes da Xunta de persoal —ese é o cambio—, que elaboren un informe de conclusións para poder ser utilizado os seguinte anos.»

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Grazas, fágallelo chegar aos servizos da Cámara, se é tan amable.

Votamos, polo tanto, as mocións. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don José Manuel Lago Peñas.

Votamos.

(O señor Lago Peñas pide a palabra.)

¿Que pasou, señor Lago?

O señor LAGO PEÑAS: A Consellería de Traballo, nós aceptamos o punto número 4.

O señor PRESIDENTE: Entón piden votación por puntos. Separar o punto número 4.

Temos que repetir a votación.

Volvemos empezar.

Votamos, en primeiro lugar, o punto 4.

Votamos.

Votación do punto 4 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 38; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto 4.

O señor PRESIDENTE: Votamos os restantes puntos desta moción, 1, 2 e 3.

Votamos.

Votación dos puntos 1, 2 e 3 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas e D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado.

Foi lida a transacción. Votamos, polo tanto, esta transacción.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto de proposicións non de lei.

Tal e como teñen coñecemento todos os deputados, a primeira, que era do Grupo Parlamentario de En Marea, foi retirada. Debates agora, polo tanto, a proposición do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don José Antonio Quiroga Díaz.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, sobre as actuacións que debe de levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co control e seguimento dos incendios forestais provocados en Galicia, así como a axilización dos xuízos por esa causa

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luis Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 8631).

Emenda de adición.

Proponse no apartado A) a inclusión de catro novos puntos, coa seguinte redacción:

«3º) Impulsar a profesionalización do dispositivo de extinción, garantindo a súa non privatización e a súa operatividade baixo un mando único por parte da Xunta de Galicia; reforzar as brigadas de investigación de incendios forestais e impulsar a ampliación de funcións do dispositivo contra os incendios para labores de prevención ao longo do ano, coa conseguinte ampliación da duración dos contratos do persoal contratado de xeito fixo discontinuo.

4º) Elaborar un plan de formación plurianual, consolidando escolas como a de Monforte; completar a mellora dos medios materiais para o persoal.

5º) Impulsar as políticas preventivas, tanto as relacionadas coas infraestruturas de protección como as de ordenación preventiva do espazo forestal e colaborar na prevención con comunidades de montes veciñais en man común, outros propietarios/as e usuarios/as, gandeiros/as e ecoloxistas, tras a elaboración dun plan xeral de rozas e xestión. Apoio ás agrupacións veciñais de vixilancia e ao voluntariado neste ámbito.

6º) *Cumprir e facer cumprir á Administración ou concesionaria que corresponda as medidas preventivas relativas á limpeza das marxes das infraestruturas de comunicación como as liñas férreas, as autoestradas, etc.*>>

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Boas tardes, presidente.

Señorías.

Parafraseando ao señor Núñez Centeno, imos agora logo co Freixenet do mundo rural (*Risos.*) (*Aplausos.*), porque parece que toca. E ogallá non teñamos que bebelo, e ogallá chova todas as semanas unhas pingueiras polo menos para non ter que falar deste tema. Pero como ás veces pasa, imos intentar ser precavidos.

Hai unha semana presentabamos esta iniciativa en comisión, e volvemos traela agora aquí a Pleno. E traémola a Pleno porque o Partido Popular votou en contra desta proposta sinxela, de sentidiño, moi específica, e gustaríanos que a aprobasen. Non entendemos o porqué do voto en contra, de aí que recunquemos. E non queremos acreditar que o PP non queira mellorar o sistema de control dos lumes. Así que, señor Lago, non perda vostede a ilusión, hai que mallar coma no ferro frío e algún día será.

Nesta iniciativa —porque é un tema moi serio— tratamos un dos problemas que ten este país, e un dos seus grandes problemas: o lume. E facémolo dende unha óptica moi concreta, específica: os lumes intencionados de xeito voluntario; non outro tema, ese especificamente.

Fronte ao lume, temos un sistema de extinción, o Pladiga famoso, que se estivo prodigando polos medios de comunicación, por certo, moito tempo antes de que chegara aos grupos parlamentarios, o cal nos pareceu un xesto case de desprezo parlamentario e institucional, pero está por aí circulando. E este Pladiga, este Plan de extinción de incendios de Galicia, que todos os anos move ao redor dos 100 millóns —e se o completamos con outras medidas preventivas, váisenos aos 173—, dá unha idea do esforzo orzamentario e da transcendencia do problema que tratamos.

O actual sistema que temos —xa o temos falado e debatido moitas veces— é resolutivo se as condicións atmosféricas son favorables e a actividade incendiaria é baixa. Agora ben, se as condicións atmosféricas non son favorables, ou, mellor dito, desfavorables e a actividade incendiaria é alta, o sistema —admíteo todo o mundo— pode facer auga e mesmo colapsar, como ten feito nalgunha das vagas dos últimos trinta anos.

Somos conscientes de que son moitas as causas que concorren no problema do lume, e todas teñen unha grande incidencia. Hai unha serie de factores estruturais que determinan a problemática, e que non son o obxecto desta iniciativa, pero que non está de menos comentalos.

O abandono crecente de amplas zonas do país propicia o crecemento descontrolado do mato, do sotobosque e do bosque, que se estenden sen unha aparente fin. E fano, ademais, sen ningunha planificación, campando ás súas anchas.

A redución da actividade agropecuaria é outro serio problema, non só dende o punto de vista produtivo, laboral, económico, etc., etc. As terras labradas e prados, que noutrora eran un factor de freo aos lumes, constituíndo faixas desprovistas de arboleda ou con pouca arboleda, hoxe vense reducidas e invadidas pola maleza, e xa non forman eses amplos espazos protectores que illaban, ou cercaban, ou apartaban, ou circunscribían o lume no monte, e agás algunha vaga, aí estaban, ubicados estritamente no monte, e a súa perigosidade era moito menor.

Pero a súa desaparición deu lugar, ademais, a unha nova xeración de lumes e de grande impacto, non só polo abandono da actividade agrogandeira, senón tamén que hai que falar —e témolo repetido en numerosas ocasións— do descontrol da Administración, porque hai miles de hectáreas que antes estaban adicadas á agricultura e á gandería que hoxe están con plantacións silvícolas, nomeadamente piñeiros, nomeadamente eucaliptais.

Esa é unha realidade que non podemos cuantificar, aínda que preguntamos especificamente por escrito e por oral, en comisión, e non se nos deu contestado, pero a realidade calquera a pode comprobar, aí está.

O despoboamento e envellecemento imparabile da poboación no eido rural axuda a que este espazo estea descoidado e estea descontrolado, e aínda que a lei está clara en canto á limpeza de marxes de estradas e á execución das competencias tamén, na limpeza dos contornos de lugares — que tamén teñen a lexislación moi clara— a realidade é que se lles traslada a competencia aos concellos, e esta competencia acaba sendo unha pesada carga para moitos destes concellos, nomeadamente os máis pequenos ou os que teñen unha estrutura menor, para facerlle fronte a esta circunstancia. E mesmamente a propiedade que circunda moitos destes lugares acaba sendo un labirinto de difícil clarificación, porque os propietarios xa non están ou non se sabe onde buscar, co cal o problema se duplica, o problema se torna altamente complexo, e agás algunhas experiencias positivas que temos aquí ao lado mesmo da capital, onde en convenio cos veciños se limpan e aclaran os núcleos, a meirande parte do país permanece cos soutos, sotobosques e matorraís campando ás súas anchas.

O país segue, por outro lado, á espera dun plan forestal que organice, regule e planifique as masas forestais segundo criterios produtivos, medioambientais e paisaxísticos, un plan forestal consensuado que recolla as necesidades e reflicta o proxecto do país sostible. E non vale agarrarse ás directrices, porque as directrices, que si estiveron consensuadas, remataron no 2015 e case van dous anos onde o sector non volveu reunirse para cuestionar ou para aquilatar os detalles deste novo plan forestal tan importante para este país.

Son, polo tanto, moitos os aspectos a analizar, propoñer e mellorar, e nesta iniciativa que-remos centrarnos no control e seguimento dos incendios intencionados de carácter voluntario, e dos seus causantes: os incendiarios. Non pretendemos entrar no aspecto estrutural dun problema tan serio coma este, e aínda que os lumes intencionados de carácter involuntario froito de diversas negligencias, como as queimas mal xestionadas, despistes, etc., etc., tamén teñen a súa grande importancia, van ser os voluntariamente intencionados os máis preocupantes e os que centran a nosa preocupación en concreto e esta iniciativa en específico.

Se preto dun 80 % dos lumes de Galicia son intencionados —e isto admítieno as distintas fontes—, pensamos que ben merece a pena poñer algún medio, tomar algunha iniciativa para rebaixar esta porcentaxe e non asumila como un castigo divino, porque non o é.

Se no Pladiga as parroquias de alta actividade incendiaria pasaron de 67 a 73, é que o fenómeno de concentración incendiaria non se reduce; ao contrario, increméntase. Se, entre 2011 e 2016, 8 parroquias de Galicia rexistraron 600 incendios, cunha media entre 50 e 100 cada unha das parroquias, son datos que reflicten ás claras o problema dos incendios intencionados.

Se, a nivel de superficie, unha soa parroquia da provincia de Ourense rexistrou o arrase polo lume de 3.962 hectáreas, o cal equivale a preto de 1.000 hectáreas por ano, e se a esta se lle suman outras 3 parroquias máis por enriba de 2.000 hectáreas arrasadas polo lume, temos que só en 4 parroquias galegas se queimaron 12.000 hectáreas na última década, cinco anos, saíndo cada parroquia destas a máis de 2.000 hectáreas.

Polo tanto, a nivel de superficie, o problema da concentración dos lumes, e polo tanto da intencionalidade, salta ben á vista, e se a isto lle sumamos outras 16 parroquias de alta actividade —e así aparecen conceptuadas— incendiaria pola súa virulencia, con 19.000 hectáreas arrasadas, entón teremos unha idea do fenómeno da concentración dos lumes e do fenómeno do incendiario voluntario, o que vai a pé feito. E diso trata esta iniciativa, e iso necesita unha resposta específica que vaia ou analice o problema dende distintos ángulos e prismas.

Por estas e outras moitas razóns, entendemos que, independentemente de actuacións estruturais, que son fundamentais pero que non toca esta iniciativa, de prevención e de extinción, e, a maiores destas, o fenómeno do incendio provocado de xeito voluntario tamén necesita de iniciativas que o focalicen, que poñan no centro da diana esta variable como un fenómeno importante a atallar.

Así, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei, dividida en dous apartados: un para as competencias do Goberno galego e outro, onde non hai competencias ou onde a Xunta non ten competencias, para trasladarllas a quen as ten, que é o Goberno central, o Goberno do Estado.

Nas do primeiro caso, as competencias do Goberno galego: dotar de máis medios os organismos autonómicos encargados de control e do seguimento dos lumes. Segundo, realizar unha campaña de sensibilización nos centros de ensino. Cuestións ben peliagudas as que se piden aquí, e que esperemos desta volta que non susciten o rexeitamento. E no apartado B, para as competencias do Estado, en primeiro lugar, ínstase o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno do Estado para que, en coordinación co Ministerio do Interior, se incremente o control en zonas sensibles ou de grande e reiterada incidencia dos lumes. E, en segundo lugar, que se dote de máis medios a Xustiza, co fin de axilizar os xuízos de incendios, porque non é de recibo que as poucas persoas, os poucos veciños e veciñas que son pillados *in fraganti* boten meses, anos, sen que a Xustiza tome cartas no asunto; polo tanto, é fundamental o efecto exemplarizante nestes casos.

Nada máis, xa remato. É ben sinxelo: o único que se pide son máis medios, campaña de sensibilización e máis control.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Eu, que son ben *ghiadiño*, vou seguir o consello do señor Quiroga e botarei unha man na malla, —digo— na zafra.

Se o número de parroquias de alta actividade incendiaria non remite e aumenta considerablemente, algo estamos a facer mal, e disto é do que queremos falar.

A intencionalidade dunha boa parte dos lumes é innegable, como tamén é innegable que a situación do monte na maior parte destas zonas onde habitualmente arde mostra unha situación caótica e unha falta de ordenación e de seriedade notable e notoria.

O Pladiga fala das zonas de alto risco e rexistra unha incidencia reiterada de lumes que se aprecian como provocados polo oportuno das horas, polos puntos estratéxicos e polas coincidencias nas condicións meteorolóxicas favorables á súa expansión. Pero reducir ou botar as culpas das vagas anuais de incendios reducindo a súa problemática a un aspecto exclusivamente policial, cando todos e todas nós sabemos que é un problema estrutural que presenta múltiples e entrelazadas causas, é banalizar o asunto.

Socialmente non se aprecia unha seriedade real nisto do aproveitamento do monte, non hai aínda unha cultura social do monte, e si está o monte dominado por un aproveitamento intensivo, a base de pirófitas, dun xeito anárquico e transgresor.

Para o BNG, o monte non é un espazo do territorio susceptible de servir os intereses económicos duns poucos co diñeiro de todos. O noso monte deberá estar ao servizo das xentes do presente e do futuro, das xentes, non de determinados grupos empresariais, que, ademais de fomentar, coa aquiescencia do Goberno, o cultivo intensivo de pirófitas de baixa rendibilidade económica, fano de tal anárquico xeito e maneira que dá como resultado un monte descoidado, desacorde coa natureza do solo, do clima e da paisaxe, e sobre todo lonxe dun rendemento sostible e continuado, lonxe dunha riqueza hai anos luz da penuria actual.

Porque nese caos e desinterese global é onde campan ás súas anchas os delincuentes do lume e aqueles que favorecen a queima. Non arde, non, nin hai incendiarios habituais alí onde o monte é valorado como un ben social cooperante á estabilidade económica e poboacional do rural, naqueles territorios onde as franxas de protección, o respecto polas terras agrarias, unha mínima ordenación e os tratamentos silvícolas son feitos socialmente valorados, xunto co cumprimento das normas legais, que hoxe son mínimas —e aínda así non se observan—.

Pois ben, onde se cumpre e se fai cumprir a lei, ou —o que é o mesmo— onde se toma o monte en serio, aí é difícil que arda. Exemplos temos. Porque falamos de perseguir os delincuentes que fan do lume arma para tomar vinganzas veciñais mesquiñas, pequenos negocios, ou son mostra de actitudes antisociais ou enaxenacións mentais, pero non criminalizamos a deixadez de funcións, ese ollar para outro lado canto a medidas elementais de prevención protectoras se refire.

Por iso, incluímos como emenda a necesidade de que Adif, AP-9, autovías, estradas xerais, en resumo, as infraestruturas e vías de comunicación, se manteñan en perfecto estado de revista preventivo, e vostedes teñen o goberno executivo para facer cumprir a lei.

Teremos de regresar, como primeira medida, as hectáreas tope de eucalipto e demais pirófitas, marcadas para o 2032, e que están a estas alturas máis que duplicadas. Teremos que poñer fin xa, dunha vez, á corta de carballeiras e masas arbóreas autóctonas, polo menos mentres non se repoñan debidamente. Só desde a seriedade compartida nas medidas de prevención, na ordenación do territorio e na responsabilidade colectiva dun monte multifuncional, rendible, diverso e responsable para a necesaria sostibilidade, poderemos non só atallar esta praga de incendios, senón que chegaremos a diminuílos ata facelos algo anecdótico, fortuíto e pouco representativo. Non é soñar.

No tocante ao labor de investigación sobre os causantes do lume, os incendiarios, unha boa parte deles, como xa se dixo, actúan por pequenas vinganzas locais e liortas sobre aspectos que unha maior presión policial non vai solucionar. Por iso, sen negar a necesidade desta, coidamos que os tiros deberían dirixirse á posta en práctica de investigacións serias dos motivos locais e adoptar medidas que desen solucións a esas tensións de xeito po-si-ti-vo, para minimizalas ou remedialas.

Incidir aí con medidas correctivas, con pedagogía, con man esquerda —ou dereita, se lles molesta a esquerda—, é para nós, para o BNG, prioritario, porque a política tamén é iso —eu diría que debería ser basicamente iso—: medidas en positivo que vaian ao corazón dos problemas e ao corazón da xente e poñan solucións definitivas. ¿Ou non é ben así? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Hoxe Galiza presenta unha orografía ás veces complicada para os labores de extinción, unha poboación moi dispersa, un abandono crecente do rural, un case monocultivo forestal de piñeiros e eucaliptos e unha arraigada tradición do emprego do lume como ferramenta agrogandeira ou forestal.

O director xeral de Ordenación Forestal declarou hai uns días: «*Si se cumple la ley, sería difícil ver en Galicia un caso como el de Portugal*». A afirmación sería tranquilizadora se non fose por-

que en Galicia as leis relacionadas co monte, co medio ambiente e coa ordenación do territorio raramente as cumpren. E porque no caso concreto da Lei de incendios forestais vostedes, coa atomización do Servizo Público de Defensa contra os Incendios Forestais, ou coas condicións laborais de moitas traballadoras e traballadores que só traballan tres meses ao ano, polo que non poden facer laboura de prevención, son culpables da gran dimensión que están a tomar os incendios forestais na nosa comunidade.

Segundo o Pladiga do 2017 —ese que presentaron na pasada comisión, tarde mal e nunca, un corta e pega de trescentas páxinas que deixa en evidencia o interese que a Xunta de Galicia ten polo noso monte—, existen as brigadas de investigación de incendios forestais, formadas por especialistas na investigación forestal da causa de incendios, e tamén o Comité de Coordinación Policial Antiincendios, que é o órgano de coordinación dos labores de investigación e disuasión policial na loita contra os incendios forestais.

A investigación, nas súas facetas policial e forestal, nos incendios forestais levarase a cabo na análise sobre as épocas do perigo, no establecemento, cobertura e estudo das zonas de especial vixilancia, na investigación do maior número de lumes e seguimento do posterior uso das zonas queimadas, no estudo e seguimento das parroquias que rexistren unha alta actividade incendiaria, incrementar o número de detencións dos presuntos incendiarios. Está prevista tamén neste Pladiga a potenciación das brigadas de investigación de incendios forestais nos distritos forestais, de xeito que haxa dous ou tres axentes asignados ás ditas brigadas en cada distrito. A función principal destes axentes será a investigación dos incendios forestais dentro do ámbito territorial do seu distrito, en coordinación cos corpos e forzas de seguridade; e tamén se encargarán de velar polo cumprimento da Lei contra incendios forestais.

Os obxectivos: incrementar a localización de sospeitosos, detención de presuntos incendiarios, intensificar a colaboración coas forzas e corpos de seguridade, fomentando as canles de colaboración a través do Comité de Coordinación Policial Antiincendios, co obxectivo de incrementar a localización de sospeitosos e detención dos mesmos.

As brigadas de investigación, segundo o Pladiga, serán dotadas convenientemente dos medios materiais necesarios para realizar esta misión, encadrándoas dentro do dispositivo de vixilancia, independentemente do requirimento necesario, nos labores de extinción.

A investigación basearase na análise das evidencias físicas das actividades humanas e na recollida e análise de información e de testemuñas. Manterase o nivel de coordinación destas brigadas cos corpos e forzas de seguridade, para ter un único informe de investigación que sexa o que se lle traslade ao Ministerio Fiscal no caso de existiren sospeitosos.

Para facer unha boa investigación, requírese persoal dedicado a este labor, darase a máxima prioridade ao traballo de investigación á hora de integrar os axentes nas quendas dos distritos forestais.

Todo o que acabo de recitar, de ler, aínda que non está completado por todos os axentes implicados nese Consello Forestal, que tamén analizan os incendios, é unha declaración de in-

tencións moi boa se se levara a cabo. O problema é que agora mesmo o Partido Popular non está cumprindo o seu propio Pladiga.

En Marea vai votar a favor de que se dote de máis medios os organismos autonómicos encargados co control e do seguimento dos lumes, xa que así o deixamos reflectido no decálogo que presentamos o pasado 30 de xuño. Por este mesmo motivo En Marea vai votar a favor de realizar campañas —¡claro que si!— nos centros de ensino, e esperamos a ver que vai facer o Partido Popular.

Se o Partido Popular vota en contra desta proposición non de lei, argumentando que xa o está a facer, mente; mente porque agora mesmo as brigadas de incendios forestais non teñen medios nin materiais nin económicos nin humanos.

Se o Partido Popular vota a favor desta proposición non de lei, como cremos que debe de facer, que o faga non como unha declaración de boas intencións, senón dotando de recursos humanos e materiais este servizo, que hoxe está precarizado ao non dar investigado case ningún incendio dos moitos que se producen diariamente no noso país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiros.

O señor BALSEIROS GUINARTE: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boa tarde a todos.

As brigadas de investigación de incendios forestais, en coordinación cos corpos e forzas de seguridade do Estado, son as encargadas de realizar os traballos de investigación co fin de identificar as causas dos incendios forestais e, de ser o caso, atopar os presuntos responsables do inicio do incendio.

Neste senso, a partir da análise da causalidade dos incendios forestais, podemos deducir que a meirande parte dos lumes forestais en Galicia son intencionados. Así se conclúe nun informe no que se analizan os lumes entre o 1 de xaneiro de 2006 e o 31 de decembro de 2015, e no que destacan os seguintes puntos.

Intencionalidade. A maior parte dos incendios forestais ocorridos en Galicia son intencionados; así o indican os datos estatísticos do último decenio e tamén o corroboran as cifras deste ano. Nos últimos dez anos os lumes intencionados representan preto do 75 %; é dicir, 3 de cada 4 incendios son intencionados. Cómpre tamén destacar que a maior porcentaxe de intencionalidade ocorre na franxa horaria entre as 21 e as 7 horas; en concreto, durante a campaña de incendios dos últimos dez anos o 85,30 % dos lumes producidos neste horario son intencionados.

Se analizamos os lumes que se orixinan a partir de dous ou máis focos, vemos que, ao longo destes anos, máis do 9 % dos lumes son multifocos, o que demostra, ademais da intencionalidade, unha clara intención de dificultar a súa extinción e ocasionar un dano maior.

Concentración de lumes. Hoxe tamén coñecemos outros datos que nos reforzan na idea da intencionalidade dos incendios. Na comisión o señor Quiroga non o mencionou, hoxe en parte si, pero esqueceulle un dato ao señor Quiroga: 40 concellos de Galicia suman a metade das hectáreas queimadas na nosa comunidade e 8 parroquias galegas —hoxe si o dixo vos— acumulan máis de 600 incendios forestais nos últimos cinco anos. Creo que estes datos falan por si sós. Por iso se aumentaron as parroquias de alta actividade incendiaria, por iso, porque rexistran unha intencionalidade superior ao 86 % nos últimos dez anos, mentres que a media de Galicia está no 75,17 %.

Comparativa estatal. Galicia concentra o maior número de lumes intencionados. No período de 2001 a 2010, último cuantificado polo Ministerio de Agricultura con datos comparativos por comunidades, Galicia acumulou ata o 63 % dos intencionados. Esta intencionalidade en Galicia é historicamente moi superior á media de España: 81,22 %, fronte ao 54,73 %, no referido decenio 2001-2010.

Investigación. No ano 2016, con datos contabilizados ata o 31 de agosto, os corpos e forzas de seguridade do Estado —Garda Civil e Policía Autonómica— investigaron en Galicia un total de 68 persoas pola presunta autoría de 114 incendios forestais. É certo que os investigados por negligencias ou accidentes son máis que por lumes intencionados, xa que é máis doado identificar os primeiros. Nas negligencias ou accidentes os principais motivos son escapes de queimas, uso de maquinaria ou emprego de artefactos pirotécnicos. En cambio, chama a atención que, ao analizar a porcentaxe de lumes investigados por grupos de causas, a máis habitual é o incendio intencionado, con máis dun 62 %, tanto nas investigacións da Garda Civil como da Policía Autonómica. E no que vai do ano 2017, son un total de 50 as persoas que foron detidas ou investigadas como presuntas autoras de incendios forestais no marco da campaña contra incendios.

Campañas de concienciación. En materia de divulgación e concienciación do período do lume nos montes, a Consellería ten en marcha varias accións. Por unha parte, a inmediata e habitual campaña publicitaria nos medios audiovisuais e escritos, que vén reforzar as mensaxes de precaución nos montes durante a temporada de alto risco; e, por outra, tal e como vén recollido no Pladiga, a Consellería leva a cabo diversas actuacións para reducir o risco de incendio forestal, como dar a coñecer, por medio de folletos, trípticos, carteis, o perigo do uso indebido do lume, así como os teléfonos 085, de incendios, e o 112, de emerxencias da Xunta de Galicia. Tamén difundir o perigo que entraña o uso negligente do lume, impulsar e fomentar a colaboración cidadá, realizar actividades formativas e educativas, principalmente no ámbito escolar e rural, como se teñen xa producido no ano 2016 mediante a impartición de máis de 262 charlas e coa presenza de máis de 13.100 alumnos, continuando a igual ritmo no ano 2017.

Con respecto a exixir ao Goberno do Estado a dotación de máis medios, cómpre sinalar que, en materia de delitos contra o medio ambiente e incendios, a Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia ten fiscais especializados na devandita área. Precisamente a Fiscalía Superior de Galicia ditou unha instrución xeral dirixida aos fiscais xefes das fiscalías territoriais de Galicia para conseguir unha maior eficacia na actuación dos fiscais nesta materia, tanto no plano preventivo como no represivo. Así, en todas as fiscalías provinciais o

fiscal delegado de medio ambiente é o fiscal encargado especificamente de coordinar a actuación do ministerio público en relación cos incendios forestais.

Cómpre indicar que xa no ano 2015 se incoaron 451 procedementos xudiciais por incendios forestais, con especial incidencia na provincia de Ourense.

Señor Quiroga, mallar en ferro frío. Non hai peor cuña que a da propia madeira —diría eu—, e xa lle dixen na comisión que vostedes dan en mallar no ferro frío, traendo unha e outra vez as mesmas iniciativas, porque tiña razón o señor Lago, que dá igual, dá igual todo, dá igual o que se lles explique, dá igual que lles deamos datos, dá igual que falemos con documentos oficias —que, por certo, onde hai papeis calan barbas—, dá igual...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIROS GUINARTE: ...porque nalgúns casos dar eses datos e falar con documentos é o mesmo que predicar en deserto, e predicar en deserto é sermón perdido, ou, o que é mesmo: predicame, frade, que por un oído me entra e por outro me sae.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiros.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Bueno, pois parece que non vai poder ser, señor Balseiros; bueno, home, bueno; bueno.

Darlles as grazas ao Grupo do BNG e ao Grupo de En Marea. Xa falamos un pouquiño en comisión de que o noso obxectivo era tocar este aspecto tan concreto, e por concreto e traelo dunha maneira tan debullada e tan clara pois nin con esas, nin con esas sae adiante. Obviamente que estamos de acordo en que os factores estruturais son os que determinan esta problemática. Esa proliferación expansiva exponencial das especies pirófitas ou o monocultivo, a falta de valorización das frondosas, en definitiva, a falta dunha planificación adecuada ás necesidades e á realidade do país das masas forestais están no fondo do problema e son realmente os elementos substanciais.

Por iso xa desde un principio falabamos e matizabamos en concreto que a nosa iniciativa e a nosa proposta quería poñer o foco neste aspecto tan importante, case puideramos dicir secundario, fronte aos elementos estruturais que se desgranaban e que mesmo tamén na iniciativa se apuntan.

Con respecto ao obxectivo que era o do Partido Popular, señor Balseiros, ¿que quere que lle diga? Se nin poñendo na iniciativa datos concretos que puideran comprometer orzamentariamente ou medidas que puideran a vostedes indispoñelos co Goberno de Madrid, senón ir a polo máis sinxelo, pois nin con esas. Nembargantes, vostedes aceptan o fenómeno da concentración dos lumes e aceptan o fenómeno da focalización en determinadas parroquias, e

iso débese a unha serie de circunstancias independentemente das estruturais, tamén estas outras que se veñen engadir e que son —digamos— dos que van a pé feito poñer lume.

E dalgunha maneira nós tamén queríamos botarlle unha man ao Goberno, porque mire vos-
tede, o día 10 de xullo, ou sexa, onte, hai un señor que se chama Fernández Couto —que
creo que coñecen todos porque vén tamén á Comisión 7ª e creo que é director xeral de Or-
denación Forestal— que, nunha entrevista no *Ideal Gallego*, di textualmente —porque está
entrecomiñado—, a preguntas do periodista que lle di: «Pero, ¡joia!, isto dos incendios pro-
vocados ¿que pasa con isto?»: «*Estamos luchando contra una actividad delictiva que es muy alta
y se dispara en condiciones extremas —apostilló el responsable de ordenación forestal—*». Pois nós
traíamos isto a ver se botamos unha man ao Goberno porque están eles declarando isto.
(*Aplausos.*) ¡Home!, que é unha cousa sinxela, que non é nada complicado, señores do Partido
Popular. Non pretendemos nada máis que botarlles unha man para que fagan ben as cousas.
Non vimos aquí cunha visión negativa nin destrutiva, nin moito menos; xa ve: acollémonos
ao que di o propio director xeral.

Nada máis. Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Entendo que non acepta a emenda do Bloque. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Per-
dón, é que non lle entendín...


O señor QUIROGA DÍAZ: Falaremos para ver se podemos transaccionar.

O señor PRESIDENTE: Moi ben, de acordo. Grazas.

Entón, suspendemos o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e dous minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25